

Memoria de actividades de cultura da Xunta de Galicia 2014



Memoria de actividades de **cultura** da Xunta de Galicia **2014**

EDITA:

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral de Cultura

DESEÑO: Trisquelia

IMPRESIÓN: Gráficas Sementeira

DEPÓSITO LEGAL: C 436-2014

Contido

Presentación	11
Introdución xeral	13

01

SISTEMA BIBLIOTECARIO DE GALICIA 15

1.1 A Rede de Bibliotecas de Galicia	16
1.2 Ampliación e renovación dos fondos bibliográficos	20
1.3 Ler conta moito, dinamización da lectura na Rede de Bibliotecas de Galicia	22
1.4 GaliciaLe. Novo servizo de préstamo de libros dixitais	23
1.5 Biblioteca de Galicia	24
1.6 Clubs de lectura	29
1.7 Voluntariado cultural a prol da lectura	30
1.8 O persoal bibliotecario ao día: formación	31
1.9 As bibliotecas escolares	32
1.10 Proxecto Dragal: lingua galega, tecnoloxía e lectura	34

02

SISTEMA DE ARQUIVOS DE GALICIA 37

2.1 O novo marco legal dos arquivos de Galicia	38
2.2 Arquivos da Xunta de Galicia	39
2.3 Proxecto ARPAD, Arquivo Dixital de Galicia	44
2.4 Censo de Arquivos de Galicia	45
2.5 Axudas públicas para a organización e mellora dos arquivos	45
2.6 Formación en materia de arquivos	46

03

PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO 49

3.1 Protección dos Camiños de Santiago e do conxunto patrimonial de Galicia	50
3.2 Intervencións arqueolóxicas	53
3.3 Actuacións sobre o patrimonio artístico e arquitectónico	57
3.4 Coñecer e valorar o patrimonio. Programacións para achegar o patrimonio cultural	65
3.5 Recuperación e difusión do patrimonio musical	70
3.6 Colaboración con outras entidades para a difusión do patrimonio cultural	72

04

CONSERVACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL DOS MUSEOS DE GALICIA 77

4.1	Museo de Belas Artes da Coruña	79
4.2	Centro Galego de Arte Contemporánea	84
4.3	Museo Massó	88
4.4	Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	91
4.5	Museo Etnolóxico de Ribadavia	93
4.6	Museo do Castro de Viladonga	96
4.7	Museo das Peregrinacións e de Santiago	97
4.8	Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa	98
4.9	Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre	101
4.10	Museo do Mar de Galicia	103
4.11	Museo Pedagóxico de Galicia	104
4.12	Día Internacional dos Museos	105
4.13	Cifras de visitantes dos museos en 2014	107

05

PROXECCIÓN DA CREACIÓN PLÁSTICA E VISUAL 109

5.1	Exposicións artísticas temporais dos museos	110
5.2	Exposicións do Museo de Belas Artes da Coruña	111
5.3	Exposicións do Centro Galego de Arte Contemporánea	114
5.4	Exposicións da Casa da Parra	120
5.5	Exposicións do Museo Centro Gaiás	122
5.6	Exposicións do Museo das Peregrinacións e de Santiago	123
5.7	Exposicións do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	124
5.8	Exposicións do Museo do Mar de Galicia	125
5.9	Colaboración con outros centros expositivos	125
5.10	Colaboración con proxectos fotográficos	127

06

PROXECCIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS 131

6.1	Do Audible, música contemporánea en diálogo con outras artes	132
6.2	Programación lírica	133
6.3	Ciclos de música clásica	135
6.4	Programación das orquestras galegas	139
6.5	Artes escénicas e do movemento	141

07

DIFUSIÓN E APOIO AO LIBRO GALEGO E Á LITERATURA

147

7.1	Apoio a un sector editorial en transformación	148
7.2	Venres nas librarías, novo programa de dinamización do comercio do libro	149
7.3	Feiras do libro de Galicia, un espazo para a difusión do libro	150
7.4	Posta en marcha da Librería Institucional da Xunta de Galicia	151
7.5	Difusión dos autores e autoras galegos	151
7.6	Ensaio e investigación no Centro Ramón Piñeiro	154
7.7	Apoio á ilustración	156
7.8	Colaboración en proxectos literarios	157
7.9	Depósito Legal e Rexistro da Propiedade Intelectual	158

08

A CULTURA, ENTRE TODAS E TODOS

161

8.1	Apoio á rede de entidades culturais	162
8.2	A Rede de Dinamización Lingüística	164
8.3	Illa de San Simón. Un espazo para a reflexión, a formación e a creación	168
8.4	Programación cultural da Fundación Pública Galega Camilo José Cela	173
8.5	Integración social tamén nas artes	177
8.6	Difusión e promoción dos novos creadores. Xuventude Crea	180
8.7	Premios e certames para a posta en valor da creatividade	181

09

CELEBRACIÓNS E EFEMÉRIDES CULTURAIS 2014

185

9.1	Letras Galegas dedicadas a Díaz Castro	186
9.2	25 anos de Gáliz	193
9.3	125 anos de Francisco Asorey	194
9.4	Julio Cortázar e Galicia no centenario do escritor	194
9.5	Centenario da aparición do Pergamiño Vindel	196
9.6	Sempre en Galiza	197
9.7	Centenario do pasamento de Said Armesto	197
9.8	Padre Feijoo. 250º aniversario do seu pasamento	198
9.9	Bicentenario de Frei Rosendo Salvado	199
9.10	Centenario de Ramón de Valenzuela	199
9.11	Premios institucionais para recoñecer a excelencia cultural	200

10

ACCIÓN 2014 DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) 205

10.1	Políticas de apoio á industria das artes escénicas e musicais	206
10.2	Impulso ao audiovisual galego	213
10.3	Formación sectorial e apoio ao emprendemento	216
10.4	Difusión da oferta cultural en rede	218
10.5	Outros apoios á dinamización profesional da cultura	221
10.6	Centro Dramático Galego	223
10.7	Centro Coreográfico Galego	227
10.8	Centro Galego de Artes da Imaxe	231

11

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA 235

11.1	Música e escena	236
11.2	Exposicións	241
11.3	Intercambio	245
11.4	Visitar	248
11.5	En familia	249
11.6	Aula Gaiás	254
11.7	Letras e Pensamento	255
11.8	Emprendemento	256

12


INTERNACIONALIZACIÓN E PROXECCIÓN EXTERIOR 261

12.1	Womex 2014: unha plataforma internacional para a música galega	262
12.2	Apoio á internacionalización do libro e da literatura galega	266
12.3	Apoio á internacionalización do audiovisual	268
12.4	MICSUR 2014	269
12.5	Estratexias para a exportación do produto musical	269
12.6	Iniciativas de difusión da creación escénica actual	270
12.7	Europa creativa, novo programa europeo para a difusión da cultura	271
12.8	Aprobación da Lei de aproveitamento do portugués e dos vínculos coa lusofonía	271
12.9	Proxectos de cooperación co ámbito cultural lusófono	272
12.10	Proxección da lingua e da cultura galegas no exterior	274

ANEXO 1 280

ANEXO 2 282

	Créditos fotográficos	286
--	-----------------------	-----





Presentación

A Declaración de Friburgo establece que toda persoa ten dereito a participar no desenvolvemento cultural da comunidade á que pertence, así como na elaboración, na posta en práctica e na avaliación das decisións que lle concirnen e que afectan ao exercicio dos seus dereitos culturais. Para procurar o cumprimento do antedito, o Goberno galego presenta esta memoria na que se ofrece un resumo informativo das actuacións promovidas pola Xunta de Galicia en materia cultural durante 2014.

Trátase tanto dunha obra que dá conta da angueira realizada como dunha ferramenta para a autoavaliación, á procura da mellora continua das políticas culturais postas en marcha pola Xunta de Galicia. Pois coñecer detalladamente estas actividades permítenos unha análise crítica delas, e corrixir e perfeccionar o traballo, axustándonos de xeito dinámico tanto aos obxectivos marcados como ás novas demandas sociais.

Os políticos, actores e axentes culturais temos, no marco da gobernanza democrática, a responsabilidade de interactuar, de propor iniciativas e de procurar acordos. Quero, neste limiar, expresar a miña total disposición ao diálogo e á colaboración para afrontarmos os retos presentes e futuros da cultura galega, básicos para o noso desenvolvemento rexional e local, presente e futuro.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



Introdución xeral

Expoñemos nas vindeiras páxinas o conxunto de actuacións principais que a Xunta de Galicia levou a cabo en 2014 en materia de Cultura. Este resumo das liñas de acción e actividades promovidas polo Goberno galego para a difusión e o desenvolvemento cultural é un exercicio que nos permite dar conta da xestión realizada na última anualidade, en prol da transparencia e de ofrecerlle á cidadanía unha explicación detallada do traballo e dos resultados acadados neste ámbito.

Ao longo de 2014, a Xunta de Galicia deulle continuidade ao seu labor e compromiso co patrimonio cultural e coa nova creatividade galega, proseguindo traballos de fondo, por exemplo, no ámbito das restauracións e protección do patrimonio, e con liñas novidosas, acordes coas novas necesidades que van xurdindo na sociedade, como a nova plataforma GaliciaLe de préstamo de libro electrónico nas bibliotecas de xestión autonómica, as programacións teatrais de intercambio con Portugal ou a nova Axenda da Cultura de Galicia, como ferramenta cidadá de información permanente nas redes da oferta de espectáculos e eventos no noso territorio.

A lectura destas páxinas ofrece unha fotografía destas liñas de acción, planificado e realizado en colaboración coa ampla rede de entidades e axentes culturais que traballan activamente no noso país polo desenvolvemento creativo e o acceso universal e participativo da cidadanía á cultura. Dous obxectivos que compartimos e nos que aspiramos a ir logrando cada ano mellores resultados.

Anxo M. Lorenzo Suárez
Secretario xeral de Cultura





01

SISTEMA BIBLIOTECARIO DE GALICIA

As bibliotecas prestan un dos servizos básicos imprescindibles para a sociedade actual. A través dos libros e da lectura facilítase o acceso de toda a cidadanía á cultura e á información, en condicións de igualdade e gratuidade; pero, ademais, as bibliotecas son hoxe cerne da acción cultural de vilas e cidades. Actividades de dinamización da lectura para nenos, contacontos para bebés, obradoiros para persoas de idade avanzada, presentacións de novidades editoriais, clubs de lectura ou as accións do voluntariado cultural fan da biblioteca, ao longo do ano, un espazo de encontro, lectura e diálogo para todas e todos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, o departamento da Xunta de Galicia que coordina e dirixe o sistema bibliotecario de Galicia.

1.1

A Rede de Bibliotecas de Galicia

A Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia é o conxunto organizado de servizos bibliotecarios públicos para o desenvolvemento e planificación da oferta bibliotecaria galega. Actualmente están integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia 398 bibliotecas e axencias de lectura, entre as que se atopan as de titularidade pública (estatal ou autonómica) situadas en Galicia, así como as bibliotecas públicas locais que solicitan a súa integración e as bibliotecas privadas abertas ao público, admitidas de acordo cunha serie de requirimentos.

Estatística anual das bibliotecas

A Secretaría Xeral de Cultura, a través da Subdirección Xeral de Bibliotecas, elabora a estatística anual da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia a partir dos datos que achega cada unha destas bibliotecas, segundo o establecido no artigo 25 da Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. A estatística permite contar cunha información completa e actualizada da realidade dos centros bibliotecarios da rede e medir as variacións anuais que se producen na actividade das bibliotecas. Trátase, polo tanto, dun instrumento de avaliación imprescindible para a planificación da política bibliotecaria.

Para a recollida de datos a Subdirección Xeral de Bibliotecas pon á disposición das bibliotecas públicas da rede un cuestionario estatístico realizado en coordinación coa Dirección Xeral de Belas Artes e Bens Culturais e de Arquivos e Bibliotecas, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Este ano cubriron a enquisa 321 das 392 bibliotecas que forman parte da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (o 81,9%). Destas, 314 son bibliotecas públicas ou axencias de lectura municipais, seis bibliotecas públicas xestionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e unha biblioteca pública da Deputación da Coruña.

Cos datos recollidos na estatística anual, actualízase o directorio de bibliotecas, que achega información, de interese e utilidade tanto para os profesionais do sector como para a cidadanía, das bibliotecas públicas e os seus puntos de servizo, das axencias de lectura e das bibliotecas de especial interese para Galicia situadas en Galicia. O directorio deste ano (datos de 2013) contabiliza un total de 392 bibliotecas e axencias de lectura abertas, 44 pechadas e 8 pechadas temporalmente.

Estatística (datos 2013)



Respecto ao rexistro de inscricións na Rede de Bibliotecas de Galicia, no ano 2014, creáronse tres bibliotecas públicas municipais (a Biblioteca Pública Municipal Ágora, da Coruña, a Biblioteca Municipal do Centro Sociocultural de Santa Marta, en Santiago de Compostela, e a Biblioteca Pública Municipal Rego da Balsa, de Carballo); rexistráronse dúas novas axencias de lectura (axencia de lectura de Pantón e da Fundación Ferama) e integráronse na rede tres bibliotecas públicas municipais, unha axencia de lectura municipal e unha biblioteca de especial interese para Galicia (Biblioteca da Real Academia Galega).

Consello de Cooperación Bibliotecaria

O 22 de decembro celebrouse o Consello de Cooperación Bibliotecaria, presidido polo conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, que ten como obxectivos principais actuar como órgano de información, consul-

ta e asesoramento sobre as políticas bibliotecarias de Galicia, potenciar a cooperación entre todas as administracións con competencias no sistema bibliotecario galego e informar do estado de elaboración do *Mapa de bibliotecas públicas de Galicia*. As bibliotecas municipais, as universitarias e as escolares están representadas neste órgano, no que tamén participan o Consello da Cultura Galega, o Museo do Pobo Galego, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e a Asociación de Arqueiros, Bibliotecarios, Museólogos e Documentalistas de Galicia (Bamad Galicia).

Durante a reunión deste ano, aprobáronse os estándares para as bibliotecas públicas de Galicia que, xunto coa elaboración do censo de bibliotecas, son a base para a elaboración do que será o Mapa de bibliotecas públicas de Galicia, que se prevé aprobar a finais de 2015. Tamén se abordaron na sesión a implantación da nova plataforma para o préstamo do libro electrónico nas bibliotecas (GaliciaLe), o balance do programa de dinamización da lectura Ler conta moito 2014 e a memoria anual da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Calendario do libro e da lectura

Para a distribución nas bibliotecas e nas librerías de Galicia, a Secretaría Xeral de Cultura editou o Calendario do libro e da lectura 2014, unha iniciativa para animar a realizar actividades arredor das principais datas sinaladas e efemérides vinculadas co libro e coa literatura galega. Tamén foi distribuído entre diferentes entidades e colectivos do ámbito das letras.

1.1.1 As bibliotecas centrais territoriais

O papel das bibliotecas centrais territoriais (aquelas que, de acordo coa Lei de bibliotecas, prestan servizos integrais ao territorio no que están asentadas) son actualmente seis bibliotecas (Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal, Biblioteca Pública de Lugo, Biblioteca Pública de Ourense, Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola e Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel), coa previsión da inminente incorporación da Biblioteca Pública de Ferrol.

Durante o ano 2014 estas bibliotecas xestionaron 847.235 préstamos entre 31.980 usuarios activos.

Mellora das infraestruturas e equipamentos

Para manter estes equipamentos nas mellores condicións, nas que poder prestar un servizo de calidade, a Xunta de Galicia realiza un importante investimento nas súas instalacións. En 2014, destináronse á adecuación de infraestruturas e equipamentos nas seis bibliotecas xestionadas por esta consellería 140.000 euros, que permitiron renovar mobiliario, cambiar sinalética obsoleta, introducir melloras no sistema eléctrico, así como reparacións e melloras nas portas de acceso.

Actividade cultural nas bibliotecas centrais territoriais

Ao longo do ano as bibliotecas centrais territoriais contan cunha programación cultural estable que ten como obxectivo achegar o conxunto da cidadanía á biblioteca e promover accións que a vinculen cos fondos bibliográficos. Estas novas oportunidades para un lecer de calidade e un punto de encontro para formarse e informarse están a ter cada ano unha mellor acollida. En 2014 a Consellería de Cultura e Educación dedicou 60.000 euros a estas actividades, que se complementan co programa de dinamización da lectura Ler conta moito, para o conxunto das bibliotecas públicas galegas, descrito no punto 1.3.

As bibliotecas centrais territoriais establecen, así mesmo, programacións temáticas específicas, coordinadas pola Subdirección Xeral de Bibliotecas. Unha das programacións conxuntas novas neste ano foi **Novembro, mes da ciencia en galego nas bibliotecas**, que animaba a ler e a vivir a ciencia en galego. Tamén as bibliotecas escolares (véx. 1.7) programaron actividades na mesma dirección. O prestixioso científico Ángel Carracedo foi o encargado de redactar o manifesto marco para esta programación, na que se realizaron numerosos obradoiros, charlas e mostras de divulgación científica para diferentes públicos, convertendo no mes de novembro as bibliotecas en auténticos centros de difusión da ciencia, dunha forma lúdica e educativa.

Nesta concepción aberta e ampla do papel da biblioteca, os formatos de actividades son cada vez máis variados: certames literarios e de banda deseñada, cafés de idiomas dirixidos a todos os que están a aprender unha lingua estranxeira e queren practicar con outras persoas que están na mesma situación, cafés filosóficos para exercitar a capacidade reflexiva, talleres de memoria para persoas de idade avanzada etc. En www.rbgalicia.org pódense consultar as actividades das bibliotecas centrais territoriais.

A actividade cultural tamén abre as portas da biblioteca ao conxunto de movementos e asociacións da cidade para compartir a súa actividade pública no espazo bibliotecario.



Visitais virtuais

Desde o mes de decembro pódense realizar no portal da rede de bibliotecas visitas virtuais polas sedes das bibliotecas centrais territoriais da Xunta de Galicia e mais da Biblioteca de Galicia. En http://bibliotecadegalicia.xunta.es/documentos_biblioteca/vvirtuais/gaias/index.html ofrécese unha nova forma de coñecerlas, de forma fácil e desde calquera dispositivo con conexión a internet, en 360 graos.

1.1.2 As bibliotecas saen da biblioteca

As bibliotecas públicas xestionadas pola Xunta de Galicia, na súa vocación de achegar os fondos ao conxunto da cidadanía e de dar a coñecer este servizo, están a programar anualmente accións que permiten que a cidadanía saiba da existencia deste servizo. Para iso, a biblioteca sae das súas instalacións para aparecer noutros espazos da cidade. Exemplo desta iniciativa é a instalación dun posto da biblioteca pública nas feiras do libro que de abril a xuño acollen as cidades galegas, nas que os cidadáns poden ver unha pequena mostra do catálogo da biblioteca e mesmo darse de alta como socios.

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola estivo presente este ano, por vez primeira, na feira de produtos culturais Culturgal, celebrada na cidade do Lérez en decembro.

Ademais disto, e a través do programa Voluntariado cultural, as bibliotecas ofrecen servizos a persoas que por motivos de saúde ou mobilidade non poden desprazarse ao centro, con lecturas en hospitais ou en domicilios particulares.

1.2

Ampliación e renovación dos fondos bibliográficos

Para manter un servizo bibliotecario vivo, de calidade e actualizado no conxunto do territorio galego faise imprescindible a actualización e a renovación dos fondos do conxunto de bibliotecas e axencias de lectura públicas de Galicia.

Para iso, a Xunta de Galicia realizou un investimento de 264.440 euros na adquisición de novidades bibliográficas e solicitudes de compra dos usuarios para as coleccións das bibliotecas centrais territoriais dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, situadas nas principais cidades galegas, que tamén permite a substitución de exemplares deteriorados ou extraviados.

Esta actuación esténdese ao conxunto das bibliotecas e axencias de lectura de toda Galicia, a través dunha liña de subvencións plurianual (2014-2015), materializada na Orde do 23 de setembro de 2014 que establece as bases que a regulan, cunha contía asignada de 160.000 euros, da que se beneficiaron 98 concellos este ano.

Por outra parte, a Xunta de Galicia asumiu a adquisición dos lotes fundacionais das bibliotecas públicas de nova creación Biblioteca Pública Municipal Ágora (A Coruña),

a Biblioteca Pública Municipal de Carballo e a Biblioteca Pública Municipal de Santa Marta (Santiago de Compostela), cun investimento de 54.000 euros, como colaboración con estes concellos na responsabilidade de ampliación dos recursos de lectura pública. Os lotes fundacionais están compostos dun mínimo de 1.500 títulos, dos cales polo menos 500 deben ser en galego.

Ampliación de fondos dixitais

Atender os novos formatos de lectura e de acceso á información é tamén unha das necesidades actuais do sistema bibliotecario. A Subdirección Xeral de Bibliotecas adquiriu este ano un importante volume de licenzas para a lectura de libros electrónicos a través da nova plataforma GaliciaLe (véx. sección 1.4).

Ademais, no Servizo de Biblioteca Dixital da rede adquiríronse licenzas de fondos electrónicos de carácter enciclopédico, para a consulta dos usuarios do conxunto da Rede de Bibliotecas de Galicia, como *E-Junior* (para nenos e nenas de primaria) ou *Eciclo-net* (para ciclos superiores), entre outras, cun investimento de 20.884,70 euros.

Lecturas adaptadas

As bibliotecas públicas veñen desenvolvendo nos últimos anos seccións de libros adaptados a persoas con discapacidade visual, auditiva etc. Esta biblioteca accesible está dirixida, en xeral, a persoas que precisan unha atención diferenciada e forman parte dela os *Libros de lectura fácil*, elaborados con especial coidado para poder ser lidos e comprendidos por persoas que teñen dificultades lectoras e/ou de comprensión (discapacitados psíquicos e persoas con outras doenzas como dislexia, autismo, afasia, inmigrantes recentes etc.); *Libros en letra grande*, para persoas maiores e persoas con dificultade de visión; *Lectura para invidentes*, que inclúe tanto os que están escritos en braille como os que se editan en formato Daisy (Digital Accessible Information System), para a conversión de texto a voz e a visualización de iconas e textos nun tamaño maior do habitual; *Libros temáticos sobre discapacidade*; *Libros informativos* relativos a lexislación sobre discapacitados, formación laboral, inserción, organizacións, dicionarios en linguaxe de signos etc.; *Audiolibros e libros en formato CD ou DVD*, para persoas con dificultades de visión, persoas maiores, inmigrantes, persoas sen hábito de lectura etc. DVD e vídeos principalmente en lingua de signos; e *Recursos electrónicos*, como CD-ROM multimedia con xogos para persoas con algunha discapacidade cognitiva.

Ademais, a Secretaría Xeral de Política Lingüística mantén coa ONCE un convenio de colaboración para a transcripción ao braille, a gravación e a adaptación de libros editados en lingua galega baixo demanda dos seus afiliados, coa finalidade de facilitar e fomentar entre os seus membros a lectura, o estudo e o traballo en galego e contribuír á plena integración destas persoas no ámbito educativo e cultural.

1.3

Ler conta moito, dinamización da lectura na Rede de Bibliotecas de Galicia

Ler conta moito desenvolveu este ano 693 actividades en 175 bibliotecas públicas, o que supón un incremento de preto dun cento de actividades respecto ao ano anterior. Obradoiros creativos, contadas, xornadas divulgativas, actuacións de danza e teatro ou exposicións, destinadas todas elas a achegar a cidadanía á lectura e á información dun xeito lúdico e participativo no contexto da biblioteca. A Xunta de Galicia destinou a este programa en 2014 162.334 euros.

Mozos e nenos a partir de 6 anos puideron achegarse, así, aos segredos dunha representación teatral con *O lapis máxico*, un obradoiro creativo de propostas escénicas a cargo de Teatro Buratini; ou darlle renda solta á súa creatividade a través do cinema, da fotografía, da literatura e das artes plásticas, mediante técnicas como stop motion para a creación de imaxes en movemento en *Bibliotecas animadas*. Tamén se programaron obradoiros, como os de banda deseñada dirixidos a adultos, no que realizaron o seu propio cómic; presentáronse tradicións desde a música con espectáculos como *Merenda con pan de millo*; e convidáronse as familias a gozar da *Tecnomaxia*, unha mestura de ilusionismo e ciencias, entre outras moitas actividades.

Todas elas, de carácter gratuíto, son difundidas a través da rede no blog de Ler conta moito <http://blogs.xunta.es/lercontamoito/>.



1.4

GaliciaLe. Novo servizo de préstamo de libros dixitais

Unha das principais novidades nos servizos bibliotecarios galegos este ano foi a posta en marcha da plataforma GaliciaLe para o préstamo de libro electrónico.

Con este proxecto, a Consellería de Cultura e Educación puxo ao dispor dos usuarios das bibliotecas públicas máis de 1.700 títulos en formato electrónico, no último trimestre do ano, un catálogo no que están tamén incorporadas as licenzas para Galicia da plataforma eBiblio do Ministerio de Educación e Cultura posta en marcha paralelamente ao GaliciaLe. O ministerio investiu nesta actuación preto de 50.000 euros para licenzas asignadas a Galicia, achega que foi complementada co desenvolvemento tecnolóxico para o desenvolvemento da plataforma galega abordado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), cun custo de 60.000 euros.

O catálogo deste novo servizo en liña de GaliciaLe e eBiblio está composto por libros e audiolibros en galego e castelán, e prevese amplialo con álbums ilustrados. Os usuarios e usuarias poden acceder a estes recursos de xeito gratuíto as 24 horas do día, os 365 días do ano a través da páxina web galiciale.es.

A colección cobre diferentes campos da cultura e do coñecemento e vai dirixida tanto ao público adulto, como infantil, estruturados en oito campos: ficción para público adulto, infantil e xuvenil, ciencia e tecnoloxía, ciencias sociais e humanidades, saúde, desenvolvemento persoal, ocio, deporte e informática, idiomas, audiolibros, aplicación interactiva e, proximamente, álbum ilustrado.

Este novo servizo en liña supón un importante fito na accesibilidade á cultura e na ruptura das dificultades da dispersión xeográfica, xa que as descargas poden realizarse desde a casa, sen necesidade de desprazarse á biblioteca. Para facer uso deste novo servizo soamente é necesario ter o carné de lector ou lectora dalgunha das bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, conexión a internet e rexistrarse na plataforma virtual para obter as claves de acceso.

Ademais de actualizar con esta oferta o volume e os contidos das bibliotecas, a Consellería de Cultura e Educación tamén contribúe á dinamización do sector do libro electrónico galego, ao desenvolvemento de novos hábitos de lectura no contexto dixital e a impulsar o consumo legal de contidos dixitais de calidade e actuais.





1.5 Biblioteca de Galicia

A Biblioteca de Galicia, situada no edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia no complexo do monte Gaiás, en Santiago de Compostela, é a biblioteca central da Comunidade Autónoma, encargada de recuperar, conservar e difundir as publicacións editadas en Galicia ou relacionadas con temas galegos.

Mellora dos fondos bibliográficos

En 2014, a Biblioteca de Galicia investiu 40.176 euros na ampliación e mellora da súa colección, especialmente no que se refire a fondos de referencia e consulta.

Este ano integráronse na Biblioteca de Galicia en depósito 3.214 volumes de Abanca, máis de 5.000 da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil Gáliz, 8.500 procedentes da biblioteca do doutor Agustín Sixto Seco e 1.588 tomos dos xornais *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *La Hoja del Lunes*, depositados pola Asociación da Prensa da Coruña.

A biblioteca recibiu tamén este ano a doazón de máis de 17.000 volumes de fondo bibliográfico e audiovisual de Celso Collazo, 9.000 volumes de José Luis Basanta, a biblioteca de ciencias da terra de Núñez de las Cuevas, cuns 4.500 volumes, e 6.000 títulos de Alejandro Armesto.

Actividades e exposicións organizadas pola Biblioteca de Galicia

Co fin de favorecer o contacto da cidadanía coa súa sede e cos seus servizos, a Biblioteca de Galicia programou ao longo do ano diversas exposicións que se comple-

taron con conferencias de expertos, así como con 16 obradoiros dirixidos ás distintas franxas de idade. Tamén se programaron actividades vinculadas á celebración de diversas efemérides culturais, que poden consultarse no capítulo 9.

O 17 de xullo celebrouse a *Actividade de orientación e aventura con GPS*, para participantes maiores de 13 anos, que tiveron que superar numerosas probas a través do dominio da orientación con GPS. Unha maneira lúdica e diferente de coñecer a contorna do Gaiás.

Do 23 de xullo ao 14 de setembro estivo aberta ao público a *Colección cartográfica Vilardevós*, con documentos singulares da historia e da evolución da cartografía, unha escolma de mapas de gran valor procedentes da colección cartográfica e da biblioteca que Rodolfo Núñez de las Cuevas (enxeñeiro-xeógrafo, que fora director xeral do Instituto Xeográfico Nacional) lle doou á Biblioteca de Galicia. Entre os documentos máis singulares destacan a primeira folia do Mapa topográfico nacional, un mapa utilizado polo xeneral Eisenhower tras o desembarco de Normandía, ou o *Hispaniae veteris descriptio* de 1586, así como outros exemplos variados e representativos de distintas épocas, contornos históricos, tipos de cartografía e técnicas.

Vinculado a esta exposición, o 28 e 29 de xullo desenvolvéronse os obradoiros infantís *O mapa do tesouro*, para aprender a interpretar mapas e planos. Consistiu nun xogo con formato a medio camiño entre xincana e xogo dramatizado, dinamizado por educadores caracterizados para a ocasión e que representaban personaxes que, ao longo da historia, están identificados polo emprego de mapas, cartas de navegación e planos (navegantes, exploradores, peregrinos etc).

Tamén no verán, desenvolvéronse outros obradoiros na Biblioteca de Galicia, como *Cronopios* ou o *Obradoiro de sombras chinesas*, para conmemorar o centenario de Cortázar (véx. CAPÍTULO 9).



Do 26 de setembro ata o 26 de outubro a exposición *O ronsel dun sabio*, expuxo con motivo do 250º aniversario do pasamento do Padre Feijoo, reproducións e orixinais de oito documentos e 29 libros articulados en dúas seccións: Feijoo e o seu século, con gravados do intelectual e da súa casa natal, e as súas obras máis coñecidas, como o *Theatro critico universal* ou as *Cartas eruditas, y curiosas*; e Feijoo máis aló do seu tempo, centrada no rexurdir do interese pola súa obra na segunda metade do século XIX.

Con motivo do Día da Música, o 4 de outubro, tivo lugar no Auditorio da Biblioteca de Galicia o concerto do grupo **Xardín Desordenado**, con musicalización de poemas de autores galegos, particularmente de Vicente Risco, de quen se celebrou este ano o seu 130º aniversario.

Do 6 ao 30 de outubro motrouse a colección singular *Libros sobre reloxos. Colección José Luís Basanta*. O fondo principal de Basanta está formado por máis de 450 volumes, nos que se inclúen manuscritos únicos, impresos desde o século XVI ata a actualidade e unha gran cantidade de obras de apoio, desde revistas ata bibliografías, catálogos ou publicacións de librería anticuaria. A biblioteca do investigador, que amais da colección de libros de reloxo, contén obras científicas (uns 9.000 exemplares en total), foi depositada na Biblioteca de Galicia en 2013.

Paralelamente, desenvolvéronse no mes de outubro varios obradoiros: *O paso do tempo: maquinando*, para nenos e nenas de 8 a 12 anos, convidaba a crear máquinas de todo tipo que teñen o tempo como fío conductor; *O paso do tempo: partituras en acción*, congregou os participantes para realizaren accións que transformaron o espazo a medida que pasaba o tempo: fixeron camiños empregando os diferentes sons que poden producir os reloxos, dixitais ou analóxicos, e percorreron camiños coas pegadas, marcaronse distancias con area etc. Finalmente, *O paso do tempo: tic tac*, permitiu que os participantes, a través de materiais cotiáns, e coa axuda da imaxinación, elaborasen increíbles reloxos que nunca ninguén viu antes.

O 26 de outubro, a Biblioteca de Galicia programou o obradoiro *Coñecendo outras culturas*, unha divertida actividade na que nenos de 6 a 12 anos descubriron o amor pola lectura da man de Fuco, a mascota bibliotecaria, que guiou os participantes por unha intrincada aventura na busca de pistas que deu lugar a unha lectura conxunta e un posterior obradoiro no que compartiron as descubertas realizadas.

En novembro, con motivo da celebración do Mes da Ciencia, a Biblioteca de Galicia organizou catro obradoiros científicos: O 8 de novembro, en colaboración coa Unidade de Cultura Científica CSIC Galicia, o Auditorio da biblioteca acolleu a obra *Que traballo tan curioso*, unha peza de teatro na que se combinan contidos científicos, adaptados aos máis pequenos, con entretemento e diversión. Os actores, mediante simpáticos diálogos, dan respostas científicas e rigorosas a situacións cotiás. O día 15, no obradoiro *Banquete nun castro*, os asistentes, apoiándose nas evidencias e pistas que ofrece a arqueoloxía, puideron descubrir hábitos de alimentación dos castrexos, así como fabricar unha peciña de vaixela ao estilo das da época. O día 22 celebrouse *Sal de mesa nos océanos* que, mediante sinxelos experimentos con augas de diferentes cores, explicou os procesos que afectan a formación das correntes mariñas desde escalas pequenas (que teñen lugar, por exemplo, nas rías galegas) ou a escalas planetarias (como, por exemplo, os percorridos dos icebergs desde os polos). *O cambio climático, experimentando co CO₂* foi o título dos últimos dos obradoiros desta programación, destinado a descubrir a través de sinxelos experimentos científicos os procesos da vida cotiá regulados polo carbono.

O 19 de decembro inaugurouse a mostra *O berce do libro. Incunables da colección Abanca*, que permanecerá aberta ata o 31 de marzo de 2015 na Biblioteca e Arquivo de Galicia, cun extraordinario fondo de 66 títulos de referencia no eido dos estudos bibliográficos no ámbito nacional e internacional. Destes incunables, 18 xa foron dixitalizados a través da biblioteca dixital de Galicia, Galiciana, polo que están dispoñibles no web da Biblioteca de Galicia. Ademais, 10 dos títulos recollidos son interactivos. Completouse a exposición cun conxunto de obradoiros destinados a distintas franxas de idade e que se centran en diferentes técnicas e momentos da evolución do libro, como o obradoiro *Os inventos de Guttemberg* ou o *Obradoiro sobre a imprenta*.

En paralelo a esta mostra, no Nadal a escritura foi a protagonista na Biblioteca de Galicia. A través dos obradoiros *Da tábula á tablet: O libro e as bibliotecas a través do tempo*, ofreceuse un percorrido polo mundo da transmisión do coñecemento, desde as súas orixes (papiro, tábula, cerata...), pasando polo audiovisual e rematando con contidos axeitados para una educación atractiva nas novas tecnoloxías: os interactivos. Os obradoiros arrancaron o sábado 20 de decembro cunha atractiva viaxe pola historia da escritura: desde os xeroglíficos exipcios á Biblioteca de Alexandría, a tábula romana, a chegada da imprenta e o e-book actual. Ademais de poder contemplar exemplares, recreacións e imaxes sobre a historia da escritura, os participantes no obradoiro A escritura na historia puideron traballar con tábulas e stylos, e experimentar a sensación de crear a escritura esculpindo en cera.

Como complemento á exposición sobre a vida e obra do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, organizouse o concerto *Nimbos*, un recital poético musical do grupo Ouriol con poemas de Xosé M^a Díaz Castro, recitados por Eva Veiga, con proxeccións visuais do artista Alfonso Costa.

O Día da Biblioteca púxose en marcha por primeira vez a iniciativa *Elixo o teu libro*, co obxecto de que todos os que visiten nese día a biblioteca poidan ser agasallados cun libro despois tras unha visita guiada pola biblioteca.



1.5.1 Galiciana, a biblioteca dixital de Galicia

Galiciana é a biblioteca dixital de referencia para o ámbito da cultura e da lingua galegas, dentro dun proxecto común de ámbito continental denominado Europeana. Xestionado pola Biblioteca de Galicia, Galiciana dixitaliza e visibiliza de forma continuada o patrimonio bibliográfico galego, cuns fondos que se van incrementando progresivamente e aos que se pode acceder libremente no enderezo <http://www.galiciana.bibliotecadegalicia.xunta.es/>.

En 2014, Galiciana dixitalizou e integrou fondos da Biblioteca de Galicia, como a colección J. L. Basanta, impresos e manuscritos sobre reloxos, a cartografía da colección Núñez de las Cuevas e incunables da colección Abanca. En continuidade coa liña de colaboración con outras institucións bibliotecarias galegas destacadas polo seu fondo patrimonial, dixitalizáronse e integráronse este ano a Galiciana fondos do Museo do Pobo Galego (202 títulos e 36.049 imaxes), da Biblioteca do Seminario Santa Catarina de Mondoñedo (213 obras e 114.224 imaxes) e da Biblioteca de Estudos Locais da Coruña (134 títulos e 18.440 imaxes).

En total, durante este ano, a colección de Galiciana incrementouse en máis de 147.000 páxinas de monografías, cartografía e folletos e en máis de 87.000 páxinas de prensa histórica galega. Galiciana rematou o ano con 5.096 obras dixitalizadas, o que supón un total de 1.604.209 imaxes. Destas, destaca a súa colección hemerográfica, que conta xa con 364 títulos, o que supón un total de 154.733 números dixitalizados e 926.234 imaxes.

Difusión das coleccións dixitalizadas

Para a mellor difusión social dos fondos bibliográficos do patrimonio galego, a través da biblioteca dixital de Galicia desenvolvéronse este ano novos micrositios dos fondos bibliográficos incorporados a Galiciana. Creáronse microespazos para a difu-



sión dos fondos dixitalizados na Biblioteca de Estudos Locais da Coruña e na Biblioteca do Seminario Santa Catarina de Mondoñedo, mentres que os fondos dixitalizados no Museo do Pobo Galego serviron de base para crear o micrositio *Festas de Galicia*. Pola importancia da colección de Abanca, deseñouse un micrositio específico para a visualización dos incunables que se foron dixitalizando. As exposicións temporais que tiveron lugar na Biblioteca de Galicia ao longo do 2014 tamén tiveron o seu reflexo virtual en Galiciana a través dos microespazos *Fondo Benito Jerónimo Feijoo*, *Colección José Luis Basanta* e *Colección cartográfica Vilardevós*.

1.6 Clubs de lectura

O club de lectura é unha das actividades que máis se está a estender no contexto da biblioteca nos últimos anos. Trátase de agrupacións de lectores co interese de compartir unha lectura común e, en reunións periódicas, comentar e reflexionar conxuntamente sobre os contidos e a forma do libro compartido. O club de lectura xunta, polo tanto, o pracer da lectura persoal coa posibilidade de dialogar con outros sobre esa lectura.

A Biblioteca de Galicia, a través do Club de Lectura de Galicia, ofrece o Servizo da Biblioteca Central de Préstamo para os clubs de lectura pertencentes aos centros adscritos á Rede de Bibliotecas de Galicia, que pon ao dispor dos clubs un catálogo de fondos para o préstamo. Este ano adquiríronse novos títulos para completar estas coleccións, con libros en diferentes linguas e banda deseñada. Fixeron uso deste servizo centralizado 57 bibliotecas públicas, ás que se lles prestaron 311 títulos (4.835 exemplares).

Realizáronse préstamos de fondos para clubs de lectura a 63 bibliotecas públicas e a algunhas bibliotecas escolares, fundamentalmente de centros de educación secundaria. Distribuíronse tamén fondos de banda deseñada e fondos infantís e xuvenís para este tipo de lectores.



Os fondos para clubs de lectura adquiridos e distribuídos están nas seguintes linguas: galego, castelán, inglés, francés, alemán e italiano.

1.7

Voluntariado cultural a prol da lectura

Do interese das persoas por ofrecer as súas habilidades e coñecementos vinculados aos servizos das bibliotecas naceu en 2013 o programa Voluntariado cultural nas bibliotecas, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, de acordo co Plan galego de acción voluntaria 2011-2014.

Ao longo do seu segundo ano de vida, non deixaron de incorporarse ao programa diferentes persoas voluntarias comprometidas coa prestación deste servizo social de facilitar o acceso á lectura e á información. En 2014, foron 67 as persoas que colaboraron coas bibliotecas centrais territoriais na difusión dos seus servizos, na formación en competencias básicas de informática, en actividades de animación á lectura e de creación artística, ou mesmo de aprendizaxe doutras linguas.

Este programa facilita a preparación dos voluntarios e voluntarias a través dunha oferta formativa enfocada ao desenvolvemento das súas funcións de dinamización da lectura e de apoio á difusión cultural nas bibliotecas.

A través do Voluntariado cultural, a biblioteca séntese socialmente como un servizo de todos e para todos, ao tempo que contribúe á súa dinamización e mellora dos seus servizos.

Resultados do programa 2014

BIBLIOTECAS	PERSOAS VOLUNTARIAS	ACTIVIDADES REALIZADAS*	PERSOAS ASISTENTES
Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés	12	17	311
Biblioteca Pública de Lugo	40	6	62
Biblioteca Pública de Ourense	12	12	126
Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola	10	13	240
Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel	1	1	12
Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal	22	33	650
TOTAL	97	82	1.401

*Cada actividade pode desenvolverse en varias sesións

1.8

O persoal bibliotecario ao día: formación

No marco competencial de mellora e modernización da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve un programa de formación para os profesionais que desempeñan as súas tarefas nos centros da rede, con cursos centrados en materia de bibliotecas impartidos por expertos de recoñecido prestixio.

En 2014, a Subdirección Xeral de Bibliotecas coordinou a realización de 12 cursos de formación para o persoal da Rede de Bibliotecas de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. Na selección prestóuselle especial atención á animación á lectura, ás novas tecnoloxías e aos usuarios. Participaron nestes cursos 192 técnicos de bibliotecas.

Cursos 2014

Organizados pola Subdirección Xeral de Bibliotecas

- A lectura nas primeiras idades desde 0 a 3 anos
- Transformar usuarios no século XXI. A nova formación de usuarios nas bibliotecas públicas
- Apps para bibliotecarios: uso e aplicación de smartphones e tabletas
- O bibliotecario 2.0: community manager da biblioteca
- Xestión da colección na biblioteca pública

En colaboración coa EGAP

- Aproximación aos proxectos de dixitalización para bibliotecas públicas
- Novas normativas para o rexistro de autoridades

Organizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte

- Xestión da colección na biblioteca pública
- Contidos e servizos para dispositivos móbiles en bibliotecas
- Planificación e xestión de bibliotecas dixitais
- Realización de videotitoriais

Organizados polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, en colaboración coa Universidade Alberto Furtado

- Diploma Iberoamericano en xestión de bibliotecas públicas

Bolsas de formación en biblioteconomía

A Subdirección Xeral de Bibliotecas tamén potencia a formación inicial do persoal bibliotecario coa realización de prácticas remuneradas en bibliotecas que permiten non só a formación nas diversas áreas destes centros, senón tamén o contacto diario e directo dos beneficiarios cos problemas e demandas reais dunha biblioteca ou centro de documentación, debidamente guiados por persoas con coñecementos e experiencia abondos.

A convocatoria da Orde do 17 de febreiro de 2014, para formación en biblioteconomía apoiada por titores en diversos centros bibliotecarios, permitiu este ano a formación de 31 beneficiarios por períodos de oito meses, de xuño de 2014 a xaneiro de 2015. O orzamento desta convocatoria ascendeu a 215.760 euros.

1.9 As bibliotecas escolares

O Plan LÍA 2010-2015 de bibliotecas escolares (**Lectura, Información e Aprendizaxe**) integra todas as actuacións da consellería a prol da renovación das bibliotecas dos centros de ensino non universitario, así como as accións destinadas a facilitar o acceso á lectura, favorecer a formación lectora e promover o fomento da lectura no contexto educativo. En 2014, o investimento global da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos neste plan foi de 1.075.000 euros.

Plan de mellora de bibliotecas escolares (Plambe)

O Plambe é o programa, integrado no Plan LÍA, para a actualización das bibliotecas dos centros non universitarios de titularidade da consellería. A convocatoria do Plambe para o curso 2014-2015 permitiu incorporar 33 novos centros e manter os xa acollidos, coa intención de ir construíndo unha rede de bibliotecas escolares de excelencia e garantir a actualización dos recursos das bibliotecas. O investimento neste programa na convocatoria 2013-2014 foi de 791.000 euros e, no curso 2014-2015, de 810.000 euros. Actualmente, 550 centros de titularidade autonómica forman parte deste programa.

Hora de ler

Para fomentar a lectura mediante actividades sistemáticas que contribúan a crear un hábito e unha competencia lectora no alumnado, o Plan LÍA integra, así mesmo, o programa Hora de ler. Este programa pon á disposición das bibliotecas dos centros escolares de maneira continuada unha serie de recursos en formatos atractivos para implicar o alumnado e o conxunto da comunidade escolar. Este ano, no inicio do novo curso escolar, enviouse o cartel *Biblioteca escolar... matemático!!!*, que lle dá continuidade

ao anterior *Ler ciencia na biblioteca escolar* (curso 2013-2014), co obxectivo de promover a presenza das ciencias na biblioteca mediante os recursos e actividades adaptadas. Tamén se editaron outros materiais de apoio ao profesorado das bibliotecas, como cadernos ou marcapáxinas, con estes mesmos lemas.

A Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da consellería tamén realizou dentro do programa Hora de ler o envío aos centros de mochilas viaxeiras para préstamo a familias, as bolsas de Libros que van e veñen, para o alumnado de infantil, así como as Maletas viaxeiras para as bibliotecas escolares, coa finalidade de reforzar temáticas como as matemáticas, banda deseñada, ciencias etc. Con estas accións, preténdese reforzar a práctica lectora e incorporar as familias no proceso. O investimento no curso 2013-2014 neste programa foi de 200.000 euros e, no curso 2014-2015, a consellería ten destinados 240.000 euros.

Convocatoria de clubs de lectura

No contexto do programa Hora de ler, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos convoca tamén unha liña de incentivación dos clubs de lectura nos centros de titularidade pública de ensino secundario, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial (conservatorios, escolas oficiais de idiomas, ensinanzas de persoas adultas). No presente curso académico, máis de 1.000 profesores e preto de 8.600 lectores e lectoras (alumnado e outros membros da comunidade escolar) participan nesta iniciativa. Ademais do seguimento e avaliación do desenvolvemento dos clubs, a Consellería de Cultura e Educación ofrécelle ao profesorado coordinador destes clubs en cada centro unha xornada de formación, que este ano foi celebrada no mes de xuño, coa colaboración de expertos no ámbito da lectura, para a reflexión sobre a contribución dos clubs de lectura á adquisición de competencias básicas no alumnado e o intercambio de experiencias de calidade.

Impulso e recoñecemento ao traballo por proxectos

Para impulsar esta metodoloxía e difundir as boas prácticas do traballo por proxectos coordinados ou apoiados desde a biblioteca escolar, na liña de innovación educativa, a Consellería de Cultura e Educación puxo en marcha por primeira vez en 2014 un concurso para premiar aquelas experiencias máis destacadas. O concurso, que recollía varias modalidades segundo a tipoloxía dos proxectos e o alumnado participante ou a temática, foi resolto no mes de outubro. A web de Bibliotecas Escolares de Galicia difunde os proxectos premiados, que recibiron asignacións para programas de fomento da lectura ou de educación para a competencia informacional do alumnado desde a biblioteca escolar.

Formación en bibliotecas escolares dirixida ao profesorado

En colaboración do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI), do Servizo de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Asesoría de Bibliotecas Escolares programa un conxunto de activida-

des de formación centralizadas, dirixidas aos responsables das bibliotecas escolares e ao profesorado usuario, e deseña o conxunto de actividades formativas neste ámbito, dirixidas ao profesorado en xeral.

Este ano, no mes de marzo, 524 docentes congregáronse nos Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2013-2014, para avanzar no modelo de biblioteca escolar. No mes de xuño, ademais da *VII Xornada dos clubs de lectura*, na que participaron 209 persoas, realizouse por primeira vez unha xornada técnica sobre bibliotecas escolares na formación profesional, con 30 participantes responsables de bibliotecas dos CIPP. E para o conxunto dos docentes de Galicia, en novembro celebráronse as *V Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia*, nas que participaron máis de 1.000 profesores e profesoras de diferentes niveis educativos.

Voluntariado e solidariedade pola lectura

En 2014 convocouse por vez primeira o programa **Bibliotecas escolares solidarias**, para o curso 2014-2015, que agrupa varias iniciativas de voluntariado cultural relacionado coas bibliotecas e a lectura: o recoñecemento do traballo realizado en beneficio da lectura cun selo distintivo a 15 bibliotecas cada ano como Biblioteca escolar solidaria; o Voluntariado na biblioteca escolar, con recoñecemento das horas de voluntariado na biblioteca escolar para o alumnado colaborador de ensinanza secundaria; e o Voluntariado de lectura - A para alumnado de 5º e 6º de primaria, que colabora na xestión e dinamización da biblioteca e nas actividades de lectura compartida, dentro e fóra do seu centro. Este programa é froito da colaboración entre Educación e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, da Consellería de Traballo e Benestar.

A iniciativa Voluntariado de lectura - A iniciárase xa no curso 2013-2014 cunha primeira convocatoria. Entre as memorias de actividades presentadas polos centros participantes seleccionouse un centro por cada provincia e organizáronse unhas xornadas de convivencia, nas que participaron, en maio de 2014, 50 alumnos e alumnas, con actividades diversas arredor do voluntariado, o traballo colaborativo, a lectura e os valores de solidariedade e que se celebraron no Centro Residencial Docente da Coruña, coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

1.10

Proxecto Dragal: lingua galega, tecnoloxía e lectura

A Secretaría Xeral de Política Lingüística puxo en marcha este ano unha acción novidosa de dinamización lingüística vinculada coa tecnoloxía, o patrimonio e a lectura xuvenil en galego, baseada na triloxía homónima da escritora Elena Gallego Abad, editada por Xerais: o proxecto Dragal.

Este programa experimental contou cun wiki de acceso restrinxido aos *dragaliños*, o alumnado participante no proxecto, e mais ao seu profesorado. Nel fóronse imple-

mentando xogos en liña relacionados coa temática da triloxía Dragal e propostas e materiais de traballo. Desde o comezo do curso e tras a lectura d'A *herdanza do dragón*, o alumnado estivo ocupado en tarefas como a dragalización ou ambientación do seu centro educativo, o resumo e a reelaboración da narración en forma de banda deseñada e o intercambio de finais alternativos para a novela. Tamén realizaron investigacións sobre aspectos da historia e do patrimonio galegos relacionados coa triloxía, como a recollida de lendas e a toponimia. As actividades do proxecto este curso pecháronse cun encontro do alumnado no Pico Sacro, lugar lendario cun importante papel na triloxía Dragal. Este *Encontro da fraternidade do dragón* contou coa colaboración da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

En 2014 participaron neste programa 550 alumnas e alumnos de 1º e 2º da ESO de sete centros educativos. Tras esta primeira experiencia, púxose en marcha unha segunda edición para o curso académico 2014-2015, no que están implicados 11 centros educativos.

Con este programa de animación e promoción da lectura en galego para a mocidade, pero tamén de creación activa coas tecnoloxías, procúrase transmitir unha imaxe positiva e actual da lingua galega e o gozo da lectura de historias fantásticas en lingua galega que incorporan tamén o patrimonio da tradición popular.

Innovación, lingua e cultura

Con este obxectivo de fomentar o uso do galego por parte do alumnado desde a colaboración con outras entidades e a participación activa facendo uso das TIC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística realizou a convocatoria anual na que se seleccionan os mellores proxectos educativos innovadores que impliquen o uso da lingua galega e o coñecemento cultural que garanta unha plena competencia comunicativa en galego.

Nesta edición da convocatoria os proxectos seleccionados foron *Escoitando a Terra*, do IES Chapela, de Redondela, e o IES Audiovisual de Vigo; *Aplicacións didácticas sobre a Galicia industrial*, do IES Agra do Orzán, o IES Salvador de Madariaga e o IES Ramón Menéndez Pidal, da Coruña; *Formulando a dinamización coas TIC*, do IES Taboada Chivite, o CEIP Amaro Refojo e o CEIP Princesa de España de Verín; *Equipados*, da Escola de Educación Infantil da Guía, de Vigo; e *Literatosbrey*, do Instituto Fermín Bouza Brey, de Vilagarcía de Arousa.





02

SISTEMA DE ARQUIVOS DE GALICIA



s arquivos públicos reúnen e velan pola conservación de documentos que forman parte do noso patrimonio colectivo, xa que nela reside a memoria dos actos, normas e procedementos que a sociedade vai producindo para a súa organización e desenvolvemento.

O conxunto de arquivos de Galicia, mais os órganos da Administración que son competentes para a súa ordenación e desenvolvemento, así como os correspondentes servizos técnicos, conforman o sistema de arquivos de Galicia. Trátase dunha estrutura legal e administrativa que permite un eficaz funcionamento dos arquivos e, xa que logo, da propia Administración, para asegurar a súa conservación a longo prazo e o acceso da cidadanía ao patrimonio documental.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Cultura, é o órgano encargado da dirección e coordinación do exercicio das competencias da Xunta de Galicia relativa ao sistema de arquivos de Galicia.

Desde este ano faino nun novo marco legal, aprobado no Parlamento de Galicia, que mellora e define en profundidade os procedementos e funcións e que atende, por vez primeira, os novos retos dixitais.



2.1

O novo marco legal dos arquivos de Galicia

O 7 de outubro de 2014 o *Diario Oficial de Galicia* publicaba a Lei 7/2014, do 26 de setembro, de arquivos e documentos de Galicia, a primeira norma específica que dota a Comunidade Autónoma dun marco lexislativo propio para desenvolver as súas competencias nesta materia.

O obxectivo principal desta nova lei é organizar e impulsar o sistema arquivístico galego, adaptándoo á nova realidade e aos cambios que se están a producir no ámbito dos documentos e arquivos públicos, e para garantir o acceso, a conservación e a difusión do patrimonio galego.

A norma regula por vez primeira no ámbito da nosa Comunidade Autónoma o papel dos arquivos no medio electrónico, para o que aborda os novos retos derivados do desenvolvemento da administración electrónica e da dixitalización de documentos, actualizando parte do contido da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, que foi a primeira norma galega que lles dedicou unha atención singular aos arquivos e ao patrimonio documental.

Deste xeito, a nova lei baséase nun enfoque actual e modernizador e articula unha xestión documental eficaz e eficiente, baseada na coordinación entre todos os arquivos que formen parte da rede de arquivos de Galicia, que ten como centro cabeceira desa rede o Arquivo de Galicia.

O marco normativo, que responde á nova realidade e ás necesidades dos arquivos e dos seus profesionais, tamén delimita o que se considera documento público en Galicia e regula a organización, funcionamento e finalidade dos arquivos. Así mesmo, define os dereitos e as obrigas relativos aos arquivos públicos que deben contar co persoal e cos recursos materiais necesarios para garantir o servizo aos usuarios.

Creación de órganos Colexiados Asesores

No que respecta á xestión documental, destaca a creación, ao abeiro desta lei, do Consello de Avaliación Documental de Galicia, un órgano Colexiado que ditaminará sobre a obriga de conservar os documentos que teñan valor histórico ou informativo e sobre a eliminación daqueles documentos que, unha vez cumprida a súa finalidade, poidan ser destruídos. Tamén se crea coa lei o Consello de Arquivos de Galicia como órgano Colexiado consultivo de asesoramento, cooperación e participación en materia de arquivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, adscrito á consellería con competencias en materia de cultura.

Acceso público á documentación

En canto aos aspectos concretos derivados da xestión dos documentos e do patrimonio documental de Galicia, a lei establece os principios que deben rexer no dereito de acceso público para lles facilitar ás institucións e ás persoas cantos datos necesiten e o acceso ao seu soporte documental.

Como novidade, propónse que os límites e as exclusións de acceso aos documentos desaparezan logo de que transcorran 30 anos desde a súa data de produción, sen prexuízo da aplicación de normas específicas máis restritivas para garantir a salvagarda doutros dereitos como a seguridade, a honra, a saúde, a intimidade ou a imaxe das persoas.

Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia

En liña coa normativa que desenvolve a Administración electrónica, a nova lei de arquivos e documentos atende a posta en funcionamento do Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia a quen lle corresponde realizar os procesos da xestión dos documentos electrónicos da Administración autonómica.

O Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia terá un modelo específico para todos os órganos de goberno e da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades do sector público autonómico.

2.2

Arquivos da Xunta de Galicia

A Consellería de Cultura e Educación da Xunta de Galicia xestiona os seguintes arquivos:

O **Arquivo de Galicia** custodia os documentos producidos pola Xunta de Galicia desde a súa creación en 1982 e polos órganos e entidades dependentes dela, así como doutros de calquera procedencia que, polo seu ámbito e interese, se lle poidan asignar. Creado no ano 2010, o Arquivo de Galicia é cabeceira do sistema de arquivos

de Galicia e hoxe ten a súa sede na Cidade da Cultura de Galicia, en Santiago de Compostela.

Os seus fondos abranguen principalmente a etapa autonómica de Galicia, a partir da súa constitución como Comunidade Autónoma. Así e todo, conta con documentos anteriores, ademais de fondos documentais de particulares e empresas que os doaron ou depositaron, polo que custodia documentos incluso do século XV.

Con dous depósitos, un na súa sede principal na Cidade da Cultura e outro no polígono do Tambre, a súa capacidade é de 20 km e na actualidade a súa ocupación é do 70%. O Plan de transferencias documentais, elaborado polo Arquivo de Galicia para controlar e custodiar a documentación das consellerías, supuxo un incremento do 135% respecto ás realizadas no 2013, que pasou de 5.421 a 12.755 caixas.

O Arquivo de Galicia ten adscrito o Arquivo Dixital da Xunta de Galicia cuxo desenvolvemento organizativo e tecnolóxico é obxecto do programa europeo denominado ARPAD, cofinanciado dentro do Programa operativo transfonteirizo de Galicia e Norte de Portugal.

Como Arquivo Dixital Integrado, segundo se expón no modelo de referencia desenvolvido na primeira fase do proxecto (DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2015), está formado tanto polo Arquivo Electrónico Administrativo coma polo Arquivo Electrónico de Patrimonio Documental. O primeiro especialízase na xestión dos documentos electrónicos durante a actuación administrativa automatizada. O segundo, na xestión das copias dixitalizadas do patrimonio documental que se custodian nos arquivos, ou que poidan recollerse doutras fontes de interese, así como dos expedientes administrativos nas últimas fases do seu ciclo de vida. Ambos integranse nunha mesma estrutura que dará soporte aos dous tipos de xestión.

O Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo ten como obxecto recoller os documentos da Administración autonómica territorial en Lugo. Con sede no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Lugo, os usuarios principais deste arquivo son as oficinas produtoras que poden consultar os seus documentos desde o mesmo momento da transferencia. Na súa condición de arquivo intermedio, realiza transferencias periódicas de documentos ao Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

O Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo xorde como un servizo común para recoller os documentos dos diferentes departamentos da Administración autonómica territorial en Vigo. Ten a súa sede no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo e transfíre os seus documentos históricos ao Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

O Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, creado para recibir os documentos da Administración autonómica territorial, foi o último arquivo da Administración autonómica en incorporarse ao sistema de arquivos da Xunta de Galicia. Ten a súa sede no edificio administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra. Como arquivo de carácter intermedio, realiza tamén transferencias periódicas ao Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra.

O Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten a súa sede nos edificios administrativos de San Caetano en Santiago de Compostela. É o encargado de reunir e custodiar a documentación de todas as unidades administrativas dos servizos centrais do ámbito de Cultura, ás que lles presta principalmente o seu servizo. Polo seu ámbito funcional custodia documentos que reflicten accións de fomento, protección e difusión do patrimonio cultural, tanto documental coma bibliográfico, arquitectónico, arqueolóxico e etnográfico.

O **Arquivo Central da Consellería de Traballo e Benestar Social**, ten a súa sede no edificio administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela e préstalle o seu servizo principalmente ás oficinas produtoras, xa que custodia documentación que en xeral non é de acceso público polo seu ámbito de acción, relativo á protección de sectores sociais críticos.

O **Arquivo Central da Consellería de Industria** ten a súa sede en Santiago de Compostela, na avenida de Lugo. Préstalles o seu servizo á Administración e aos administrados, fundamentalmente ás empresas e aos autónomos, polo que ten un gran volume documental e supón un importante impacto económico para as empresas consolidadas, para a innovación tecnolóxica, internacionalización, apoio para a reestruturación, así como para os autónomos e microempresas, no emprendemento, créditos e formación de especialización laboral, entre outros.

O **Arquivo do Reino de Galicia**, creado en 1775 para custodiar a documentación producida pola Real Audiencia de Galicia (máis tarde en Audiencia Territorial da Coruña), é hoxe un centro de titularidade estatal con xestión transferida á Xunta de Galicia, que recolle, custodia e difunde fondos documentais de ámbito galego e coruñés de natureza pública e privada. Está situado no xardín de San Carlos da cidade da Coruña e, ademais de documentación autonómica, custodia tamén fondos privados e amplas coleccións de fotografía, cartografía e de postais.

Os **Arquivos Históricos Provinciais de Lugo, Ourense e Pontevedra** son centros de titularidade estatal e xestión transferida á Xunta de Galicia, que naceron a partir do ano 1931 para recoller, custodiar e servir os protocolos notariais cunha antigüidade mínima de 100 anos procedentes dos distritos notariais da provincia. Desde 1989, son os encargados de recibir, custodiar e servir a documentación producida polos órganos das administracións públicas central e autonómica na provincia, tanto de carácter administrativo coma xudicial. Así mesmo, poden ingresar mediante compra, doazón ou depósito, fondos privados e coleccións documentais.



Táboa de ocupación dos depósitos documentais dos arquivos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

ARQUIVO	METROS LINEAIS DE DEPÓSITOS		UNIDADES DE INSTALACIÓN CAIXAS	
	CAPACIDADE	OCUPACIÓN ACTUAL	CAPACIDADE	OCUPACIÓN ACTUAL
Arquivo de Galicia (Santiago de Compostela)	17.333	11.518	156.000	103.668
Arquivo Territorial da Xunta en Lugo	3.700	3.700	32.512	32.512
Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra	12.134	5.584	105.447	48.524
Arquivo Territorial da Xunta en Vigo	6.733	6.392	53.868	51.135
Arquivo Central da Consellería de Cultura	712	693	4.976	4.813
Arquivo do Reino de Galicia (A Coruña)	20.510	19.593,45	153.987	147.105
Arquivo Histórico Provincial de Lugo	20.000	19.678,71	123.000	119.617
Arquivo Histórico Provincial de Ourense	5.400	5.382	71.539	71.289
Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra	11.000	10.735,45	77.000	75.148
TOTAL	104.757	79.713	808.796	653.811

Actividades dos arquivos dependentes da consellería

Nestes arquivos desenvólvese un labor constante vinculado cos seus fondos documentais e co servizo que estes lles ofrecen á cidadanía e ás administracións. En 2014 estes arquivos prestaron un total de 6.807 documentos, maioritariamente con destino á propia Administración, nun servizo mellorado cada ano, cuns tempos de resposta máis áxiles e cun control exhaustivo de entradas e saídas.

No servizo presencial de atención de consultas de usuarios, para a cidadanía en xeral e para os investigadores, contabilizáronse 4.601 consultas en sala no ano 2014. Vinculado a este servizo, facilitóuselles a copia de documentos aos usuarios que así o solicitaron, procurando a redución progresiva das copias en papel, en favor das copias dixitais. Realizáronse en total 37.382 reproducións, o que supuxo uns ingresos de 37.612,22 euros.

Novos ingresos

En 2014 os arquivos dependentes da Consellería de Cultura e Educación recibiron mediante transferencia, doazón, depósito en réxime de comodato ou compra, un total de 2.701,82 m de documentos ou, o que é o mesmo, unhas 17.658 caixas contedoras de documentos.

O investimento en novas adquisicións para o conxunto de arquivos de titularidade autonómica ascendeu a 101.334,76 euros.

Custodia e servizo

A documentación custodiada nos arquivos é obxecto dun proceso de organización e de descrición a través da aplicación que soporta o sistema de información de arquivos. Estes datos están accesibles na web do portal de arquivos de Galicia e facilítanlle á cidadanía a información que conteñen os documentos custodiados nos arquivos. En 2014 realizáronse un total de 126.608 rexistros descritivos.

Para mellorar o funcionamento dos centros e a promoción e difusión pública do patrimonio documental que custodian, a Xunta de Galicia investiu este ano un total de 281.336,76 euros, destinados tanto á compra de equipamento e mobiliario como a actividades de difusión.

Restauración de documentos

Ademais das tarefas habituais e permanentes dos arquivos para asegurar a preservación do patrimonio documental que custodian, no ano 2014 foron realizadas 1.378 intervencións de restauración.

Destaca entre elas a restauración do expediente de responsabilidades políticas de Santiago Casares Quiroga, realizado no Arquivo do Reino de Galicia. Este expediente entrou no arquivo o ano pasado, xunto cun grupo de sete expedientes procedentes do Arquivo dos Xulgados do Tribunal de Responsabilidades Políticas. Por mor da degradación da celulosa de baixa calidade e polos efectos da humidade, foi necesario abordar a restauración do conxunto, para evitar unha maior deterioración na estrutura, que implicou a desmontaxe, limpeza mecánica da sucidade superficial, desadifcación, para reestablecer o pH, reapresto, secado e montaxe.





Actividades de difusión nos arquivos

O Arquivo de Galicia, o Arquivo do Reino de Galicia, os arquivos históricos de Lugo, Ourense e Pontevedra, así como os territoriais da Xunta de Galicia en Lugo, Pontevedra e Vigo, desenvolveron un conxunto de actividades dirixidas á divulgación e formación vinculada co patrimonio documental.

A Xunta de Galicia destinou ás súas actividades 50.000 euros, cos que se desenvolveron 794 actividades. Así, realizáronse eventos formativos para os usuarios e usuarias, cursos, charlas, conferencias etc. Tamén se desenvolveron proxectos educativos dirixidos a grupos específicos de usuarios, universitarios, ensinanza de primaria e secundaria, e materiais de divulgación.

Organizáronse exposicións conmemorativas como a do Padre Feijoo no edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia en Santiago de Compostela, e outras itinerantes como a exposición de fotografías *Mulleres século XX*, no Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra e a exposición *Patrimonio documentado*, no Arquivo Histórico Provincial de Lugo.

Entre as actividades didácticas destacan os obradoiros de papel organizados no Arquivo do Reino de Galicia con motivo da Feira Medieval e do Samaín, así como a curtametraxe presentada no Arquivo Histórico Provincial de Ourense que inicia unha serie dedicada á difusión dos fondos documentais do arquivo coa figura do Capitán Gardador como fío condutor.

O 9 de xuño, o Día Internacional dos Arquivos, realizáronse diferentes actividades en todos os arquivos: xornada de portas abertas, visitas guiadas, publicación de folletos divulgativos, ciclos de conferencias ou veladas musicais.

2.3 Proxecto ARPAD, Arquivo Dixital de Galicia

O proxecto ARPAD, acrónimo de Arquivo Dixital, conservación do patrimonio documental e eliminación de papel nas relacións administrativas, cunha previsión de execución para outubro de 2015, está cofinanciado polo Programa operativo transfon-

teirizo de Galicia e Norte de Portugal por un importe de 4.738.075,21 euros, no que participan a Secretaría Xeral de Cultura, a través do Arquivo de Galicia, Amtega, a Dirección Xeral de Administración Local, Cixtec, Concello de Tui, Deputación Provincial de Pontevedra e o Comunidade Intermunicipal do Alto Minho. O prazo para a execución do proxecto é o 31 de outubro de 2015.

O Arquivo Dixital Integrado é unha estrutura tecnolóxica e organizativa que lle dá soporte ao modelo de xestión de documentos electrónicos e ás copias dixitalizadas do patrimonio documental da Xunta de Galicia, extrapolable a outras administracións galegas. Así, ARPAD é o proxecto que está implantando a metodoloxía e a tecnoloxía que xestionará o Arquivo Electrónico da Xunta de Galicia, adscrito ao Arquivo de Galicia, en coordinación coa consellería e coa entidade competente en materia de administración tecnolóxica.

No ano 2014, ademais de realizar a diagnose da situación de partida e de boas prácticas no ámbito deste proxecto, elaborouse o documento que actúa como modelo de referencia para a súa aplicación como política de xestión de documentos da Administración autonómica. Tamén se contrataron as tarefas para o deseño e a implantación do Arquivo Electrónico Administrativo.

2.4

Censo de Arquivos de Galicia

Durante o ano 2014 púxose en marcha o proceso de recollida de datos para a actualización do Censo de Arquivos de Galicia, que a día de hoxe contabiliza 374 arquivos. Esta información ofrece un directorio de arquivos galegos e unha guía cos datos básicos sobre a institución e os fondos que custodian. Será accesible a través do portal de arquivos de Galicia, cunha entrada propia.

2.5

Axudas públicas para a organización e a mellora dos arquivos

A Secretaría Xeral de Cultura publicou en 2013 unha convocatoria bianual para o período 2013-2014 de axudas a arquivos das entidades locais (concellos, principalmente), das entidades sen fin de lucro e dos arquivos universitarios galegos, para a organización dos fondos documentais, a mellora das instalacións e equipamentos e a restauración e dixitalización de documentos.

A dotación desta convocatoria bianual foi de 225.440 euros por parte da Xunta de Galicia, que lle achega a cada entidade un máximo do 80% do investimento total do proxecto solicitado nesta convocatoria. Beneficiáronse desta liña de subvencións as

universidades galegas, concellos, entidades sen fin de lucro eclesiásticas, sindicais, culturais etc.

Os beneficiarios destas axudas foron, para a organización de fondos documentais, o Concello de Arteixo, a Confraría de Pescadores de Burela, a Fundación Luis Tilve, o Bispado de Tui-Vigo e o Cabido Catedral de Santiago de Compostela; para a mellora das instalacións, o Concello do Grove, o Concello de Maside, a Real Academia Galega e a Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas; para a dixitalización, o Concello de Padrón e a Universidade de Santiago de Compostela; e, para a restauración, o Concello de Toén.

2.6

Formación en materia de arquivos

Coa finalidade de ofrecer unha formación teórico-práctica que, engadida á formación académica universitaria en historia ou arquivística, contribúa a completar o currículo académico dos bolseiros, e para contar, ao mesmo tempo, cun apoio na tarefa de conservación, coidado, promoción e difusión dos arquivos galegos, a Secretaría Xeral de Cultura convocou, un ano máis, 20 bolsas de formación en materia de arquivos para a organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e noutros arquivos de interese galego, todas elas tuteladas polos técnicos dos arquivos xestionados polo departamento de Cultura autonómico. O investimento nesta convocatoria ascendeu a 107.406 euros.

Os bolseiros que entre os meses de xuño e decembro desenvolveron a súa formación práctica nos arquivos contribuíron á elaboración do Censo dos Arquivos de Galicia e á organización dos arquivos municipais de Dodro, Porto do Son, Muíño e O Barco de Valdeorras.

Formación continua do persoal técnico

A Secretaría Xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia organizaron o 26 de novembro, no auditorio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, unha xornada técnica dirixida aos arquivistas galegos para informar das actuacións e programas vixentes. Nesta xornada presentouse a nova lei de arquivos e documentos de Galicia e informouse do proxecto de arquivo dixital de Galicia.







03

PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CULTURAL GALEGO

Galicia conta cunha enorme riqueza e diversidade de bens patrimoniais, estendidos polo conxunto do noso territorio. A protección, conservación e difusión dese amplo patrimonio cultural ocupa unha das principais tarefas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural. A protección, conservación e difusión dos bens do patrimonio galego, a restauración daqueles que se atopan en estado de deterioración, o seu inventariado, a xestión para evitar a súa perda, ou as tarefas de delimitación e protección dos Camiños de Santiago, son algunhas das liñas de traballo deste departamento.



3.1

Protección dos Camiños de Santiago e do conxunto patrimonial de Galicia

Co obxectivo final de contar no ano 2016 cunha identificación precisa de todos os Camiños de Santiago recollidos na Lei 3/1996, en 2014 avanzouse nos expedientes de delimitación dos Camiños para garantir a identificación, protección e difusión do patrimonio cultural de Galicia e a seguridade xurídica dos afectados.

Así, procederase xa á delimitación definitiva do Camiño Francés, do Camiño do Norte do Interior e dos tramos dos Camiños de Santiago ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela, tanto o Francés coma os do Norte, Portugués, Ruta da Prata e Fisterra.

No ano 2014 rematáronse os procesos de delimitación doutras dúas rutas: o 18 de setembro de 2014 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño Inglés e, o 23 de decembro, o Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, desde a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, finalizou a elaboración da documentación previa á declaración da delimitación do Camiño Portugués.

O amplo labor de difusión e promoción dos Camiños de Santiago levado a cabo pola Xunta de Galicia desenvólvese coa colaboración da Axencia Turismo de Galicia, á que lle corresponde a dirección e a coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turística do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos Camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago. A súa actividade no ámbito dos Camiños recóllese no web www.xacobeo.org.

En relación cos outros tipos de bens do patrimonio cultural, o Consello da Xunta aprobou o 27 de decembro de 2014 o decreto polo que se declara ben de interese cultural o conxunto de Sargadelos, ligado ao Laboratorio de Formas en Cervo (Lugo).

Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia

Desde o ano 2010, e de acordo cunha planificación que se estende ata o ano 2016, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural está a desenvolver unha ferramenta de xestión e difusión de información referida ao patrimonio cultural de Galicia. Esta plataforma, actualmente en probas, permitirá facer pública a información dos Bens de Interese Cultural e o alcance da protección integrada co resto de información corporativa da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a través dos procesos de informe sectorial dos planeamentos incorporáronse ao Inventario xeral do patrimonio cultural centos de bens inmoables de carácter arquitectónico, etnográfico e arqueolóxico, procedentes dos traballos de campo previos realizados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e os propios equipos redactores dos documentos.

Durante o ano 2014 emitíronse 169 informes relativos a documentos urbanísticos, dos que 103 resultaban favorables ou incluían condicións. A súa aprobación definitiva suporá a incorporación ao Inventario xeral do patrimonio cultural de todos os inmoables incluídos nos seus catálogos.

Tamén os procesos de delimitación dos Camiños incorporaron o recoñecemento de bens inmoables do patrimonio cultural, tanto de arqueoloxía, como de arquitectura e etnografía; 564 no Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa, e 578 no Camiño Inglés.

Accións para a salvagarda do patrimonio inmaterial

En aplicación da Convención para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, e das competencias na materia, a Dirección Xeral de Patrimonio ten a tarefa de estruturar e sistematizar o patrimonio cultural galego. En 2014, en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte do Goberno de España, e de acordo co Plan nacional de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, iniciáronse os traballos de documentación sobre o baile tradicional galego co obxectivo de preparar unha declaración de Ben de Interese Cultural. Estes traballos continuarán desenvolvéndose durante 2015, no que se prevé a incoación do ben inmaterial.

Recuperación do xogo tradicional

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten en marcha diversas actuacións encamiñadas a contribuír á conservación, difusión, posta en valor e fomento do patrimonio cultural galego en todas as súas manifestacións, así como á súa transmisión ás xeracións futuras. Neste marco xeral de actuación, a promoción e posta en valor do patrimonio lúdico galego vértase fundamentalmente a través da actividade do Museo Pedagóxico de Galicia, entidade de titularidade autonómica creada como institución pioneira en España nesta temática hai xa máis dunha década, coa finalidade de promover e desenvolver a recuperación, salvagarda, estudo, mostra e difusión do legado pedagóxico de Galicia. No seu módulo museográfico dedicado ao ámbito dos xogos e xoguetes, na súa ludoteca e no patio exterior de xogos, destinado ao coñecemento e á práctica do noso patrimonio lúdico galego, prográmanse perio-

dicamente actividades en colaboración con organizacións relacionadas co mundo do xogo e do xoguete tradicional en Galicia, como Brinquedia ou a Asociación Galega do Xogo Tradicional.

A través dos museos, a consellería tamén vén promovendo diversas iniciativas para avanzar nesta dirección. O Museo do Mar de Galicia organizou o pasado ano, da man da Deputación Provincial de Pontevedra e da Fundación Raquel Chaves, a exposición *Unha marea de ondas lúdicas*, composta por xogos e xoguetes antigos vinculados ao mundo do mar. O Museo do Castro de Viladonga tamén incluíu na súa programación de 2014 os xogos populares como elemento de dinamización das visitas ao castro.

Patrimonio galego, patrimonio mundial

A consecución de que os bens galegos máis destacados obteñan un recoñecemento mundial do seu singular interese require un procedemento longo que asegure o éxito das propostas. Este ano, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural centrou os seus traballos na preparación da documentación complementaria requirida pola Unesco para a tramitación da candidatura dos Camiños do Norte e tamén no obxectivo de promover a futura inclusión da Ribeira Sacra.

Para eses obxectivos, desenvolvéronse xuntanzas de coordinación no marco do Consello Xacobeo de España, xuntanzas de coordinación dos grupos de traballo e Consello de Patrimonio Histórico Español, e iniciouse a preparación do expediente da Ribeira Sacra como Ben de Interese Cultural, segundo a documentación e as conclusións dos equipos de traballo expertos que están a preparar a candidatura do Patrimonio Mundial da Unesco, programada para o ano 2015.

No ano 2014, ademais, no ámbito do Camiño de Santiago, incluído na Lista do patrimonio mundial, recoñeceuse co Premio Elías Valiña a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago no Xapón, un recoñecemento á actividade de difusión que deste ben se fai en lugares afastados, tanto no eido cultural coma no xeográfico.

Definición de boas prácticas no patrimonio

En 2014 a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural estivo a realizar unha revisión das directrices para as actuacións nos Camiños de Santiago, co fin de dispoñer dun documento técnico de difusión. Esta planificación de desenvolvemento de materiais para colaborar coas entidades involucradas nas intervencións e xestión do patrimonio iniciada en 2013 esténdese ata o ano 2016.

Formación sectorial

No marco da formación continua en materia do patrimonio cultural, realizáronse as *Xornadas de formación con xuíces e fiscais de Galicia*, que en 2014 se celebraron en Santiago de Compostela. Estas xornadas tiveron como obxecto principal a valoración da paisaxe como patrimonio cultural, ademais de cuestións relativas ao ámbito penal en materia de patrimonio cultural.



3.2

Intervencións arqueolóxicas

Este ano, desde o Servizo de Arqueoloxía da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, desenvolvéronse traballos de escavación arqueolóxica no **xacemento acheuliano de Porto Maior**, nas Neves (Pontevedra). O obxectivo principal desta intervención é determinar a natureza da ocupación, extensión e circunstancias formativas dos xacementos, así como a determinación máis precisa posible da cronoloxía, de todos e cada un dos episodios de ocupación detectados no xacemento arqueolóxico. As escavacións acometidas, a limpeza de perfís e as sondaxes estratigráficas, o rexistro e a documentación do material arqueolóxico e a datación das unidades de interese arqueolóxico ofrecen unha análise que permite definir esa investigación como unha das máis salientables sobre o Paleolítico inferior en Galicia.

Os traballos de deseño e montaxe do proxecto museográfico dos **petróglifos de Mogor** (Marín, Pontevedra), construído pola Xunta de Galicia e xestionado polo Concello de Marín, dirixíronse este ano a producir e a montar a proposta expositiva que lle facilite ao público a información precisa para coñecer, interpretar e valorar axeitadamente a singularidade deste excepcional conxunto rupestre, así como o acondicionamento das pasarelas e camiños de acceso para contemplar os petróglifos.

De acordo co deseño e redacción do Proxecto museográfico para o Centro de Interpretación dos Petróglifos de Mogor, elaboráronse este ano os paneis, soportes e ámbitos expositivos, a sinalización exterior, a liña gráfica da exposición, os audiovisuais e o desenvolvemento dun xogo interactivo, así como a edición de folletos que contribuí-

rán á difusión da información arqueolóxica entre os visitantes. O centro estará aberto ao público a comezo de 2015.



Entre os meses de xuño e outubro, e co fin de coñecer a evolución da paisaxe do **Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre**, de Campo Lameiro, procedeuse ao estudo dos poles e esporas de mostras de escavacións arqueolóxicas realizadas no parque. Para isto, extraéronse e identificáronse os poles e esporas contidos en dous solos coluviais. Este estudo permite obter información sobre as transformacións da paisaxe e mellorar o coñecemento do paleoambiente.

Unha das intervencións máis importantes promovida polo Servizo de Arqueoloxía é o acondicionamento e consolidación arqueolóxica do **castro de Baroña**, en Porto do Son (A Coruña), onde se realizaron este ano traballos de escavación e consolidación da muralla do recinto principal do castro, que rematarán en 2015, e que contan co financiamento europeo dos fondos FEDER. Os traballos comprenden a realización de sondaxes arqueolóxicas no tramo da muralla, a escavación arqueolóxica no seu exterior, a consolidación e restauración da muralla para a súa posta en valor e a protección deste castro.

En coordinación coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, con motivo da súa afección polas obras da estrada AC-433, elaborouse este ano o Proxecto de consolidación e posta en valor dos **restos arqueolóxicos do Castrelo**, en Laxe (A Coruña), para a protección deste castro.

Para a apertura ao público no mes de marzo do **Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa** de San Cibrao de Las, situado nos concellos de San Amaro e Punxín (Ourense), completáronse este ano as actuacións de urbanización da contorna do edificio e das propias instalacións, cun investimento en 2014 de 290.197 euros. Ademais, desenvóléronse este ano, co cofinanciamento de fondos FEDER, os traballos de montaxe de vitrinas con restos arqueolóxicos, unha guía de visita e a redacción do proxecto de

reconstrución da porta do castro de Laias, actuacións que permitiron a súa apertura ao público este ano. A Consellería de Cultura e Educación incoou a declaración deste poboado castrexo como Ben de Interese Cultural, coa categoría de Zona Arqueolóxica.



En Castro de Rei (Lugo), na área arqueolóxica do **castro de Viladonga**, co cofinanciamento da Unión Europea (FEDER), realizáronse os traballos de limpeza, escavacións puntuais e consolidación de estruturas domésticas do interior deste castro, que conta tamén cun museo adxacente xestionado pola Xunta de Galicia (véx. CAPÍTULO 4).

Na mesma provincia, acometéronse este ano tarefas de urxencia no **xacemento romano de Area**, en Viveiro. Para paliar o impacto causado polas cicloxéneses sobre o xacemento, pola violenta agresión das ondas que deixaron ao descuberto parte dos muros localizados baixo o areal da praia e nos cortes das dunas, realizáronse este ano escavacións arqueolóxicas na área afectada, limpáronse as estruturas, realizouse un rexistro fotográfico e documentación planimétrica do xacemento, recolleuse material arqueolóxico e tomáronse algunhas medidas destinadas a protexer a área.

En colaboración co Concello de Valga (Pontevedra), realizouse este ano a intervención arqueolóxica no **xacemento romano do Mercado dos Mouros** ou de Xaz, no contorno do río Ulla. Os traballos de prospección superficial e as sondaxes arqueolóxicas valorativas e recollida de documentación (sobre folclore, bibliografía, documentación fotográfica, planimétrica etc.) permiten definir a natureza dos achados arqueolóxicos deste lugar para protexelo e poder estudar con detalle os achados para o seu depósito e divulgación no museo.

No concello da Guarda, tamén se interviu no museo do castro de Santa Trega, co fin de mellorar as instalacións, accións descritas no punto 3.3.

En Parada do Sil (Ourense) atópase o **xacemento de San Vitor de Barxacova**. Este ano o Servizo de Arqueoloxía acometeu nel labores de limpeza, escavación e acondi-

cionamiento do xacemento, no que se atopan restos dunha capela nunha peneda e unha necrópole medieval con tumbas antropomorfas escavadas na rocha. Escaváronse o forno parcialmente descuberto en campañas anteriores e mais unha tumba, e desenvolveuse o levantamento topográfico completo en tres dimensións, para o seu estudo e difusión. Os resultados obtidos na necrópole permiten obter novos datos sobre a vida cotiá, a dieta e a saúde da poboación da época.



No ámbito das **intervencións arqueolóxicas marítimas**, realizáronse traballos de prospección arqueolóxica subacuática de inspección dun barco localizado en cabo Silheiro, en Baiona (Pontevedra), co fin de documentar o seu estado actual e de catalogar e rexistrar os novos achados. Estes traballos contaron con investimentos europeos a través dos fondos FEDER.

Tamén co financiamento europeo para o desenvolvemento rexional, na ría de Muros (A Coruña), fronte ao monte Louro, nun pequeno illote no baixo do Neixón, realizáronse traballos de rexistro fotográfico e topográfico dun barco para identificar e documentar este achado.

Na praia de Santa Comba, en Covas (Ferrol, A Coruña) realizouse este ano o rexistro e documentación do barco de estrutura de madeira que quedou ao descuberto no areal pola acción do mar nos últimos temporais. Analizouse o interese desde o punto de vista do patrimonio cultural e propuxéronse as medidas protectoras e correctoras pertinentes.

Na ría de Viveiro (Lugo) procedeuse á documentación do estado actual da fragata *Magdalena*, así como o rexistro dos canóns e do barco da enseada da Insua, na mesma ría. Estes traballos de prospección subacuática realizáronse co cofinanciamento dos fondos FEDER.



3.3

Actuacións sobre o patrimonio artístico e arquitectónico

A Dirección Xeral de Patrimonio abordou este ano un conxunto de actuacións dirixidas a conservar e restaurar bens culturais de diferentes épocas e tipoloxías.

Na provincia da Coruña, unha das intervencións de maior envergadura foi a restauración do **Teatro Coliseo Noela**, de Noia. As intervencións nestes meses atenderon as necesidades de acondicionamento e reparación da cuberta, das pinturas, estucos, falsos teitos e carpintería de madeira. Con estas obras, finalizouse a restauración global do edificio no mes de decembro, listo para retomar a programación de actividades culturais. O investimento da Xunta de Galicia en 2014 ascendeu este ano a 276.639,5 euros.

Tamén no **Museo do Pobo Galego**, en Santiago de Compostela, foi preciso acometer medidas urxentes de reparación da cuberta, coa substitución de tella e fibrocemento para evitar novas filtracións de auga.

Na mesma cidade, desenvolveuse o proxecto básico de consolidación estrutural dun dos piares na igrexa **do convento de San Francisco de Valdedeus**, para garantir a seguridade, reparar superficialmente as fábricas e restituír a imaxe orixinal.

No concello de Arzúa desenvolvéronse obras de reconstrución dunha **ponte sobre o río Boente**, no Camiño de Santiago, para facilitar a súa drenaxe.

Para a conservación da **torre do reloxo de Neda**, o Servizo de Arquitectura e Etnografía abordou este ano o Proxecto básico de execución de eliminación de instalacións existentes na fachada da torre e proposta de tratamento das fachadas, para a substitución das carpinterías metálicas, a limpeza de muros e xuntas e a reparación da maquinaria.

Na **igreja de Santo Antoíño de Toques** completouse a segunda fase da restauración das pinturas murais dos séculos XIV-XIV. E na **igreja de San Xiao de Moraima** (Muxía), edificio románico construído no século XII, tras a descuberta de pinturas baixo a cal

dos muros, iniciouse este ano a toma de datos técnicos para iniciar a primeira fase de restauración destas pinturas murais, que permita proceder á retirada de elementos susceptibles de seren eliminados. Restaurouse tamén a pintura de Pío II no muro oeste. Ademais disto, para mellorar as condicións de humidade da igrexa, elaborouse o proxecto para a substitución de morteiros no muro norte e carpinterías e, para a drenaxe ventilada no encontro do pavimento cos muros, canle de recollida de augas etc. que será executado en 2015.

No mesmo concello, e tras o incendio sufrido o 25 de decembro de 2013, probablemente pola caída dun raio, e acusado polo temporal que posteriormente derrubou o muro do adro cara ao mar, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural desenvolveu o Proxecto básico de execución da rehabilitación do **santuario da Nosa Señora da Barca**.

Na **capela da Virxe do Carme**, en Muros, iniciáronse este ano os traballos de rehabilitación destinados a estabilizar e a consolidar os muros, substituír a cuberta, substituír as carpinterías e instalación eléctrica, ademais de restaurar a espadana do templo.

No concello de Carnota, os principais traballos realizados na **igreja de San Cremenzo do Pindo** foron a limpeza e o acondicionamento de xuntas e paramentos interiores e exteriores, a apertura dun oco que fora cegado na fachada posterior e reparacións no pavimento interior, ao tempo que se iniciou a fabricación do coro de madeira, de acordo coas pegadas do primitivo existentes nos muros. Tamén se substituíu a carpintería da porta principal, ventás e escaleiras, ademais da instalación eléctrica.

Na provincia de Lugo, un dos bens patrimoniais que require un maior investimento para garantir a súa conservación é a **muralla romana da cidade de Lugo**. En 2014, a Xunta de Galicia destinou ao acondicionamento da muralla un total de 297.911 euros. Ese investimento permitiu a reposición de cachotería en lenzos, as actuacións de conservación do pavimento e impermeabilización do adarve, a retirada de vexetación en campaña semestral e os tratamentos fitosanitarios, así como reparacións eléctricas, dentro do Plan de mantemento da muralla vixente, no que se investiu nestes catro anos un total de 970.818 euros. A dirección xeral redactou o proxecto e iniciou a licitación do Plan de mantemento para o período 2015-2016.



Ademais, para iniciar a súa execución o ano vindeiro, redactouse en 2014 o Plan básico de execución da restauración da **porta Miñá** (para actuacións nos pavimentos dos cubos XXI e XII da muralla e recuperación e limpeza das torres) e o proxecto de construción dun ascensor que dará acceso ao adarve da muralla mediante unha pasarela exenta ao monumento.

No conxunto da Ribeira Sacra, a Consellería de Cultura e Educación desenvolveu diversas actuacións, que veñen apoiar tamén a candidatura a Patrimonio da Humanidade do conxunto da Ribeira Sacra.

No concello de Sober, restauráronse este ano as cubertas do **santuario de Cadeiras**, un edificio de estilo barroco que data do século XVIII, coa renovación da estrutura tradicional de madeira que soporta a cubrición de tella, cun investimento de 192.200 euros.



En Pantón, pavimentouse o adro, cuberto con pedra do país, da **capela de Augas Santas**, na que tamén se mellorou a drenaxe de augas. E no **mosteiro de Ferreira** executáronse as obras de reparación dos acabados dos paramentos interiores do claustro e da portería interior e exterior, deteriorados por distintas patoloxías.



Restauráronse as pinturas murais da igrexa de **Santa María da Pena, en Sarria**, e na igrexa de **Santa María de Nogueira de Miño, en Chantada**, as pinturas do muro sur, co que se completaron as intervencións acometidas no ano anterior no muro norte. Elaboráronse os mapas de estado de conservación, fixéronse controis termohigrométricos, repuxéronse morteiros e abordouse a reintegración cromática e tratamento de policromías das pinturas deste sobranceiro ben.



Na provincia de Ourense, tamén se procedeu á restauración das pinturas murais da igrexa do mosteiro de Santa María de San Clodio de Leiro: fíxose unha limpeza superficial, axustes estruturais, elimináronse repintes e vernices oxidados e procedeuse á reintegración cromática e ao vernizado final de protección.



A intervención de maior calado do exercicio 2014 levouse a cabo na cidade de Ourense, coas obras de restauración da capela de San Xoán, na **catedral de San Martiño**, iniciadas xa no 2013, nas que se investiron este ano 205.799 euros, que permitiron restaurar as vidreiras norte e oeste, o retablo, a porta de entrada, e renovar a instalación eléctrica, introducir melloras na accesibilidade, reparar cubertas e fábricas, así como acondicionar o patín e o pozo.



Na mesma catedral, restauráronse as cubertas e terrazas das ábsidas e muros contiguos, así como do ámbito da capela do Cristo. O investimento nesta segunda fase 2014 de restauración de cubertas foi de 256.640 euros. E no muro norte do nártice (vestíbulo) restaurouse a pintura para garantir a estabilidade dese mural. O investimento global en 2014 na catedral de San Martiño foi de 482.526 euros.

Na **ermida da Nosa Señora dos Remedios**, tamén na cidade das burgas, reparáronse este ano os danos sufridos a causa do incendio que afectou o templo e resolvéronse problemas construtivos detectados, así como outras deterioracións neste ben. A obra, na que a Xunta de Galicia investiu 75.305 euros, foi abordada en colaboración co Concello de Ourense e a Deputación Provincial.

En San Cristovo de Cea (Ourense), rehabilitouse e repúxose a formación do beirado da xirola da **igrexia do mosteiro de Oseira**. Recolocáronse as pranchas de cobre lixeiramente levantadas e ancoráronse novamente. E en Maside, realizouse o informe pericial da **igrexia de Maside Novo** por mor dos derrubamentos dos muros laterais da nave e para poder definir, así, os riscos e as necesidades de intervención.

No **mosteiro de Melón** iniciouse o Proxecto da primeira fase de restauración do claustro da hospedería, coa redacción do proxecto arquitectónico e a realización dos controis arqueolóxicos.



En Baños de Molgas, na **igrexia de Santa María do Vilar**, en Ponte Ambía, leváronse a cabo labores de control termohigrométrico e tratamentos de soporte e policromía, con desmontaxes parciais de elementos, do retablo maior. Tamén se reparou a cuberta do presbiterio e da sancristía. O investimento anual nestas intervencións foi de 59.500 euros.



Na comarca de Valdeorras, acondicionouse a **igrexia de Santiago Apóstolo de Petín**, con reparacións na cuberta a catro augas do presbiterio do templo, onde se sitúa o altar maior; e finalizouse a redacción do Plan director do **santuario da Nosa Señora das Ermidas**, do Bolo, que rexerá as accións de conservación e restauración deste ben inmóble.

Tamén se redactou o proxecto básico que rexerá as obras de reparación e posta en funcionamento da **reitoral de Santo André de Camporredondo**, en Ribadavia, como Museo do Viño de Galicia, no ano 2015.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou os estudos previos á intervención de restauración sobre a **antiga muralla de Verín**, no terreo da rúa Elle. Tamén levou a cabo as obras de restauración da cuberta da **capela de San Lázaro**, con novas placas de fibrocemento e tella curva, con canles e baixantes.

Realizouse, así mesmo, o proxecto de adecuación do contorno da **porta falsa da muralla de Manzaneda**. E, para a apertura do **Centro de Interpretación da Cultura Castrexa**, realizáronse as reparacións e finalizouse a urbanización que completa as obras (detalladas no punto anterior).

Na provincia de Pontevedra, no concello da Guarda, acondicionouse o **Museo Arqueolóxico do Monte de Santa Trega**, vinculado a un dos castros máis sobranceiros de Galicia (declarado Monumento Histórico Artístico Nacional e Ben de Interese Cultural) co fin de habilitar un local das instalacións para transformalo nunha aula expositiva adecuada para ofrecer charlas e cursos de formación e expoñer material audiovisual.

Co obxecto de garantir con urxencia a conservación da torre de Santo André e do pazo da Contadoría da **catedral de Tui**, desenvolveuse este ano o proxecto básico de execución

que permitiu tratar as fábricas pétreas da torre de Santo André, do campanario e do salón do Trono, así como protexer o arquivo catedralicio e substituír algunhas carpinterías. O orzamento executado neste proxecto en 2014 ascendeu a 186.491 euros.

Con procedemento de urxencia tamén foi necesario abordar a reconstrución do muro de contención de pedra do campo das Alocucións, na **illa de San Simón**, na ría de Vigo, por efecto dos temporais. Para garantir a estabilidade do muro, procedeuse ao recheo do terreo e a reconstruír o muro de cantería, cun investimento de 97.805 euros.

En Bueu, no **Museo Massó**, acondicionouse a nave de salazón Piñeiro, co obxecto de recuperar as cubetas de salgadura orixinais, que quedaran soterradas baixo o pavimento de formigón, para integralas no proxecto museográfico.





3.4

Coñecer e valorar o patrimonio. Programacións para achegar o patrimonio cultural

Co fin de favorecer un maior coñecemento e aprecio polo patrimonio cultural que posuímos, a Consellería de Cultura e Educación desenvolve un conxunto de programacións e actuacións ao longo do ano, que permiten xerar novas oportunidades para a posta en valor destes bens.

Espazos Sonoros 2014. Músicas en espazos de interese cultural

Espazos Sonoros é xa un ciclo consolidado de música e programación artística en lugares destacados que testemuñan a nosa memoria cultural, promovido pola Secretaría Xeral de Cultura. Nesta sétima edición, incorporáronse á programación novos artistas e formacións xunto a formacións convidadas de sólida traxectoria, co fin de ofrecer un panorama amplo do que acontece artisticamente en Galicia e fóra. Música antiga, música e danza contemporáneas, eclécticos proxectos de tradición e contemporaneidade déronse cita en espazos de toda índole que fan parte do legado cultural de Galicia: o poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces; o pazo de Tor, en Monforte de Lemos; a igrexa da Universidade, en Santiago de Compostela; a igrexa da Magdalenana, en Ribadavia; a igrexa de San Pedro de Rocas, en Esgos; ou a igrexa de San Vicente de Pombeiro, en Pantón, foron algúns deles.

O concerto inaugural, o 14 de setembro na igrexa de Santa María de Baiona (Pontevedra), correu a cargo da formación laReverdie, un dos referentes na interpretación dos

repertorios medievais vocais e instrumentais. O grupo italiano achegoulle ao público a figura feminina no medievo cun programa que incluíu obras de Dufay, Hildegard von Bingen, motetes e *laudi* dos séculos XIII, XIV e XV.

O 27 de setembro, o coro E Ultreia, unha das máis recoñecidas formacións corais galegas, especializada en repertorios medievais e renacentistas, interpretou no santuario da Nosa Señora dos Desamparados de Abades, en Silleda, diferentes versións dos *Gozos da Virxe*.

O saxofón foi outro dos protagonistas da sétima edición do ciclo, da man do cuarteto Skirion, cun concerto celebrado o 28 de setembro no mosteiro de San Pedro de Esgos (Ourense) arredor da obra que lle dá título ao seu primeiro traballo discográfico, *Recitation Book*, do compositor contemporáneo David Maslanka, con claras influencias da música renacentista e barroca.

Mercedes Hernández e Fernando Reyes, membros integrantes e fundadores do grupo Resonet, de música antiga, presentaron o 4 de outubro na igrexa de Santa María do Azogue, no concello coruñés de Betanzos, un programa para voz e tiorba integrado por motetes e cantos de autores europeos do século XVII. Nesa mesma fin de semana, a través de pezas da lírica galega medieval e doutras dos nosos códices e do repertorio popular, o grupo Doa introduciu os asistentes no simbolismo dos bosques milenarios no concerto celebrado na igrexa de Santa Mariña de Augas Santas, en Allariz.

O cartel de Espazos Sonoros tamén contou na súa sétima edición co poliédrico tenor italiano Marco Beasley, acompañado polos laudistas Fabio Accurso e Stefano Rocco, dous dos fundadores, xunto con el mesmo e Guido Morini, do conxunto Accordone. No concerto do 11 de outubro na igrexa de San Vicente de Pombeiro, en Pantón, interpretaron tarantelas e cancións tradicionais napolitanas, xunto con frótoas renacentistas de autores como Tromboncino ou Marco Cara.



A interrelación entre a danza contemporánea, o *live cinema* e a experimentación sonora son os eixes que vertebraron *Micro impactos*, unha obra na que Paula Quintas, Xoán-Xil López e Adriana Pazos (*Voltage opposite*) xeran un código relacional propio a partir da combinación entre as tres disciplinas artísticas e a confrontación entre os conceptos de corpo físico e corpo dixital. A igrexa da Magdalena de Ribadavia acolleu esta intervención o 25 de outubro.

O concerto de clausura do festival correu a cargo do músico Xoán Curiel, o 26 de outubro no poboado mineiro de Fontao, en Vila de Cruces, coa presentación do seu último espectáculo, *Novas*, no que ofrece composicións inéditas e versións de vellos temas seus cun formato musical diferente, sen percusión e con bases electrónicas.

Ademais, o ciclo Espazos Sonoros volveu apostar este ano por unha programación didáctica e artística arredor do patrimonio organístico galego, escasamente estudado e atendido nas programacións musicais en Galicia. Despois de dúas experiencias de éxito percorrendo os órganos da Mariña lucense e da Diocese de Ourense, Espazos Sonoros continuou as roldas pola paisaxe organística galega, cunha aproximación ao abundante patrimonio organístico da cidade de Santiago de Compostela, que se estendeu ata o convento do Carme e o da igrexa de Iria Flavia, en Padrón. Nesta última, o organista italo-brasileiro Marco Aurélio Brescia ofreceu un concerto o 21 de setembro, no que presentou un programa baseado no libro persoal de órgano de Melchor López (1759-1822), unha importante antoloxía de obras para órgano compilada polo que fora mestre de capela da catedral de Santiago.

Como vén sendo habitual, o ciclo mantivo unha sección centrada no patrimonio organístico galego que, unha vez máis, foi protagonista de diferentes actividades musicais e formativas. Para os máis pequenos, celebrouse en Santiago de Compostela un entretido obradoiro de organería, que completou a programación musical en Iria Flavia.

Xornadas de lecer e convivencia no patrimonio e na natureza, xunto con obradoiros e visitas guiadas, outorgáronlle ao ciclo a compoñente divulgativa e pedagóxica que sustenta este proxecto, como complemento aos concertos.

Monumenta 2014. Difusión do patrimonio restaurado

O ciclo Monumenta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria regresou este ano cunha nova edición na que, desde o 7 de xuño e ata o 5 de xullo, ofreceu diversas propostas de lecer para divulgar e poñer en valor o patrimonio restaurado dos concellos de Tui, Sarria, Lourenzá, Santiago de Compostela, San Amaro, Punxín, Melide, O Bolo, Pantón, Ourense e Marín.

A programación deste ciclo ten a singularidade de apostar por fórmulas que promovan unha vivencia nova e singular dos bens patrimoniais, que se traduza nun maior aprecio e coñecemento dos espazos, e promover unha reflexión local e unha maior implicación e participación da veciñanza na relación cos seus bens patrimoniais. Por iso, a programación integra a creatividade e o movemento cultural locais con artistas e grupos galegos consolidados.

Ese diálogo tradúcese nun cartel que integrou este ano música, obradoiros, paseos, visitas guiadas e faladoiros que permiten achegarse, dun xeito lúdico e compartido, ás restauracións e intervencións de conservación realizadas recentemente en diferentes



bens culturais do territorio galego: as catedrais de Tui, Ourense e Santiago de Compostela, as igrexas de Santa María da Magdalena de Sarria e de Santa María de Melide, o Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de San Cibrao de Las, o convento de Ferreira de Pantón, o castelo de Tovar, en Lourenzá, o santuario das Ermidas e o castelo do Bolo, e mais os petróglifos de Mogor, en Marín.

Monumenta acolleu a actuación de Narf Trío en San Cibrao de Las, que presentou *Nas tardes escuras*, o seu novo traballo discográfico. Narf tamén participou no concerto que ofreceu Uxía Senlle no Bolo, logo da sesión musical a cargo de Son do Sil.

Germán Díaz e David John Herrington transitaron en Sarria polas músicas tradicionais e o jazz cun proxecto de composicións creadas expresamente para a lira organizada, co acompañamento de corneta e tuba, mentres que Paulina Ceremuzynska e Carlos Castro fixeron na catedral de Tui un percorrido polas cantigas de amigo de Martín Códax e outras composicións do seu tempo, no marco do concerto *O milagre do pergamiño Vindel*.

Balduino Barciela e Patricia Rejas, dúo de viola de gamba e forte piano, interpretaron na catedral compostelá música de Bach, Ramón Cuéllar e José Ferrer Beltrán.

Tamén na provincia da Coruña, no concello de Melide, o trío conformado por Pierrot Rougier, na frauta traveseira; Pedro Pascual, co acordeón diatónico; e Gema Pérez, no violín, achegáronlle a Monumenta unha selección de repertorio atlántico nun formato participativo e integrador.

A compañía Fantoches presentou en Lourenzá un espectáculo de narración oral e música en directo coa técnica xaponesa do Kamishiba. En Pantón, Alba María e Óscar Fernández, fundador do grupo Os Cempés, xogaron coa improvisación e revisión contemporánea dos cantos de cego, para falar de Ferreira e da súa historia. A Coral de Ruada e o polifacético Xurxo Souto foron os protagonistas do faladoiro-concerto en Ourense.

Coa participación de Carlos Rilo, Xosé Lois Romero, Carlos Taboada, José Ramón Bugliot e Daniel Romero, o Grupo de Música Tradicional da Agadic ofreceu o concerto de peche de Monumenta, o 5 de xullo en Marín, entre os petróglifos de Mogor.

O ciclo incorporou unha programación pedagóxica co alumnado dos centros educativos das áreas nas que se atopan os bens restaurados. O traballo previo nas aulas está directamente vinculado coas actividades levadas a cabo sobre o territorio e con elas búscase educar, divulgar e concienciar as futuras xeracións en materia de patrimonio.

Ciclo de música relixiosa de Barcia de Mera

Ademais das programacións propias de Monumenta e Espazos Sonoros, a Secretaría Xeral de Cultura mantén unha colaboración con outras programacións desenvolvidas en espazos de interese patrimonial.

O Ciclo de música relixiosa de San Martiño de Barcia de Mera, en Covelo (Pontevedra), desenvolveu entre abril e setembro, co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, un programa de concertos que pon en valor o propio contorno e o patrimonio cultural e natural. O concerto inaugural, *Música na Real Corte Aragonesa*, correu a cargo de Ensemble Vocal Thesaurus o 26 de abril. O 24 de maio, da man de Vox Stellae Ensemble, celebrouse un concerto centrado no barroco americano. As arias de ópera e oratorio centraron o programa de Diego Neira, tenor, e Cecilia Rodríguez-Morán, soprano, acompañados ao piano por Jesús López na cita do 21 de xuño. O concerto *Bach, sonatas para órgano e frauta* correu a cargo de Joaquín Barreira, órgano, e Xabi Louriña, frauta, o 19 de xullo, mentres que o 15 de agosto foi a quenda de Vox Organalis coa misa mozárabe.

O peche do ciclo musical de Barcia de Mera tivo lugar o sábado 20 de setembro cun programa barroco a cargo de Marta Velasco, mezzosoprano, e Ramiro Morales, tiorba.



Ciclo de órgano de Celanova

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou a quinta edición do Ciclo de concertos didácticos de órgano do Concello de Celanova, no que participan alumnos e alumnas de música de centros educativos de toda Galicia.

A igrexa de San Rosendo de Celanova acolleu novas sesións do ciclo, impartido pola especialista Marisol Mendive, que introduce o alumnado participante no coñecemento histórico do órgano, en sesións nas que o alumnado ten a oportunidade de coñecer as partes do órgano, o seu funcionamento e materias dos que se compón ou as formas musicais organísticas de distintas épocas, e que remata cun concerto. Na programación tamén se integrou a participación musical dalgúns centros, que prepararon e acompañaron a interpretación do órgano con instrumentos como a frauta, no marco do desenvolvemento do concerto didáctico.

Ademais, o ciclo aborda o valor do espazo arquitectónico con visitas guiadas polo mosteiro de San Rosendo, así como percorridos máis amplos por espazos de interese cultural do concello ourensán de Celanova.

3.5

Recuperación e difusión do patrimonio musical

Na liña de proxectos de recuperación e difusión do patrimonio musical, este ano a Consellería de Cultura e Educación apoiou a presentación en Santiago de Compostela da charla-concerto *Eugenia Osterberger, unha compositora galega na Belle Époque*, presentado tamén no Museo de Belas Artes da Coruña. Trátase do resultado da investigación abordada pola investigadora Rosario Martínez Martínez e a musicóloga Beatriz López-Suevos, que presentaron o perfil biográfico e a relevancia histórica da obra desta compositora galega descoñecida. O acto rematou cun concerto dalgunhas das composicións de Eugenia Osterberger *Mme. Saunier*, interpretadas pola soprano Susana de Lorenzo e pola pianista Beatriz López-Suevos.

Gaude Maria Virgo, obras do arquivo tudense

Gaude, Maria Virgo é o título do traballo discográfico dedicado á música mariana do grupo Vox Stellae, que viu a luz este ano co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A escolma musical deste traballo, que abrangue desde o canto gregoriano do século IX ata o barroco tardío americano de principios do XVIII, inclúe dúas obras do arquivo da catedral de Santiago, xunto cunha nova versión do himno á Virxe de Santa María da Franqueira composto por Rogelio Groba en 1960 e con letra de José Díaz Jácome. O disco tamén conta coa participación de novos solistas galegos como o tenor Diego Neira.

O santuario da Franqueira foi o escenario do primeiro concerto de presentación do disco, o domingo 28 de setembro, que tamén foi presentado no mes de outubro na igrexa do Carme de Vigo.

Doce canciones gallegas

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria participou no proxecto de edición e difusión das *Doce canciones gallegas*, nun formato de libro-disco da soprano Begoña Salgueiro e do pianista Brais González. O traballo, publicado pola editorial Andavira e que conta co apoio da Xunta de Galicia, achega como principal novidade a gravación conxunta dos 12 temas orixinais e supón a recuperación e difusión dun valioso patrimonio poético-musical, practicamente descoñecido para a maioría do público galego do proxecto concibido nos anos 50 polo crítico musical ourensán Antonio Fernández-Cid nunha aposta pioneira pola promoción da cultura propia. O traballo reúne poesías clásicas de autores galegos como Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Vicente Risco, Ramón Cabanillas, Antonio Noriega Varela e Xosé Ramón Fernández-Oxea *Ben-Cho-Shey*, musicadas por diversos compositores españois da segunda metade do século XX como Frederic Mompou, Xavier Montsalvage, Jesús Guridi, Eduard Toldrà ou Joaquín Rodrigo, entre outros.

O Centro Galego de Arte Contemporánea, o Museo de Belas Artes da Coruña e o Museo do Mar de Galicia, en Vigo, foron os escenarios das presentacións do traballo, durante o mes de febreiro.

Estudo da obra de Reveriano Soutullo

A Consellería de Cultura e Educación estableceu un convenio de colaboración coa Fundación Reveriano Soutullo para o estudo e a difusión da obra do compositor e músico de Ponteareas. Así, no mes de novembro celebrouse o *III Simposio Reveriano Soutullo*, no que se analizou a súa figura e no que se expuxo tamén unha parte dos traballos de investigación que se veñen realizando desde hai anos sobre a súa obra. No encontro interviñeron María Rosa Arija Soutullo, neta do autor e presidenta da Fundación Reveriano Soutullo Otero, e os expertos Pablo Abreu, Halina Krzywicka e Javier Jurado Luque.

O traballo de investigación levado a cabo desde o 2006 nos arquivos da Banda Municipal de Vigo materializouse na recuperación de 22 partituras inéditas deste compositor galego que acadou sona internacional. Nesta liña, a Consellería de Cultura e Educación, coa colaboración do Concello de Ponteareas, asumiu este ano a edición de dúas novas partituras do compositor ponteareán, que foron presentadas no marco deste simposio. Trátase das obras *En noche de luna. Colección de seis piezas fáciles para piano* e *Nocturno Vigo, para violín e piano* que, dado o seu valor pedagóxico, poderán incorporarse aos programas dos conservatorios de música.

Gravación do disco do centenario de Toxos e Froles

Ás portas da conmemoración do seu centenario, o Real Coro Toxos e Froles publicou este ano un novo traballo discográfico que percorre a súa traxectoria no ámbito da música tradicional e para o que contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O CD, que leva por título *100 anos* e que inclúe unha selección de 14 temas, presentouse en concerto no Teatro Jofre de Ferrol o 31 de maio.

No bico un cantar

No mes de xuño celebrouse, organizado polo Consello da Cultura Galega coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a segunda edición da iniciativa *No bico un cantar*, un concerto protagonizado por máis de 400 nenos e nenas de entre 8 e 14 anos estudantes de conservatorios e centros oficiais de ensino musical de Galicia, para a recuperación da memoria musical.

O repertorio este ano estivo centrado nos poemas de Curros Enríquez musicados por compositores destacados do pasado século (*Do mar pola orella mireina pasar*, de Xosé Baldomir; *Unha noite na eira do trigo*, musicada por Xoán Montes; e *Os teus ollos*, na versión de Xosé Castro Chané), ademais dunha obra nova sobre texto do mesmo autor encargada este ano a Xabier Comesanha.

Na dirección artística estivo Maximino Zumalave e o acompañamento musical correu a cargo do grupo de metais Hércules Brass.



3.6 Colaboración con outras entidades para a difusión do patrimonio cultural

A Consellería de Cultura e Educación destinou este ano 100.000 euros á musealización do **Museo do Traxe Folclórico en Ourense**. A iniciativa fraguouse grazas a un acordo entre a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e o Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (Inorde). O centro expón traxes, teares e todos os instrumentos empregados na confección do liño, para facer chegar a cultura galega a todos os recunchos do territorio, reactivando a economía tanto social coma cultural.

Este proxecto supuxo a habilitación de dúas estacións de ferrocarril, a de Santa Cruz de Arrabaldo e a de Baños de Molgas, para a realización de actividades culturais. Na primeira estación leváronse a cabo as obras para o remate do Museo do Traxe Folclórico que se inaugurou e que comparte espazo co Centro de Interpretación do Liño coa meta de conservar e mostrar as distintas técnicas do fiado de la e de liño, así como a exposición de traxes folclóricos, de teares e todos os instrumentos empregados na confección do liño. Nas mesmas dependencias tamén se atopa o Museo Estanislao Reverte, dedicado ao deportista.

O acceso a estes centros tamén se incluíu no novo produto turístico Trens Turísticos Galicia 2014, un proxecto colaborativo de Renfe, a Xunta de Galicia e o Inorde que ofrece rutas dun día en trens tematizados para coñecer puntos de interese cultural galego.

Proxecto Antonio Fraguas, para achegarlles o patrimonio aos escolares

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Antonio Fraguas Fraguas presentaron no mes de marzo no Museo do Pobo Galego a IX Edición do proxecto didáctico *Antonio Fraguas*, que ten como obxectivo favorecer o achegamento dos escolares de ensino primario e secundario ao patrimonio lingüístico e cultural galego. Esta iniciativa baséase na realización dun programa de investigación sobre o patrimonio etnográfico, lingüístico, antropolóxico, xeográfico, histórico e artístico do contorno inmediato dos centros. O certame recolle por segundo ano entre os seus obxectivos a pescuda arredor do coñecemento do léxico patrimonial galego e reconece dous proxectos: un na modalidade de ensino primario e outro na de secundario, premiados con 7.000 euros cada un para a realización do proxecto en coordinación co Museo do Pobo Galego.

Este ano, o proxecto gañador da anterior edición, *Fortes da guerra da Restauración en Vila Nova de Cerveira e Tomiño, patrimonio inmaterial*, do CEIP Pintor Antonio Fernández de Goián (na modalidade de ensino primario), converteuse nun libro-dvd. Tomando os fortes que quedaron da guerra de Restauración no século XVII como centro de interese, o profesorado apostou por recuperar co alumnado a historia, lendas, costumes e toponimia da zona. Tamén participou na edición o Concello de Tomiño.

Exposición As fotografías máis antigas de Galicia

As fotografías máis antigas de Galicia é o título da exposición na que Alvarellos Editora, coa colaboración da Xunta de Galicia e do Concello de Santiago de Compostela, expuxo, por vez primeira, as fotografías que Andrés Cisneros tomou na capital de Galicia no verán de 1858, e que se consideran as máis antigas de Galicia.

A mostra, exposta en setembro no Café Casino compostelán, recupera a figura deste pioneiro, autor das fotografías, que se conservan actualmente no Palacio Real de Madrid, ao tempo que difunde entre a cidadanía este valioso patrimonio gráfico da historia de Galicia e da fotografía nacido dunha encarga da raíña Isabel II, que visitara nese ano a capital compostelá.

Primeiro estudo documental sobre o retrato de defuntos

Este ano viu a luz o primeiro estudo documental sobre fotografía *posmortem* en España. *El retrato y la muerte* é o título do traballo de Virginia de la Cruz Lichet, no que se inclúen imaxes de fondos de distintos centros dependentes da Consellería de Cultura e Educación.

As imaxes do arquivo de Maximino Reboredo e de José Luis Vega, procedentes dos fondos do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, así como do arquivo fotográfico de Luis Chao, do fondo Amechir do Museo Etnolóxico de Ribadavia, entre outras, sérvেনlle á doutora en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid para contribuír coa súa lectura ao mellor entendemento da práctica da fotografía *posmortem*, cun total de 185 ilustracións, das que 175 son fotografías e 10 son documentos orixinais desde as últimas décadas do século XIX ata ben entrada a segunda metade do XX, procedentes tanto de arquivos públicos como privados, na súa maioría de Galicia. A obra presentouse en Ribadavia e en Santiago de Compostela, na sede do Museo do Pobo Galego.

Os contos de Joselín

Outra das investigacións sobre o patrimonio sonoro de Galicia que viu a luz este ano é a centrada nos contos galegos de José Rodríguez de Vicente *Joselín*, que constitúen ademais os primeiros documentos sonoros do teatro galego, datados entre 1929 e 1954. aCentral Folque foi a entidade que abordou este traballo, nunha edición que conta con abuntante material gráfico e os textos de toda a produción teatral de Joselín (27 contos, catro non gravados, e dúas comedias) e que se acompaña dun estudo da investigadora do teatro galego Laura Tato da Universidade da Coruña. Editado en formato libro-disco, o proxecto contou coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación e do Concello de Baiona, do que Joselín fora alcalde.

A recuperación destas gravacións deu lugar tamén este ano ao espectáculo *Os contos de Joselín*, no que Quico Cadaval, Celso Fernández Sanmartín e José Luís Gutiérrez Guti recrean a obra de Rodríguez de Vicente.







04

CONSERVACIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL DOS MUSEOS DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria xestiona unha rede de museos e centros expositivos a través dos cales se realiza un importante labor de difusión do patrimonio cultural. A súa tarefa enmárcase na responsabilidade administrativa de velar pola conservación, coidado, promoción e difusión do patrimonio moble de Galicia.

Ademais do servizo de visitas e da actividade investigadora diaria destes centros expositivos, apóstase neles por unha programación dirixida a distintas franxas de poboación que permita ampliar o coñecemento social dos seus fondos, abrirse cada vez máis ao conxunto da cidadanía e converterse nunha plataforma activa de dinamización cultural. Neste capítulo resúmese esa programación de actividade dinamizadora, mentres que as principais exposicións artísticas se recollen no capítulo 5, dedicado á difusión das artes plásticas.



4.1

Museo de Belas Artes da Coruña

Situado no vello soar do convento das Capuchinas, nun antigo edificio do século XVIII feito por Fernando de Casas y Novoa e rehabilitado polo arquitecto Manuel Gallejo Jorreto, o Museo de Belas Artes expón pezas de pintura, debuxo, escultura, gravado, artes decorativas e arqueoloxía. A súa colección pictórica conserva obras desde o século XVI ata a actualidade e nela están representados importantes artistas galegos coma Sotomayor, Colmeiro, Laxeiro ou Seoane, pero tamén creacións de artistas como Arellano, Rubens, Carducho ou Frans Francken.

Este ano o museo presentou no mes de abril a reapertura da sala onde se exhibe a colección de louza de Sargadelos. Tras un peche para solucionar problemas estruturais, a sala renovou o seu proxecto expositivo e a mostra das pezas, así como os textos informativos que permiten agora un mellor achegamento a esta colección.

Na actividade corrente do museo para a difusión dos seus fondos atópase a programación permanente (marzo-décembro) de visitas guiadas que permiten, a través do labor do guía, ofrecer unha maior comprensión das exposicións e colección do museo. A programación educativa destinada a escolares complétase cun repositorio de materiais didácticos pensados para traballar na aula como complemento á visita. Ademais, o museo edita cada ano folletos informativos, novos paneis explicativos e outros materiais que contribúen a facer visibles as programacións e explicacións das pezas singulares do museo.

Obradoiros no museo

O Museo de Belas Artes da Coruña conta cunha programación habitual de obradoiros e actividades para diferentes públicos.

Destinados aos adultos, programáronse este ano varios cursos que ofrecen unha formación básica sobre a historia da arte galega, a partir de exemplificacións das obras pertencentes ao museo, nos que se matricularon 106 persoas: *Arte medieval en Galicia* (marzo-maio), *O papel das mulleres artistas* (marzo-maio) e *Arte barroca en Galicia* (outubro-décembro).

No programa de obradoiros para adultos destinados a familiarizar os públicos coas diferentes técnicas empregadas nas obras de arte desenvóléronse este ano o obradoiro de gravado *A xilografía* e o obradoiro de debuxo *A copia do natural*, con 32 persoas matriculadas.

Nun programa especial de obradoiros para familias, este ano creáronse os obradoiros de narración e pintura *Palabras a cores*, unha actividade participativa que vinculou dúas artes, a narración oral e a pintura, para xogar creando e compartindo en familia.

Actividades infantís

Baixo o título *Mitoloxía para nenos*, os obradoiros de pintura para nenas e nenos de 7 a 14 anos desenvóléronse nos meses de marzo, abril e maio, para conducir os máis pequenos á descuberta das claves usadas polos artistas para a realización de retratos e paisaxes, en formatos de dúas sesións que conclúen coa realización dunha obra por parte dos propios participantes.

Para nenas e nenas de 6 a 12 desenvóléronse no verán, no mes de xullo (de martes a venres), obradoiros de artes plásticas dentro do programa educativo do museo. A actividade de verán para os máis novos completouse con *Crearte*, un campamento urbano estival para explorar e descubrir os segredos da colección de arte do museo cada mañá.



Conferencias

O ciclo de conferencias **Os libros como punto de partida** tomou como elemento de análise de aspectos relativos á arte e ao pensamento unha selección de publicacións especializadas, nas que se centraron as conferencias celebradas en marzo e xuño *A muller ante o espello. Estudos corporais e Dora Maar. Máis alá de Picasso*. Este ciclo realízase coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes e do Concello da Coruña.

Na última semana de maio desenvolveuse a sexta edición do ciclo de conferencias **Aprender a ver...**, para achegar a cidadanía ás diversas manifestacións artísticas da colección do museo, centrado este ano na cerámica, con especial atención á colección de Sargadelos do museo, tras a renovación do proxecto expositivo desta sala. Teresa Esteban Gómez impartiu a conferencia *Historia e evolución da Real Fábrica de Sargadelos* e Juan Ramón Aparicio, *A colección real de porcelana no Patrimonio Nacional*.

Cursos

Con sesións distribuídas en abril e maio e de outubro a decembro, desenvolveuse o curso de cine **Obras mestras do cinearte**, unha actividade participativa para divulgar e analizar os autores máis importantes do audiovisual artístico e experimental ata os nosos días, que contou con 62 persoas matriculadas.

Do 8 ao 10 de xullo tiveron lugar as xornadas **Picasso na Coruña. 1891-1895 (II parte)**, de achegamento á etapa coruñesa de Picasso, como continuidade á formación organizada o ano anterior pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo, coa asistencia de 180 persoas.



Tamén en colaboración con esta universidade e coa Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes, desenvolveuse no mes de outubro o encontro **Arte e Emocións**, con dúas sesións para afondar na forma en que foron presentados ao longo da historia da arte os distintos estados da alma e os seus efectos no espectador.

Vinculada á exposición *Aproximacións. Paisaxe e sustentabilidade na arquitectura contemporánea suíza*, o museo acolleu un ciclo de conferencias sobre arquitectura, no que participaron Craig Verzone, Gilles Tiberghien e Stephanie Bender, entre outros.

Os artistas no museo

O museo tamén promove encontros con artistas, como o celebrado o 20 de febreiro, coa presentación e coloquio sobre a instalación realizada polo artista Xurxo Gómez Chao no museo, cun achegamento á obra da man do propio autor. Entre outubro e decembro foi a quenda de Héctor Francesch, no obradoiro **Abarrote no museo...**, que introduciu o alumnado no seu universo técnico e creativo a través das explicacións do propio autor e que rematou cunha intervención sobre as instalacións do museo con siluetas de visitantes en tamaño real.

No marco do vixésimo aniversario do movemento Bravú, o museo tamén acolleu parte da programación da cidade, con dúas sesións celebradas o 18 e o 21 de novembro sobre o poder da palabra, con Manuel Rivas, Mercedes Peón e Fran Alonso, que rematou coa intervención poética de María Lado e Lucía Aldao, e a homenaxe ao pintor do bravú Xaime Cabanas, que contou coa participación de Antón Patiño, Vari Caramés e Xosé Manuel Pereiro, entre outros.

Artes e inclusión social

No mes de maio o Museo de Belas Artes converteuse nunha das sedes da programación do segundo encontro **Artes pola Integración**, centrado nesta edición na arte e o menor en risco de exclusión social, con tres sesións destinadas a tender vías de inclusión, visibilidade e sensibilización a prol da heteroxeneidade e da diferenza.

E o 1 de outubro tivo lugar a xornada **Arte e Saúde**, en colaboración co Movemento Galego de Saúde Mental, coa actuación de teatro dun grupo de usuarios e profesionais do Programa TAC do Hospital Marítimo de Oza, APEM-Coruña e institucións colaboradoras, incluída no programa conmemorativo do Día Mundial da Saúde Mental, co lema *Vivindo con esquizofrenia*.

Programación musical no museo

O Museo de Belas Artes da Coruña mantén unha programación musical estable destinada a dinamizar a vida cultural da cidade e achegar ao museo diversos públicos heteroxéneos nos seus intereses artísticos.

En colaboración co Conservatorio Superior de Música da Coruña e da Asociación de Amigos do Museo, celebrouse no mes de maio a segunda edición do ciclo **Música con-**

temporánea, cos concertos *Diálogos Lars Mlekusch* (saxofón), *Visións I e II* do Ensemble IXOR e *De Bach á actualidade*, de Adrián Pais (saxofón).

Nos meses de maio e xuño tiveron lugar os concertos do ciclo **Música para unha época**, que este ano chegou á súa XIV edición, con sesións musicais de Sophia Hase e Eduardo Ponce Atlantis Piano Dúo (*O século XX*), Pedro Roque ao piano e Toshiko Sakakibara ao clarinete (*A pintura do Romanticismo*) e o Cuarteto del Pino (*Os gravados de Goya*). Os concertos combináronse coas visitas guiadas ás salas do museo da mesma época histórica ca as composicións interpretadas. E na fin do ano, dentro do ciclo de outono dedicado a artistas galegos, Pablo Rodríguez realizou un recital de guitarra con obras de Scarlatti, Giuliani e estreas de Torrisi e Franz Castillo.

En colaboración coa Asociación Wagneriana de Galicia, o 8 de novembro programouse o **II Concerto de cámara** desta asociación, a cargo do pianista Ángel Recas e coa presentación de José Hernández *Introdución ao ouro do Rhin*. E o 23 do mesmo mes celebrouse no museo o concerto coral *Camiños da contemporaneidade*, co Coro de Cámara da Coruña e a pianista Irina Moriatova, coa colaboración da Deputación da Coruña.

No ámbito da recuperación do patrimonio musical e literario, no mes de abril o museo, en colaboración coa Casa Museo Emilia Pardo Bazán, programou a charla-concerto *Eugenia Osterberger, compositora galega na Belle Époque*, que permitiu dar a coñecer aspectos biográficos e musicais desta compositora aínda descoñecida, cunha semblanza histórica a cargo de Rosario Martínez. Interpretaron as súas composicións para voz e piano a soprano Susana de Lorenzo e a pianista Beatriz López-Suevos.

No verán presentouse o libro-disco *Doce canciones gallegas*, co concerto da soprano Begoña Salgueiro, acompañada ao piano por Brais González. Tamén se presentaron no museo este ano o libro *Vivir el jazz. Una declaración de amor*, de Manuel M. Mantiñán, e o disco *Zapatiños para Díaz Castro*, do dúo 2naFronreira.





4.2 Centro Galego de Arte Contemporánea

Situado no centro histórico de Santiago de Compostela, ao pé do convento de San Domingos de Bonaval, o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC), obra do arquitecto portugués Álvaro Siza, é un espazo de difusión cultural para dinamizar o panorama artístico actual e reflexionar sobre a diversidade das conformacións culturais na sociedade contemporánea. Ademais da programación de exposicións temporais (véx. CAPÍTULO 5), o CGAC conta cunha ampla programación de actividades.

Todas as exposicións van acompañadas de programas de acceso guiado, tanto para adultos, como para escolares e familias. As visitas escolares complétanse con obradoiros nos que se desenvolven de xeito creativo conceptos clave de cada mostra. O CGAC mantén, ademais, unha programación entre abril e decembro de visitas comentadas por profesionais do ámbito cultural e artístico, procedentes de distintas disciplinas. Este ano accederon ao programa de visitas guiadas para distintos colectivos 3.711 persoas.

O CGAC tamén vén programando unha serie de talleres con artistas cun proxecto expositivo no museo, dirixidos a estudantes de belas artes, historia da arte e público interesado en xeral, co obxectivo de coñecer os procesos, a metodoloxía, a técnica, os discursos e a linguaxe de diferentes artistas contemporáneos mediante o desenvolvemento dun proxecto artístico, como o *Taller con Chelo Matesanz. Sexualidade metafórica*, celebrado do 8 ao 10 de abril.

Obradoiros e charlas

Como complemento á mostra 93 coa que o CGAC celebrou o seu vixésimo aniversario, organizouse o **Ciclo de conversas sobre a colección CGAC**, unha serie de encontros cos artistas presentes na exposición, co obxectivo de ofrecer unha visión xeral da arte a comezos dos anos noventa. En cada sesión, dous artistas conversaron co director do centro e comisario da exposición, Miguel von Hafe Pérez, sobre os seus respectivos procesos de creación arredor de 1993, ano en que foron concibidas as obras que forman parte da mostra. Vari Caramés e Antón Patiño; Ignasi Aballí e Juan Luis Moraza; Nuria Canal e Chelo Matesanz; Pedro Cabrita Reis; Pedro G. Romero e Isidoro Valcárcel Medina foron algúns dos artistas que abriron ao público as súas reflexións. Esta programación desenvolveuse entre o 14 de xaneiro e o 18 de marzo e contou coa asistencia de 199 persoas.

De febreiro a novembro tiveron lugar tamén diversos encontros arredor da arte:

Queres ser arte contemporánea? Diálogos con Camilo Franco, do 28 de febreiro ata o 1 de marzo, propuña unha cata orientadora sobre como manobra cada individuo diante dos espazos que abren as pezas artísticas, unha reflexión sobre como as persoas, os cidadáns, os espectadores ou os visitantes participan da arte contemporánea.

Como construír un corpo sen órganos foi o título da conferencia impartida o 22 de abril por Javier Martín arredor da percepción, a creatividade e o movemento, dirixida a optimizar ferramentas que potencien os procesos creativos.

De corpo en lugar. Artes vivas no museo, do 27 ao 27 de outubro, foi unha proposta de artes vivas no espazo museístico articulado arredor das propostas performativas do Ministerio de Asuntos do Movemento (BMfB), da performer austríaca Amanda Piña e *thinking bodies* da artista turca Ayşe Orhon.

Kage where K for Kott é a performance do artista Filippos Tsitsopoulos, baseada en dous libros do teórico teatral Jan Kott, coa que o artista persegue incluír o teatro como un catalizador da nosa vida diaria. Tivo lugar no museo o 27 de novembro.

Formación no CGAC

No mes de marzo o CGAC desenvolveu as **Xornadas Insultarte**, dirixidas a establecer unha reflexión sobre as condicións legais e laborais do sector cultural e os seus axentes (creadores, investigadores, axitadores, prosumidores etc.). A través dun taller, conferencias e unha mesa redonda, os asistentes recibiron ferramentas e claves necesarias para identificar e aproveitar as oportunidades de emprego do sector cultural e da creación, coñecer o marco legal do seu traballo e buscar financiamento para os seus proxectos.

Do 21 ao 23 de maio, desenvolveuse o curso **Novos usos e patoloxías da imaxe contemporánea**, un conxunto de relatorios para reflexionar sobre os avances tecnolóxicos que hoxe permiten e pautan o rexistro e a reprodución das imaxes, tras a irrupción de internet e dos avances tecnolóxicos. O conxunto dos relatorios deste seminario reflexionaron sobre o estado actual desta cuestión e sobre a situación en que se atopan o mundo da arte, da comunicación, da socioloxía ou da política actual neste contexto.

E no mes de xuño, tres xornadas serviron para repasar e analizar algunhas das ficcións que marcaron o mundo televisivo. *Que estás vendo? Unha aproximación á ficción televisiva norteamericana do século XXI* foi a oportunidade para analizar as series de ficción norteamericanas que deixaron unha importante pegada na historia recente da televisión e crearon algúns dos momentos máis sobranceiros da pequena pantalla.

Do 22 de outubro de 2014, e ata maio de 2015, o CGAC desenvolve o curso *Derivas da modernidade. Do cinema clásico ao cinema moderno. Intuicións, eclosións e ecos dos novos cinemas da modernidade (1950-1980)*, que ten como obxectivo trazar un panorama xeral sobre a revolución que supuxeron os novos cinemas. O curso combina sesións temáticas e transversais con outras monográficas dedicadas aos principais cineastas dos anos 50, 60, 70 e 80, e está homologado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria co recoñecemento académico da Universidade de Santiago de Compostela.

Achegar a arte aos máis pequenos

Durante os meses de verán e do Nadal, coincidindo coas vacacións escolares, o CGAC desenvolve unha programación de obradoiros destinados especialmente á mocidade e aos máis pequenos, como alternativa lúdica para experimentar e explorar a arte contemporánea e co obxectivo de que os públicos coñezan as linguaxes e os conceptos máis actuais da arte contemporánea da man dos propios artistas.

Como complemento á exposición *100 anos con Alejandro de la Sota*, o CGAC organizou en xullo un taller para nenos e nenas de 7 a 11 anos, co obxectivo de achegar os participantes ao mundo da arquitectura e, máis concretamente, á obra deste arquitecto galego a partir dunha das súas obras máis coñecidas: o edificio do Goberno Civil de Tarragona. A través de diversas actividades, o taller de arquitectura *Un cubo que funcione. A arquitectura de Alejandro de la Sota* propuxéronse retos xeométricos, contidos de equilibrio e forma para fomentar a capacidade de visión en dúas e tres dimensións.

E como cada verán, o Centro Galego de Arte Contemporánea ofreceu unha nova edición dos obradoiros de lecer en xullo e agosto, pola mañá. Ademais do taller audiovisual *Fóra de campo*, dirixido polo artista Diego Santomé do 15 ata o 19 de xullo, o arquitecto Fermín Blanco impartiu do 21 ao 24 de xullo o taller *2 en 1*, onde os rapaces e rapazas de 9 a 12 anos exploraron as características arquitectónicas, a historia e os recunchos do CGAC e do Museo do Pobo Galego.

Os nenos e nenas de 7 a 9 tamén tiveron ocasión de coñecer, do 29 de xullo ao 1 de agosto, a través da proposta *Claqueta 1*, os aspectos básicos da produción da animación, mentres que os máis pequenos (de 4 a 6 anos) visitaron, do 5 ao 8 de agosto, as salas do museo para experimentar con diferentes texturas e volumes no obradoiro *Pequenos artistas no CGAC*.

Programación de cine no CGAC

Co fin de achegar o público ás artes cinematográficas contemporáneas, o centro acolle diversas programacións audiovisuais:

O **Ciclo de cinema no CGAC** estruturouse en diferentes bloques temáticos: a programación de cine italiano *De Mussolini a Berlusconi: coma un xogo de máscaras*, do 16 de xaneiro ao 20 de febreiro; o *Ciclo de cine transxénero: Ninguén é perfecto?*, do 27 febreiro ao 3 de abril; e *O cine do thatcherismo: Terra sen pan*, do 10 abril ao 15 maio. Asistiron ás proxeccións deste ciclo 1.904 espectadores.

No mes de maio, o CGAC programou o ciclo **As letras galegas a través do documental**, con catro audiovisuais de Gonzalo Veloso sobre as figuras homenaxeadas nos últimos anos nesta celebración, cun coloquio posterior co autor.

No mes de xuño tivo lugar o **Ciclo de cine Chris Marker. A memoria do mundo**, en colaboración co Cineclube de Compostela, para homenaxear e dar a coñecer a singularidade deste cineasta recentemente falecido, con proxeccións e relatorios a cargo de José Antonio Cascudo, Julio Vilariño e Isaki Lacuesta.

Para achegar o xénero documental ao maior número de espectadores posible e incrementar a presenza do documental europeo, o CGAC programou no último trimestre do ano **O documental do mes**, unha iniciativa en colaboración coa produtora Parallel 40, nacida no marco do proxecto europeo CinemaNet Europe, que inclúe a estrea de filmes documentais de calidade, de temática e procedencia diversa en diferentes sedes nacionais e internacionais.

No mes de novembro, o CGAC colaborou co ciclo **Cineuropa**, do Concello de Santiago de Compostela, cunha programación de cine de autor máis alá dos circuitos comerciais.

O CGAC rexistrou unha asistencia ás programacións cinematográficas dun total de 4.307 espectadores. Ao longo do ano tamén foi entidade colaboradora doutras iniciativas do ámbito audiovisual, como o Festival Curtocircuíto ou Fotoforum.

Música contemporánea

Co fin de promover a creación e a interpretación musical e de difundir as manifestacións musicais máis actuais, o CGAC establece cada ano unha programación musical en diversos formatos: encontros cos compositores, concertos didácticos ou familiares, ensaios abertos etc. Este ano, dúas propostas, celebradas no CGAC e en diferentes espazos da cidade, protagonizaron esta programación: o ciclo de concertos **Música e arte. Correspondencias sonoras** incluíu entre maio e decembro concertos inspirados nas exposicións do centro e encontros con diversos compositores e intérpretes; e, no mes de outubro, o ciclo **Xornadas de música contemporánea** tamén desenvolveu no CGAC parte das súas actividades, coa colaboración da USC, Concello de Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, Fundación Cidade da Cultura, Consorcio para a Promoción da Música da Coruña, Conservatorio Profesional de Música e Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela. Asistiron ás sesións de música contemporánea no CGAC 1.258 persoas.

Ademais, o CGAC tamén colaborou con outras iniciativas das escolas de música da cidade compostelá, co festival internacional de músicas de raíz Womex, co Festival Via Stellae etc.

Outra das citas anuais ás que o CGAC abriu as súas portas na fin do ano foi a feira de artesanía Mercado da Estrela, que inclúe tamén unha programación cultural de obradoiros e espectáculos.



4.3

Museo Massó

O Museo Massó encóntrase instalado nas naves industriais da antiga conserveira Massó Hermanos, onde o porto de Bueu, na ría de Pontevedra. A idea de crear un museo foi suxerida por Guillermo Marconi durante a visita que realizou en 1928 á fábrica de conservas Massó, ao quedar abraiado pola colección de instrumentos de navegación, documentos e libros antigos, obxectos curiosos e maquetas de barcos históricos que posuía a familia. Seguindo o seu consello, os irmáns Massó levantaron unha planta sobre o máis antigo edificio da fábrica, e en 1932 nacíu o Museo Massó que, tras o peche da fábrica, foi ampliado e adquirido pola Xunta de Galicia. Hoxe no Museo Massó convive o patrimonio marítimo e industrial co espírito erudito do coleccionismo doutra época.

Para dinamizar a difusión dos seus fondos, o Museo Massó desenvolve ao longo do ano un amplo programa de visitas guiadas e de obradoiros que contribúen a facer un achegamento activo aos fondos e intereses do museo. Editáronse este ano diversos materiais de difusión da exposición permanente do museo e das súas actividades, realizáronse novos paneis luminosos, a guía visual do museo, así como material gráfico explicativo dos novos bens da entidade.

Co obxectivo de difundir os fondos bibliográficos antigos, de acordo cos estándares europeos, o Museo Massó abordou este ano o inventariado das monografías antigas da súa colección. Isto permite a integración destes libros ao programa de xestión bibliotecaria da Rede de Bibliotecas de Galicia.

Obradoiros para pequenos

En relación co ámbito educativo, durante o curso escolar o Museo Massó realizou unha completa **programación de obradoiros** para as distintas idades: *Sentir o museo*, celebrado no mes de marzo para escolares de educación infantil, unha viaxe sensorial para experimentar o museo a través dos cinco sentidos; *A balea*, celebrado en abril e xuño para escolares de primaria, no que poden coñecer o que significou a caza da balea e a importancia de protexer a existencia desta especie; *O mapa mariñeiro: a carta*

náutica, celebrado en xuño e dirixido a escolares de 5º de primaria, para familiarizárense co manexo das cartas, unidades de medida e puntos de referencia no mar; *Seguir o rumbo*. A *agulla de marear*, para comprender as propiedades magnéticas da terra e familiarizar os escolares no manexo do compás; *O que o mar non quere*, celebrado en xuño e decembro para alumnado de primaria, no que a partir de residuos atopados nas praias polos participantes se reflexiona sobre os problemas que causa o lixo; *Mar á vista*, para 4º e 6º de primaria, a partir dos obxectos representados nun cadro de Luguís; ou *Atrapados na rede*, para aprender a confeccionar redes e as artes de pesca, impartidos no mes de decembro por unha redeira e dirixidos a alumnado de primaria.

Ademais destes obradoiros, o museo acolleu en xaneiro e no verán *Atando cabos*. Nós mariñeiros, o obradoiro *Escavación arqueolóxica*, en febreiro, para introducir os máis pequenos nas técnicas de arqueoloxía; *Mensaxe nunha botella*, para concienciar os participantes da importancia dos océanos para o planeta; *Cousas da praia*, para mostrar de que está formada a area da praia; *En busca do tesouro*, para, a partir dun mapa e algunhas pistas, encontrar un quebracabezas; *Ex Libris*. *Deseña un selo persoal para os teus libros* para personalizar os libros dos participantes mediante a técnica do gravado; e *Orientarse no mar*, para coñecer os diferentes instrumentos tradicionais usados para a orientación en mar a fóra.

Para o colectivo universitario, o Museo Massó acolleu no mes de setembro o curso de extensión universitaria *Bueu, avanzando na dinamización local con recursos propios*, organizado polo grupo de investigación en economía ecolóxica e agroecolóxica, para xerar novas dinámicas de aproveitamento de recursos propios na zona do Morrazo, seguindo propostas agroecoloxicas.



No mes de xullo, celebrouse o **Curso de iniciación á navegación tradicional**, en colaboración coa Asociación Os Galos de Bueu, para fomentar a navegación tradicional a vela.

Outra das actividades máis concorridas do verán foi a **Charla e observación nocturna do ceo**, celebrada o 22 de agosto. Para os meses de xullo e agosto, o museo programou diversas **singraduras didácticas** pola ría en pesqueiros de madeira da zona (como o pesqueiro Chasula ou o galeón *Ave de paso*) para coñecer a pesca do polbo, o sistema de explotación de bateas ou a navegación propulsada a vela.

E dirixido ao público adulto tamén desenvolveu ao longo do ano un programa de actividades variado, en colaboración con distintas entidades. No mes de outubro, desenvolveu o ciclo **Bueu. Camiño do mar**, con conferencias sobre as baterías de costa das Rías Baixas, sobre lingua e inmigración, sobre o aproveitamento dos recursos en Bueu nos tempos dos romanos, así como rutas temáticas no propio museo: *A guerra e a industria conserveira*, *Os diarios dos famosos navegantes* e *Onde comían e bebían estes romanos?*

Do 17 ao 19 de decembro, o museo desenvolveu o curso de formación **Interpretación do patrimonio cultural e natural**, que ofreceu técnicas de comunicación para levar a cabo visitas guiadas efectivas en lugares de interese patrimonial.

O museo en diálogo coa comunidade local

Ademais de presentacións de actos locais, como a XV Festa do Polbo de Bueu e o coloquio *O mexillón de Galicia, unha actividade sostible*, dentro do programa da Festa do Mexillón de Bueu, o museo, como parte activa da comunidade na que se enmarca, o 22 de xuño con motivo da celebración do Corpus Christi, de gran raizame na vila, formou parte do deseño e elaboración dunha alfombra floral que se situou diante da entrada do museo cunha representación alusiva á súa colección.

E durante varios días de xullo e agosto, baixo a denominación de *Noites de verán no museo*, ampliouse o horario ata a media noite, cunha excelente acollida por parte do público. No mes de agosto, o museo e a Asociación de Amigos de Embarcacións Tradicionais Os Galos organizaron o **XVIII Encontro de embarcacións tradicionais** coincidindo coa popular Festa do Polbo de Bueu.

Presentacións públicas

A sede do museo acolleu ao longo do ano diversas presentacións. No comezo do ano presentouse *A bordo das Ons*, coa presenza da autora, Marta Lemos, un percorrido polas demandas da veciñanza da illa de Ons nos séculos XIX e XX. No verán tiveron lugar as presentacións de *Contos do mar de Irlanda*, de Xurxo Souto, sobre as pegadas dos mariñeiros galegos no Gran Sol; *Ons, ondas dous*, editado polo IES Illa de Ons de Bueu, que recolle historias de mariñeiros; e *La huella de Pedro Madruga en Cristóbal Colón*, de Ángel Carracelas, ademais do último número da revista Os Galos, da Asociación de Amigos de Embarcacións Tradicionais.

En agosto proxectouse tamén o documental *O remo da dorna*, producido polo Club de Dorna e Velas de Cabodeiro, e na que participaron, entre outros, o realizador Manuel Yáñez e o guionista Román Domingos.



4.4 Museo Arqueológico Provincial de Ourense

Na actualidade, o conxunto do antigo pazo episcopal está en remodelación e os servizos do Museo Arqueológico Provincial de Ourense, museo de titularidade estatal xestionado pola Xunta, trasladáronse ao edificio Santa María de Europa e á sala de exposicións San Francisco. Este ano o museo rematou os traballos de reformulación do discurso expositivo e da montaxe museográfica da exposición permanente do museo na súa sede orixinal, tras as obras de rehabilitación, que se prolongarán ata o ano 2018.

As súas coleccións conteñen unha ampla sección histórico-arqueolóxica, con series representativas do mundo paleolítico e megalítico, pezas do mundo castrexo e galai-corromano e as de época romana, así como unha sección de belas artes, que reúne escultura do Renacemento e do Barroco, pintura dos séculos XVII, XVIII e finais do XIX e artes decorativas.

Unhas das actividades permanentes do Museo Arqueológico Provincial de Ourense para a posta en valor das súas coleccións é a **Peza do mes**, unha iniciativa para dar a coñecer a historia dunha peza que permanece exposta cada mes na Sala San Francisco, o seu contexto histórico, características formais, singularidade etc. Esta información recóllese nunha publicación dixital para a súa difusión pública.

Ademais das tarefas correntes de elaboración de materiais de difusión da exposición permanente, o museo realizou este ano un importante labor de dixitalización dos seus fondos. Dentro do proxecto **Domus 2014**, procedeuse á catalogación, fotografado, identificación topográfica e rexistro informático de 1.200 pezas arqueolóxicas datadas no período da cultura castrexa e doutras 1.200 pezas do museo pertencentes ao período da romanización.

Con este mesmo fin de conservación e difusión dixital dos fondos, este ano desenvolvéronse tarefas de organización e rexistro informático dos fondos fotográficos antigos, entre os que destaca o álbum de monumentos da provincia, formado no ano 1895.

O Padre Feijoo. Cidadán libre da República Literaria

Con motivo do 250º aniversario do pasamento do Padre Feijoo (véx. CAPÍTULO 9), do 13 de outubro de 2014 e ata o 8 de febreiro de 2015, o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense celebra a efeméride coa mostra aberta ao público *O Padre Feijoo. Cidadán libre da República Literaria*, no Centro Social Afundación, nunha homenaxe á súa figura a través de singulares pezas, fío condutor da mostra, que se atopan entre os seus fondos, que os herdeiros do beneditino depositaron no museo, xunto a unha selección de obxectos documentais e artísticos procedentes doutras institucións e particulares.

A mostra estrutúrase en catro ámbitos temáticos, nos que se trata a biografía deste persoeiro, o modelo iconográfico da súa persoa en vida, a análise da súa obra para evidenciar a profunda renovación que realizou Feijoo do pensamento do seu tempo e, finalmente, unha parte que recupera as celebracións anteriores dedicadas a este ilustrado, entre as que destacan os actos de celebración do bicentenario do seu nacemento en 1876. A mostra acompáñase da publicación dun catálogo e folletos divulgativos.

Coa finalidade de difundir, achegar e facilitar o acceso do público á exposición do Padre Feijoo, de reflexionar sobre seus textos e de ver como foron evolucionando ao longo dos séculos as súas ideas, realizáronse tamén visitas guiadas e un programa didáctico orientado ás diferentes idades escolares, coa colaboración de Afundación. O programa didáctico organizouse por niveis educativos: *Viaxa no tempo coa pluma de escribir do Padre Feijoo*, para educación infantil e primaria; *A República das Letras do Padre Feijoo*, unha visita obradoiro para 2º e 3º ciclo de primaria e 1º ciclo de ESO; e *Cidadán libre da República das Letras. O Padre Feijoo*, para 2º ciclo de ESO, bacharelato e ciclos formativos.





4.5 Museo Etnolóxico de Ribadavia

Situado na zona vella de Ribadavia (Ourense), o Museo Etnolóxico de Ribadavia reúne materiais de interese etnográfico das distintas comarcas ourensás, cun fondo específico da cultura vitivinícola, que formará unha sección etnográfica diferenciada con edificio propio: a Reitoral de Santo André de Campo Redondo. Este ano redactouse o programa expositivo para esta futura sede vinculada ao museo (determinación das áreas temáticas, selección de pezas, textos divulgativos e recursos expositivos e interactivos), a adaptación do proxecto museográfico coa realización dos planos de distribución dos espazos, elementos expositivos e estudo económico, e desenvolveuse a planificación conceptual, de acordo cos requirimentos do Ministerio de Educación e Cultura (titular deste museo de xestión autonómica) para iniciar as obras de reforma e das novas instalacións museográficas.

En colaboración coa Oficina de Turismo de Ribadavia, organizáronse xa visitas guiadas á reitoral dentro das actividades da Feira do Viño do Ribeiro; e, en colaboración coa Denominación de Orixe do Ribeiro e RENFE, o 6 de setembro desenvolveuse o *Túnel do Viño*, unha actividade de cata no patio da reitoral.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia programa e acolle ao longo do ano numerosas actividades vinculadas ao patrimonio cultural da comarca e aos estudos etnográficos.

Publicacións do Museo Etnolóxico de Ribadavia

Da biblioteca do Museo Etnolóxico de Ribadavia, especializada en etnoloxía, etnografía, antropoloxía económica, antropoloxía social e cultural, fotografía, museoloxía e museografía e historia de Galicia, publicouse este ano o libro e catálogo en CD *Fondo Meruéndano*, para difundir un dos fondos de documentación máis importantes que salvagarda o museo: a colección doada pola familia Meruéndano con documentos para o estudo da historia e da antropoloxía do Ribeiro.

No Día Internacional do Libro, o 23 de abril, por terceiro ano consecutivo a biblioteca do museo participou na liberación de libros, xunto con 48 bibliotecas de museos de todo o Estado, unha iniciativa organizada desde hai seis anos pola Biblioteca-Centro de Documentación Artium de Vitoria.

Presentacións públicas

A sede do museo acolleu ao longo do ano diversas presentacións. En febreiro presentouse o libro *Luis R. Brage Villar. Obra e Memoria* con conferencia a cargo do seu autor, David Ferreiro Carballo. Tamén en febreiro, o libro *El Retrato y la Muerte. La Tradición de la Fotografía post mortem en España* acompañouse dunha conferencia da autora, Virginia de la Cruz Lichet. En abril acolleu o recital de presentación do libro-disco de Rochi Novoa *Farrapos de boneca*, que correu a cargo da autora acompañada de Toño Iglesias e Dani Soldevilla. Centrados na temática da heráldica do Ribeiro, presentáronse en maio os tres tomos de *Heráldica e linaxes no Ribeiro*, de M^a Luisa Álvarez-Montero y Montaos, a cargo de Xosé Ramón Pousa Estévez, profesor de Comunicación Audiovisual e Publicidade na Universidade de Santiago de Compostela. E o libro *Espello de mim mesma* de Cruz Martínez e o número 3 da revista *Elipse*, con conferencia de Xesús Alonso Montero, presentáronse en xullo, dentro das IV Xornadas literarias Xosé Carlos Gómez Alfaro.

O museo tamén foi a sede da mesa redonda *A restauración do patrimonio cultural*, que reuniu en xuño especialistas de distintas disciplinas, para expoñer as súas experiencias en intervencións recentes levadas a cabo en Santiago de Compostela.

Cine e antropoloxía no museo

Dentro dos labores do Museo Etnolóxico de Ribadavia para a difusión da antropoloxía visual, o museo acolleu no mes de xullo o ciclo de cine etnográfico **Marxes Fílmicas 2014**, coa colaboración do Cineclub Padre Feijoo.

No mes de xaneiro, o museo presentou a proxección de *Entreparadas*, de Toño Chouza, unha película de sensibilización sobre os problemas cotiáns das persoas con discapacidade, que contou coa implicación da Asociación de Prevención de Accidentes de Tráfico P(A)T Galicia.

Exposicións

O Museo Etnolóxico de Ribadavia programa e acolle ao longo do ano varias exposicións, vinculadas tanto ao patrimonio cultural da comarca e aos estudos etnográficos como a outras expresións culturais.

Na exposición **As Prensadas. O traballo na adega. De San Miguel a San Martiño**, inaugurada en febreiro na propia adega do museo, expuxéronse por vez primeira varias pezas singulares da colección vitivinícola do centro, ao tempo que se mostraron as vellas formas de vinificación. Tanto as pezas como as fotografías fan referencia ao traballo de vinificación na adega, a un método tradicional e popular, profundamente

enraizado nos costumes do Ribeiro, e que aínda mantén unha presenza testemuñal en explotacións familiares.

Tamén en consonancia coa comarca, a exposición *Detrás da Máscara. Fotografías de Demetrio Monteagudo González*, do 14 de marzo ao 20 de abril (no local social Igrexa da Magdalena), presentou 26 fotografías nas que o autor fixo un percorrido polos entroidos máis singulares de Galicia. A exposición completouse cunha mostra de libros sobre o Entroido dos fondos da biblioteca do museo etnolóxico e catro traxes tradicionais dos entroidos ourensáns.

No mesmo sentido, con *A mirada dos espazos. Cara a unha antropoloxía visual*, logo dunhas primeiras series expositivas (*Imaxes de Galicia e álbums para o reencontro. Ribadavia e os ribadavienses*) e das publicacións editadas sobre o mundo da imaxe, pretendeuse proxectar unha ollada etnolóxica máis sistemática sobre os espazos visibles da sociedade que a imaxe fotográfica mostra e, ás veces, oculta.

No mes de agosto, *Museos e centros etnográficos da provincia de Ourense*, producida polo Centro de Cultura Popular Xaquín Lorenzo para a Romaría Raigame 2014, foi unha pequena mostra integrada por 20 paneis nos que se presentaban os museos e centros etnográficos da provincia de Ourense, co obxectivo de poñer de manifesto a riqueza das coleccións etnográficas custodiadas.

Noutra vertente expositiva, co ánimo de difundir outros aspectos non especificamente etnolóxicos, pero si dentro da propia actividade cultural do museo, este ano leváronse a cabo outras exposicións como *Lembrar no museo*, na Facultade de Ciencias da Educación do campus ourensán da Universidade de Vigo, dentro das VI Xornadas Internacionais de Educación Social e Xerontoloxía. O museo elaborou, no marco do programa Museo aberto, este proxecto destinado ás persoas afectadas pola enfermidade de Alzheimer. A exposición fixo un percorrido polos obradoiros e actividades realizadas para tender unha ponte entre estes enfermos e o seu pasado, empregando técnicas de reminiscencia a partir do contacto directo dos afectados con obxectos que formaron parte da súa vida cotiá recollida hoxe no museo.

No campo da fotografía, *Pământești (Das terras)*, nos meses de xullo e agosto, foi a exposición fotográfica de Natasha Lelenco; doce fotografías onde a autora fixo un percorrido biográfico a través dun traballo de busca e de investigación, cunha proposta de intervención sobre os corpos das modelos e os posteriores procesos técnicos involucrados.

Tamén como mostra fotográfica, o Museo Etnolóxico de Ribadavia acolleu nos meses de outubro e novembro, dentro da programación enmarcada no XXXII Outono Fotográfico, a mostra *Identidade/Alteridade*, de fotografías de Eduardo Teixeira Pinto.

Con motivo da emisión dun selo de Correos coa imaxe do Museo Etnolóxico de Ribadavia, no mes de maio presentouse a exposición *Filatelía, patrimonio e museos*, en colaboración coa Sociedade Filatélica, Numismática e Vitolfílica Miño, na que se mostraron selos e outros documentos referentes a emisións anteriores.

A finais de ano, *Novas Adquisicións do Museo Etnolóxico. 2014. Arquivo do Irmán Manuel Rodríguez. Marista* presentou o arquivo fotográfico de Manuel Rodríguez, integrado por 1.272 imaxes, depositado no museo polo Centro de Estudos Medievais de Ribadavia.

E no plano dixital, o museo desenvolveu a exposición en liña *Patrimonio en feminino IV. Tradición e modernidade*, na que se mostran fotografías dos fondos do museo vinculadas ao papel da muller en relación cos conceptos de tradición e modernidade, dentro da Rede Dixital de Coleccións de Museos de España.



4.6 Museo do Castro de Viladonga

Situado no concello de Castro de Rei (Lugo), o Museo do Castro de Viladonga dedícase á interpretación e á explicación do xacemento e á custodia e exposición dos materiais procedentes das sucesivas escavacións. Está situado entre as dúas últimas murallas do lado sueste do castro, moi preto da súa croa.

Na actividade de divulgación científica desenvolvida no museo, destaca a edición anual de carácter informativo e científico **Croa**, composta por artigos de temática arqueolóxica, histórica, artística e patrimonial, que é o órgano de expresión científica e cultural do museo e serve de vía de comunicación con outros museos a través do intercambio. En 2014 viu a luz o seu número 24.

No conxunto das tarefas de divulgación xeral, o museo desenvolve unha programación de visitas guiadas teatralizadas, coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo do Castro de Viladonga, que pon na voz de personaxes do pasado os modos de vida da época, en relación coas coleccións do museo e co propio castro. Este ano participaron nestas visitas 625 rapaces de entre 4 e 12 anos. Este programa complementa a oferta habitual de visitas guiadas e obradoiros para escolares de 8 a 15 anos, de distintas temáticas: numismática, arqueoloxía, restauración etc., nos que os nenos e nenas poden vivir experiencias como compoñer o morteiro de cal empregado nas estruturas do castro ou acuñar unha moeda.

Cunha finalidade didáctica, editouse este ano *Un día no castro de Viladonga*, un breve conto de 12 páxinas que permite achegarse dun xeito visual e ameno ás formas de vida castrexa e romana.

Nos meses de outubro e novembro, tamén se desenvolveu a exposición *Árbores literarias na paisaxe cultural da Terra Cha*, unha mostra de árbores senlleiras con poemas de escritores chairegos, en colaboración co IES Basanta Silva de Vilalba.



4.7 Museo das Peregrinacións e de Santiago

A peregrinación como fenómeno universal, o nacemento e a evolución de Compostela en canto meta de peregrinación e a peregrinación xacobeá en todas as súas dimensións son os principais focos de interese do Museo das Peregrinacións e de Santiago, que ten a súa sede na Casa Gótica, na zona vella compostelá.

Dentro da actividade corrente do Museo das Peregrinacións e de Santiago, destacan as publicacións que prepara no marco das exposicións e o material divulgativo dos seus fondos.

Este ano o museo realizou traballos preparatorios para a futura edición do traballo de investigación *Cancións de peregrinación*, unha obra que recolle os textos do músico e musicólogo Eusebio Goicoechea Arrondo nos que analiza os textos da peregrinación xacobeá e as partituras musicais existentes, coa súa correspondente transcripción.

No mes de maio, o grupo de música antiga Resonet presentou no museo o seu novo álbum, *Viaxe a Compostela*, un CD instrumental que nace dos relatos dos peregrinos escritos ao longo dos séculos, con pezas escollidas e con gravados que enriquecen esta coidada e valiosa edición. A presentación foi acompañada cun pequeno concerto a cargo de Fernando Reyes, na dirección e tiorba, e Trinidad de Miguel, castañetas e colasione.

Ademais, o museo acolleu este ano a sesión do programa Monumenta sobre restauración do patrimonio cultural *A restauración do patrimonio da catedral*, celebrada o 13 de xuño, na que os profesionais da restauración compartiron coa cidadanía experiencias concretas sobre intervencións recentes levadas a cabo na basílica compostelá.



4.8

Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, de San Cibrao de Las, no territorio dos concellos de San Amaro e Punxín (Ourense), alberga o xacemento castrexo máis importante do noroeste peninsular. O conxunto arqueolóxico, representativo da etapa final da cultura castrexa, destaca pola gran superficie que ocupa, aproximadamente unhas 10 hectáreas, e polo seu bo estado de conservación. Está situado na intersección dos ríos Miño e Barbantiño, unha situación idónea que ofrece un amplo dominio visual sobre o territorio circundante.

Na súa morfoloxía xeral destaca a existencia de dous recintos amurallados: a croa ou recinto superior e o recinto inferior, de maior superficie e onde se sitúa o espazo habitacional do xacemento. O poboado atópase rodeado dun forte sistema defensivo, formado por sólidas liñas de murallas, un foxo e parapetos.

O edificio que hoxe alberga o Centro de Interpretación do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa foi a proposta gañadora do concurso público convocado polos concellos de San Amaro e Punxín, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, obra dos arquitectos Ángeles Santos, Carmen Ruiz e José Carlos Martínez. Conta cunha superficie de preto de 3.000 m² e actúa como entrada ao xacemento. A planta baixa do edificio alberga a recepción, as salas de exposición, as aulas, os almacéns, a sala de investigadores e o restaurante/tenda. Na parte superior sitúanse as oficinas, a área de investigación e a biblioteca.

Esta construción castrexa xa foi obxecto da atención de investigadores hai case un século: nos anos 1922 e 1925, por parte de Florentino López Cuevillas; en 1948-1949, por par-

te de Xaquín Lorenzo Fernández; na década dos oitenta e noventa, con actuacións baixo o amparo do Museo Arqueolóxico de Ourense, e con escavacións en datas máis recentes. Nos últimos anos, o Goberno galego decidiu darlle un novo pulo, para o cal desenvolveu diversas actuacións encamiñadas á súa recuperación, protección e conservación.

Este 2014, tras a finalización das obras (véx. punto 3.3), acondicionamento e preparación do proxecto expositivo, cun investimento total de preto de 10 millóns de euros e coa achega do Ministerio de Fomento, con cargo ao 1 % cultural, o parque abriuse ao público no mes de marzo.

A Xunta de Galicia xa incoou a declaración deste poboado castrexo como Ben de Interese Cultural. O Parque da Cultura Castrexa intégrase, ademais, na Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, un modelo de protección global que a Xunta vén impulsando nos últimos anos para a posta en valor e a difusión do patrimonio.

Visitas guiadas e xornadas de portas abertas para achegar públicos

Con motivo da apertura do parque, do 6 ao 30 de marzo realizáronse visitas guiadas gratuítas á área arqueolóxica para o público en xeral realizadas polo persoal especializado do parque, para difundir o legado dos nosos antepasados e o rico patrimonio da Idade do Ferro do noroeste peninsular.

Estas programacións, abertas e de balde para favorecer o coñecemento social do novo parque, repetíronse ao longo do ano con motivo do Día Internacional dos Museos (en maio), na Semana Santa, con obradoiros e exhibicións, no mes de agosto (días 23 e 24) e na ponte de primeiros de decembro. Ademais, para favorecer a vinculación do contorno co parque, programáronse no mes de marzo varias quendas de visitas gratuítas para os veciños e veciñas dos concellos de San Amaro e Punxín. Durante estas xornadas, os veciños puideron coñecer o funcionamento do parque, as súas características, o equipo técnico do parque etc.

Tamén se celebraron no parque actividades especiais con motivo da chegada do outono (co festexo do Magosto, prendendo o lume coas técnicas prehistóricas) ou as festas do Nadal (para unha decoración castrexa da árbore de nadal). No verán, para coñecer a astronomía e ver as estrelas fugaces, o 9 de agosto programouse a xornada *Lágrimas de San Lourenzo*, con actividades a cargo da Asociación de Astronomía de Ourense.

Presentación do parque a operadores turísticos e docentes

Os días 5 e 13 de setembro desenvolveuse no parque a primeira xornada informativa para o profesorado, unha sesión informativa dirixida aos docentes de toda Galicia co fin de que coñecesen a oferta didáctica do parque e de que puidesen valorar a actividade co alumnado como complemento ao ensino nas aulas. Ademais das explicacións e da visita guiada, os profesores e profesoras recibiron materias e unha mostra dos obradoiros escolares impartidos no centro.

Xa no mes de outubro, os días 17 e 18, achegáronse ao parque unha trintena de operadores turísticos aos cales se lles presentou a oferta de actividades e visitas guiadas, co fin de coñecer estes recursos para as actividades turísticas que promoven.

Actividades de dinamización do parque

Nas medidas de difusión informativa publicouse este ano a *Guía do Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa* en galego, español, inglés e francés, un material básico para a divulgación das características deste espazo arqueolóxico.

No mes de marzo, tras a súa inauguración, os días 28 e 29 desenvolveuse a programación *Munúa no parque arqueolóxico*, con exhibicións de caza e lume para coñecer as antigas técnicas empregadas polo ser humano na prehistoria para conseguir alimento, o traballo da pel na Prehistoria, experimentación con peles, ao xeito no que se traballaban naquela altura, e sesións de contos para achegar os cativos á prehistoria. As actividades foron impartidas polo técnico de arqueoloxía experimental José Aurelio García Munúa.

No mes de outubro, tamén se realizaron **actividades de cetrería**, como achegamento ás antigas artes de caza, cunha exhibición dos voos das aves rapaces cun adestrador.

Tamén no mes de xuño, o parque acolleu a programación do ciclo Monumenta *Á descuberta do patrimonio*, cun concerto de Fran Pérez Narf e unha actividade nocturna para a descuberta da arqueoastronomía.





4.9

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre

O Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, situado en Campo Lameiro (Pontevedra), é o centro autonómico de referencia para a acción de difusión, estudo e conservación dos petróglifos de Galicia.

O parque desenvolve unha oferta cultural e educativa permanente arredor dos bens patrimoniais que alberga. Ademais das visitas guiadas, realizáronse este ano sesións de arqueoloxía experimental, exposicións e actividades culturais diversas.

O parque arqueolóxico deulle este ano continuidade ao proxecto europeo do que forma parte, xunto con outras entidades e institucións internacionais, denominado *GestArt. Artistic Gestures Revisiting European Artistic Diversity and Convergence*, desenvolvido dentro do programa Cultura da Unión Europea. A través desta programación propónse unha colaboración entre artistas e especialistas en arte rupestre nos distintos escenarios elixidos, seminarios locais e internacionais, exposicións locais e unha grande exposición itinerante polos destinos que forman parte do proxecto. O parque de Campo Lameiro desenvolveu este ano as xornadas de arqueoloxía experimental *Investigar, experimentar, divulgar: unha estratexia para achegar a arqueoloxía a todos os públicos*; o programa de visitas teatralizadas *O Retorno*, producidas polas compañías Os Quinquilláns e Volta e Dálle; a sesión de contacontos *O señor do bosque*, de Caixal; os concertos dos grupos Neonymus e Ulobit; e a exposición temporal *Unha viaxe experimental e participativa ao pasado*, formada por 12 paneis de gran formato, vitrinas con réplicas e un audiovisual. Participaron nas actividades da GestArt arredor de 2.500 persoas en 2014.

Ademais, no marco desta programación europea, o equipo técnico participou no *Seminario Internacional de Ravello* (Italia), tamén se produciron mascotas para o parque e desenvolveuse o sistema informático para a integración da información arqueolóxica.

Percorrido visual pola arte rupestre do planeta

Do 2 de maio ata o 29 de xuño, o parque arqueolóxico acolleu a exposición *Un viaxe planetario. Arte rupestre patrimonio mundial*, producida polo Museo de Altamira e o Concello de Santillana del Mar, que propón un percorrido visual pola arte rupestre dos cinco continentes declarada Patrimonio Mundial pola Unesco. O obxectivo é dar a coñecer 40 enclaves de arte rupestre pertencentes a 32 países diferentes, con cadansúa paisaxe e, ao tempo, xerar una actitude positiva cara á protección deste patrimonio.





4.10

Museo do Mar de Galicia

Situado nunha antiga fábrica de conservas en Alcabre, en Vigo, o Museo do Mar de Galicia dispón dun amplo programa de visitas guiadas e obradoiros, que se completan coas actividades vinculadas ao Acuario e ao Centro Arqueolóxico do Areal Salinae.

O centro Salinae, situado na beiramar da cidade, ofrece un percorrido pola instalación salineira que permite comprender o seu funcionamento, a súa historia desde a etapa romana e os sistemas e usos do sal mariño.

Nas propias instalacións do Museo do Mar de Galicia, o Acuario convértese nun elemento vivo para facilitarlle aos visitantes do museo a comprensión da diversidade dos ecosistemas mariños das rías galegas e os fundamentos biolóxicos das especies que o integran.

Para o conxunto destes espazos, o museo conta cun programa de dinamización permanente para sensibilizar e potenciar a posta en valor do patrimonio histórico, cultural e natural do mar en Galicia. A través da programación de actividades destinadas ao alumnado dos centros escolares, o museo ofrécelle á comunidade educativa ferramentas e recursos para traballar o coñecemento do medio mariño e asentar os valores de protección e respecto pola riqueza patrimonial do mar.

Para dinamizar as visitas, o museo programou tamén ao longo do ano diversas exposicións temporais, coa colaboración da Deputación de Pontevedra. O primeiro trimestre mantivo as portas abertas da exposición *Unha marea de ondas lúdicas*, de xogos e xoguetes antigos relacionados co mundo do mar. No mes de marzo a artista Cristina Varela expuxo as súas fotografías no museo na mostra *Mar de camelias*, como actividade paralela ao Congreso internacional da camelia.

Do 14 de xuño ao 4 de setembro, *Acuicultura? Descúbrea* ofreceulle aos visitantes un repaso pola realidade da acuicultura en España e a importancia deste sector produtivo na alimentación e na gastronomía. A mostra acompañouse de actividades didácticas para diversos públicos e obradoiros gastronómicos.

No final do ano, o museo contou coa mostra pictórica *Océanos*, do artista Antón Patiño, e a exposición *Sopros de Nadal*, de adobíos de cristal creados artesanalmente, que permite coñecer a evolución da arte vidreira desde o século XIX.



4.11 Museo Pedagógico de Galicia

Situado no barrio de San Lázaro de Santiago de Compostela, o Museo Pedagógico de Galicia é o centro da Consellería de Cultura, Educación e Orientación Universitaria destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñen de manifesto a variedade e a riqueza do patrimonio pedagógico de Galicia e como legado vivo e en emerxencia continua ao acervo cultural de Galicia.

Con motivo do décimo aniversario do museo, o 20 de outubro abriu ao público (e ata o 28 de febreiro de 2015) a mostra *10 anos do Museo Pedagógico de Galicia*, situada no primeiro andar e na que se expoñen 89 pezas entre imaxes, documentación de arquivo e materiais educativos que testemuñan a súa evolución.

A mostra completouse coa edición dun volume de igual título, con 20 artigos de balance e síntese do labor e evolución deste museo nos seus primeiros dez anos, asinados todos eles por prestixiosas autoridades do ámbito educativo e profesionais vinculados á institución.

Ademais da presentación do libro conmemorativo, o Mupega acolleu dentro do programa de actos conmemorativos a conferencia *Patrimonio histórico: educar, conservar, protexer*, que impartiu a profesora da Universidade Complutense e xefa do Servizo de Exportación e Importación de Bens Culturais do Ministerio de Educación e Cultura, Inmaculada González Galey.

4.12

Día Internacional dos Museos

Os museos de Galicia desenvolveron, como cada ano, unha extensa programación con motivo da celebración anual do Día Internacional dos Museos, o 18 de maio, coa finalidade de popularizar a visita ao museo, con entrada libre e con actividades para todas as idades.

O Museo de Belas Artes da Coruña, entre o 16 e o 18 de maio, programou unha xornada de portas abertas e visitas guiadas e contou con diferentes actividades. A noite dos museos celebrouse coas **Visitas teatralizadas. Teatro na túa casa**, que desenvolveu, en distintos puntos das salas da exposición, tres dramatizacións creadas para a ocasión. No eido musical, para promover o achegamento de diferentes públicos, programouse **Rock no museo**, con May Thai & Los Torino Rockets, e o concerto de **Atlantis Piano Dúo**, conformado por Sophia Hase e Eduardo Ponce.

O Museo Massó centrou a celebración deste ano nunha partitura pertencente aos seus fondos: a *Muiñeira Opus 32* de Pablo Sarasate, co **Obradoiro musical infantil** inspirado nesta obra e unha **sesión musical** para todos os públicos, coa interpretación desta partitura de Sarasate interpretada por Ioana Pérez ao violín e pola Banda de Gaitas Manxadoira de Bueu.

O Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense desenvolveu con motivo desta celebración visitas guiadas á sede do pazo do Bispo, con proxeccións en 3D da evolución histórica do edificio. Presentouse tamén o **Taboleiro de xogo de Aquis Querquennis** e, para os pequenos, organizaron o obradoiro **Ludus, a xogar como os romanos**. A xornada finalizou cunha *performance* da cantante Mónica de Nut.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia celebrou a semana do 21 ao 28 de maio co obradoiro **A mirada dos espazos. Camiño dunha antropoloxía visual**, dirixido á comunidade escolar, co fin de dar a coñecer entre o alumnado os fondos fotográficos do museo e mostrar as posibilidades da fotografía como ferramenta educativa.

O Museo do Castro de Viladonga vén celebrando cada ano a **Noite dos museos**, con actividades vespertinas e nocturnas tanto no museo coma no castro, coa colaboración da súa Asociación de Amigos e do Concello de Castro de Rei. Nesas datas desenvolve unha programación de **conferencias, música tradicional, demostracións e xogos populares** con participación do público, actividades de recreación histórica e un percorrido nocturno polo castro que contribúen a dinamizar intensamente as visitas ao castro. Este ano contou, entre outros, co espectáculo *O afiadador Rodesindo da Barrosa*, a conferencia-concerto de Mini e Mero sobre Díaz Castro, ao coincidir coa semana das Letras Galegas, a demostración de xogos a cargo do Club de Bolos O Cadaval de Pacios, a actuación do grupo de música tradicional Os Valuros, de Castro de Rei, e a actuación do Mago Rafa.

O Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa, en San Cibrao de Las (Ourense), celebrou este día con **visitas guiadas** ao xacemento e actividades dirixidas aos máis cativos. Os pequenos de 3 a 6 anos asistiron á sesión de **contacontos**, mentres que os maiores de 7 tiveron a oportunidade de participar nos obradoiros de fabricación de **móbiles de temática castrexa**.

O Museo das Peregrinacións e de Santiago programou do 19 ao 25 de maio actividades para promover a visita ao museo: xornadas de **portas abertas**, con acceso a áreas

habitualmente restrinxidas, actividades infantís cunha breve visita arredor de pezas clave do museo a cargo dun educador, cunha sesión de contos e a actividade *Exploradores de coleccións*, con equipamento para converterse en exploradores do museo e da súa colección. Tamén se organizaron actividades coordinadas co Mupega, con intercambios de pezas entre os museos.

O Centro Galego de Arte Contemporánea propuxo co gallo desta celebración cruzar miradas cambiando as pezas de contexto, mostrando así outras conexións para poñer en valor o patrimonio. Nesta ocasión, desprazou ao Museo Pedagóxico de Galicia a obra *Sen título*, de 1996, do artista Chema Alvargonzález.

O Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura sumouse á celebración do Día Internacional dos Museos cunha **xornada de portas abertas** na que o público visitou a exposición *Auga doce* de balde e gozou de actividades para toda a familia, ao mesmo tempo que aprendeu as principais calidades da auga. Coa colaboración da Fundación Aquae, o centro acolleu obradoiros artísticos e creativos, contacontos ou experimentos científicos. No *Aquofono* crearon a súa propia música a través do propio ritmo da auga. Para os máis creativos, *A viaxe dunha pompa* onde, ademais de aprender a crear pompas abórdouse dunha forma lúdica a presenza da auga nos seres vivos. En *Augar-te!* trasladáronse á prehistoria creando un mural de arte rupestre e no obradoiro *Barro+Auga doce: arxila!* crearon figuras e aprenderon a decoralas con diferentes técnicas primitivas.

Ademais disto, a selección de contos *Auga miúda* de Pablísimo achegoulles ás familias historias ao redor de fontes, pozos, ríos, a choiva... sempre coa auga como elemento fundamental.

O Día dos Museos tamén converteu o Gaiás nun gran **Laboratorio científico**, con cinco experimentos ao redor da auga. E os pequenos da casa tiveron o seu propio espazo multisensorial, *As formas da auga*, no que puideron interactuar con diferentes texturas e tamaños.



4.13

Cifras de visitantes dos museos en 2014

MUSEO	VISITANTES 2013	VISITANTES 2014
Museo do Castro de Viladonga	15.301	15.285
Castro de Viladonga	17.288	17.058
Parque Etnográfico do Cebreiro	12.004	17.888
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense	4.793	12.408
Museo Etnolóxico de Ribadavia	6.210	9.946
Museo das Peregrinacións e de Santiago	23.304	22.819
Museo Pedagóxico de Galicia	4.762	6.392
Centro Galego de Arte Contemporánea	68.623	62.713
Museo de Belas Artes da Coruña	30.742	36.805
Museo Massó	15.960	18.932
Museo do Mar de Galicia e Salinae	35.912	35.590
Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre	22.370	21.027
Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa	—	20.500
TOTAL	257.232	277.113

A photograph of a white wall in an art gallery. Four framed artworks are displayed in a 2x2 grid. The top two are small, square, light-colored frames. The bottom two are larger, rectangular frames; the left one is light-colored and the right one is dark-colored. The floor is made of light-colored wood.

05

PROXECCIÓN DA CREACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

A

expresión artística no ámbito plástico e, en xeral, das artes visuais ocupa un interese central na programación da Xunta de Galicia dos servizos culturais ofrecidos á cidadanía. Os museos, ademais do seu labor de conservación, realizan tamén un importante labor de difusión social das artes plásticas, tarefa que comparten con outros centros destinados á programación de exposicións.

A Xunta de Galicia promove, ademais, actividades e programacións para fomentar a creatividade dos distintos colectivos sociais e para facilitar o acceso da cidadanía á obra dos artistas consagrados e emerxentes.

5.1

Exposicións artísticas temporais dos museos

Os museos dependentes da Consellería de Cultura e Educación desenvolveron este ano unha ampla programación expositiva. Esta programación completouse con outras propostas artísticas desenvolvidas polo departamento de Turismo con motivo do ano do VIII Centenario da peregrinación de san Francisco de Asís a Compostela.





5.2

Exposicións do Museo de Belas Artes da Coruña

Confluencias. Jaime Quessada/Xaime Quesada Blanco. 1975/2006

DATAS: do 29 de novembro de 2013 ao 28 de febreiro de 2014

Comisariada por Pilar Corredoira e María Jesús Blanco, o museo coruñés acolleu no comezo do ano *Confluencias. Jaime Quessada/Xaime Quesada Blanco. 1975/2006*, un reencontro entre ambos os artistas, pai e fillo, a modo de homenaxe, co propósito de expoñer puntos de confluencia nunha selección de obras de Jaime Quessada e do seu fillo Xaime Quesada Blanco realizadas entre os anos 1975 e 2006.

Dionisio Tasende. De homes... e mulleres. Fotografías 1955-1979

DATAS: do 24 de abril ao 29 de xuño de 2014

Esta retrospectiva sobre a obra de Dionisio Tasende non só afonda no coñecemento e no estudo da historia da fotografía galega, senón que permite achegarnos a este fotógrafo galego singular, a través da exhibición dun total de 81 das súas imaxes tomadas en Galicia entre 1955 e 1979.



Organizada polo Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI) en colaboración co Museo de Belas Artes e comisariada polo tamén fotógrafo José Caruncho, a mostra constitúe a primeira ampla retrospectiva realizada sobre o traballo de Tasende (A Coruña, 1918-2010), profesional moi considerado internacionalmente pola súa adscrición á FIAP (Fédération Internationale de L'Art Photographique).

Manuel Colmeiro. 1901-1999

DATAS: do 29 de xullo ao 26 de outubro de 2014

Partindo de tres estudos inéditos realizados por Manuel Colmeiro nos anos trinta para un mural, a exposición mostra a evolución do autor desde unha pintura simbólica a outra en que prevalece a autonomía da pintura sobre o tema, facendo fincapé na modernidade da súa opción. Para presentar esta evolución móstranse os seus temas máis recorrentes: o nu, a paisaxe, a natureza morta, a muller campesiña ou o autorretrato, facendo ver a convivencia do primitivismo cun certo clasicismo, que se pon de manifesto tanto nos temas coma na plasmación plástica.

Esta mostra, de produción propia coa colaboración de Elena Comeiro, suscitou un alto interese, non só pola calidade da obra deste autor, senón tamén pola novidade e singularidade que supuxo, grazas á colaboración da súa familia, o acceso a pezas ata agora inaccesibles e descoñecidas para o público.



Aproximacións. Paisaxe e sustentabilidade na arquitectura contemporánea suíza

DATAS: do 18 de setembro ao 26 de outubro de 2014

Esta exposición itinerante, organizada coa Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e a Embaixada Suíza en España, pon en relación a arquitectura suíza con dous conceptos que van máis alá do obxecto construído e da súa posible perfección formal e técnica. Para iso reuniu pezas procedentes de dúas mostras que chegan por primeira vez a España. Por unha banda, *Swiss Positions: 33 takes on sustainable approaches to building* presenta a través de excelentes fotografías unha visión complexa da cuestión do desenvolvemento sostible; e, por outra, *The Swiss Touch in Landscape Architecture* ofrece un percorrido pola tradición, a actualidade e o futuro da arquitectura da paisaxe no país helvético, campo de probas dalgunhas das máis interesantes investigacións recentes. Dúas visións complementarias, marcadas pola conciencia ecolóxica, que demostran a riqueza e a capacidade de innovación da arquitectura suíza, fonte inesgotable de inspiración no ámbito internacional.



Felipe Criado. Cadaquén que pense o que queira

DATAS: do 13 de novembro do 2014 ao 11 de xaneiro de 2015

Mostra homenaxe dedicada ao pintor Felipe Criado (Xixón 1928 - A Coruña 2013). Comisariada por Antón Castro, esta mostra céntrase nos últimos catro anos do pintor, entre 2008 e 2012, mediante unha selección de obras coas que se tratarán de reflectir as mitoloxías que definiron a identidade total do artista, a partir dalgunhas das súas series máis recoñecidas.

Entre as obras escollidas están tres das súas máis célebres series (Santander, Pompeianas e Paraugas) que resumen, en termos estéticos, o longo e denso proxecto artístico do pintor, en tanto que glosan as recorrentes mitoloxías que marcaron a súa identidade e terminaron por definir a súa linguaxe.





5.3

Exposicións do Centro Galego de Arte Contemporánea

100 anos con Alejandro de la Sota

DATAS: do 16 de abril ao 15 de xuño de 2014



Unha vez transcorridos cen anos desde o nacemento de Alejandro de la Sota (Pontevedra 1913 - Madrid 1996), o CGAC acolleu unha exposición organizada pola Fundación ICO en colaboración coa Fundación Alejandro de la Sota, e comisariada por Moisés Puente, na que se reflexiona sobre a súa figura, a súa obra, o seu maxisterio e, o que parece máis pertinente, sobre a actualidade do seu legado.

Alejandro de la Sota é probablemente o arquitecto moderno español que máis paixóns levantou. Á súa figura mítica de arquitecto cunha firme posición ética ante a profesión e un discurso lóxico e directo, hai que sumarlle unha das traxectorias máis intensas e coherentes da historia recente da arquitectura española. A pesar de que as nosas circunstancias non son as súas, o seu legado continúa estando aí, listo para facer uso del.

Misha Bies Golas. 27 negros, 2013-2014

DATAS: do 16 de abril ao 15 de xuño de 2014

Un cadrado negro de 20 x 20 cm é o punto de partida. Misha Bies Golas orchestra unha obra integrada por unha serie de cadros monocromos encargados a outros artistas de diferentes xeracións. É unha peza concibida como unha obra coral que, baixo o título *27 negros*, torna e abre o seu significado máis aló do puramente descritivo ou formal: son 27 cadros de cor negra e, ao mesmo tempo, son 27 artistas que traballan para el seguindo estritas directrices. Un proxecto expositivo comisariado por Miguel Calvo que reuniu o traballo de 27 artistas.



Paco Rocha. Naturalmente humano

DATAS: do 16 de abril ao 15 de xuño de 2014

Comisariada por Christina Ferreira, esta exposición situada no espazo de proxectos do centro reuniu o proxecto fotográfico do artista. A técnica fotográfica é a máis básica e natural, fotografía química, onde a luz reflectida na paisaxe oxida os elementos que compoñen a emulsión da película, de xeito que captura así parte da esencia do momento. Os formatos grandes de placa ou rolo e o uso dunha cámara de banco óptico permiten abordar cada imaxe como unha composición complexa, chea de decisións. Unha leve oscilación da óptica serve para entrar nun bosque nitidamente desde o primeiro paso ata o último, outro movemento crea unha masa de cor difusa nun extremo e así se compón enfocando e desenfocando ao gusto.



Col

DATAS: do 16 de abril ao 18 de xuño de 2014

Mostrar desde unha nova perspectiva obras da colección do CGAC interactuando cos espazos do museo do dobre espazo, vestíbulo e salas da planta baixa é o obxectivo desta mostra, comisariada por Miguel von Hafe, que pon en diálogo obras fotográficas, escultóricas, audiovisuais e instalación de Usue Arrieta & Vicente Vázquez, François Bucher, Waltercio Caldas, André Cepeda, Patricia Esquivias, Suso Fandiño, Fermín Jiménez Landa, Loreto Martínez Troncoso, Chelo Matesanz, Fabio Morais, Pamen Pereira, Gabriel Pericàs, José Luis Seara e André Sousa.





Chelo Matesanz. As miñas cousas en observación

DATAS: do 4 de abril ao 8 de xuño 2014

Esta exposición, comisariada por Chus Martínez Domínguez, revisa a traxectoria artística de Chelo Matesanz (Reinosa, Cantabria, 1964), partindo dos seus traballos de finais da década dos oitenta ata os máis recentes.

Neste recoñecemento a unha das artistas máis singulares da súa xeración —desde hai moitos anos vinculada persoal e profesionalmente a Galicia—, visualízase o intenso proceso reflexivo que vén desenvolvendo ao redor da práctica artística, investigando e cuestionando as bases mesmas da historiografía e desmontando modelos hexemónicos que definen a noción de arte na modernidade: categorías, xéneros, habilidades técnicas e conceptos como xenialidade e orixinalidade, entre outros. Chelo Matesanz foi quen de construír unha cartografía, ampla e persoal, con diferentes linguaxes e soportes que tecen unha pluralidade de temáticas, subvertidas ironicamente desde o humor e a crítica.



Diego Santomé. Peza de esquina e outros espazos en conflito

DATAS: do 20 de xuño ao 2 de novembro 2014

As estratexias discursivas en que se fundamenta a obra de Diego Santomé (Vigo, 1966) están directamente vinculadas cos conceptos de utopía e fracaso, equilibrio e inestabilidade. Tanto na elección dos materiais coma no proceso de traballo, Santomé parte de cuestións ligadas ás circunstancias cotiás e á súa transformación, mostrando a posibilidade/imposibilidade dunha nova orde na que a sociedade acade un equilibrio.

O proxecto comisariado por Agar Ledo reúne unha serie de pezas —algunhas existentes, outras realizadas especificamente para esta exposición— que resumen as preocupacións presentes no seu traballo durante a última década. O cinema, a fotografía, a instalación, a escultura, a performance ou o debuxo son formatos que lle permiten abordar, desde un posicionamento crítico, a transitoriedade das estruturas e da sociedade. As formas simples, ligadas á estética minimalista que caracterizou a súa produción desde os inicios e o carácter efémero dos materiais ou obxectos atopados son fundamentais na construción de novos significados. O simple e intranscendente, o provisorio, tradúcese na posibilidade de grandes cambios.

Luz escura, de Juan Uslé

DATAS: do 4 de xullo ao 28 de setembro de 2014

Mostra monográfica do pintor Juan Uslé (Santander, 1954), comisariada por Stephan Berg, na que se exhiben 50 das súas pinturas negras pertencentes á serie Soñé que revelabas. Nestas pinturas que recolleu a mostra, Uslé leva a cabo unha disquisición atenta e reflexiva sobre as condicións estruturais da pintura e do proceso de pintar. Cada pincelada está cargada de significado en dous sentidos diferentes: por unha banda, representa o xesto pictórico e encádrase na tradición de reflexión metapictórica da pintura abstracta e, por outro, cada pincelada pode ser considerada unha expresión do pulso do pintor, que transforma as obras en manifestacións da conexión directa e sensual do corpo do artista cos seus cadros. Colaborou coa mostra o Kunstmuseum, de Bonn.



Curculio Bassos, de Mark Manders

DATAS: do 4 de xullo ao 19 de outubro de 2014

Primeira mostra monográfica do artista holandés Mark Manders en España.

Mark Manders é, fundamentalmente, escultor, e a súa obra ten un forte compoñente poético. Todo parte do seu xa lendario *Self-Portrait as a Building*, un traballo realizado en 1986, cando o artista tan só tiña 18 anos, o momento no que comprendeu que tiña “unha certa afinidade coa linguaxe das artes visuais”. A mostra foi comisariada por Javier Hontoria e desenvolvida coa colaboración da Fundación Mondriaan.



É capital, de Cristina Lucas

DATAS: do 17 de outubro de 2014 ao 22 de febreiro de 2015

En *É capital*, Cristina Lucas (Xaén, 1973) analiza algunhas das principais incógnitas, paradoxos e retos que supón o actual sistema capitalista mediante catro obras de nova creación concibidas especificamente para o contexto desta exposición. A relación entre o valor de uso e o valor de cambio nunha sociedade rexida polas normas do capitalismo financeiro, a relación existente entre os conceptos filosóficos cos que comercian as empresas e a súa actividade comercial ou a escaseza de recursos e a incapacidade do noso planeta para xerar riqueza suficiente son algún dos temas expostos na mostra, comisariada por Manuel Villa, e desenvolvida en colaboración con Matadero, AC/E e Patio Herreriano.





Carlos León. A orde das primeiras cousas

DATAS: do 31 de outubro de 2014 ao 8 de marzo de 2015

Esta exposición explora e vertebra algunhas das series máis recentes do pintor Carlos León (Ceuta, 1948). Comisariada por Alberto González-Alegre e Ángel Cerviño, indaga con especial interese nos xogos de relacións —plásticas e conceptuais— que se establecen entre o radical cuestionamiento de todo ilusionismo que propón a súa pintura e a práctica depurada dunha produción tridimensional.

Na obra de Carlos León conviven as formulacións puramente obxectuais e a instalación, que irrompe con inusitada forza e determinación nos seus últimos traballos. Ordenación musical de contrarios á que tamén fai referencia o título da exposición, *A orde das primeiras cousas*, en palabras do poeta Robert Duncan. Desde os seus inicios, imbuído do espírito subversivo do grupo Supports-Surfaces, mediada a década dos setenta, ata os desenvolvementos posteriores froito das súas prolongadas estadias en París e Nova York, a obra de Carlos León evidenciouse como unha das propostas fundamentais para comprender o proceso de ruptura que, operando desde o corazón mesmo da pintura, derivou as prácticas pictóricas cara a unha creba consciente do réxime de visibilidade e abriunas ao espazo baleiro dunha expresividade que extraviou o suxeito dos seus requirimentos, unha expresividade que traza —no plano desolado en que deveu o cadro— os rastros desa gozosa procura.

Rosendo Cid. O enxeño da escaleira

DATAS: do 17 de outubro de 2014 ao 11 de xaneiro de 2015



Comisariada por Christina Ferreira, a exposición achega o traballo de Rosendo Cid (Ourense, 1974), que parte de claves que abranguen desde un certo espírito dadaísta, xa que a miúdo emprega obxectos ou imaxes sen manipular, ata o cuestionamiento de certa gravidade ou solemnidade que parece rodear a arte contemporánea. Todo iso mediante o traballo en series, do que se deriva un entendemento da arte como proceso variable e constante.

O traballo de Cid pode identificarse coas actitudes metodolóxicas do grupo literario OuLiPo. A través da ensamblaxe e da reensamblaxe de obxectos, coma se dunha colaxe infinita se tratase, Rosendo Cid crea novas tensións e estruturas. Xa que logo, desde un punto de vista formal, nas súas obras predominan as liñas, os baleiros, os paralelismos e un buscado contraste entre a luz e a sombra. Para esta exposición no CGAC, o artista apóiase en dúas ideas literarias. Por unha banda, a expresión francesa *l'esprit de l'escalier* (o enxeño da escaleira), que describe o acto de atopar unha resposta enxeñosa cando é demasiado tarde para ofrecela, un fenómeno que vai acompañado dunha obvia sensación de arrepenti-

mento. E, pola outra, o *Odradek*, criatura imaxinaria dun relato de Franz Kafka descrita como un obxecto-ser deslocalizado e sen outra aparente utilidade máis que a do seu propio existir.

Hospitalidade. Obras da Colección CGAC

DATAS: do 18 de novembro 2014 ao 5 de abril de 2015

Esta exposición completa a programación do 2014 con obras pertencentes á colección do centro, autoría de Antoni Abad, Lara Almarcegui, Helena Almeida, Juan Araujo, David Bestué & Marc Vives, Robert Breer, Pedro Cabrita Reis, Rui Calçada Bastos, Jota Castro, Ângela Ferreira, Alicia Framis, Anna Bella Geiger, Liam Gillick, Jonathan Hernández, Jirí Kovanda, Guillaume Leblon, Carlos Maciá, Rubens Mano, Peter Piller, Rubén Ramos Balsa, Frank Thiel e Mauro Trastoy.

A mostra, comisariada por Miguel von Hafe Pérez, presenta creacións individuais de artistas que pensan dun modo polifacético sobre o espazo doméstico, a súa relación coa sociedade (en forma de aproximación documental ou, no outro extremo do arco de posibilidades, con propostas ancoradas nunha estranxeza que provoca distanciamento) e revela modos de mirar, con maior complicitade crítica, aquilo que nos rodea.



5.4

Exposicións da Casa da Parra

A Casa da Parra é un centro expositivo da Xunta de Galicia situado na praza da Quintana, en Santiago de Compostela, no baixo dun dos edificios de alto valor arquitectónico da cidade, de finais do século XVII, obra do arquitecto Domingo de Andrade. Nas súas salas programa ao longo do ano exposicións de produción propia de artistas galegos e foráneos vinculados con Galicia.




César Taboada. A música de Epicuro

DATAS: do 20 de novembro de 2013 ao 2 de febreiro de 2014

A *música de Epicuro* é unha selección de obras de creación recente de Taboada, apoiada por textos críticos nos que o autor fai evidente a carga narrativa da súa obra. Esténdea a espazos inventados, cun debuxo coitado que sustenta unha pintura de forte cor e baseada na recreación de ambientes da súa propia vida.

A maré, de Lito Portela

DATAS: do 24 de febreiro ao 26 de abril



Esta mostra do cangués Lito Portela, comisariada por Fátima Otero, recolle un total de dezaseis pezas escultóricas realizadas en fibra de poliéster e revestidas con pintura metalizada, entre as que destacan pezas como *Art at the turn of the Millenium* (2010), *Vanitas* (2010), *Arneirón* (2010) ou *Cuncha* (2014). A dimensión simbólica da mostra e a capacidade do artista ofrecen unha orixinal actualización da mensaxe do mar coa que o pintor e escultor galego se reafirma na súa predilección pola organicidade.

Human Matter – Retratos dunha liña, de Manuel Penín

DATAS: do 15 de xuño ao 15 de xullo

Compartir un instante concreto e reflectir de forma inmediata os seus sentimentos nunha nova obra de arte foi a pretensión coa que Manuel Penín abordou esta singular mostra de retratos elaborados en papel nun formato de creación ao vivo na propia sala, cunha soa liña e de todo aquel que desexou participar nesta acción creativa que renova a forma clásica de relación entre o artista e o modelo. A mostra partiu de 50 retratos realizados semanas antes a xentes de todo tipo, sexo e condición na cidade de Compostela. Persoas coñecidas no ámbito público e cidadáns anónimos formaron parte da acción, que foi aumentando co paso dos días e que se acompañou dun rexistro audiovisual no que quedou plasmado o proceso.



Verquidos, de Berta Cáccamo

DATAS: do 22 de xullo o 30 de setembro de 2014

A exposición, comisariada por Miguel Mont, é unha selección de 60 pezas da obra realizada pola artista viguesa nos últimos dez anos, unha etapa na que se explorou a relación entre o debuxo e a pintura, entre a dimensión xestual e os distintos tempos e temporalidades de aplicación. Vinte das pezas están realizadas con técnica mixta e acrílicos sobre lenzos e proveñen de coleccións públicas como a Fundación Aena, a Deputación da Coruña ou a Fundación Abanca, mentres que as 40 restantes se corresponden con series de debuxos sobre papel. Para completar *Verquidos*, Berta Cáccamo levou a cabo unha intervención mural nos espazos da Casa da Parra.



5.5

Exposicións do Museo Centro Gaiás

O Museo Centro Gaiás, na Cidade da Cultura de Galicia, no composte-lán monte Gaiás, desenvolveu este ano dúas importantes exposicións de referencia na axenda expositiva de Galicia, que se describen con detalle no capítulo correspondente á Cidade da Cultura.

Así, entre o 21 de marzo e o 14 de setembro puido visitarse nas súas instalacións a exposición *Auga doce*, unha ambiciosa mostra para explorar a íntima relación de Galicia coa auga. *Auga doce* foi tamén unha oportunidade única para contemplar unha coidada selección de obras de arte, froito da xenialidade de artistas que encontraron na auga a súa musa, 700 obras que mergullaron o visitante nunha intensa experiencia estética a través de grandes nomes da creación contemporánea, como David Hockney, Gerhard Richter, Mario Merz, Louise Bourgeois, Martín Chirino ou Chema Madoz e de mestres clásicos da altura de Piranesi, John Constable, Henry Lewis ou Audubon.

E desde o 21 de novembro de 2014 (e ata o 8 de febreiro de 2015), baixo o título *Cinegalicia25*, o Museo Centro Gaiás ofreceu un percorrido pola historia do cine en Galicia e, particularmente, pola recente andaina do desenvolvemento dun cine galego, nacido a partir das longametraxes *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro, *Continental* de Xavier Villaverde e *Urxa* de Carlos A. L. Piñeiro e Alfredo García Pinal.



5.6

Exposicións do Museo das Peregrinacións e de Santiago

Il Cammino dei Francesco. Fotografías de Steve McCurry

DATAS: do 11 de abril ao 6 de xuño de 2014

Mostra organizada no marco da conmemoración do 800 aniversario da peregrinación de san Francisco de Asís a Santiago de Compostela, que recolle 50 imaxes captadas polo prestixioso fotógrafo estadounidense Steve McCurry seguindo o itinerario do camiño de Francisco en Italia. Unha exposición fotográfica de alta calidade sobre este patrimonio espiritual.

A mostra foi promovida pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo en colaboración co Concello de Rieti (Lazio, Italia).



Iconas rusas. Presentación dunha colección

DATAS: do 16 de xullo ao 31 de decembro

As iconas rusas recollen unha tradición secular, xa que son unha evolución do tipo de representación iconográfica que se inspira directamente nos arquetipos creados no mundo bizantino. Por outro lado, é innegable o seu atractivo como obras de arte, con representacións figurativas que mantiveron a súa estrutura, simbolismo e valores cromáticos case sen variación ao longo dos séculos.

Móstranse nesta exposición un conxunto de 35 pezas rusas, das que case a totalidade son iconas da escola rusa encadrables en tipoloxías e cronoloxías diversas, entre o século XV e o XX, cunha maior representación de iconas producidas ao longo do XIX. As pezas, de alta calidade artística e dun importante valor cultural, proceden dunha colección privada cedida á Xunta de Galicia.

A mostra foi a antesala da grande exposición temporal que incluírá a totalidade da colección de iconas e que terá cabida na nova sede do Museo das Peregrinacións e de Santiago, no edificio do antigo Banco de España na praza das Praterías compostelá.





5.7

Exposicións do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

O Museo Arqueolóxico programou este ano dúas importantes exposicións. A mostra divulgativa centrada na figura do Padre Feijoo, cunha sección dedicada ao estudo da representación iconográfica deste ilustrado na súa época, recóllese nos capítulos 4 e 9 desta memoria.

Os satélites. Parada Justel

DATAS: do 27 de novembro de 2014 ao 1 de febreiro de 2015

ESPAZO: Centro Municipal José Ángel Valente (antigo edificio do Banco de España en Ourense)

Esta mostra naceu para presentar e divulgar un cadro recentemente adquirido pola Consellería de Cultura e Educación, *Os satélites*, unha das obras máis senlleiras do pintor ourensán Ramón Parada Justel, nado en Esgos (Ourense) en 1871 e falecido en 1902, unha prematura morte en plena mocidade e vitalidade creadora.

Trátase dun cadro de gran formato, premiado na Exposición Nacional de 1899, que permaneceu nunha colección particular, oculto aos ollos do público ata hoxe, que pasou a incrementar as coleccións do museo.

Acompaña este cadro unha pequena escolma de 17 obras máis do pintor ourensán, co obxectivo de ofrecer un percorrido pola traxectoria artística de Ramón Parada Justel e de dar a coñecer o proceso de restauración do cadro *Os satélites*.

Con visitas guiadas diarias e programación didáctica para escolares.

5.8

Exposicións do Museo do Mar de Galicia

Océanos, de Antón Patiño

DATAS: do 16 de setembro ao 30 de novembro de 2014

Mostra do artista monfortino Antón Patiño, que reúne un total de doce pezas de gran formato, nas que o pintor plasma un amplo abano de sensacións que provoca o mar, como a soidade, o sopor, o medo ou a liberdade. Nesta exposición, Patiño achégase ao ideal do sentimento oceánico mediante amplos trazos en cor azul ultramar, branco mineralizado, verdes líquidos ou negros de loito e tormenta. Mediante o emprego do verniz e diversos pigmentos, o autor trata de atraer a memoria emocional do espectador en distintos bloques monográficos.

5.9

Colaboración con outros centros expositivos

A Xunta de Galicia promove a difusión das artes plásticas e visuais a través de colaboracións con diversas entidades. A Consellería de Cultura e Educación achegou este ano unha contía de 100.000 euros para o desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, culturais, didácticas e de difusión no **Museo de Arte Contemporánea (MARCO)**, na cidade de Vigo, mediante un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación MARCO.

Difusión e estudo da obra de Laxeiro

A Secretaría Xeral de Cultura mantén unha constante colaboración coa Fundación Laxeiro para o estudo, localización e catalogación da obra de Laxeiro.

En colaboración coa Fundación Laxeiro desenvólvese, ademais, este ano unha exposición de Elena Lapeña, titulada **Corintia**, onde a artista mostrou o seu traballo fotográfico máis recente, con técnicas e linguaxes diversas: pintura, vídeo, instalación e fotografía, a medio camiño entre a realidade e a ficción.

Dentro do ciclo Os Novos da Fundación Laxeiro programouse tamén a exposición **Arturo Souto: nove óleos sobre lenzo**, que mostran a denomi-

nada estética granítica, un concepto que serviu para definir a forma de pintar dos Renovadores no primeiro terzo do século XX e que tivo continuidade en anos posteriores.

Colaboración con Afundación: Antolóxica de Antón Pulido



A Fundación Galicia Obra Social (Afundación), en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, programou entre os meses de setembro e novembro no seu centro cultural de Vigo a mostra **Antón Pulido. Antolóxica**. Máis de 4.000 persoas acudiron a contemplar as obras dun dos artistas galegos actuais de maior recoñecemento, nunha proposta que pretendía poñer de manifesto o progreso vital e produtivo do autor, a través de 34 obras datadas entre os anos 1970 e 2013, desde os comezos figurativos e expresionistas ata a abstracción que acabaría por impregnar a completa produción de Pulido.

O Servizo Didáctico de Afundación ofreceu unha programación de visitas guiadas nas que participaron máis de 1.000 persoas, con actividades diferenciadas para os distintos públicos (escolares de infantil e das distintas etapas de formación e tamén público adulto).

Exposición Acisclos en Ourense

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou coa exposición **Acisclos** do Centro Cultural Marcos Valcárcel, do 19 de maio ao 29 de xuño, que xuntou dúas xeracións de creadores nun proxecto cheo de intensidade e diálogo plástico, o de Acisclo Manzano e Acisclo Novo, mediante a publicación do catálogo da mostra.

Nesta exposición, Acisclo Manzano, un dos grandes escultores galegos contemporáneos, mostrou as obras que forman parte da súa colección particular, unha serie de pezas que fixo ao longo do tempo e das que non quixo desprenderse. Pola contra, Acisclo Novo ofreceu o seu traballo máis recente con novos e vellos materiais.

Cuarto Público



A feira de arte contemporánea Cuarto Público celebrou no mes de novembro en Santiago de Compostela a súa segunda edición co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A iniciativa, organizada por Territorio Cultura, é unha feira de arte singular, que converte os cuartos e espazos comúns dun hotel compostelán nun escaparate para a arte para achegar de maneira distinta o público e clientes á creación artística actual. Nesta feira de arte contemporánea participan diversas galerías galegas e de fóra da comunidade, como Trinta, Bus Station, Adhoc ou Ingenio, xunto con revistas especializadas en artes, o Cen-

tro Galego de Arte Contemporánea, a Fundación Luís Seoane, o Auditorio de Galicia e a Facultade de Belas Artes. A programación incluíu desfiles de moda, sesións musicais, performances etc.

5.10

Colaboración con proxectos fotográficos

A Secretaría Xeral de Cultura préstalles apoio a diversas entidades e iniciativas para a difusión da fotografía. Co Club de Prensa de Ferrol colaborou este ano nunha nova edición de *Galicia en foco. O fotoxornalismo galego*, unha mostra itinerante que achega cada ano a creación actual dos fotoxornalistas galegos.

Outono Fotográfico. Premio Galicia de Fotografía Contemporánea

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou coa segunda edición do Premio Galicia de Fotografía Contemporánea, un certame nacido ao abeiro do Festival Outono Fotográfico, promovido pola Fundación Benito Losada, co obxectivo de situar a Galicia no circuíto internacional da fotografía e de promover nesta disciplina novas creacións na linguaxe contemporánea. O certame premia propostas de carácter visual-fotográfico no discurso da fotografía contemporánea por parte de autoras e de autores de calquera nacionalidade.

Berto Macei e José Romay foron os gañadores desta edición, que tamén contou co apoio da Deputación Provincial de Lugo e estivo dotada con 16.000 euros, destinados á produción da exposición temporal itinerante coa obra gañadora e á súa publicación nun libro.

Ademais, o Museo Etnolóxico de Ribadavia acolleu nos meses de outubro e novembro, dentro da programación enmarcada no XXXII Outono Fotográfico, a mostra *Identidade/Alteridade*, de fotografías de Eduardo Teixeira Pinto.

Este museo tamén acolleu outras exposicións de fotografías, como *De trás da máscara*, unha selección de fotografías nas que Demetrio Monteagudo presenta un percorrido polos entroidos de Galicia.

Mostras fotográficas no Museo do Mar

Como actividade paralela ao Congreso internacional da camelia, no mes de marzo o Museo do Mar de Galicia expuxo un conxunto de 79 imaxes de gran formato da artista Cristina Varela baixo o título de *Mar de camelias*. Tratadas con diferentes texturas, a mostra ofreceu unha visión particular desta flor e da relación co mar a través da ollada da artista.



Arte e ritual na catedral de Santiago, de Luis Gabú

A exposición *Arte e ritual na catedral de Santiago*, do fotógrafo e artista plástico coruñés Luis López Gabú, presentada en Madrid en 2013, abriu as súas portas na capital galega no mes de xuño na nova sede do Museo das Peregrinacións e de Santiago na praza das Praterías. A mostra, composta por 39 suxestivas imaxes, dividiábase en dúas seccións: *Arte e ritual* e *O Camiño*, nas que se ofrecen algúns dos aspectos esenciais, estéticos e rituais, do templo compostelán, así como unha perspectiva anovadora e persoal, tinxida de poesía e espiritualidade, sobre o fenómeno xacobeo e as peregrinacións a Santiago.

As imaxes, resultado da experiencia e das investigacións levadas a cabo polo artista, foron captadas durante 2010 e reflicten con precisión e intensidade os instantes vividos, configurados pola presenza dos peregrinos na súa viaxe ou inmersos na relixiosidade envolvente dos rituais no espazo catedralicio.

A mostra puido visitarse posteriormente en Toquio, na sede xaponesa do Instituto Cervantes.

GTB fotógrafo. Realidade e ficción

A Fundación Gonzalo Torrente Ballester organizou no mes de outubro unha mostra de fotografías realizadas polo escritor ferrolán e datadas nas décadas dos sesenta e dos setenta para comprender mellor as vivencias e os escenarios máis coñecidos da obra literaria de Torrente Ballester. A mostra incluíu unha selección de fotografías en branco e negro das décadas dos sesenta e dos setenta, con vistas de paisaxes urbanas a xeito de escenarios, detalles estéticos ou lúdicos que chaman a súa atención, algúns temas iconográficos propios, como a súa predilección polos balcóns, a Berenguela ou escenas mariñeiras.

Recuperación de fotografía histórica



A Xunta de Galicia tamén colaborou este ano con varios proxectos de recuperación fotográfica, como a mostra de Alvarellos Editora *As fotos máis antigas de Galicia*, con imaxes do fotógrafo Andrés Cisneros tomadas na capital de Galicia no verán de 1858, que se conservan actualmente no Palacio Real de Madrid.

El retrato y la muerte é o título do traballo de Virginia de la Cruz Lichet, no que se inclúen imaxes de fondos de distintos centros dependentes da Consellería de Cultura e Educación, que viu a luz este ano e que foi presentada en Ribadavia e en Santiago de Compostela.







06

PROXECCIÓN DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

A

Xunta de Galicia desenvolve diversas liñas de traballo para favorecer o tecido cultural arredor da música, o teatro, a danza, o novo circo ou a maxia, promovendo tanto a produción e a distribución de espectáculos, como a innovación, a formación e a creación e formación de novos públicos.

Estas tarefas, que son principalmente abordadas desde a Axencia Galega das Industrias Culturais, complétanse con outras iniciativas desde o espazo de xestión educativa no ámbito formativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e desde a Secretaría Xeral de Cultura. Estas últimas son obxecto do presente capítulo desta memoria.

6.1

Do Audible, música contemporánea en diálogo con outras artes

A Secretaría Xeral de Cultura programou este ano a segunda edición do ciclo Do Audible, unha programación musical en diálogo con outros campos de expresión como a ciencia, a arte e o pensamento, desenvolvida en colaboración co colectivo Vertixe Sonora.

Con esta programación procúrase unha normalización da escoita de música contemporánea no noso territorio, a través dun formato no que se indaga nos puntos de encontro entre a música, a ciencia, a arte e o pensamento, que faciliten o achegamento do público non especializado e a conquista dunha percepción musical máis consciente.

Dentro do ciclo ofrecéronse en 2014 catro programas, todos eles con entrada gratuíta, nas cidades de Ourense, Vigo, A Coruña e Pontevedra. Cada actuación organizouse arredor dun foco temático: o tacto, o universo, o mar e o diabólico, cun concerto precedido por unha charla introdutoria a cargo de relevantes personalidades do mundo da cultura e da música contemporánea.

Tactus

Xoves 19 de xuño ás 20.00 h

Sala Multiúsos Campus de Ourense da UVigo (Ourense)

Coa participación de Ana Romaní (poeta) e Traspediente Danza

Coa colaboración da Aula de Acordeón do Conservatorio Profesional de Música de Ourense, coordinada por Celia Adrián

COMPOSITORES: John Cage (Estados Unidos), Daniel Zea (Colombia) e Hugo Morales (México)

INTERPRETA: Vertixe Sonora Ensemble



O canto das baleas

Xoves 26 de xuño ás 20.00 h

Museo do Mar de Galicia (Vigo)

Coa participación do divulgador Francisco Ramos (autor de *La música del siglo XX*.

Una guía completa, ed. Turner)

COMPOSITORES: Charles Antoine Fréchette (Canadá) e Fernando Garneró (Arxentina)

INTERPRETA: Vertixe Sonora Ensemble

Música das esferas celestes

Sábado 11 de outubro ás 20.00 h

Casa das Ciencias (A Coruña)

Coa participación do profesor, ensaísta e comisario Lluís Nacenta

COMPOSITORES: Karlheinz Stockhausen

INTERPRETA: Vertixe Sonora Ensemble

A música e o diabólico

Venres 14 de novembro ás 20.00 h

Sexto Edificio, Museo de Pontevedra (Pontevedra)

Coa participación do profesor e ensaísta Enrique Gavilán (autor de *Otra historia del tiempo*, ed. Akal)

COMPOSITORES: Salvatore Sciarrino (Italia), Pierluigi Billone (Italia), Mauricio Pauly (Costa Rica)

INTERPRETA: Distracfold Ensemble (Manchester), agrupación convidada

6.2

Programación lírica

Ademais das programacións apoiadas pola Axencia Galega das Industrias Culturais, como a temporada lírica da Coruña (véx. CAPÍTULO 10), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colabora coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago para difundir o xénero lírico a través dunha oferta cultural de calidade. Con este obxectivo, o departamento apoiou unha nova edición da **Semana da ópera en Compostela** no mes de maio, en Santiago de Compostela.

O ciclo iniciouse cunha conferencia de Joan Matabosch, director artístico do Teatro Real de Madrid. O 6 de maio tivo lugar un concerto de ópera veneciana polo grupo compostelán Resonet, no Paraninfo da Universidade, mentres que ao día seguinte a profesora Isabel Espín Alba falou na Facultade de Dereito sobre a ópera e os dereitos de autor. Cinesa das Cancelas foi outro dos escenarios do ciclo, onde se proxectou, o día 7, *La Bohème*, de Giacomo Puccini. O acto final, o 10 de maio, Día Internacional da Ópera, contou cun recital de María Ruiz (soprano) e Carlos Enrique Pérez (piano), no Teatro Principal.

Co seu apoio a esta iniciativa, os obxectivos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria son impulsar a presenza da ópera na programación cultural de Galicia e divulgar o traballo dos compositores e intérpretes deste xénero.

Outono Lírico 2014 en Vigo

Organizado pola Asociación de Amigos da Ópera de Vigo co apoio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, o Outono Lírico 2014 ofrece un programa composto por citas musicais e mais conferencias arredor do xénero.

Nesta edición, o Teatro Sala de Concertos Afundación de Vigo acolleu o 8 de novembro a representación da zarzuela de Vicente Leó *La Corte del Faraón*, con dirección musical de Javier Corcuera e escénica de Lorenzo Moncloa e coa interpretación de Hevila Cardaña, Carmen Aparicio, Carlos Crooke, Santos Ariño, Juan C. Barona, Paco Racionero e do coro e orquestra da compañía Nieves Fernández de Sevilla.

O día 21 de decembro tivo lugar a representación da ópera *Lucia di Lammermoor*, de Donizetti, cun elenco que incluíu a soprano María José Moreno, Miguel Borrallo, Arturo Pastor e José A. García, así como as interpretacións da Orquestra Sinfónica Vigo 430 e do Coro Universitario de Vigo. A dirección musical estivo a cargo de Francisco Moya e a dirección escénica a cargo de Ignacio García.

No referido ás conferencias, o 28 de outubro o relatorio do director artístico do Teatro Real versou sobre os modelos internacionais de xestión da ópera. O programa continuou o 11 de novembro cos críticos Arturo Reverter e Victoria Stapells, co título *Kathleen Ferrier: Sentido y sensibilidad. La contralto que hizo llorar a Bruno Walter*. Unha semana despois, o crítico e musicólogo José Luis Téllez presentou *Gluck*, e o 25 de novembro a blogueira Silvia Pujalte *Desmitificando a Strauss*.

No mes de decembro, o programa completouse coas charlas *Lucia: el deseo y la muerte*, coa participación de membros do elenco de *Lucia di Lammermoor*, e a impartida polo presidente da Asociación Amigos da Ópera de Vigo, Pedro Pablo Gutiérrez, arredor das últimas óperas de Rossini. O ciclo musical esténdese ata o mes de xaneiro de 2015, coa representación adaptada da ópera infantil *Guillermo Tell*, de Rossini, pola compañía La Baldufa.

6.3

Ciclos de música clásica

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, apoiou en 2014 diversas programacións locais de música clásica.

Ciclo de Lied de Santiago de Compostela

O Ciclo de Lied de Santiago de Compostela fixo este ano os seus primeiros quince anos. É o segundo certame deste xénero máis antigo de España. A Xunta de Galicia colaborou con esta sinalada edición, que presentou un cartel con tres experimentados cantantes de recoñecido prestixio internacional como Christoph Prégardien e, debutando en Galicia, Laurent Naouri e Dorothea Röschmann. Un ano máis, Roger Vignoles actuou como codirector artístico.

Festival Via Stellae

Tamén na capital galega se desenvolveu unha das citas de referencia da programación musical do verán. Do 20 de xuño ao 15 de xullo, o Festival Via Stellae programou 23 concertos de recoñecidos intérpretes e agrupacións do panorama europeo, cunha destacada participación galega, vinculados ao Barroco e á música antiga, pero na que non faltan outras épocas e xéneros musicais.

A liña de programación antiga e barroca estivo representada por artistas e agrupacións como a orquestra belga Il Fondamento, os violinistas Fabio Biondi, Sergey Malov



e Amandine Beyer, a soprano italiana Roberta Invernizzi, o cuarteto vocal norteamericano Anonymous 4, os contratenores Xavier Sábata e José Hernández Pastor, o pianista Iván Martín e os conxuntos Al Ayre Español e Accademia del Piacere, entre outros. Ao segundo fillo de Johann Sebastian Bach e ao seu padriño Georg Philipp Telemann dedicáronlles o seu concerto a orquestra barroca belga Il Fondamento e o seu creador Paul Dombrecht. Tamén arredor da música de C.P.E. Bach, o festival ofreceu a ocasión de descubrir o violoncello da spalla, baixo a interpretación do ruso Sergey Malov.

Via Stellae tamén celebrou con música o oitavo centenario da peregrinación a Compostela de san Francisco de Asís co coro Vox Stellae e o grupo Resonet. Este último foi o encargado de inaugurar o festival cun programa de cantos italianos do século XIII relacionados coa orde franciscana e cantos ibéricos da época como as *Cantigas de Santa María* ou o *Códice Calixtino*.

O arpista compostelán Manuel Vilas e a Real Filharmonía de Galicia, a presentación da nova agrupación Galicia Brass, de metais e percusión, e os pianistas Alejo Amoedo e Pablo Rodríguez, xunto coa soprano Teresa Novoa, completaron a representación galega da programación.

Na achega alternativa do festival, o OFF#Stellae, conformada por seis concertos e espectáculos, incluíuse a Banda Municipal de Música, en colaboración co Ensemble Residente do Festival Internacional de Percusión arredor do folclore indíxena americano; unha suxestiva proposta no CGAC de Nuno Aroso e un concerto de catro novas percusionistas galegas (Marta Rodríguez, Carla Villanueva, Irene Rodríguez e Sabela Castro), ademais das citas musicais co trío Caspervek, Andreas Prittwitz e Germán Díaz.



Peregrinos Musicais

O Festival Internacional Peregrinos Musicais está dedicado á promoción dos novos talentos musicais galegos e rusos, a través da organización de diversos concertos e encontros líricos, co fin de contribuír á educación e ao desenvolvemento das relacións interculturais. Nesta segunda edición, presentou entre o 21 e o 26 de setembro un conxunto de músicos, mozos e mozas de talento destacado, en consonancia con este espírito de concordia impulsado pola fundación Spivakov, seleccionados nos centros de formación de Rusia e de Galicia. Do ámbito galego, participaron no festival Cristina Bernal (piano), Ignacio da Vila (clarinete), Nerea Rodríguez (acordeón), Noa Outomuro (soprano), Pablo Rouco (fauta) e Roberto Bolaño (fauta). Os intérpretes rusos da cuarta edición foron Anastasia Chichelova (piano), Uliana Zhivitckaia (fauta), Chingis Khannánov (violín), Davit Krikuli (piano), Daniel Lozakovitj (violín) e María Zaitseva (violoncello).

Ademais da programación de concertos en Santiago de Compostela, Peregrinos Musicais programou concertos na cidade de Lugo. O concerto de clausura realizouse coa colaboración especial da Real Filharmonía de Galicia, baixo a batuta de Maximino Zumalave, e a participación dalgúns das mozas e dos mozos do festival.

Festival Groba

O II Festival Groba converteu Ponteareas, do 23 ao 30 de agosto, en centro de referencia musical para afeccionados, intérpretes e creadores galegos, co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración coa Fundación Rogelio Groba e o Concello de Ponteareas.

Logo da boa acollida en 2013, o festival volveu unir as dúas grandes paixóns do mestre Groba: a composición e a educación de novos valores musicais. Para iso, realizáronse concertos diarios no Auditorio Municipal de Ponteareas, nos que se interpretaron diversas composicións de Rogelio Groba e doutros compositores da música clásica universal, a cargo de sobranceiros artistas internacionais e de músicos galegos de ampla experiencia e traxectoria.

A Orquestra de Cámara Galega, baixo a dirección de Rogelio Groba Otero, volveu ser a orquestra en residencia dun festival que, xunto cos concertos, ofreceu clases maxistras e obradoiros de formación para ampliar a formación musical dos estudantes. Esta orquestra tamén celebrou este ano a súa décimo oitava temporada de actividade artística cun concerto no Teatro Colón da Coruña, que contou co apoio da Secretaría Xeral de Cultura.

Festival Hércules Brass Celanova

Este ano desenvolveuse en Celanova o I Festival Hércules Brass, coa colaboración da Xunta de Galicia, a Fundación Curros Enríquez, a Deputación de Ourense e o Concello de Celanova. O festival programou unha oferta de clases maxistras e concertos de música de cámara de grupos galegos, co fin de fomentar a cultura musical na zona e ampliar e actualizar a formación teórica e práctica dos participantes.

Promovido pola asociación cultural Xingros, o festival tivo lugar no mes de agosto e incluíu concertos de Marina Gundín e Francisco J. Galán, Hércules Brass Quintento e Enrique Crespo, o Quinteto Rubato ou a Banda de Música de Celanova, entre outros. Ademais dos espectáculos musicais, desenvolvéronse cursos de trompeta, trompa, trombón, tuba e percusión con profesores como Rubén Simeó (solista internacional), Alfredo Varela (solista da Real Filharmonía de Galicia), Jon Etterbeek (solista da Orquestra Sinfónica de Galicia), Guillermo Collazo (colaborador Royal Concertgebouw Orchestra) ou Jesús Porta (solista NDR Sinfonieorchester).

(Véxase tamén as seccións vinculadas á música e ao patrimonio do CAPÍTULO 3 desta memoria).



Festival Pulso e Púa

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña colaboraron coa Agrupación Musical Albéniz na organización dunha nova edición do *Festival Internacional de Pulso e Púa Cidade de Cristal*, que nesta ocasión acadou o cuarto de século.

Entre o 7 e o 12 de outubro, oito grupos de recoñecido prestixio procedentes de España e de países como Brasil, Portugal, Rusia, Israel ou Venezuela actuaron en Galicia no marco do festival. Nos seis días de duración do festival, programáronse 35 actuacións en quince concellos da provincia da Coruña, ademais de actividades didácticas en colexios e institutos.

Programacións da Federación de Corais Galegas

A Consellería de Cultura e Educación asinou este ano un convenio de colaboración para promover a difusión da música das corais galegas, a través da Federación de Corais Galegas que aglutina 237 coros. Nese marco programáronse este ano unha vintena de concertos, un festival de coros infantís e xuvenís, cursos de formación vocal e de dirección, e editáronse ademais diversos materiais divulgativos.

Música no Camiño, para difusión da música das bandas

Centos de peregrinos e público xeral puideron asistir entre os meses de outubro e decembro ao ciclo de bandas de música popular Música no Camiño, promovido polo departamento de Turismo da Xunta de Galicia, no que participaron 14 agrupacións musicais de toda Galicia.

Este certame musical levou a música das agrupacións musicais populares galegas á praza da Inmaculada de Santiago de Compostela ao longo dos últimos 14 domingos do ano como incentivo cultural para os peregrinos que se achegaron á cidade. Incluído na programación do VIII Centenario da peregrinación de San Francisco a Compostela, este ciclo musical constituíu un agradecemento aos numerosos peregrinos que chegan a Santiago como etapa final do Camiño, ao tempo que contribuíu á divulgación e á promoción das bandas populares de Galicia e da música galega en xeral.

6.4 Programación das orquestras galegas

Nacida da man da Xunta de Galicia en 1996, a **Real Filharmonía de Galicia (RFG)** é unha orquestra sinfónica de vocación universal xestionada polo Consorcio da Cidade de Santiago, do que forma parte a Consellería de Cultura e Educación. Dirixida por Paul Daniel, a súa temporada 2014-2015 dedica novos esforzos a atender o público familiar, co fin de ir acrecentando a afección pola música. Explora tamén novos territorios sempre baixo a premisa da calidade musical para consolidar o papel cultural da orquestra na súa sede, o Auditorio de Galicia, e fóra dela.

Así, na programación 2014-2015 a RFG volve ao repertorio musical no que é especialista, interpretando Haydn, Mozart ou Beethoven, así como música de Haendel e Bach, e ofrece por primeira vez obras de gran repertorio de Sibelius, de Bruckner ou de Chopin, ata Wagner, Mendelssohn, Schumann, Schubert, Saint-Saëns, Tchaikovski, Bartók ou Hindemith. Ademais dos grandes títulos do repertorio internacional, a orquestra mantivo a súa aposta dando voz á creación contemporánea con propostas para a temporada como as de Witold Lutosławski, Arnold Schoenberg, Michael Tippett, Olivier Messiaen, entre outros. A programación inclúe tamén a estrea de obras encargadas, para este ciclo de abono, a Mauro Montalbetti e ao compostelán Fernando Buide del Real. Outros retos desta programación son a versión concerto de *La flor del agua*, zar-

zuela con música de Conrado del Campo e texto do pontevedrés Víctor Said Armesto, a interpretación da música que Charles Chaplin escribiu para a súa película *A químera do ouro*, na habitual participación en Cineuropa; a colaboración co jazzista Abe Rábade ou un monográfico de Astor Piazzolla.

Outro dos camiños que nas últimas temporadas está a realizar a RFG é a súa presenza noutras cidades de Galicia. Este ano iniciou a súa tempada estable na cidade de Vigo, con nove concertos. A xira iniciada en outubro tamén inclúe concertos en León, Pamplona, Santander e Burgos, a presenza no Auditorio Nacional de Madrid e no festival Musika-Música de Bilbao.



A Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG), baixo a xestión do Consorcio para a Promoción da Música, do que forma parte a Xunta de Galicia, canda o Concello da Coruña e a Deputación da Coruña, apostou nesta temporada 2014-2015 por situarse nas redes sociais como un espazo máis de difusión da súa achega musical. A través da súa canle de Youtube ofrece xa un amplo catálogo de gravacións e creou unha aplicación de descarga gratuíta para poder acceder ás novidades e aos recursos da orquestra a través do teléfono móbil.

No que se refire á programación, o Palacio da Ópera, sede da orquestra, presentou este ano unha programación de temporada que inclúe a presenza de Maurizio Pollini, así como os veteranos directores Rafael Frühbeck e Neville Marriner.

A Orquestra Sinfónica de Galicia tamén programou nesta temporada diversos concertos fóra da súa sede, particularmente nas cidades de Santiago de Compostela, Ferrol e Vigo.

En diálogo co patrimonio musical do folclore de Galicia, no mes de xuño, Luar na Lubre e a Orquestra Sinfónica de Galicia ofreceron xuntos dous concertos de presen-

tación de *Torre de Breoghán*, un espectáculo de música e luz inspirado no *Libro das invasións*, que recrea unha ancestral historia épica con Galicia e Irlanda como protagonistas, con arranxos de Nani García.

A orquestra conta cunha ambiciosa programación dirixida a promover a música entre os máis novos. Ademais da programación didáctica para escolares, a orquestra mantén a Orquestra Nova, a Escola de Práctica Orquestral, os Nenos Cantores da OSG e o Coro Novo da OSG, agrupados como Proxecto Son Futuro, copatrocinado pola Fundación Repsol.

Ademais dunha ampla programación de concertos de calidade, a Sinfónica de Galicia continuou este ano co seu proxecto ReSoa, que aposta pola música como vehículo para a inclusión social, que iniciou a primeiros de 2014 as actividades de formación no Centro Cívico de Montealto, na Coruña, cunha dotación de instrumentos para facer accesible este ensino sen barreiras socioeconómicas.

6.5 Artes escénicas e do movemento

Ademais da programación de espectáculos de danza dentro dos ciclos escénicos da consellería, este ano déuselle prioridade ao desenvolvemento de espazos de innovación e reflexión arredor das denominadas artes do movemento, que permitiron ao mesmo tempo crear encontros de intercambio internacional de experiencias e proxectos.

De corpo en lugar, formación e exhibición nas artes do movemento, dirixido por Ania González e Begoña Cuquejo, é un ciclo internacional de artes vivas no espazo museístico articulado arredor das propostas performativas do Ministerio de Asuntos do Movemento (BMfB) da performer austríaca Amanda Piña-Nadaproductions e Permeable Manifestations da artista turca Ayşe Orhon.

Co obxectivo de fortalecer a continuidade entre a danza contemporánea e a acción performativa, este ciclo propuña un programa estruturado en tres campos de intervención nos que a performance, os obradoiros de artista e as presentacións investigadoras traballaron nas relacións entre movemento, corpo, produción de espazo público e procesos instituíntes. O programa constou de dúas xornadas de intervencións centradas nas temáticas de parainsitucionalidade e movemento e corpo e potencia.

Ademais da presentación da performance do colectivo Nadaproductions que, baixo o slogan *Vai e fala co teu goberno*, a performer Amanda Piña dirixiu o obradoiro *O corpo político / a coreografía no ámbito da desobediencia corporal*.

En paralelo, desenvolvéronse as xornadas *Procesos instituíntes na praxe artística actual* dirixidas pola crítica cultural Ania González e o artista sonoro e programador Horacio González.

Co apoio a esta iniciativa, a consellería pretende contribuír á inclusión da performance e da danza como disciplinas artísticas nos programas culturais, á visibilización e actualización das linguaxes das artes vivas e á creación de redes no sector artístico galego.

MOV-S e ALT.procrea

Nesta liña de apoio ás artes escénicas, o proxecto MOV-S converteuse nun espazo de intercambio e reflexión que, desde o 11 ata o 13 de marzo, reuniu na illa de San Simón máis de 40 profesionais galegos, nacionais e internacionais para abordar novas formas de articulación nas prácticas artísticas e para favorecer pontes de unión entre artistas e organizacións de danza e artes do movemento. Esta iniciativa, que conta coa colaboración da Xunta de Galicia, vincúlase co Festival ALT co obxectivo de achegar os convidados e as convidadas de MOV-S ao contexto artístico local.

Por outra banda, ALT.procrea en feminino é un proxecto que viu a luz en 2012 ao abeiro do Festival Alternativo das Artes Escénicas de Vigo ALT e que do 13 ao 16 de marzo iniciou unha nova andaina co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co obxectivo de promover a creación escénica contemporánea, feita por mulleres galegas ou radicadas en Galicia, asesorando e acompañando o proceso de creación, produción e distribución de espectáculos. As artistas Mercé de Rande, Helen Bertels e Nuria Sotelo foron algunhas das participantes na programación.



Xornadas de dobraxe

O 29 e 30 de xaneiro, a Escola Superior de Arte Dramática, en Vigo, acolleu as *I Xornadas de dobraxe*, centradas na especialización desta profesión, e que contaron coa participación de diferentes actores e actrices de dobraxe, como Charo Pena, Luís Iglesias, Carlos Jiménez, Tere Santamaría ou Tacho González, entre outros.

Teatro

Ademais dos programas de distribución escénica da Agadic e dos programas de intercambio teatral Galicia e Portugal descritos na sección de internacionalización, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveu distintas iniciativas vinculadas coa arte dramática.

Do 25 de abril ao 9 de maio, desenvolveuse na cidade das burgas a **Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense 2014** (Miteu), cun cartel conformado por 37 compañías, que contou co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, con propostas de teatro, danza, títeres para adultos, circo, teatro de rúa, concertos, café-teatro e un amplo abano de actividades, ao tempo que converteron a cidade nun lugar de encontro de actores, directores, guionistas e público.

Nesta décimo novena edición da mostra, compañías de Galicia compartiron cartel con outras procedentes da Península Ibérica (Castela e León, Madrid, A Rioxa, Navarra, Cataluña, Portugal), así como con grupos de Italia e Brasil, entre outros, para potenciar o intercambio artístico e cultural. A mostra tamén lle rendeu homenaxe ao actor, director e dramaturgo Xan Cejudo.

Do 15 ao 18 de xullo, o Concello de Vilamarín programou, coa colaboración da Xunta de Galicia, a XVII edición das **Noites teatrais de Vilamarín**, cunha programación diaria de obras de distintos xéneros que congregan a poboación da zona arredor do teatro.

E no mesmo mes, en Santiago de Compostela, a Consellería de Cultura e Educación programou unha nova edición da **Tarde de teatro e circo** con dúas sesións de lecer para facer gozar os máis novos a través das artes escénicas: na praza das Praterías o espectáculo de novo circo **Caír**, da compañía Pista Catro e, a seguir, no Salón Teatro, a función **Aurora**, un espectáculo musical para todos os públicos a partir dos 3 anos da Compañía Elefante Elegante.



Do 18 ao 31 de agosto, tivo lugar o **Titirideza**, vinculado ao Museo Galego da Marioneta, unha programación titiriteira para o verán de Lalín que se desenvolve no seu teatro, nas rúas e prazas, e que este ano congregou sete colectivos teatrais de Galicia, Asturias, Madrid, Cataluña, Andalucía e Aragón con espectáculos de temáticas diversas.

Teatro afeccionado

Do 26 ao 28 de setembro celebráronse en Santiago as **IX Xornadas de Teatro** que organiza a Federación Galega de Teatro Afeccionado (Fegatea) coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela. Mesas de debate e reflexión, obradoiros de lectura dramatizada e representacións teatrais centraron esta programación na que estiveron representados 53 grupos galegos de teatro afeccionado de toda Galicia. Tamén se fixo entrega durante as xornadas do III Premio Fegatea, que recaeu na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia pola súa traxectoria a prol do teatro.

Documental sobre o teatro galego

Centrado nos inicios do teatro galego, *O que hai que facer para non ir ao mar. Unha viaxe a través do teatro galego* é o título do documental dirixido por Iago Vázquez no que a narración se vai tecendo baixo a perspectiva de Uxía, a filla de Tuto Vázquez e Mariajo Mosteiro, dous actores de teatro xa falecidos. Así, váiselle dando voz a persoas que acompañaron esa tarefa de levar o teatro por toda a xeografía. O documental contou coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



AXENDA DA CULTURA DE GALICIA

En 2014 a Secretaría Xeral de Cultura, coa colaboración da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, puxo en marcha a Axenda Cultura de Galicia, unha ferramenta na rede para a difusión de toda a actividade cultural promovida desde os entes públicos autonómicos. Trátase da primeira axenda cultural conxunta de carácter público. O usuario pode facer filtrados por datas, cidades e tipos de eventos, crear a súa propia axenda personalizada ou mesmo exportala á súa páxina web adaptando a súa aparencia. www.cultura.gal/axenda





07

DIFUSIÓN E APOIO AO LIBRO GALEGO E Á LITERATURA

O sector do libro está a experimentar un amplo proceso de cambios. Este ano a Xunta de Galicia abriu novas liñas de apoio ao sector, como o programa Venres nas librarías, para dinamizar o comercio do libro, novas programacións vinculadas ás feiras do libro dos meses de verán, ou a aposta por promover a ampliación dos títulos dixitais en galego, para que Galicia non perda o tren da lectura vinculada ás novas tecnoloxías. Segundo os datos da Axencia do ISBN na nosa comunidade pasamos dos 2.083 títulos do 2013 a 2.274 en 2014. No caso da edición dixital, apareceron no mercado galego este ano 483 obras electrónicas, fronte aos 208 títulos en formato electrónico de 2013.



7.1

Apoio a un sector editorial en transformación

Unha das liñas principais do Goberno galego no apoio á actividade das editoriais galegas, que contribúe a manter unha oferta ampla e diversa de libro galego no mercado, son os investimentos da Secretaría Xeral de Cultura na **adquisición de novidades editoriais**. En 2014 destináronse a estas compras 247.307,73 euros. Poden concorrer a esta liña de axudas todas as editoriais galegas que publiquen, polo menos, 10 títulos en galego durante o ano anterior á compra. Esta medida permite, ao mesmo tempo, manter actualizados os fondos de libro galego das bibliotecas do sistema público ás que se destinan estas adquisicións, o que garante o acceso igualitario da cidadanía ás publicacións máis recentes en lingua galega.

Por primeira vez, en 2014 incorporáronse a esta compras **edicións en formato dixital** mediante a fórmula de dereitos de uso (10 licenzas de lectura concorrente e 12 descargas de cada título). Dos 175 títulos adquiridos, 106 están en formato papel en 69 e formato dixital.

Ao mesmo tempo, a consellería puxo en marcha, por vez primeira, a creación dunha plataforma de lectura de libro electrónico en galego, GaliciaLe, ofertada como novidade no sistema de préstamo das bibliotecas públicas autonómicas (véx. CAPÍTULO 1).

Apoio á edición de recursos didácticos

Por outra parte, no ano 2014, a Secretaría Xeral de Política Lingüística destinou 150.000 euros á convocatoria de axudas para a elaboración e edición en lingua gale-

ga de recursos didácticos curriculares, realizados en soportes impresos ou dixitais, así como á elaboración de material didáctico para a formación regrada de adultos en lingua. A orde foi publicada no mes de marzo e ten como obxecto garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade, no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada e innovadora.

7.2

Venres nas librarías, novo programa de dinamización do comercio do libro

A Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura e da Dirección Xeral de Comercio, e en colaboración coa Federación de Librarías de Galicia e da Asociación Galega de Editores, puxo en marcha un novo programa de promoción das novidades editoriais galegas. Así, os venres de outubro e novembro desenvolveuse unha programación de presentación de libros en todo o territorio galego baixo o título de Venres nas librarías.

Este programa baseou o seu funcionamento na acción coordinada das tres entidades promotoras, implicadas na xestión do libro en Galicia, que impulsaron a participación, nesta primeira edición, de catro editoriais, 13 autores e 15 presentacións en librerías de distintos puntos de Galicia que solicitaron a adhesión ao programa.

Para favorecer o coñecemento social desta iniciativa, impulsáronse varios concursos a través da redes sociais, nos que se premiaron os gañadores con libros.



7.3

Feiras do libro de Galicia, un espazo para a difusión do libro

A Consellería de Cultura e Educación vén apoiando, tamén en colaboración coa Federación de Librerías de Galicia, a celebración das feiras do libro en cidades e vilas, que teñen como obxectivo fixar un encontro anual no espazo público da cidadanía cos libros, cos autores e, en xeral, coa cultura.

En 2014 realizáronse feiras do libro en 12 localidades: Santiago de Compostela, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol, Monforte de Lemos, Viveiro, Ribadeo, Foz e Rianxo, cunha ampla programación de actividades en todas elas: presentacións, concertos, sesións de contacontos, obradoiros etc.

Ademais, para reforzar a dinamización destes eventos nas cidades da Coruña e Vigo programouse paralelamente aos días de feira unha Semana da Música Infantil, con concertos e espectáculos diarios, vinculados a títulos infantís galegos actuais, para promover a participación do público familiar.

A Xunta de Galicia destinou a estas programacións e á xestión organizativa un total de 131.147,96 euros. Ademais do apoio ao desenvolvemento destes espazos de comercialización do libro galego, a Xunta de Galicia conta cunha liña de promoción da presenza do libro e das editoriais galegas nas feiras internacionais e de axudas á tradución de libros ao galego e do galego a outras linguas, descritas no capítulo 12 desta memoria.



7.4

Posta en marcha da Librería Institucional da Xunta de Galicia

En 2014, a Secretaría Xeral de Cultura desenvolveu un novo servizo para a difusión e comercialización universal das publicacións da Xunta de Galicia.

Esta iniciativa, que nace da Lei do libro e da lectura de Galicia e en colaboración coa Amtega, consiste nunha canle electrónica para a venda e a distribución dos libros editados pola Administración autonómica e os seus organismos dependentes, co fin de ofrecerlle á cidadanía un servizo directo de acceso para a adquisición deste fondo bibliográfico institucional.

O Servizo do Libro e Publicacións, da Subdirección Xeral de Bibliotecas, é o órgano responsable da Librería Institucional da Xunta de Galicia, que xa estará accesible aos cidadáns en 2015.

7.5

Difusión dos autores e autoras galegos

Para promover os títulos e autores actuais da literatura infantil e xuvenil galega, a Consellería de Cultura e Educación e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil Gálix coeditaron en 2014 o *Catálogo dos libros infantís e xuvenís de Galicia 2014*, que recolle os títulos e referencia aos autores, ilustradores e editoriais, publicados ou reeditados recentemente, nun formato trilingüe (galego/castelán/inglés), que serve como presentación en Galicia e no ámbito internacional (feiras do libro) da creatividade galega neste campo.

Apoio aos escritores e escritoras

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria asinou en 2014 un convenio de colaboración coa **Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega** (AELG) ao abeiro do cal se realizaron diversas actuacións para a promoción da lectura das creacións de autoría galega.

Unha das actuacións de referencia para a asociación, desenvolvida co apoio económico da Secretaría Xeral de Cultura, é a cita anual dos escritores na Gala das Letras. Neste encontro celebrado en maio entregáronse os premios anuais que escollen os membros da asociación á mellor obra publicada no 2013 nas modalidades de ensaio (*A revolución non vai ser televisada*, de Rebeca Baceiredo), poesía (*Raíz da fenda*, de Berta Dávila), narrativa (*A lúa da colleita*, de Anxos Sumai), tradución (*Ulises*, de James Joyce, na tradución de Antón Vialle, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Xavier Queipo), teatro (*Obras Completas Vols. I, II e III*, de Roberto Vidal Bolaño en Edicións Positivas), blog



literario (*Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás), literatura infanto-xuvenil (*A illa de todas as illas*, de Xabier P. DoCampo); tamén a toda unha traxectoria xornalística (Carme Vidal). Ademais destas categorías, os Premios AELG tamén outorgan outras distincións, como a distinción de Escritor Galego Universal a Bernardo Atxaga.

A AELG desenvolveu ao longo do ano, co apoio da Consellería de Cultura e Educación, outras iniciativas como o *Obradoiro de creación literaria*, o acto de homenaxe a Xabier P. DoCampo *O escritor na súa terra 2014*, e desenvolveu contidos para a actualización do web en formato de entrevistas. E, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, levou a cabo tamén a XI edición do ciclo Escritores na Universidade, visitas de escritores aos centros de estudos galegos para contribuír á difusión da literatura e lingua galegas, así como o XI curso de formación continua *As literaturas infantís e xuvenís ibéricas. A súa influencia na formación lectora*, co lema *Movements migratorios na LIX*.

O Centro PEN Galicia desenvolveu este ano, coa colaboración da Xunta de Galicia, unha nova edición dos **Premios Rosalía de Castro**, entregados nesta ocasión a Maurício Pestana dos Santos *Pepetela* (Angola), Claudia Piñeiro (Arxentina) e Antoni Serra (Mallorca). O ditame do xurado cualificador tivo lugar o 24 de febreiro, aniversario do nacemento de Rosalía de Castro.

No ámbito da tradución, a Xunta de Galicia mantén un convenio de colaboración coa **Asociación de Tradutores Galegos** para contribuír á ampliación dos contidos da Biblioteca Virtual Galega (Bivir), que este ano incorporou cinco novas obras, de acceso universal e de balde en www.bivir.com. Ao abeiro desa colaboración, tamén se desenvolve a revista *Viceversa*, dedicada a recoller traballos sobre a tradución en Galicia.

Por outra parte, a Secretaría Xeral de Política Lingüística organizou no mes de xuño unha recepción institucional e un recital multilingüe árabe-galego na Cidade da Cultura de Galicia do poeta ensaísta e crítico, sirio de nacemento e libanés de adopción, Alí Ahman Said Esber Adonis, que conta no seu haber cunhas das obras máis prolíficas da literatura árabe contemporánea. Baixo a coordinación da escritora Yolanda Castaño participaron no evento, ademais, o Centro PEN Galicia e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, nun acto no que a interpretación musical árabe-galega correu a cargo de Najla Shami.

(Para as medidas de difusión exterior dos escritores, véx. CAPÍTULO 12.)

Premios para promover a creación literaria

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contribuíu este ano á creación dun novo certame organizado de forma conxunta pola consellería, o Concello de Cotobade e a Deputación de Pontevedra, o **I Certame de Relato Breve Nélida Piñón**. O obxectivo do galardón é promover a actividade literaria na nosa lingua propia, particularmente no ámbito da narrativa breve, homenaxeando ao tempo a autora brasileira de relevancia internacional e de raíces galegas, que ingresou en setembro deste ano como membro de honra na Real Academia Galega e que recibiu o Premio Príncipe de Asturias no 2005, ademais de ser a primeira muller no mundo que presidiu unha academia da lingua, a Academia Brasileira das Letras. Ao certame poden concorrer as autoras e autores maiores de 18 anos con obras orixinais e inéditas escritas en galego, cunha extensión mínima de 7 folios e máxima de 15, e o premio está dotado con 6.000 euros.

A consellería tamén colabora, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, coa difusión da convocatoria do **Premio de Narrativa Breve Repsol para escritores en lingua galega**, cunha dotación de 12.000 euros achegada pola Fundación Repsol.

Para promover a escrita poética, a Xunta de Galicia iniciou este ano unha colaboración coa Fundación Gonzalo López Abente para promover o **I Premio de Poesía Gonzalo López Abente**. O gañador desta primeira edición, cun premio económico de 2.000 euros que lle foi entregado no mes de xullo en Muxía, foi Laureano Araújo Cardalda polo orixinal titulado *Os días condenados*.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou, un ano máis, o **Premio de Poesía de Negreira Xosé M. López Gómez Ardeiro**. A gañadora da segunda edición do certame, Yolanda López, pola obra *Tántalo*, recibiu no mes de xuño o galardón, nun acto no que tamén se presentou a terceira convocatoria do premio para impulsar a creatividade dos nosos autores e autoras.

Elías Portela foi o gañador do **XII Premio de Poesía Afundación**, convocado polo Centro PEN Galicia coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Afundación. O xurado do galardón reconeceu por unanimidade a obra *Bazar de traidores* do escritor de Cangas. O premio implica a publicación do libro na colección Arte de Trobar e unha dotación económica de 6.000 euros.



No mes de maio, entregouse o **XVII Premio de Poesía Concello de Carral**, que recaeu na obra *O que precede a caída é branco*, de Oriana Méndez. No marco do acto de entrega tamén se presentou o libro *Cronoloxía da urxencia*, poemario co que Dores Tembrás gañou a edición de 2013 deste certame, que contou co apoio da consellería a través das secretarías xerais de Política Lingüística e de Cultura. O premio está dotado con 2.000 euros e a publicación da obra na colección de poesía de Espiral Maior.

O Concello de Dodro convocou un ano máis o **Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón**, coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. O gañador desta edición resultou ser o escritor e tradutor Ramón Neto, residente en Bruxelas, pola obra *Zonas de tránsito*. A obra será publicada por Sotelo Blanco Edicións.

O 7 de setembro o escritor Manuel Rivas recolleu o **Premio Celanova Casa dos Poetas** nun acto que contou coa loa do músico e escritor Xurxo Souto. O Premio Celanova Casa dos Poetas, que ten como obxectivo homenaxear un galego que ao longo da súa vida destacara pola súa defensa dos valores culturais de Galicia, conta coa colaboración da Xunta de Galicia a través do convenio coa Fundación Curros Enríquez, que tamén integra o desenvolvemento doutras actividades de difusión literaria, como o programa Ven coñecer a Celanova de Curros e Celso Emilio, dirixido aos escolares de Galicia, ou a xornada de convivencia dos centros educativos que teñen o nome deste autor.

Premios á creación literaria no ámbito escolar

A Consellería de Cultura e Educación promove numerosas convocatorias de creación literaria para as idades máis temperás, desde cada unha das bibliotecas públicas dependentes da Xunta de Galicia, museos etc. Ademais destes, a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolve outros certames descritos no capítulo 8 desta memoria.

Certame de Investigación Condado de Pallares

José Ángel Santos Núñez foi o gañador do premio do VIII Certame de Investigación Condado de Pallares, promovido pola Asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística. O *mosteiro de Ferreira de Pallares. Evolución arquitectónica e estudo da súa ferreiría* é o título do traballo gañador da oitava edición do certame, que ten como obxectivo fomentar a investigación en galego arredor de ámbitos como a historia, a arte, a arqueoloxía, a antropoloxía, o folclore ou a lingüística nos concellos Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballo, ámbito territorial do antigo Condado de Pallares.

7.6 Ensaio e investigación no Centro Ramón Piñeiro

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria convocou a **XIV edición do Premio Ramón Piñeiro de Ensaio**, a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, coa colaboración da Editorial Galaxia e de Gas Natural Fenosa. O premio, dotado con 3.000 euros e mais coa publicación da obra, foi-

Ile concedido nesta edición a Luís García Soto pola obra *Barthes filósofo*. Este estudo fai unha reinterpretación, desde Galicia, da obra de Roland Barthes, importante autor cuxo legado está presente na cultura do século XXI. García Soto interpreta a produción multidisciplinar de Roland Barthes como a dun auténtico filósofo e, argumentando a través da análise de cada unha das obras de Barthes, o ensaio debulla esta tese, en clave semiolóxica, na procura dun diálogo co lector. O xurado, integrado por Luís Alonso Girgado, Patricia Arias Cachero, Antón Figueroa, Olivia Rodríguez González e Carlos Lema, concedeulle o galardón por maioría.

Por outra parte, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a editorial Galaxia presentaron este ano a publicación da obra da anterior edición do premio, *Da natureza de escritores, artistas e vermes. Ensaio sobre o pracer nun diálogo con Karl Marx*, autoría de José María Durán Medraño.

Investigación literaria e lingüística

O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades desenvolve diversos proxectos de investigación no ámbito da literatura e da lingüística. En colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela, estase a levar a cabo un traballo investigador nos proxectos de Lírica medieval galego-portuguesa, Prosa literaria medieval, Cantigas de Santa María, Dicionario de literatura galega, Bibliografía da literatura galega, Literatura infantil e xuvenil, así como a elaboración do *Informe anual de literatura galega*.

Ademais destes, no ámbito filolóxico seguen os traballos no proxecto Termigal, no Proxecto da base de datos do Alir, proxecto Bibliografía informatizada da lingua galega (Bilega), Corpus de referencia do galego actual (Corga), Corpus documentale latinum gallaeciae, e coa ampliación do Dicionario galego-italiano, o Código de dereito galego en liña, o Arquivo Galicia medieval (Argamed), Proxecto sintetizador de voz Cotovía. E, no ámbito flosófico, o proxecto Dimensións de identidade colectiva de Galicia. En convenio coa Universidade de Vigo, proséguese coa vertente tecnolóxica do Sintetizador texto-voz en galego e o Etiquetador-lematizador para o galego actual, no que tamén colabora a Universidade da Coruña, ao igual ca no proxecto Corpus documentale latinum gallaeciae.

Ademais destes proxectos de investigación levados a cabo en colaboración coas universidades galegas, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades tamén proseguíu o proxecto de Fraseoloxía galega que, ademais da construción do Tesouro fraseolóxico galego, publica a revista internacional *Cadernos de Fraseoloxía*, da que este ano viu a luz o seu número 15.

Ademais desta publicación, no mes de maio presentouse o número XXIX dos *Cadernos Ramón Piñeiro*. Co título de *Nimbos: cáliz fervendo*, este volume constitúe a homenaxe do centro de investigación ao autor homenaxeado con motivo das Letras Galegas este ano. Nas máis de 300 páxinas, 24 estudosos, críticos e historiadores da literatura completan coas súas achegas este volume no que se ofrecen estudos de métrica, de estrutura ou de temática dos poemas obxecto de análise e fíxase na simboloxía, na relixiosidade, na presenza da terra ou na veta existencial que afloran na obra de Xosé María Díaz Castro.

O centro de investigación tamén editou este ano a obra *Fala das Musas e outros poemas*, no marco da Colección Láncara e a cargo do investigador Armando Requeixo, que

ofrece unha nova lectura da obra de Daniel Pernas Nieto, autor da escola mindoniense e primeiro autor en dar á luz un libro de versos en galego durante a Guerra Civil.

7.7 Apoio á ilustración

A Xunta de Galicia incorporou ao Calendario do libro e da lectura unha nova celebración dirixida a visibilizar e dinamizar iniciativas arredor da ilustración galega. O **Día da Ilustración** fíxose no 30 de xaneiro, aniversario do nacemento de Afonso D. Rodríguez Castelao, e no 2014 celebrouse por primeira vez unha programación de actividades arredor desa data.

O debuxante Miguelanxo Prado foi o autor do cartel conmemorativo do Día da Ilustración 2014. Ademais, o gañador do Premio Nacional de Cómic 2013 tamén participou na programación, cunha conversa aberta sobre a situación da ilustración na actualidade que se celebrou no Museo de Belas Artes da Coruña o 7 de febreiro.



A Secretaría Xeral de Cultural desenvolveu obradoiros e actividades creativas nas bibliotecas territoriais, como os impartidos por Xosé Tomás e Óscar Villán nas bibliotecas públicas da Coruña, de Pontevedra e de Lugo, achegando os mozos e mozas ao mundo da ilustración a través do proceso creativo do álbum ilustrado, da interacción entre as imaxes e as palabras ou das técnicas para a creación de personaxes. Tamén se programaron obradoiros nas bibliotecas territoriais de Vigo e de Pontevedra.

O colectivo da ilustración Miñoco foi o encargado de estimular a imaxinación dos que se achegaron á biblioteca central de Ourense a través de diversas actividades, mentres que na Ánxel Casal de Santiago os rapaces e rapazas realizaron un mural colectivo, centrado nas figuras de Castelao, Colmeiro, Seoane e do editor Ánxel Casal.

Coa colaboración da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, a biblioteca territorial de Pontevedra acolleu o faladoiro *A ilustración gráfica hoxe en Galicia*, coa participación dos ilustradores Marina Seoane, Almudena Aparicio, Manuel Uhía e Henrique Torreiro.

Por outra parte, a Biblioteca de Galicia, na Cidade da Cultura, programou para celebrar este día un obradoiro creativo de gravado e estampación, para coñecer a técnica do gravado en oco.

XI Encontro Galego de Ilustración

O 25 de outubro, a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, congregou os interesados na ilustración no *XI Encontro galego de ilustración*, en Santiago de Compostela. Ao longo da xornada ofrecéronse charlas de profesionais de referencia no sector, como Luís M. Abián, centrado nos cómics dixitais, Ajubel, que disertou sobre a forma de traballar para medios dixitais, e Nati Rodríguez, que ofreceu a súa perspectiva sobre o futuro da profesión.

Ademais deste espazo de encontro e diálogo, a Consellería de Cultura e Educación colaborou tamén con esta asociación profesional na edición dun caderno ilustrado, co obxectivo de difundir un catálogo de mostras dos ilustradores galegos actuais.

7.8 Colaboración en proxectos literarios

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria apoiou este ano a exposición itinerante *Manuel Rodríguez López*, promovida por Galicia Digital e a familia do escritor co apoio de diversas institucións, co obxectivo de difundir a vida e a obra deste escritor considerado o máis importante poeta obreiro da literatura galega do século XX. A mostra itinerante foi exposta en Paradela, en Sarria, en Portomarín, en Begonte e en Vilalba, na provincia de Lugo e, en Santiago de Compostela, na Coruña, e no Centro Galego de Barcelona, e continuará o seu periplo en 2015.

A consellería apoiou tamén a publicación dun libro biográfico sobre a poeta e académica Luz Pozo Garza, baixo o título *Á procura da poesía. Vida e obra de Luz Pozo Garza*, dos investigadores Andrés Pociña e Aurora López, editado por Alvarellos.

Para a difusión da figura e da obra do poeta Aurelio Aguirre (Santiago de Compostela, 1833 – A Coruña, 1858) a Xunta de Galicia colaborou coa publicación de *Recuerdos de agosto. Obra poética 1850-1858*, unha publicación que reúne 133 poemas, dos cales máis de 80 son inéditos, e outros, agora editados completos, como o célebre Brindis de Conxo. A obra foi promovida por Alvarellos Editora e o Consorcio de Santiago, nunha edición crítica con introdución e notas a cargo da profesora de teoría da literatura e literatura comparada da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez González e cun estudo histórico realizado polo filólogo da Universidade de Vigo Xurxo Martínez González.

No ámbito da creación poética, a consellería, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística en convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, apoiou a edición da entrega número 37 da revista *Dorna* e a súa difusión nos centros de estudos galegos de universidades de todo o mundo.

O Museo Etnolóxico de Ribadavia colaborou no mes de xullo coas *Xornadas literarias X. Carlos Gómez Alfaro* acollendo a presentación do libro *Espelho de min mesma* de Cruz Martínez, coa que a editorial galego-portuguesa Círculo inaugurou a súa colección Ítaca de poesía, e a presentación do número 3 da revista *Elipse*.

O 22 de novembro presentouse o libro *Trinta poemas de Álvaro Cunqueiro*, unha obra que ofrece unha lectura renovada do Cunqueiro serodio. Camiño Noia foi a autora da selección, introdución e comentarios da obra que viu a luz na Colección Arte de Trobar do Centro PEN Galicia, co apoio da Secretaría Xeral de Cultura.

7.9

Depósito Legal e Rexistro da Propiedade Intelectual

O Depósito Legal é o servizo da Comunidade Autónoma para garantir a conservación de toda a produción cultural galega (bibliográfica, sonora, visual, audiovisual etc.) e, ao mesmo tempo, para facilitar o acceso a esas publicacións e producións.

Para isto, a Xunta de Galicia conta con oficinas de Depósito Legal nas cinco delegacións territoriais. En 2014 rexistráronse nelas un total de 4.557 solicitudes de depósito legal.

Todas as entidades que solicitan o depósito legal teñen a obriga de depositar tres exemplarea na Biblioteca de Galicia, unha vez publicada a obra.

Rexistro da Propiedade Intelectual

O servizo do Rexistro da Propiedade Intelectual (RPI) tramita e resolve tanto as solicitudes de inscrición de dereitos como as de publicidade rexistral. O RPI é un instrumento de protección dos dereitos de autor, de carácter voluntario, que permite ter constancia da titularidade dos dereitos de propiedade intelectual sobre unha creación orixinal literaria, artística ou científica ou sobre unha actuación ou produción das previstas na Lei de propiedade intelectual. Como mecanismo administrativo de

protección, o seu obxecto é a inscrición ou a anotación dos dereitos sobre as obras, actuacións ou producións protexidas pola normativa de propiedade intelectual, así como a inscrición dos actos e contratos de constitución, transmisión, modificación ou extinción que afecten a tales dereitos.

Ademais, este servizo ofrece asesoramento sobre cuestións de propiedade intelectual, tanto vía telemática coma presencial nas súas sete oficinas.

En 2014, o rexistro atendeu un total de 1.484 solicitudes de tramitación.





08

A CULTURA, ENTRE TODAS E TODOS

A arte e a cultura son factores vitais para a construción social e para o noso progreso persoal. A cultura é un espazo de creación e de gozo imprescindible para o benestar do ser humano, un elemento necesario para a cidadanía e mesmo unha ferramenta valiosa para que as persoas e colectivos desfavorecidos atopen vías para a inclusión e formas abertas de expresión e representación. De aquí nace a necesidade de poñer a cultura ao alcance de todas e todos, ao alcance doado e real, entendendo a oferta cultural como unha experiencia que enriquece a participación creativa na cultura como un capital individual e comunitario.

8.1

Apoio á rede de entidades culturais

A Xunta de Galicia conta cun conxunto de programas de investimento destinado á cultura, a través de subvencións ás administracións municipais e a entidades sen fin de lucro (asociacións, fundacións e colectivos) e empresas.

Unha das liñas de apoio ao conxunto do territorio desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Cultura é a **orde de subvencións para a concesión de axudas a concellos e agrupacións de concellos, para o equipamento e mellora das instalacións destinadas a actividades culturais**.

En 2014 a Xunta destinou a esta liña de axudas 300.000 euros, aos que accederon 55 concellos. Os beneficiarios puideron, así, abordar melloras de equipamento acústico e de luz, de seguridade ou eliminación de barreiras arquitectónicas. Estas axudas proceden nun 80% dos fondos FEDER da Unión Europea, e permiten lograr que o conxunto do país conte cunha mellor dinamización cultural, cunhas condicións técnicas e de accesibilidade axeitadas.

Programa de axudas á actividade cultural de fundacións e asociacións

A través do acordo de colaboración coa **Fundación Eduardo Pondal** programouse este ano unha nova edición do Festiletras, do Certame de Pintura ao Aire Libre Fernando Álvarez de Sotomayor, así como dos foros de debate sobre temas de actualidade Covas Célticas.

Coa **Fundación Otero Pedrayo** realizáronse actuacións para a divulgación e estudo deste autor e da súa obra, que se concretaron este ano na celebración da Festa Literaria de Trasalba e a entrega do Premio Trasalba ao escritor Agustín Fernández Paz.

A **Fundación Rosalía de Castro** e a consellería déronlles continuidade ás colaboracións na programación de actuacións orientadas a coñecer con rigor a figura da poeta do Sar, así como á divulgación da súa obra. Así, ademais de conmemorar os aniversarios do nacemento e da morte de Rosalía con actividades literarias, o Día do Libro desenvolveuse un Festival de Lectura e unha proxección audiovisual, celebrouse o Maio rosaliano (coas entregas do Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra), celebrouse un recital poético na Aula de diversidade, e ampliáronse as tarefas de investigación desenvolvidas desde o Centro de Estudos Rosalianos.

A colaboración coa Fundación Rosalía de Castro tamén incluíu as obras da sede da fundación, a Casa-Museo de Rosalía, en Padrón, para poder abordar a actualización do seu perfil museográfico.

No marco do convenio de colaboración da **Fundación Vicente Risco** co departamento de Cultura da Xunta de Galicia, planificouse unha programación para promover o estudo e difusión da obra dos irmáns Risco. Realizáronse traballos de catalogación e dixitalización de fondos bibliográficos e documentais, editáronse diversas publicacións e materiais didácticos e audiovisuais (*Antón Risco con nome propio*; *Galicia é un mundo*; *Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros*), así como un conxunto de charlas e concertos de difusión do patrimonio cultural galego.

Coa **Fundación Valle Inclán** a Xunta de Galicia tamén vén mantendo unha colaboración permanente para favorecer a posta en marcha de programas de actividades arredor da obra de Valle Inclán, o funcionamento da escola de teatro vinculada á fundación, así como un conxunto de publicacións que contribúen a difundir a obra deste escritor.

Tamén colabora o departamento de Cultura coa Asociación de Amigos de Valle-Inclán para a publicación de *Cuadrante. Revista Semestral de Estudos Valleinclanianos e Históricos*. En 2014 viron a luz os números 28 e 29.

Neste ámbito das entidades literarias, a Xunta de Galicia subscribiu un convenio de colaboración co **Centro PEN Galicia**, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, que promoveu a celebración na Insua dos Poetas dun acto literario dedicado a Xosé María Díaz Castro, así como outras actividades de diálogo entre escritores do ámbito internacional, descritas no capítulo 7 desta memoria.

O **Ateneo de Santiago**, que desde este ano conta cunha sede propia na zona vella compostelá, contou coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura para o desenvolvemento dun ciclo de conferencias, dentro dunha ampla programación de difusión cultural posto en marcha pola entidade.

A colaboración entre a Consellería de Cultura e Educación e o **Club de Prensa de Ferrol** tamén permitiu o desenvolvemento dunha ampla programación nesta cidade. Así, o *Curso de Pensamento Carlos Gurméndez*, que celebrou este ano a súa XVII edición entre o 9 e o 11 de xullo no campus ferrolán, pivotou este ano arredor do humor na historia, en Galicia e na época contemporánea. Convocou, así mesmo, a XXIV edición de *Galicia en Foco. O fotoxornalismo galego*, unha mostra itinerante que ten como obxectivo mostrar a creación dos fotoxornalistas galegos. A Xunta de Galicia tamén colaborou coa entidade na publicación do número 28 da revista *Ferrol Análisis*.



Programación cinematográfica en colaboración cos cineclubs

A Consellería de Cultura e Educación e a Federación de Cineclubes de Galicia, que agrupa á práctica totalidade dos cineclubs existentes en Galicia, asinaron este ano un convenio para promover a programación cinematográfica dos cineclubs, mediante un programa de exhibición de filmes, durante o ano 2014, a través de ciclos de cine e semanas de cine como un instrumento en prol do enriquecemento cultural, cinematográfico e audiovisual de Galicia alternativo á exhibición comercial.

A CULTURA GALEGA NA REDE XA É .GAL

A Xunta de Galicia encabeza desde o pasado 25 de xullo os enderezos pioneiros con dominio galego puntoGAL, cos webs dedicados á lingua e á actividade cultural. Así, lingua.gal, cultura.gal e turismo.gal, canda á axendadixital.gal foron os primeiros dominios xenéricos con apelido galego na rede. Simbolicamente, a Xunta puxo en marcha tamén ese día 25dexullo.gal, galicia.gal, goberno.gal, atriga.gal e presidente.gal.

A consecución do dominio puntoGAL en 2014 foi un fito histórico, froito do apoio de toda a sociedade galega a unha iniciativa impulsada pola Asociación PuntoGal (14.000 cidadáns, 114 institucións das máis diversas disciplinas, xunto con máis de 20 centros de emigrantes doutras comunidades autónomas e doutros países como Portugal, Francia, Suíza, Alemaña, Bélxica, Arxentina, Estados Unidos, Uruguai ou Brasil). A Xunta de Galicia tamén apoiou esta candidatura institucional e financeiramente para contribuír á proxeción de Galicia a través do medio máis global e inmediato que existe: internet.

Entre setembro e decembro fóronse abrindo as fases sucesivas de solicitude de dominios a entidades públicas, privadas e particulares, co fin de que toda a sociedade galega poida dispoñer dun .gal para a difusión de contidos e produtos en galego ou vinculados á cultura galega en internet.

8.2 A Rede de Dinamización Lingüística

Ao longo do ano 2014 desenvolvéronse un total de 312 accións nos diferentes concellos que integran a Rede de Dinamización Lingüística (RDL) dependente da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no marco da programación anual aprobada no Consello de Membros de decembro de 2013, destinadas todas elas a incidir no coñecemento, uso e valoración da lingua galega pola mocidade. Ademais, no marco do programa de reforzo da prestación de servizos lingüísticos á cidadanía déuselle difusión ao convenio asinado entre a Fegamp e a Universidade de Santiago de Compostela para que o alumnado desa institución académica poida facer prácticas nos concellos.

Nadal en Rede

Dentro das actuacións previstas no programa Lecer na Rede desenvolveuse a terceira edición de Nadal en Rede (do 12 de decembro de 2013 ao 7 de xaneiro de 2014), cun maior número de entidades receptoras (63 en total). Incluíuse nel un amplo abano de propostas destinadas a celebrar o Nadal en galego, con materiais como *O libro dos Reis Magos*, que contén discursos para que os tres Magos de Oriente poidan dirixirse en galego aos cativos e cativas nas cabalgatas, a *Carta ás Súas Maxestades*, un modelo de misiva aos Reis Magos pensada para fomentar que os nenos lles escriban en galego, *Postais en galego*, un web desde o que se poden enviar postais electrónicas para felicitar o Nadal na nosa lingua, e *Un Nadal novo. Guía de agasallos en galego para a mocidade*, un catálogo dixital en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para promover os galanos en lingua galega.

Os concellos adheridos á RDL tamén contaron cunha ampla programación de Nadal, promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística: *A cantar con María Fumaça*, un concerto musical de Uxía dirixido a público infantil-familiar que chegou a 14 localidades galegas cun amplo e divertido repertorio con músicas tradicionais propias do Nadal; *Cantigas da estrela*, concerto musical de Magín Blanco dirixido a público infantil-familiar que levou os temas máis coñecidos de Gatuxo e d'A nena e o grilo chegou a 19 localidades da RDL; *Feliciano*, espectáculo cómico de Os 7 Magníficos + 1 (Fran Rei e Pedro Brandariz) dirixido a público xeral que chegou a 18 localidades da RDL, coa colaboración da Deputación da Coruña; e *Espantallo amigo*, adaptación teatral do *Espantallo amigo* de Xosé Neira Vilas, que chegou da man dos Quinquilláns a sete concellos nunha revisión na que Lucho Penabade e Tero Rodríguez continuaron a historia orixinal contada polos adultos que lle deron vida á trama orixinal da novela neiraviliana. Nunha proposta escénica deseñada por Xosé Vizoso, a actividade ofreceu como complemento unha reedición especial ilustrada por Xaquín Marín (publicada por Galaxia).

Ademais o alumnado de infantil e primaria dos CEIP Eduardo Cella Vilas de Triacastela, CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso do Courel, CEIP Virxe da Saleta de San Cristovo de Cea, CEIP de Manzaneda e CEIP de Oroso tiveron, dentro do programa Lingua de Reis, encontros dos Reis Magos.

Mocidade e transmisión familiar

No marco do programa Transmisión familiar a Secretaría Xeral de Política Lingüística celebrou un ano máis en colaboración cun concello pertence á RDL o *Día Internacional da Lingua Materna*, o 21 de febreiro. Nesta ocasión organizouse en colaboración co Concello de Ourense unha programación especial na que se ofreceron dous pases do espectáculo infantil *Ñam!*, aos que asistiron uns 300 participantes (pais, nais e bebés).

Na liña de actuacións para a mocidade, desenvóléronse este ano **obradoiros de clown**, en dúas fases: nunha primeira, un grupo de adolescentes de cada concello participou nun obradoiro de 14 horas de duración en varias sesións, impartidos polos actores da compañía Os 7 Magníficos + 1, na que crearon e ensaiaron unha peza de teatro cómico; na segunda, representárono en fin de semana nunha sesión aberta. Desde a primavera e ata finalizar o ano esta actividade desenvolveuse en 23 localidades, en colaboración coa Fundación Eduardo Pondal e cos concellos de Arteixo, Betanzos, Boi-

ro, Cerceda, A Coruña, Dodro e Rois, Ferrol, A Laracha, Padrón, Val do Dubra, Ribeira, Viveiro, O Barco de Valdeorras, Ribadavia, Verín, Cangas, O Grove, Marín, Ponteareas, Silleda, Soutomaior e Tui.

E con motivo das Letras Galegas dedicadas a Xosé María Díaz Castro convocouse un concurso para un guión radiofónico e cuñas de radio, cuxos gañadores recibiron como premio a realización dun obradoiro de radio en varias sesións que se desenvolveu nos concellos participantes en colaboración coas radios municipais. A xestión da actividade correu a cargo da empresa Claqueta Coqueta e do actor e comunicador Rubén Riós. A primeira fase da actividade (o concurso) púxose en marcha no mes de maio e nela participou rapazada de 16 entidades pertencentes á RDL, e a segunda fase da actividade (obradoiros de radio e concurso de programas radiofónicos) desenvolveuse despois do verán e nela participaron rapazas e rapaces de seis entidades da RDL. Os obxectivos deste programa, **O galego na onda**, foron ampliar as posibilidades de ocio en lingua galega dos adolescentes de entidades pertencentes á RDL, favorecer a aprendizaxe e o uso oral do galego nun contexto lúdico e promover a reflexión sobre os usos lingüísticos da mocidade.

Tamén para a mocidade, tal como se recolle na programación conmemorativa das Letras Galegas, Política Lingüística levou a sete concellos da RDL unha actividade complementaria á exposición *Nimbos de luz*: a xincana lingüística *Xosé María Díaz Castro na voz da xente*, de maio a decembro.

Programa FalaRedes 2014

A terceira edición do programa de dinamización lingüística FalaRedes ofreceu propostas de lecer en galego dirixidas a todas as idades coas que promover o uso e a valoración positiva da lingua propia de Galicia. Seis actividades repartiron un total de 187 sesións en concellos das catro provincias pertencentes á RDL desde marzo ata decembro, fornecendo a programación propia de todos os concellos integrados nela: *Toc Toc...*, de Pablo Díaz, dirixido a público familiar, con 21 sesións; *As fabas máxicas*, adaptación teatral do conto tradicional *Xan e as fabas* pensada para dinamizar a lingua galega na familia, dirixida a nenos e nenas de máis de 4 anos, e familias, de 28 concellos da Rede de Dinamización Lingüística entre abril e xuño (coa colaboración da Deputación da Coruña); *Brinca vai!*, concerto-obradoiro dirixido a nenos e nenas de 6 a 9 anos e ás súas familias, baseado no libro-disco do mesmo título, que inclúe as tradicións, a natureza, os xogos ou as festas populares, e chegou a 26 concellos da RDL nos derradeiros meses do ano, da man do actor e músico Paco Nogueiras; *Augalingua*, nunha nova edición desta xincana na que se combinan actividades de lingua con outras de habilidade e de velocidade destinadas a nenos de 6 a 12 anos, e que se desenvolveu nas piscinas municipais e en praias fluviais de 20 concellos da RDL; *Os sons do vento que pasa*, concerto musical de fados en galego a cargo dos músicos Gonçalo Guerreiro e Dani Pais, que chegou a 36 concellos da RDL desde xuño a decembro para dinamizar o uso do galego entre o público de todas as idades achegándolle a música tradicional portuguesa por medio da lingua propia de Galicia; e *Os Bolechas e o Sabichón*, espectáculo de monicreques manipulados por actores á vista con concurso simulado no que se enfrontan Braulio e Loli, que solicitan a participación e a complicidade do público para vencer, destinado a nenos e nenas de entre 4 e 8 anos, e que chegou a 57 concellos

baixo a xestión de Edicións Bolanda, co apoio da Deputación da Coruña e da Deputación de Pontevedra en concellos da súa competencia territorial.



Ciencia e lingua galega

A Secretaría Xeral de Política Lingüística organizou, en colaboración co Concello de Lalín —entidade fundadora da Rede de Dinamización Lingüística— unha programación especial conmemorativa do Mes da Ciencia en Galego, que neste ano lle rendeu tributo ao matemático e físico lalinense Xosé Rodríguez González. A capital do Deza acolleu o 17 de novembro os actos da festa da lingua na ciencia promovidos desde a Xunta de Galicia, que comezaron cunha ofrenda floral ante o busto do destacado científico ilustrado coñecido como o *matemático de Bermés* e proseguiron con actividades para o alumnado de primaria e de secundaria, conferencias e un relatorio aberto, centrado en Xosé Rodríguez González, a cargo do seu biógrafo, Gonzalo Navaza, que lle puxo o ramo á celebración no Museo Municipal Ramón María Aller.



8.3

Illa de San Simón. Un espazo para a reflexión, a formación e a creación

A illa de San Simón, situada en Redondela, localidade da provincia de Pontevedra, e situada na Ría de Vigo, é en realidade un pequeno arquipélago formado polas illas de San Simón e San Antón, un espazo ideal para a convivencia que permite o intercambio de ideas, a reflexión e as sesións intensivas de traballo nun ambiente acolledor pola forza da súa paisaxe, a súa carga simbólica e histórica e o seu illamento, xa que só se pode acceder en barco. Ademais, os seus equipamentos permiten o aloxamento e a manutención na illa. A Consellería de Cultura e Educación colabora con diversas entidades e institucións para o desenvolvemento nestes espazos de actividades culturais, creativas e deportivas.

MOV-S Galicia. Reflexións arredor da danza

No mes de marzo a illa de San Simón acolleu o encontro MOV-S *Políticas do corpo: espazo de pensamento e acción colectiva*, baixo a dirección de Natalia Balseiro, unha programación itinerante para a reflexión artística promovida polo Mercat de les Flors.

Entre o 11 e o 13 de marzo, un total de 43 profesionais abordaron xuntos novas formas de articular nas prácticas artísticas en distintos encontros. *Programación Expandida. Articulación* foi o título do primeiro dos encontros desta edición que se desenvolverá de xeito itinerante a través de varios territorios iberoamericanos ao longo de dous anos. En segundo lugar, o papel dos museos nas artes vivas foi o punto de partida para reflexionar sobre cal é a función que os centros de arte deben asumir en relación co patrimonio e tamén coas artes vivas. Finalmente, o seminario de Galicia tamén tratou o xeito no que poden incidir na visibilidade, invisibilidade e transcendencia

das prácticas artísticas actuais aqueles proxectos de rede e comunicación dixital cun claro posicionamento político e un compromiso coa cultura, para o que se analizaron proxectos como Rede Nasa, Tea-tron, Galiza Ano Cero, Atlántida TV, *Magazine Cultural Galego*, CUAC FM e Luzes.

Estes temas estratéxicos foron a base sobre a cal os participantes no seminario redactaron tres manifestos, como ferramenta para desenvolver e propoñer prácticas reais de interinstitucionalidade entre as estruturas públicas e os artistas e mediadores.

NEThinking na illa do pensamento

Promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *NEThinking* é un encontro anual entre algúns dos expertos comunicadores, blogueiros e artistas máis influentes en internet, para debater e transmitir coñecemento sobre o contorno dixital, os novos medios de comunicación, redes e modelos de negocio arredor dos contidos dixitais, que se desenvolveu na illa entre o 25 e o 27 de abril. Cun formato de debate, con seguimento a través de streaming e Twitter, as temáticas principais que se debateron nesta edición foron os novos medios de comunicación, unha reflexión sobre os novos e vellos medios de comunicación e as novas tendencias nos medios na rede; os dereitos do creador e o usuario e un debate aberto sobre a Lei de propiedade intelectual; e os novos negocios e as novas profesións que xera a internet e o concepto do emprendedor dixital. Os debates, nos que participaron presencialmente 25 profesionais, foron seguidas en liña por usuarios de 30 países.



Con barqueira e remador, obradoiro intensivo de tradución

A III edición do obradoiro internacional de tradución poética *Con barqueira e remador*, coordinado por Yolanda Castaño, acolleu durante unha semana, do 13 ao 18 de outubro, sete participantes —recoñecidos poetas vidos desde o sueste asiático ata os países

nórdicos pasando por Europa do Leste— para compartir un enriquecedor traballo de mutuo transvasamento entre linguas.

Patrocinado polas secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e mais polo Concello de Redondela, *Con barqueira e remador* coloca Galicia no mapa do intercambio literario internacional, facendo do galego ferramenta, e da illa de San Simón a súa inspiración e residencia, como berce simbólico da lírica galega.

Ademais do traballo de tradución, os participantes no obradoiro participaron en diversos recitais en Pontevedra, Vigo e Redondela, en galego e nas linguas dos participantes, nos que tamén reflexionaron sobre a tradución poética. Tamén se presentou o libro no que se recompila o traballo de tradución froito da edición anterior deste obradoiro.

Festival SinSal Son Estrella Galicia

Do 25 ao 27 de xullo arredor de 2.100 persoas asistiron á variada programación da XII edición do Festival SinSal, organizado por Sinsalaudio co apoio económico da Agadic, e caracterizado por unha proposta musical alternativa e allea a etiquetas, este ano ampliado a tres días. Foron 26 concertos de bandas e artistas internacionais que, na meirande parte dos casos, actuaron por vez primeira en Galicia.

Outra das novidades de 2014 foi a distribución dos concertos, que repetiu propostas dous días, malia volver xogar, como en ocasións anteriores, cun cartel oculto ata o momento mesmo do embarque cara á illa. Throwing Shade, Frikstailers, Jagwa Music, Oso Leone e Xenia Rubinos foron algúns dos grupos que tocaron nesta edición.



San Simón Fiddle

A Consellería de Cultura e Educación tamén colaborou con proxectos doutras entidades que escollen San Simón como espazo idóneo para o traballo intensivo e a convivencia, nun espazo natural e simbólico excepcional. É o caso do campamento musical de verán para nenas e nenos organizado por Galicia Fiddle, dirixido a estudantes de instrumentos de corda na súa vertente folk ou tradicional. En 2014, 70 rapaces entre os 8 e os 18 anos participaron nas actividades de formación e lecer do 6 ao 13 de xullo.

Espazo para a convivencia e a formación

No mes de setembro, a illa tamén acolleu a **Residencia da Banda de Música de Salcedo**, que concentrou os compoñentes das súas catro agrupacións (Banda Infantil, Banda Xuvenil, Coral Polifónica e Banda de Música de Salcedo) durante tres días nunha convivencia dirixida a prepararen o Certame Galego de Bandas Populares de Música, no que finalmente obtiveron o primeiro premio.

Dirixidos á xente moza, a illa acolleu no verán diferentes campamentos. O Concello de Redondela organizou, en dúas quendas, os **Campamentos de Verán 2014** para rapaza-da entre 10 e 16 anos, no que desenvolveron actividades náuticas, xogos de orientación ou obradoiros de manualidades un total de 80 nenos e nenas.

Do 10 ao 15 de agosto, 20 rapaces de entre 7 e 12 anos gozaron na illa do **Campamento Barafunda**, un campamento pirata que organiza actividades lúdico-deportivas nun contorno que favorece a convivencia.

Xa no mes de setembro, a illa converteuse en espazo de lecer e benestar para os 37 maiores procedentes da residencia de anciáns de Fermoselle, en Zamora, que percorreron os distintos espazos da illa e a súa historia.

Acto da Memoria

A illa de San Simón foi escenario, un ano máis, do *Acto da Memoria*, que o 20 de xullo organizaron a Iniciativa Galega pola Memoria Histórica coa colaboración do Concello de Redondela, ao que asistiron arredor de 300 persoas para homenaxear as vítimas da represión franquista e non deixar ese episodio da historia no esquecemento. O acto contou coa presenza do relator da ONU Pablo de Greiff para a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e as garantías de non repetición. O acto rematou cunha solta de pombas, nun xesto simbólico de busca da liberdade de todas as persoas que estiveron presas en San Simón.

San Simón, illa literaria

Polo seu valor simbólico, como referente creativo da creación literaria medieval galega, a illa de San Simón vén sendo nos últimos anos o escenario da entrega dos prestixiosos **Premios Xerais**. Cunha asistencia de preto de 300 persoas, a editorial convocante entregou o 7 de xuño o Premio Xerais de Novela, o Premio Jules Verne de

Literatura Infantil e o Premio Merlín de Literatura Infantil, que recaeron en María Reimóndez por *Dende o conflito*, Leticia Costas por *Escarlatina, a cociñeira defunta*, e Eduardo Santiago por *O Gran Reino*.

Tamén a Fundación Coca-Cola escolleu este contorno para a entrega provincial do Concurso Coca-Cola Xóvenes Talentos-Premio de relato curto, edición 2013-2014, que pretende fomentar a escrita creativa entre o alumnado de 2º da ESO, á que asistiron 225 persoas o 23 de maio.

No medio do mar

Do 27 ao 29 de xuño a Confraría Europea da Vela celebrou na illa de San Simón o **II Foro Confraría Europea da Vela**, cunha programación de actividades culturais, medioambientais e náuticas ás que asistiron 50 persoas vinculadas á vela, nas que se trataron temas históricos como a batalla de Rande, económicos, como a repercusión da illa de San Simón no desenvolvemento da ría de Vigo, ou ambientais, como os efectos dos hidrocarburos tras a catástrofe do *Prestige*.

O 5 de xullo a travesía a nado que cada ano organiza a Asociación Deportiva Illas Cíes-San Simón, co Concello de Redondela, baixo o nome de **Batalla de Rande**, finalizou o seu percorrido de 27 km na illa de San Simón, unha chegada que foi agardada por preto de 200 persoas.

A Asociación de Amigos da Ruta Marítima do Apóstolo Santiago a Galicia organizou o 9 de agosto a **V Ruta marítima O Cabaleiro das Cunchas**, unha travesía marítima que se desenvolve en varias etapas en lembranza da translación dos restos do apóstolo Santiago, coa participación de máis de 50 embarcacións tradicionais, que atracaron en San Simón.

Obradoiros e cursos

O Concello de Redondela desenvolveu, dentro do programa Emprega verde, actividades didácticas na illa, nas que o alumnado realizou a súa práctica de dinamización cultural exercendo de guía de grupos concertados para mostrarlles San Simón. Máis de mil persoas accederon a estas visitas, que foron conducidas por nove alumnos. Estes obradoiros forman parte dun proxecto europeo cofinanciado pola Consellería de Traballo e Benestar.

Come o mar é o programa promocional que o Concello de Redondela, o Grupo de Acción Costeira e a Asociación de Empresarios de Redondela organizan na illa de San Simón para poñer en valor os recursos da costa galega. Estas xornadas informativas realízanse coincidindo coa Festa do Choco, nesta edición o 13 de xuño cunha asistencia de 35 persoas.

A illa tamén acolleu outros eventos particulares como o Congreso-convención de *bailles latinos e de salón*, ao que asistiron 40 bailaríns de prestixio, a *Caravana Dakota Coach* dirixido a facilitar ferramentas de mellora para a vida persoal e profesional, o *Curso LUTEC de estética e espiritualidade* destinado a profesionais da estética, ou a *Escola de intelixencias múltiples profesionais*.

Visitas guiadas organizadas a San Simón

No 2014 un total de 2.621 alumnos de diferentes niveis, desde infantil a secundaria, visitaron a illa de San Simón, cos servizos das compañías Cruceros Ángel, Nabia Naviera e Viaxes Loa, para coñecer, mediante percorridos guiados, a historia e características da illa.

Estas compañías, xunto coa Naviera Mar de Ons, ademais destas visitas guiadas para escolares, desenvolveron unha programación de visitas guiadas para público xeral, nas que participaron este ano 5.959 persoas que tiveron a oportunidade de coñecer San Simón e a súa historia.

Outros particulares e colectivos accederon tamén en visitas organizadas á illa ao longo de todo o ano.

8.4

Programación cultural da Fundación Pública Galega Camilo José Cela

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela, con sede en Iria Flavia (Padrón) e dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mantén ao longo do ano unha intensa programación cultural.

Programación para escolares

No ámbito educativo, a Fundación Cela ofrece todo o ano visitas escolares, que en 2014 permitiron un achegamento directo á figura do escritor padronés e á súa obra de 1.309 alumnos e alumnas de 25 centros educativos. O alumnado puido participar tamén en obradoiros e actividades dirixidas, que pretenden facer da visita unha experiencia dinámica, entretida e participativa. Programáronse obradoiros e proxeccións de filmes ou documentais relacionados co escritor e convidouse o profesorado a unha xornada de portas abertas para coñecer o museo e ampliáronse os recursos para os docentes coa publicación do libro multimedia *CJC. Un creador total* e outros difundidos no blog educativo da Fundación <https://camilinhojosesinho.blogspot.com.es>.

Pola súa vez, o programa **Camiliño Josesiño vai á escola** continuou coas actividades nos centros de infantil e primaria, para promover o estudo do escritor nos propios espazos educativos. Como novidade do curso 2014-2015 ofertáronse na programación escolar as valixas didácticas *Pequenas historias*, para bibliotecas escolares, e *Máis alá do escritor*, para secundaria. No ano 2014 participaron neste programa 1.076 pequenos e pequenas de 24 centros educativos.

No **Letreseo**, a programación da Semana das Letras no museo coa que se conmemora o aniversario do nacemento de Cela, o Día das Letras Galegas e o Día Internacional dos Museos, ademais da exposición dos traballos do alumnado para achegalo ao museo e ao legado de Cela, e de diversas actividades para todos os públicos, representou-

se este ano a obra de teatro *Acuario*, da compañía Ghazafellos, grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Actividades culturais para todos

Este ano destináronse aos públicos familiares un conxunto de actividades como os obradoiros *Rima con ritmo*, no Nadal, ou o taller *O fío de Penélope*, no Letreseo. Nesas mesmas datas tamén se desenvolveu un taller especial sobre o manuscrito de *La colmena*, que foi descuberto recentemente. Tamén se levaron acabo proxeccións, como o documental *Nimbos de poesía* sobre Xosé María Díaz Castro, poeta ao que se lle dedicou este ano o Día das Letras Galegas.

Ademais, desenvolveuse unha programación específica para a terceira idade, realizada en colaboración coas Aulas da Terceira Idade do Concello de Padrón, na que se levaron a cabo as actividades de club de lectura Anagnosis e o programa de maletas viaxeiras.

Tamén se levaron a cabo na sede da fundación diversos actos conmemorativos, como o realizado con motivo do aniversario do pasamento de Cela ou a programación especial por mor do XXV aniversario da concesión do Premio Nobel a Camilo José Cela e na que, baixo o título *Conversas de café*, tiveron lugar unha serie de conferencias en catro establecementos hostaleiros de Padrón, unha mesa redonda e un concerto de alumnos da Escola de Altos Estudos Musicais como clausura na sede de Iria Flavia.

En outubro, tamén se colaborou coa Universidade Camilo José Cela e coa Biblioteca Nacional de España no primeiro acto conmemorativo, que tivo lugar en Madrid, do centenario do nacemento de Camilo José Cela que se celebrará no 2016.

A fundación tamén acolleu actividades doutras entidades, como conferencias divulgativas, eventos conmemorativos etc.

Concursos literarios

A Fundación Camilo José Cela no ano 2014 convocou o III Concurso de Microrrelatos da FCJC con máis de 952 microrrelatos presentados a concurso. A entrega de premios tivo lugar no Centro Comercial Compostela de Santiago de Compostela o 28 de xuño (patrocinador do concurso).

O 6 de xullo, e en colaboración coa Fundación José García Nieto, convocouse o I Concurso de Micropoesía José García Nieto en conmemoración do centenario do poeta ovetense. A este novo concurso literario presentáronse máis de 200 micropoemas nesta primeira edición.

Ademais, o 7 de marzo realizouse na sede da fundación a entrega de premios do XXIV Premio de Narrativa CJC que organiza o Concello de Padrón.

Exposicións

A Fundación Camilo José Cela realizou este ano a montaxe de varias exposicións vinculadas coa obra e figura do escritor padronés. No mes de xaneiro, deulle continui-

dade á exposición *Unas barbas en la Academia. La RAE en el legado de CJC*, inaugurada en outubro do ano anterior.

O 15 de febreiro abriuse ao público a mostra *Centenario de Platero y yo de JRJ*, aberta ata o mes de xuño. E, como é adoito, durante o Letreseo, celebrado no mes de maio, expuxéronse na fundación os traballos realizados polos nenos e nenas no programa Camiliño Josesiño na escola-Letreseo.

Xa no verán, inaugurouse a mostra elaborada co Concello de Padrón *Metaxénésix. Nova arquitectura de Galicia*, aberta ao público ata o 31 de agosto. E no final do ano, no mes de outubro, os visitantes á sede da fundación puideron acceder á exposición *Viaje a vela por mi sueño*, con motivo do centenario de J. García Nieto.

A fundación tamén colaborou con outros proxectos expositivos a través do préstamo dos seus fondos. En 2014 cedéronselles fondos á Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés para a exposición *CJC, un novelista na pantalla*; á Deputación Provincial de Pontevedra, para a mostra no Museo de Pontevedra *A rebotica da arte*; ao Centro de Estudios Taurinos de Madrid, para a exposición na Casa de Correos *CJC y los toros*; e ao Museo Nacional Centro de Arte Raíña Sofía para a realización da mostra *Fotos&Libros. España 1905-1977*.



Publicacións

Coa Universidade Camilo José Cela, a fundación colaborou este ano na publicación e presentación do *Anuario de estudios celianos 2012-2013*. Tamén se estableceron colaboracións co Museo de Pontevedra para a elaboración do catálogo da exposición *A rebotica da arte*, co Centro de Asuntos Taurinos de Madrid para a elaboración do catálogo da exposición *Cela y los toros*, e coa editorial Vicens Vives na súa última edición comentada de *La familia de Pascual Duarte*.

No ámbito da edición dixital, a fundación publicou este ano, dentro da serie A casa das letras, 13 contos realizados polos nenos na programación escolar, así como os relatos gañadores en cada unha das categorías do III Concurso de Microrrelatos baixo o título *Sobre el oficio del escritor*. Tamén se realizou, en colaboración coa Fundación Pedro Barrié de la Maza, o libro multimedia sobre o escritor **Camilo José Cela Trulock: un creador total**, dentro da colección Máis libros, máis libres.

Investigación

Co obxectivo de fomentar a investigación da figura, obra e legado de Camilo José Cela e do contexto histórico e cultural no que viviu, a fundación realiza de maneira permanente un servizo de atención e asesoramento aos investigadores que precisen consultar o legado celiano como ferramenta de apoio para os seus traballos. No ano 2014 atendéronse na sede da fundación 14 investigadores procedentes de universidades españolas e estranxeiras. A isto engádense as numerosas consultas recibidas e tramitadas vía correo electrónico ou postal.

Así mesmo, asinouse un convenio coa Universidade de Santiago de Compostela para recibir estudantes nas súas prácticas de grao; en 2014 foron catro os alumnos da Facultade de Xeografía e Historia que tiveron a oportunidade de introducirse no funcionamento interno da fundación nos labores de catalogación e arquivo do legado e na montaxe e desenvolvemento de exposicións.





8.5

Integración social tamén nas artes

Para o desenvolvemento cultural comunitario e persoal da cidadanía galega, as políticas de integración, tanto nos públicos como na propia creación artística, son fundamentais para conseguir unha transformación progresiva a favor da heteroxeneidade e do enriquecemento do conxunto.

Festival Igual Arte

Nesa mesma dirección enmárcase a colaboración coa Fundación Igual Arte. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria deulle apoio ao II Festival Artístico Igual Arte que, do 6 ao 10 de outubro, ofreceu en Vigo unha mostra da creatividade de compañías de arte procedentes de gran parte do Estado español integradas por persoas con discapacidade.

Aproveitar as artes como vías de crecemento persoal, de desenvolvemento das capacidades, da autoestima etc. e contribuír á inclusión social de todos os colectivos son algúns dos obxectivos desta programación, que vén enriquecer, ao mesmo tempo, a programación cultural da cidade.

Para a apertura, o festival contou cunha nova produción de Igual Arte, *Devir*, un concerto de música tradicional con Anxo Pintos como artista convidado. Outras 13 propostas artísticas puideron verse no auditorio do Concello de Vigo, ademais da estrea da curtametraxe *Narci*, producida por Igual Arte e protagonizada polo actor galego Javier

Gutiérrez. O festival clausurouse coa entrega dos premios do II Certame Artístico Igual Arte, coa participación de máis de 60 obras artísticas nas cinco categorías a concurso (música, plástica, danza, audiovisual e teatro).

Encontro Artes pola Integración

O proxecto Artes pola Integración pon nas mans de grupos dalgunha forma excluídos da participación social unha serie de oportunidades, plataformas, iniciativas e ferramentas para facilitar a súa comunicación co resto da comunidade, ao tempo que pon diante dos ollos do resto da sociedade a realidade e a capacidade expresiva deses grupos socialmente excluídos por razóns legais, sociais ou médicas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria colaborou cunha nova edición deste encontro, cunha programación que inclúe un ciclo de conferencias sobre educación inclusiva formal e non formal, para compartir reflexións e experiencias sobre a complexidade da exclusión e diferentes respostas inclusivas, unha programación de exposicións, un programa de artes escénicas, unha secuencia de experiencias formativas etc. en colaboración con organizacións, institucións e persoas diversas.

Dentro da programación tamén o CGAI programou o 29 e 30 de maio o ciclo *Cine e psiquiatría: paradigmas da mirada*, con catro sesións, e comisariado por Miguel Ángel Delgado e Luis E. Parés, para mostrar diferentes interseccións entre cineastas e psiquiatras. O ciclo contou coa presenza do novo cineasta alacantino Jorge Tur, coa sesión *Se a toma saíu ben, para que facemos outra? (Ensaio e erros nun obradoiro de audiovisuais)*, na que compartiu pezas inéditas que realizou mentres traballaba como educador nun Centro Específico de Enfermos Mentais.



Outras programacións pola integración

Dentro da VII edición do *Festival de Artes Escénicas Riós 2014*, a Consellería de Cultura e Educación, a través da Agadic, colaborou coa sección Todos podemos facer cine, un espazo para o cinema de integración social, que mostra proxectos desenvolvidos por colectivos con dificultades que empregan esta vía artística como medio de expresión.

Como mostra das prácticas desenvolvidas no Museo Etnolóxico de Ribadavia vinculadas ás persoas maiores, este museo colaborou este ano coas VI Xornadas internacionais de educación social e xerontoloxía, organizadas polo Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia e a Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Vigo, do 1 ao 4 de outubro, coa mostra *Lembrar no museo 2005-2011*. Trátase dun conxunto de paneis nos que se pode ver a través de imaxes e de reflexións o proceso de traballo durante varias edicións, e sempre en colaboración coa Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Ourense (AFAOR), da utilización do patrimonio cultural con persoas afectadas polo alzhéimer acompañadas das persoas que as coidan. O equipo técnico do museo presentou cun relatorio este programa que forma parte do proxecto Museo aberto.

E o Museo de Belas Artes da Coruña tamén desenvolveu accións destinadas a favorecer a inclusión a través da arte. En colaboración co Movemento Galego de Saúde Mental, acolleu no mes de outubro a representación dun grupo de usuarios e profesionais que traballan con terapias expresivas e teatro espontáneo, baixo o título *Xornada de arte e saúde. Teatro para a transformación social*.

O proxecto *ReSoa*, da Orquestra Sinfónica de Galicia, que conta co financiamento da Xunta de Galicia a través do Consorcio para a Promoción da Música, que ofreceu este ano concertos de cámara en centros de maiores e de colectivos con discapacidades, está a dar tamén o seu froito no Centro Cívico de Monte Alto, na Coruña, cunha serie de iniciativas formativas de integración de colectivos en risco de exclusión.



8.6

Difusión e promoción dos novos creadores. Xuventude Crea

O 19 de novembro de 2014 Santiago de Compostela acolleu a entrega dos premios do certame Xuventude Crea, unha iniciativa da Consellería de Traballo e Benestar, coa que colabora a Consellería de Cultura e Educación, que reconece cada ano a creatividade e o talento da mocidade galega.

Na edición deste ano participaron no concurso máis de 350 mozos e mozas, dos cales 43 foron premiados nas distintas modalidades do certame: teatro, artes plásticas, relato breve, deseño de xoias, carteis, banda deseñada, videocreación, moda, graffiti, poesía e música.

Mocidade, creatividade e lingua

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado puxeron en marcha ao longo de 2014 dous programas de promoción do uso do galego na mocidade, no marco do cumprimento da Lei de xuventude de Galicia e do desenvolvemento do Plan estratéxico de xuventude de Galicia 2014-2016, no que se inclúen 11 medidas de fomento do uso do galego nos distintos ámbitos sociais, e do Plan xeral de normalización da lingua galega. Así, no mes de febreiro convocouse a segunda edición do **concurso Lingua de namorar**, un certame en liña de mensaxes de amor en lingua galega dirixido a todos os mozos e mozas de 14 a 35 anos, destinado a dinamizar o uso da lingua galega nas relacións persoais da mocidade e nas novas tecnoloxías, sobre todo en internet e na mensaxería instantánea. No certame participaron este ano preto de 1.000 persoas.

No verán, os dous departamentos desenvolveron a cuarta edición do programa de dinamización lingüística **O galego campá!**, destinado a promover o uso da lingua propia de Galicia nos campamentos de verán da Xunta de Galicia. No marco deste proxecto púxose á disposición do monitorado diverso material e máis de 600 rapaces e rapazas de entre 9 e 16 anos participaron na xincana lingüística *Lingua Forza 3*.

Tamén no marco de colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, con motivo da campaña de dinamización lingüística de Nadal da Rede de Dinamización Lingüística Nadal en Rede 2014, editouse a guía *Un Nadal mozo e en galego* cunha proposta de agasallos para a xente nova, destinada a animar a mocidade a agasallar esas festas con galanos en galego e a poñer en valor eses produtos culturais e de lecer.

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colaborou co Concello de Teo, pertencente á Rede de Dinamización Lingüística da Xunta de Galicia, no **I Certame de Canción de Autor en galego E ti, tes fame?**, dirixido a intérpretes noveis de calquera estilo musical que canten en lingua galega. A gañadora da primeira edición foi Alba María, que grazas ao premio editou o seu primeiro disco *Aínda*, que viu a luz este ano.

Para favorecer un maior uso do galego entre a mocidade e o seu desenvolvemento creativo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística asinou un convenio de colaboración

coa Asociación Cultural Colectivo Xelmírez para a posta en marcha da II edición do **Premio Banda Deseñada AXI** e a II edición do **Premio de Ensaio Subversivo Guillermo Domínguez**. Cunha finalidade semellante, Política Lingüística asinou un protocolo de colaboración con Bebidas Gaseosas del Noroeste (BEGANO) para unha nova convocatoria do **Premio Concurso Novos Talentos-Premio de Relato Curto**, e coa Federación Española de Relixiosos do Ensino-Centros Católicos para promover, entre outras actividades, a convocatoria da XI edición do **Premio Frei Martín Sarmiento**, a Festa da Lingua, a VI edición do **Concurso de Curtametraxes Rec-Curta** e o **Concurso de Cómic Ferega**.

Ademais destes programas, a Secretaría Xeral de Política Lingüística promove a realización de programacións desde os concellos de Galicia, cunha liña de subvencións dotada en 2014 con 300.000 euros, destinadas á promoción e dinamización da lingua galega a través dos servizos lingüísticos e do desenvolvemento de programas dinamizadores e de formación social.

Clases maxistras para os novos músicos

A Consellería de Cultura e Educación promove numerosas iniciativas de formación musical complementaria para os máis novos: festivais de verán como o de Celanova, os campamentos musicais en San Simón, o Festival Peregrinos Musicais, ou as clases maxistras na Escola de Altos Estudos Musicais constitúen oportunidades ao longo do ano para que os músicos máis novos poidan complementar a súa formación artística corrente con experiencias e contacto con destacados artistas.

Este ano, a Asociación Galicia Fiddle organizou a xira galega do destacado violinista estadounidense Darol Anger, que contou cunha programación paralela, promovida pola consellería, de sesións formativas para os máis pequenos aprendices de violín. O 25 de maio no Castelo de Soutomaior o mestre americano ofreceu unha xornada de traballo musical para pequenos estudantes de instrumentos de corda, que tivo como peche un concerto do alumnado con Darol Anger e Emy Phelps e unha merenda campestre de confraternización.

8.7

Premios e certames para a posta en valor da creatividade

O 26 de xullo o Pazo de Mos acolleu a fase final da **Liga Galega de Bandas de Gaitas**, unha iniciativa que congrega anualmente milleiros de músicos e que vén promovendo a Federación Galega de Bandas de Gaitas coa colaboración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Este ano foi de novo a Banda de Gaitas Leticia e Concello de Fornelos de Montes quen obtivo o primeiro posto da competición de primeiro grao. No segundo e terceiro grao o premio foi para a Escola Municipal Gaitas e Percusión Xinzo de Limia e para San Vicente de Barrantes, respectivamente. Ademais

desta iniciativa do campo da música tradicional, a Secretaría Xeral de Cultura tamén apoiou outras como a celebración do Filandón de Músicas do Courel 2014 ou, co Concello de Manzaneda, a realización do **Certame Celtibérico de Bandas de Gaitas 2014** Memorial Gabino García.

En colaboración co Concello de Cambados e a Consellería de Cultura e Educación, para promover a creación artística no ámbito da escultura, a Asociación Cultural Francisco Asorey convocou este ano o **I Certame de Escultura Francisco Asorey**, destinado a artistas novos galegos (menores de 30 anos) ou que residan en Galicia, cunha obra de temática libre e traballo inédito e orixinal.

Este ano levouse a cabo tamén a I edición do **Certame de Cantería Vento de Pedra**, en Cabana de Bergantiños, do 18 ao 24 de agosto, un certame artístico que constitúe o primeiro encontro de canteiros celebrado na Costa da Morte. Durante seis días os canteiros participantes traballaron unha peza pétrea de pequenas dimensións, inspirándose nos valores, tradicións e oficios que atesoura a Costa da Morte. O certame repartiu 3.000 euros en premios.

En colaboración coa Fundación Eduardo Pondal, a Consellería de Cultura e Educación apoia a convocatoria do **Certame de Pintura ao Aire Libre Fernando Álvarez de Sotomayor**, destinado a enxalzar a contorna paisaxística que inspirou o pintor, profesor e director do Museo do Prado.

No mes de xuño, a Radio Galega e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria entregaron os galardóns do **VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico**. O secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, e a directora da Radio Galega, Rosa Martínez, fixéronlles entrega dos premios do xurado e da audiencia a César Carracedo e a Carmen Blanco, polas obras *Explotados* e *A primeira vez*, respectivamente, dotado cada un con 3.000 euros.

As catro obras finalistas emitíronse en diferentes programas da Radio Galega entre o 26 de maio e o 6 de xuño. Con adaptación radiofónica de Cristina Domínguez, as obras foron interpretadas por César Goldi, Machi Salgado, Mónica García, María Llanderas e Aaron Gómez Gallego, coa realización técnica de Chus Silva. As catro publicáronse nun libro-CD integradas na colección do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que consta na actualidade de sete volumes con 25 obras inéditas publicadas e as correspondentes adaptacións radiofónicas. Convocado pola Radio Galega co patrocinio da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato dramático en radio desde unha perspectiva contemporánea.

Outros premios de creación literaria profesional detállanse no capítulo 7.


Cores con palabras, certame de pintura e poesía para maiores

O certame Cores con Palabras é unha iniciativa organizada polo Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños que conta coa colaboración da Xunta de Galicia. Nesta edición 2014 na categoría pictórica recibiron os premios Puri G. Galiñanes, coa obra *Fraxilidade*; Cristina Carou, pola obra *Cores con vida*; e Carmen Calviño, pola obra *No xardín*; mentres que na categoría poética o fixeron Tiffany Esmeralda, polo traballo *Poema á pintura*; Revellín, polo traballo *Escoito* e Mariela do Mar, polo traballo *Ceibos de Sabucedo*.

Aos premios concorreron preto de 150 traballos artísticos baixo as modalidades de poesía e pintura, da autoría de persoas maiores de 55 anos e menores de 13, respectivamente. Os 40 traballos finalistas integraron a mostra que, baixo o mesmo nome, se puido visitar no Centro Social Afundación de Pontevedra.







09

CELEBRACIÓNS E EFEMÉRIDES CULTURAIS 2014

Para comprender o presente desde a perspectiva da historia, para poñer de manifesto as tarefas e valores destacados dos nosos devanceiros e instaurar a importancia da memoria colectiva como información básica coa que abordar o futuro, a Xunta de Galicia, en colaboración coas diversas institucións de Galicia, dedica unha programación anual á recuperación de figuras e fitos históricos do ámbito cultural galego. Cada unha destas programacións procura contribuír á recuperación, ao estudo e á actualización dese legado histórico común.

9.1

Letras Galegas dedicadas a Díaz Castro

A Real Academia Galega acordou dedicar o Día das Letras Galegas 2014 ao escritor lugués Xosé María Díaz Castro, autor dunha importante obra poética en lingua galega. Para apoiar o coñecemento e valoración social deste autor e da súa obra, a Xunta de Galicia deseñou un programa de actuacións, en colaboración con diferentes institucións e coa intención de lle outorgar á celebración un carácter transversal que implique o conxunto da sociedade. Os principais obxectivos deste programa de actuacións son dar a coñecer a obra poética de Díaz Castro e contribuír ao recoñecemento do seu traballo literario, reforzar o valor social da lingua galega e da creación destacada no noso idioma e promover a difusión desta celebración para facer partícipe a cidadanía e as entidades sociais, favorecendo a programación de iniciativas desde diferentes ámbitos.

Exposición *Nimbos de luz*

Coincidindo co centenario do seu nacemento, o 19 de febreiro a Xunta de Galicia, a Real Academia Galega, a Asociación Cultural Xermolos, o Concello de Guitiriz, o Centro Pen de Galicia e a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) iniciaron as actividades arredor da vida e inauguraron en Guitiriz a exposición *Nimbos de luz* da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con Galaxia/Merlín Comunicación. O acto clausurouse co concerto de 2naFronteira co seu traballo dedicado ao poeta *Zapatiños para Díaz Castro*.

Tras un período inicial en Guitiriz, a mostra percorreu Galicia ao longo de 2014. Vigo, Pontevedra, Cerceda, Santiago de Compostela, A Estrada, Redondela, Cee, Vilagarcía de Arousa, Mondoñedo, A Coruña, Lugo, Lalín, A Laracha, Ourense, A Rúa, Cee e Celanova foron as localidades que a acolleron. Un achegamento á vida e á obra do poeta a través de 14 paneis temáticos e do documental *O instante eterno* (de audición individual), de Xosé Cascudo, ademais dun folleto de man e dunha selección de manuscritos e obxectos persoais que se mostraron en vitrina en Guitiriz.

A exposición estivo comisariada por Alfonso Blanco Torrado, Luís González Tosar e Armando Requeixo, estudosos da obra do autor lugués, que, dun xeito divulgativo, para todos os públicos, presentaron o percorrido vital que o levou de Guitiriz a Mondoñedo, pasando por Vilagarcía de Arousa e Madrid.

Simposio da Real Academia Galega

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tamén colaborou coa Real Academia Galega (RAG) na realización do Simposio Díaz Castro, no que diversos especialistas analizaron a vida e a obra deste autor. Intervíñeron Armando Requeixo, Carme Blanco, Luís González Tosar, Félix Villares Mouteira e Xesús Manuel Valcárcel, Xosé Manuel Salgado, María Xesús Nogueira, Andrés Torres Queiruga, Afonso Blanco Torrado, Victorino Pérez Prieto, Engracia Vidal Estévez e Xesús Alonso Montero.

Publicacións sobre Díaz Castro

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en colaboración con Galaxia, editou unha completa biografía de Díaz Castro, que, ademais da súa distribución comercial, se distribuíu na Rede de Bibliotecas de Galicia. *Xosé María Díaz Castro. Nimbos de luz*, ademais das páxinas da descrición vital e da análise da repercusión da obra do poeta e tradutor, incorpora un DVD do documental de Xosé A. Cascudo.

Cadernos Ramón Piñeiro. Volume XXIX. Nimbos: cáliz fervendo! foi o título do volume dedicado a Díaz Castro impulsado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

Lus, nova música para os poemas

Lus é o título do proxecto musical que Marta Quintana e Cuchús Pimentel puxeron en marcha este ano no que converten os poemas de *Nimbos* en 11 cancións cheas de forza e reivindicación. A Xunta de Galicia promoveu a posta en escena deste proxecto na Cidade da Cultura o propio 17 de maio, así como nas vilas de Redondela e Mos.

Edición de *Nimbos* noutras linguas

Na colección Galician Classics, promovida pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Cultura, e Small Station Press, viu a luz un novo título para a difusión exterior da literatura galega. *Nimbos* é a obra escollida para a tradución inglesa que permite dar a coñecer noutras áreas lingüísticas o poeta homenaxeado.

Argi-koroak é o título da edición bilingüe galego-éuscaro promovida pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Goberno Vasco, e traducida por Gerardo Markuletak, da obra *Nimbos*.

A edición rusa de *Nimbos*, traducida por Elena Zernova, foi editada polo Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Nimbi, de Xosé María Díaz Castro, é a tradución ao italiano que inaugurou o proxecto Letras Galegas no Mundo da Consellería de Cultura e Educación para difundir internacionalmente a obra de autores que publicaron literatura en lingua galega. Esta e outras traducións que se irán sumando ao proxecto estarán accesibles para o público de dentro e de fóra de Galicia a



través da web da Secretaría Xeral de Política Lingüística www.xunta.es/linguagalega. Trátase dunha iniciativa para promover as traducións nos centros de estudos galegos dependentes da consellería e con sede en universidades de Europa e de América. A primeira desas traducións foi realizada no Centro de Estudos Galegos de Padua (Italia).

Tamén se reeditou este ano *Versos guitiricenses*. Xosé María Díaz Castro, da Asociación Xermolos, unha publicación para a difusión do autor en formato de banda deseñada, que contou coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación.

A Xunta de Galicia tirou con motivo do Día do Libro (23 de abril) un marcapáxinas conmemorativo con poemas de Díaz Castro, para a súa distribución nas librerías, coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura coa Federación de Librerías de Galicia. E no marco da colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz editáronse e distribuíronse máis de 3.000 calendarios conmemorativos das Letras Galegas 2014, deseñados por Xosé Antón Cascudo, en todos os centros galegos de España e en todas as vivendas de Guitiriz e arredores. E dentro da colaboración entre a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Vegalsa-Eroski na campaña Letras Galegas 2014, a poesía de Díaz Castro chegou tamén aos establecementos da compañía galega de distribución alimentaria no mes de maio.

Rutas para coñecer a Díaz Castro

O Museo do Castro de Viladonga, da Xunta de Galicia, organizou, en colaboración co Club Cultural Valle-Inclán, unha viaxe-homenaxe a Díaz Castro o domingo 25 de maio polas terras de Guitiriz e Parga, visitando paisaxes e lugares vinculados ao autor, con lecturas públicas da súa obra e o acompañamento musical de Mini e Mero. Ademais deste, a Secretaría Xeral de Cultura colabora co Concello de Guitiriz na planificación de rutas polo municipio vinculados ás paisaxes poéticas e á vida de Díaz Castro.

I Carreira Camiño das Letras

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, colaborou este ano con Xurdir na



I Carreira Camiño das Letras que tivo lugar o 14 de maio en Santiago de Compostela. Esta proba une a conmemoración do Día das Letras Galegas e o simbolismo do Camiño de Santiago coa práctica do deporte; por iso, todos os participantes que remataron a carreira recibiron un libro e o diploma Camiño das Letras.

Festiletras

Na semana das Letras Galegas, a Fundación Eduardo Pondal, en colaboración coa Xunta de Galicia, vén celebrando cada ano o Festiletras, un amplo programa de iniciativas de carácter dinamizador da lingua e da cultura de Galicia, que este ano contou co escritor Xosé Neira Vilas como pregoeiro na inauguración. O alumnado dos colexios e institutos do concello de Ponteceso participou na iniciativa *Aldeas literarias*, que incluíu conferencias, regueifas, contos, poesía ou visitas guiadas. Nas *Aldeas creativas* desenvóléronse obradoiros de maíos a cargo de Oli Xiráldez e mais uns seráns de expresión no que participarán o escritor Xabier P. DoCampo, o fotógrafo Daniel Puente e o ilustrador Xosé Cobas. Os actores Isabel Risco e Xosé Antonio Touriñán encargáronse da actividade k". E o sábado, 17 de maio, no I Encontro de Aldeas Singulares presentáronse algunhas experiencias levadas a cabo en lugares pequenos de Galicia, mentres que en *Aldeas do mundo* se exhibiron iniciativas innovadoras desenvoltas en poboacións rurais fóra da nosa comunidade. Os Contos Daboapipa, o novo circo de Peter Punk, obradoiros ou o concerto TOC-TOC, do programa FalaRedes da Rede de Dinamización Lingüística e a música de Oreka Tx, João Afonso e Xabier Díaz, a XXXII Feira de Artesanía, a Mostra do Libro Galego, obradoiros, danza tradicional e a música de Malvela tamén formaron parte da extensa programación deste ano.

Difusión audiovisual

A Xunta de Galicia e a CRTVG colaboraron na difusión audiovisual da vida e da obra de Díaz Castro, con iniciativas como a programación de microespazos animados con poemas de Díaz Castro durante todo o mes de maio ou a emisión de novos documentais. A CRTVG habilitou un sitio web dedicado á difusión da obra do autor homenaxeado.

O Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), da Agadic, proxectou con motivo do festexo das Letras o documental de Xosé Antón Cascudo *O instante eterno*, sobre a vida e a obra de Díaz Castro, que inclúe imaxes de arquivo desta institución. No CGAI proxectouse, ademais, unha selección de videopoemas de autor, a partir de textos de Díaz Castro.

Cunha finalidade didáctica, o documental *Nimbos de poesía*, de Ophiusa Productora de Vídeos, biografía audiovisual de Xosé María Díaz Castro, púxose ao dispor da comunidade educativa no web www.xunta.es/linguagalega.

A programación de actividades na Rede de Dinamización Lingüística, coordinada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, incluíu a xincana *Xosé María Díaz Castro na memoria da xente*, que chegou aos concellos de Cerceda, A Estrada, Redondela, Vilagarcía de Arousa, A Rúa, Cee e Celanova, dirixida a escolares de último ciclo de primaria e primeiro de secundaria, de abril a decembro, como complemento ao percorrido da mostra *Nimbos de luz* da Xunta de Galicia.

Concurso-Exposición Letras Galegas 2014

Convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística arredor de Xosé María Díaz Castro e dirixido a escolares, editáronse os proxectos gañadores do concurso nas categorías de primaria e secundaria pertencentes aos centros CEIP plurilingüe Lagostelle de Guitiriz e o IES Perdouro de Burela, respectivamente. Estas láminas foron distribuídas en preto de 2.000 puntos de Galicia e do exterior —sobre todo centros de ensino, centros de estudos galegos e lectorados, centros da emigración, bibliotecas nodais e municipais, servizos lingüísticos e entidades pertencentes á Rede de Dinamización Lingüística— co gallo das Letras Galegas, coa finalidade de fomentar o achegamento ao autor e á súa obra e de poñer á disposición dos centros de ensino materiais complementarios ás aulas de lingua galega e literatura.

Os equipos de dinamización da lingua galega desenvolveron unha extensa programación de actividades e materiais que a Secretaría Xeral de Política Lingüística contribuíu a divulgar entre a comunidade educativa a través do espazo web www.xunta.es/linguagalega/letras_galegas.

Acto institucional do 17 de maio en Guitiriz

O Día das Letras Galegas a Xunta de Galicia celebrou un acto institucional en Guitiriz, no que se deron cita representantes das principais institucións galegas, entidades culturais e veciños, no CEIP Lagostelle, previo ao tradicional plenario da RAG. O acto, que comezou coa descuberta dunha placa conmemorativa, contou coas intervencións do presidente da Asociación Cultural Xermolos, Alfonso Blanco Torrado, amigo persoal de Díaz Castro, do fillo do autor, José María Díaz, do alcalde de Guitiriz, Xosé María Teixido, de Xesús Alonso Montero, presidente da RAG, de Luís González Tosar, poeta e presidente do Centro PEN de Galicia, e do presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo. Pechouse cun breve concerto de María do Ceo con poemas musicados de Díaz Castro.



Díaz Castro nas bibliotecas

As bibliotecas nodais da Secretaría Xeral de Cultura desenvolven cada ano un amplo programa de actividades arredor das Letras Galegas.

A Biblioteca de Galicia realizou unha exposición sobre a vida e obra de Díaz Castro integrada polo fondo bibliográfico e documental propio deste autor con que conta esta biblioteca. Co obxecto de dinamizala e dar a coñecer a súa obra poética tamén organizou un recital poético musical do grupo Ouriol coa poeta Eva Veiga.

A Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés, ademais de acoller a exposición *Nimbos de luz* no mes de setembro, elaborou unha guía de lectura da obra do autor. Para público adulto, a biblioteca programou a charla *Xosé María Díaz Castro: poesía galega da paisaxe*, a cargo de Xesús Manuel Valcárcel López, un achegamento á obra de Díaz Castro e unha análise comparada doutras figuras da nosa lírica que se inspiraron na paisaxe. A volta ao mundo de *Penélope* foi a actividade para os máis pequenos con Mau Asociación Lareira Global, unha maridaxe entre a oralidade e a elaboración dun debuxo mural combinada con música.

A Biblioteca Pública de Lugo convocou o XX Certame de Narración e Debuxo Infantil, por categorías de idade (ata 8 anos, de 9 a 11 e de 12 a 16 anos). No mes de maio realizáronse unha mostra bibliográfica de Xosé María Díaz Castro no vestíbulo da biblioteca e unha guía de lectura de Díaz Castro. O día 16 convocaron os usuarios á actividade *Retratando a Díaz Castro* para facer un retrato de Díaz Castro coa técnica de colaxe. Para os adultos, o xoves 15 programouse un recital poético no salón de actos.

A Biblioteca Pública de Ourense programou o obradoiro creativo de Babaluva Teatro, para nenos e nenas de 5 a 12 anos, un obradoiro de cómic e *Contiños con Susana* con historias vinculadas á lingua e ao autor homenaxeado. Ademais, durante toda a semana, a biblioteca reforzou a difusión das Letras Galegas a través das redes sociais e coa creación dun centro de interese Díaz Castro. O 16 de maio celebrouse un sorteo de varios lotes de libros entre os usuarios que levaran en préstamo libros en galego recentemente.

A Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola planificou este ano, como actividade para os usuarios adultos, o *Pasaporte de lecturas das Letras Galegas*, para fomentar a lectura en galego. Do 1 de febreiro ata o 15 de maio, o centro de interese Letras Galegas 2014 propuxo unha selección de obras de ou sobre autores homenaxeados nas diferentes edicións deste festexo que vén celebrándose desde 1963, do que cada participante tivo que ler un mínimo de catro títulos. Unha vez completado o pasaporte cos selos correspondentes, sorteáronse o 16 de maio tres lotes de libros entre os pasaportes recibidos. Para os nenos tivo lugar o obradoiro creativo *Xogando coas Letras* para traballar a importancia da diversidade lingüística e convidar a internarse no mundo das linguas.

A Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal programou o obradoiro literario *A poesía non morde!* que impartiu Yolanda Castaño. A mesma semana das Letras púidose visitar na biblioteca a exposición sobre Xosé María Díaz Castro *Nimbos de luz* e un recital da obra de Xosé María Díaz Castro a cargo dos integrantes do Obradoiro Interxeracional de Poesía da Biblioteca Ánxel Casal. E o día 16 entregáronse os premios do *Concurso de carteis infantís sobre Xosé María Díaz Castro*. Como novidade, os voluntarios da biblioteca realizaron unha obra de teatro infantil, no marco do programa de Voluntariado cultural nas bibliotecas.

A Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel desenvolveu o obradoiro, para nenos e nenas a partir de 6 anos, *Descubre o tesouro da poesía: Xosé María Díaz de Castro*, a cargo de IMASV, para achegar a poesía deste autor a través da ilustración. Na semana das Letras, os usuarios encontraron a mostra bibliográfica *Díaz Castro na biblioteca*. O 13 de maio, Teatro Babaluva desenvolveu a actividade *Retratando a Díaz Castro*, de deseño coa técnica de colaxe en estilo cubista.

Visita a Galicia do alumnado catalán e londiniense polas Letras

Como cada ano, o alumnado catalán da ESO que cursa estudos de lingua galega en centros de Cataluña realizou polas Letras Galegas a súa viaxe anual a Galicia. No curso 2013-2014 dous centros formaron parte do proxecto: Col.legi el Casar e o Instituto de Educación Secundaria Margarita Xirgu. Coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación e da Dirección Xeral de Xuventude, durante a súa estadía visitaron o castro de Viladonga, a muralla de Lugo, o Museo do Pobo Galego, a torre de Hércules, Mondoñedo, Viveiro, a praia das Catedrais, ademais de participaren no acto de recepción institucional na Cidade da Cultura polo conselleiro de Cultura e Educación.

Do 14 ao 18 de maio tamén realizou a súa viaxe cultural a Galicia o alumnado que cursa galego no Instituto Español de Cañada Blanch de Londres, como materia optativa nos currículos de educación secundaria e bacharelato. As visitas organizadas dos centros que cursan estudos de lingua e cultura galega fóra de Galicia completáronse coa viaxe do alumnado do Bierzo.

Letras Galegas na Cidade da Cultura

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria celebrou no Gaiás o Día das Letras Galegas cun recital poético-musical organizado polo Centro PEN Galicia para homenaxear ao poeta lucense Xosé María Díaz Castro no ano no que se conmemora o centenario do seu nacemento. *Díaz Castro, perdido no traxecto e salvado por un anxo* tivo lugar na Biblioteca de Galicia na véspera, o venres 16 de maio. O escritor Armando Requeixo foi o encargado de introducirmos na figura do autor de *Nimbos*, na súa obsesión pola perfección e a súa preocupación por Galicia e polos problemas do ser humano: a vida, a morte, o tempo. Tras el, Alba Cid, Luís González Tosar e Salvador García-Bodaño celebraron a Díaz Castro a través dun recital poético.

Marta Quintana e Cuchús Pimentel puxeron a nota musical do acto, interpretando parte do seu último traballo sobre os poemas de *Nimbos*.

As Letras Galegas 2014 celebráronse tamén en Urretxu (Euskadi), concello no que residiu Xosé María Díaz Castro durante a súa etapa no País Vasco, promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística en colaboración co Goberno Vasco.

Letras Galegas na Arxentina

Con motivo da celebración das Letras Galegas, e en paralelo ao desenvolvemento da MICSUR, presentouse no Teatro Colón de Mar de Plata e no Teatro Colón de Buenos

Aires o espectáculo *Atlánticos*, dirixido pola cantante Uxía, no que tamén participaron outros artistas galegos como Rosa Cedrón, Narf e Budiño. Este espectáculo foi patrocinado pola Agadic.

9.2 25 anos de Gáliz

A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil, Gáliz, celebrou en 2014 os seus primeiros 25 anos de andaina coa publicación do libro *Choven palabras no futuro*, no que participaron 25 autores e autoras. Co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, a obra foi distribuída aos centros educativos de Galicia con estudos de infantil e primaria.

Na rolda de prensa de presentación da obra, que tivo lugar na Cidade da Cultura en decembro, tamén se lles fixo entrega dos seus premios ás gañadoras en Galicia do concurso literario *Invita a Hans Christian Andersen*, promovido pola Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil (Oepli), da que forma parte Gáliz. As galardoadas, que recibiron un diploma e un lote de libros, foron Claudia Gómez Regenjo, do CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao de Rianxo, na categoría de primeiros lectores (1º e 2º de primaria); Paula Cutrín Calvo, do CEIP Os Casais de Fene, na categoría de lectores avanzados (de 3º a 5º de primaria); e Carla Rodríguez Pérez, do IES Carlos Casares de Vigo, na categoría de superlectores (de 6º de primaria a 2º de ESO).



9.3

125 anos de Francisco Asorey

En 2014 celebrouse o 125º Aniversario do nacemento do artista Francisco Asorey, considerado como unha das figuras máis relevantes na renovación da escultura española e galega do século XX. Para contribuír á difusión social deste autor e da súa obra, a Consellería de Cultura e Educación asinou un acordo co Concello de Cambados para convocar o **I Certame de Escultura Francisco Asorey**, destinado a artistas novos galegos (menores de 30 anos).

A Xunta de Galicia e o Concello de Cambados tamén colaboraron na realización dunha exposición sobre Francisco Asorey no Pazo de Torrado en Cambados e, posteriormente, no Pazo de Fonseca en Santiago de Compostela. En *O Asorey descoñecido* expuxéronse bosqueños —xesos, na súa meirande parte—, ao carón da obra definitiva, que lle dan ao visitante unha idea do desenvolvemento creativo do escultor. Adicionalmente, a exposición abordou a escasa e descoñecida produción pictórica de Asorey e a súa faceta como ilustrador.

9.4

Julio Cortázar e Galicia no centenario do escritor

Con motivo do centenario do escritor arxentino Julio Cortázar, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria promoveu un conxunto de iniciativas para poñer en valor a vida e a obra deste escritor e da súa estreita e permanente relación con Galicia.

Así, a Xunta de Galicia colaborou na aparición dunha publicación do escritor Francisco X. Fernández Naval, *O soño galego de Julio Cortázar*, editado por Linteo, que analiza a biografía do escritor pescudando nas relacións persoais que Cortázar foi establecendo con persoas de orixe galega que foron claves na súa vida.

Julio Cortázar (Bruxelas, 1914-París, 1984) mantivo con Galicia unha vinculación permanente a través do círculo de persoas que azarosamente foi introducindo no seu percorrido vital. Os encontros con exiliados galeguistas na Arxentina, como Luís Seoane, Arturo Cuadrado, Lorenzo Varela ou Rafael Dieste, propiciarán as súas primeiras publicacións nas revistas *Cabalgata* e *El Correo Literario*. Paco Porrúa converterase logo no seu editor e amigo. Pero será o seu matrimonio con Aurora Bernárdez, filla de emigrantes galegos, o que o introduza nun maior coñecemento da nosa cultura e con quen coñeza o propio país.

Audiovisual Cortázar Galicia

As dúas viaxes que realizou Cortázar a Galicia nos anos cincuenta, xunto coa súa primeira muller, Aurora Bernárdez, centraron o audiovisual *Cortázar Galicia* dirixido

por Juan de la Colina. As cartas e outros textos sobre estas viaxes que Julio Cortázar fixo a Galicia son a base desta peza documental, que percorre os lugares das viaxes a través dun xogo de interpretación libre e poética entre pasado e presente. Para iso, apóiase en documentación facilitada polo Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI) —depositario dos fondos fotográficos e fílmicos de Julio Cortázar—, a Fundación Juan March e a Fundación Luís Seoane.



Xornada no Museo de Belas Artes da Coruña

Estes novos materiais sobre Cortázar presentáronse nunha xornada divulgativa realizada no mes de decembro no Museo de Belas Artes da Coruña. Nesa sesión, o escritor Francisco X. Fernández Naval desenvolveu un relatorio no que afondou na relación ampla do escritor arxentino con Galicia. Posteriormente, o director do documental *Cortázar Galicia*, Juan de la Colina, presentou o seu traballo, promovido pola Xunta de Galicia, para rematar cun intenso coloquio cos asistentes.

Obradoiros para nenos na Cidade da Cultura

Os días 1, 2, 3 e 4 de setembro a Biblioteca de Galicia acolleu a realización do obradoiro *Factoría de cronopios*. *Sombras chinesas*, no que nenas e nenos a partir de 8 anos aprenderon a realización e creación dun teatro de sombras chinesas nos que se crearon *cronopios* e *famas*, seguindo a imaxinación dos participantes. Estes personaxes, manipulados polos nenos, puxeron en escena pequenas situacións inspiradas nos contos de Julio Cortázar.

E o 22, 23, 24 e 25 de setembro, déuselle continuidade co *Obradoiro de cabezudos*, no que os participantes (maiores de 6 anos) construíron o seu *cronopio* cabezudo con cartón e papel.

Estes obradoiros sobre Julio Cortázar foron desenvolvidos polo Grupo Viravolta Títeres, valéndose das formas e atmosferas das obras de Cortázar, achegando o seu mundo onírico aos máis cativos.



9.5 Centenario da aparición do Pergamiño Vindel

Martin Codax. Bañarnos emos nas ondas! As sete cantigas. O Pergamiño Vindel é o título da publicación que, editada conxuntamente pola Xunta de Galicia, polo Parlamento galego e pola Real Academia Galega (RAG) para conmemorar o centenario da descuberta do pergamiño que deu a coñecer sete cantigas de amigo do xograr galego Martín Códax, coa correspondente notación musical de seis delas, atopado polo bibliófilo Pedro Vindel en 1914.

A edición conmemorativa inclúe textos ilustrativos de Monteagudo Romero e de Giuseppe Tavani arredor do pergamiño e das cantigas de Martín Códax, respectivamente, a transcripción das cantigas que conforman o códice no Cancioneiro da Biblioteca Vaticana e no Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa, así como a lectura delas feita polo propio Giuseppe Tavani e a tradución das pezas líricas a oito linguas (galego, éuscaro, catalán, castelán, alemán, francés, inglés e italiano). A publicación complétase cun CD co rexistro destas cantigas interpretadas polo grupo de música antiga Martín Códax baixo a dirección de Miguel A. López Fariña e Fernando Olbés

Durán, que foi gravado no mosteiro de Santa María de Aciveiro e nos estudos da Radio Galega, con Pablo Barreiro na realización técnica.



9.6 Sempre en Galiza

O Goberno galego, o Parlamento de Galicia, o Consello da Cultura Galega e a Fundación Castelao congregáronse no mes de xullo no Salón dos Reis do Parlamento galego nun acto de conmemoración do LXX aniversario da presentación en Buenos Aires de *Sempre en Galiza*. Durante o acto, ademais das contextualizacións da obra por diferentes especialistas como Ramón Máiz, Henrique Monteagudo e Justo Beramendi, realizouse unha lectura colectiva de varios extractos da obra e a proxección dun vídeo con imaxes de Alfonso R. Castelao. Tamén se presentou a edición dixital aumentada do texto, unha app para tabletas e móbiles Apple e Google Android, de descarga gratuíta, editada polo Consello da Cultura Galega e a editorial Galaxia, coa colaboración do Parlamento de Galicia e da Universidade de Santiago de Compostela. A xornalista María Solar presentou o acto e o acompañamento musical correu a cargo do grupo InVento.

9.7 Centenario do pasamento de Said Armesto

A figura deste pensador pontevedrés é aínda escasamente coñecida, a pesar de que foi un dos impulsores da Academia Galega, o primeiro catedrático de lingua e litera-

tura galaico-portuguesa da universidade española e un destacado intelectual do seu tempo.

Para contribuír a un maior coñecemento social da súa obra e da súa achega ao acervo cultural galego, a Consellería de Cultura e Educación colaborou coa edición da obra **Víctor Said Armesto. Una vida de romance (1871-1914)**, do catedrático de Historia da Música da Universidade de Santiago Carlos Villanueva. O autor indaga neste libro na faceta musical de Armesto, xa que foi un gran compilador de romances e da música popular galega.

Ademais, co apoio da Xunta de Galicia levouse a cabo a exposición **Víctor Said Armesto. A lección dun cidadán libre** que recupera a traxectoria vital e profesional de Víctor Said Armesto, e que pode visitarse ata marzo de 2015 na Fundación Barrié da Coruña. A mostra configurouse como unha visión intelectual e humana da súa figura a través do seu legado escrito, e dos que foran seus amigos e mentores como Manuel Murguía, Miguel de Unamuno, Indalecio Armesto ou Emilia Pardo Bazán, entre outros. Foi comisariada por Diego Rodríguez, coa coordinación de Carlos Villanueva.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tamén promoveu a programación de simposios baixo o título **Víctor Said Armesto e o seu tempo**, en Pontevedra, Santiago de Compostela e na Coruña, centrados no intelectual pontevedrés, o contexto político no que viviu, sobre a súa ideoloxía, a etnografía do seu tempo e o seu labor no ámbito musical, coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra, a Fundación Barrié, o Museo do Pobo Galego e o Museo de Pontevedra, ademais da Universidade de Santiago de Compostela, da Televisión de Galicia e mais do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

9.8

Padre Feijoo. 250º aniversario do seu pasamento

Con motivo dos 250 anos do pasamento de Benito Jerónimo Feijoo († 26 de setembro de 1764) desenvolveuse unha programación divulgativa coa pretensión de renovar o interese sobre un dos personaxes claves do século XVIII e particularmente da Ilustración española, xa que se trata dun autor principal dentro do movemento ilustrado. As súas obras alcanzaron, xa en vida do autor, unha extraordinaria difusión para a época con múltiples impresións e traducións a outros idiomas.

Do 13 de outubro de 2014 e ata o 8 de febreiro de 2015 o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense celebrou a efeméride coa mostra aberta ao público **O Padre Feijoo. Ciudadán libre da República Literaria**, no Centro Social Afundación, nunha homenaxe á súa figura a través de singulares pezas, fío condutor da mostra, que se atopan entre os seus fondos, que os herdeiros do beneditino depositaron no museo, xunto a unha selección de obxectos documentais e artísticos procedentes doutras institucións e particulares.

A mostra estruturouse en catro ámbitos temáticos, nos que se trataba a biografía deste persoeiro, o modelo iconográfico da súa persoa en vida, a análise da súa obra para evidenciar a profunda renovación que realizou Feijoo do pensamento do seu tempo e, finalmente, unha sección que recuperaba as celebracións anteriores dedica-

das a este ilustrado, entre as que destacan os actos de celebración do bicentenario do seu nacemento en 1876. A mostra acompañábase dun catálogo e folletos divulgativos.

Coa finalidade de difundir, achegar e facilitar o acceso do público á exposición do Padre Feijoo realizáronse tamén visitas guiadas e un programa didáctico orientado ás diferentes idades escolares, coa colaboración de Afundación.

A Biblioteca e o Arquivo de Galicia inauguraron o 26 de setembro a exposición *Padre Feijoo. Oonsel dun sabio*, con fondos bibliográficos e documentais propios, para mostrar a profusa obra deste erudito galego, así como a vixencia das súas reflexións.

9.9

Bicentenario de Frei Rosendo Salvado

En 2014 desenvolveuse unha ampla programación de eventos vinculados coa celebración do Bicentenario do nacemento de Frei Rosendo Salvado, relixioso e polígrafo de formación humanística que realizou un importante labor de evanxelización e promoción igualitaria entre os aborixes australianos. A Xunta de Galicia, o Parlamento de Galicia e o Consello da Cultura Galega abordaron a edición conmemorativa do libro *Memorias históricas sobre a Australia*, sobre a misión beneditina de Nova Nursia e os costumes dos australianos, obra de Frei Rosendo Salvado, dándolle así resposta ao correspondente acordo da Cámara galega.

A Consellería de Cultura e Educación colaborou tamén coa diocese de Tui-Vigo, o Concello de Tui e o Consello da Cultura Galega na realización de actos institucionais e na difusión da exposición *Rosendo Salvado: o valedor do pobo aborixe*, organizada polo Consello da Cultura Galega. Esta última entidade tamén foi a promotora do simposio internacional *Da civilización á cultura. Rosendo Salvado e o mundo aborixe*, clausurado o 4 de abril polo presidente da Xunta de Galicia.

9.10

Centenario de Ramón de Valenzuela

O 18 de decembro a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria rendeu-lle homenaxe, en Silleda (Pontevedra), ao escritor, activista cultural e galeguista Ramón de Valenzuela no centenario do seu nacemento.

Neste acto presentouse o documental *Ramón de Valenzuela. As olladas da esperanza*, seguido dunha mesa redonda moderada polo seu guionista e director, Xan Leira, e na que Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, o escritor Xosé Neira Vilas e o historiador da literatura Modesto Hermida repasaron a vida e a obra de Valenzuela. Este documental foi realizado pola produtora Acuarela Comunicación coa colaboración da Consellería de Cultura e Educación a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística.



9.11

Premios institucionais para recoñecer a excelencia cultural

A Xunta de Galicia convoca anualmente varias distincións á excelencia no ámbito creativo, ademais de participar e colaborar noutros premios promovidos por distintas entidades e institucións, boa parte deles recollidos en diferentes capítulos desta memoria.

Premios da Cultura Galega

A calidade creativa, o labor constante en prol do desenvolvemento da cultura, a capacidade de tender pontes con outras culturas e linguas, a experimentación con novos formatos e a proxección internacional da produción cultural son os valores recollidos no recoñecemento anual que a Xunta de Galicia convoca cada ano a través dos Premios da Cultura Galega.

Un xurado conformado por representantes das principais institucións culturais e profesionais independentes é o encargado de decidir as persoas ou entidades galardoadas en cada unha das oito modalidades: Letras, Artes Plásticas, Artes Escénicas, Música, Audiovisual, Lingua, Patrimonio Cultural e Proxección Exterior. Na edición 2014, o premio para distinguir a excelencia cultural en cada unha das modalidades consistiu nunha obra do pintor ourensán Antón Pulido, da serie *Kermesse*.

Na modalidade de Letras o premiado foi o escritor e académico **Xosé Neira Vilas**, un dos nomes máis destacados e dos escritores máis lidos da literatura galega actual. Autor de numerosos artigos en revistas e xornais, e fundador da Editorial Follas Novas con Anisia Miranda, Neiras Vilas é un dos narradores que mellor describiu a dureza da vida campesiña e o sentimento de desarraigo do emigrante galego.

A **Galería Trinta** foi a galardoadada na categoría de Artes Plásticas. Dedicada a promover a arte contemporánea desde os seus inicios, polo seu espazo pasaron recoñecidos artistas como Leiro, Menchu Lamas, Quintana Martelo, Antón Patiño, Sucasas, Acisclo Manzano, Silverio Rivas, Manolo Paz ou nacionais e internacionais como Eduardo Urculo, Saura, Tàpies e Lucio Muñoz, entre moitos outros. Desde a súa creación, en

Santiago de Compostela no ano 1985, participa en feiras internacionais de prestixio e contribúe a difundir a arte galega no exterior.

O Premio Cultura Galega de Artes Escénicas recaeu en **Cándido Pazó**, que iniciou a súa andaina como actor en Vigo, a súa vila natal, en 1975. Foise abrindo camiño ao abeiro dos primeiros encontros da Mostra de Teatro de Ribadavia e, logo dunha etapa de actor en varias compañías, debuta como autor e director de escena coa compañía Tranvía Teatro. Con Ollomoltranvía leva á escena unha das consideradas como as súas mellores obras, *Commedia, un xoguete para Goldoni*, que recibiu diversos recoñecementos. Destaca na súa traxectoria a realización de postas en escena, adaptacións e traducións para diversas compañías.

O **Festival Internacional do Mundo Celta de Ortigueira** mereceu o recoñecemento do xurado na categoría de Música. Desde os seus inicios, no ano 1978, da man da Escola de Gaitas de Ortigueira, converteuse na cita de referencia do folk, unha esencia festiva que perdurou nestas tres décadas de vida nas que pasou por distintos momentos e que se foi abrindo cada vez máis ás músicas de raíz de todo o mundo. A súa repercusión mediática e o volume de público foise incrementando e en 2005 foi declarado de Interese Turístico Internacional.

Na categoría de Audiovisual o premio recaeu este ano na **Asociación Galega de Productoras Independentes**. A asociación empresarial precursora do sector audiovisual galego, que neste 2014 fai 20 anos da súa constitución, agrupa produtoras de cine, televisión, publicidade e servizos. Impulsora da creación da Academia Galega do Audiovisual e do Clúster Audiovisual Galego, a asociación, coa vista sempre posta na internacionalización, contribúe activamente á consolidación e ao desenvolvemento da industria cultural de Galicia desde 1994.

Na modalidade de Lingua o galardado deste ano é o profesor **David Mackenzie**, figura senlleira da filoloxía. O seu labor como axente difusor da lingua, da literatura e da cultura de Galicia no mundo anglófono comezou nos anos oitenta. En 1994 converteuse no primeiro catedrático de Estudos Galegos no mundo anglófono, pola Universidade de Birmingham (Reino Unido), onde creou o Seminario de Estudos Galegos. En 1997 fundou tamén o Centro Irlandés de Estudos Galegos no University College Cork. Igualmente, o mundo da tradución do galego ao inglés viuse grandemente favorecido polo seu traballo de mecenado, impulso e tradución individual de autores galegos.

Na modalidade de Patrimonio Cultural, o xurado recoñeceu o **Grupo Marcelo Macías**. Constituído en 1941 para o estudo da arqueoloxía e a posta en valor do patrimonio cultural, o grupo desenvolve un intenso labor de estudo, catalogación e difusión social dos distintos elementos da riqueza do patrimonio cultural, especialmente nos campos da antropoloxía, arqueoloxía, historia, arte etc., a través de publicacións e programacións. Destaca tamén o seu labor de apoio aos obxectivos do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

Finalmente, o **Centro PEN Galicia** foi o gañador na modalidade de Promoción Exterior. A sección galega do PEN Internacional, que cumpre os seus 25 anos de existencia, está composto por escritores en lingua galega e constitúe un referente da dinamización da literatura en Galicia e na difusión internacional dos autores galegos, así como no establecemento de relacións con outras literaturas. Ademais de promover publicacións (a súa colección Arte de Trovar é un referente na edición do xénero poético en Galicia) e diversas actividades, entre as que destaca a Bienal Literaria e a convocatoria dos Premios Rosalía de Castro para autores en portugués, castelán, catalán e éuscaro.

Xunto co titular de Cultura e Educación, formaron parte do xurado o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; Maximino Zumalave, en representación do presidente do Consello da Cultura Galega; Henrique Monteagudo e Manuel Quintana Martelo en representación da Real Academia Galega e da de Belas Artes, respectivamente; e Gloria Pena Uris, secretaria xeral da Universidade de Vigo, por delegación do reitor. Completaron o xurado a profesora e investigadora de literatura galega Blanca-Ana Roig Rechou; o produtor e presidente do Clúster Audiovisual Galego, Andrés Barbé Riesco; e a pianista e directora do Conservatorio Profesional de Danza de Lugo, Isabel Méndez González. Actuou como secretaria Cristina Fabeiro, subdirectora xeral de Xestión e Coordinación Cultural.

A entrega dos premios celebrouse no Museo Centro Gaiás o día 10 de decembro, coincidindo co centenario da descuberta do Pergamiño Vindel, unha efeméride que actuou como fio condutor da proposta escénica dun acto que foi transmitido pola TVG. A cantante Uxía, que estreou unha nova versión dun poema de Martín Códax, Nani Garcío Trío e grupos de alumnado da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo e do Conservatorio Superior de Danza de Lugo ofreceron as súas propostas artísticas ao longo da entrega, na que participaron todos os premiados. Tamén interviñeron o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o presidente da Xunta de Galicia, que pechou o acto.

Medallas Castelao



O Goberno galego outorgoulles a Medalla Castelao 2014, coa que a Administración autonómica distingue aqueles galegos e galegas autores dunha obra merecente do recoñecemento do seu pobo en calquera faceta da actividade humana, ao procurador e actual secretario xeral de Unión Profesional, Juan Carlos Estévez Fernández-Novoa;

ao Obradoiro de Gaitas Seivane; Pilar Iglesias Osorio, fundadora de AFAMMER e cuxa traxectoria profesional está ligada ao mundo do asociacionismo; Francisco Javier Pittillas Torra, policía local vigués e adestrador de varios atletas invidentes e á ex-euro-deputada Carmen Fraga Estévez. O acto de entrega contou coa emotiva intervención musical de distintos membros da familia Seivane.

Premios Otero Pedrayo

O Premio Otero Pedrayo, promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais as catro deputacións galegas, recaeu na súa edición de 2013 no escritor e académico da lingua galega Xosé Neira Vilas. O xurado, que considerou que Xosé Neira Vilas é merecedor deste recoñecemento por ser “unha das figuras máis importantes das letras galegas actuais e por todo o traballo feito a prol da nosa cultura, por conseguir durante toda a súa vida levar a nosa cultura e tradición por todo o mundo e por unir a xeracións durante anos arredor da nosa historia, lingua e características propias”, estivo conformado polos secretarios xerais de Política Lingüística e de Cultura, Valentín García e Anxo Lorenzo, respectivamente, en representación da Xunta de Galicia; polos deputados de Cultura das deputacións de Pontevedra, Lugo e de Ourense, Ana Isabel Vázquez, Mario Outeiro e Avelino García, respectivamente; o vicerreitor de extensión Universitaria da Universidade de Vigo, Manuel Fernández; o investigador do CSIC Isidro García Tato; Felipe Senén López, técnico de xestión cultural da Deputación da Coruña; o escritor e presidente do Centro PEN de Galicia, Luís González Tosar; e o director do Museo de Pontevedra, José Carlos Valle Pérez.







10

ACCIÓN 2014 DA AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)

A

Axencia Galega das Industrias Culturais é o órgano da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria encargado de desenvolver liñas de actuación para o impulso e consolidación do tecido cultural galego nos seus distintos ámbitos, para lograr asentar unha industria cultural innovadora e competitiva. Ademais, é a entidade que promove a proxección exterior das empresas galegas dos sectores audiovisuais, musicais e escénicos.



10.1

Políticas de apoio á industria das artes escénicas e musicais

Subvencións á produción escénica

A liña de axudas públicas dirixidas ao fomento da produción escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas, por parte de compañías profesionais con actividade en Galicia, conta na convocatoria 2014-2015 cunha partida orzamentaria de 600.000 euros, adxudicados a un total de 26 proxectos escénicos.

Esta liña de subvencións ten como obxectivos favorecer o desenvolvemento do sector empresarial cultural galego, particularmente do ámbito das artes escénicas, con proxectos de alta calidade e capaces de xerar un incremento dos públicos, e que consoliden as industrias culturais competitivas.

Na modalidade de nova creación resultaron beneficiarios os proxectos *Perplexo*, *Balor na acción dunha cadeira*, *Psicópata*, *Eu encargábame dos nenos e o meu home da parte dos gastos*, *Ohmio* e o espectáculo infantil *Roedores*. Na modalidade de pequeno formato, subvencionáronse os espectáculos *Xeado de lúa*, *Bobas e galegas* (*Mofa e Befas no Século d'Ouro*), *As fillas bravas*, *O crédito*, *Demolición*, *Selección natural*, *Pedro e o lobo*, *O ogrocho*, *A casa do avó*, *Xoga*, *Sazón*, *Luppo* e *Las calles corrían por las calles*. E na modalidade de mediano formato resultaron adxudicatarios *Kassa*, *Pequenas certezas*, *O principio de Arquímedes*, *Peer Gynt*, *Ra Ra Ra*, *A tempestade* e *A frauta máxica no maxín*.

Subvencións á distribución para as industrias culturais, asociacionismo profesional e salas de artes escénicas

Para facilitar a comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país, a creación, o mantemento e a utilización de infraestruturas e equipamentos por parte dos axentes culturais e impulsar a cooperación e o asociacionismo entre as empresas

dos distintos sectores culturais, do que se benefician tamén os públicos, a Agadic convocou unha liña de axudas públicas dotadas de 460.000 euros, á que accederon 114 entidades.

Estas axudas diríxense á distribución exterior e interior de bens e servizos culturais, potenciar o asociacionismo profesional e fomentar a estabilidade e consolidación das salas de artes escénicas de titularidade privada que desenvolvan programacións artísticas de carácter profesional.

Subvencións a festivais de artes escénicas e de música

A Agadic convocou no mes de maio unha liña de axudas públicas dirixidas ao financiamento de festivais artísticos de carácter profesional de escena e de música realizados en Galicia e que teñan un interese estratéxico para o sector, cunha dotación orzamentaria de 360.000 euros.

O obxectivo desta convocatoria é contribuír á celebración e á progresiva profesionalización de festivais de artes escénicas e musicais, así como á configuración dun mapa galego coordinado que facilite a participación cidadá.

Dos festivais que tiveron lugar entre o 1 de novembro de 2013 e o 31 de outubro de 2014 resultaron beneficiarios destas axudas 26 eventos. Na modalidade de música, o Resurrection Fest, Festival Portamerica Rías Baixas 2014, Brincadeira Festival, Festival Sinsal 12, Festival Reperkusión, FIV 2014, Festival da Luz, Festival Revenidas 2014, Festival do Norte, Festival Derrame Rock 2014 Ourense, Cantos na Maré. Festival Internacional da Lusofonía 2014, Festival con V de Valarés, Festival SonRías Baixas, XXIII Festival de Jazz de Lugo, III Festival de Jazz&Blues de Ribadeo e o Festival Arteficial 2014. Na modalidade de artes escénicas, lograron as axudas deste ano o XIX Festival Internacional Galicreques 2014, XXIII Festival Internacional Outono de Teatro, VII Festival Internacional de Teatro de Ourense, XXXI Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, Alt 14 Festival Alternativo das Artes Escénicas, Festiclown 2.0 Lugo, XV Festival Internacional de Títeres de Redondela, Corpo (a) Terra, XXXVI Mostra de Teatro de Cariño e o 25 Festival de Teatro Galego do Carballiño.

Para a valoración do impacto das programacións dos principais festivais, a Agadic colaborou, a través dun convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, cun estudo de investigación sobre a incidencia das propostas artísticas de PortAmérica e Ortigueira, co fin de dispoñer de datos de estrutura, organización, idiosincrasia, dimensión social etc., que sirvan de base para outras planificacións. O estudo foi desenvolvido polo grupo de Estudos Audiovisuais de Ciencias da Comunicación.

Subvencións aos certames de carácter afeccionado

Para contribuír á celebración de encontros de artes escénicas e musicais no ámbito afeccionado, así como a configuración dun mapa galego coordinado que facilite a participación cidadá, a Agadic convocou unha liña de axudas, cunha dotación de 40.000 euros, dirixidas a apoiar o financiamento deste tipo de eventos celebrados en Galicia.

Beneficiáronse desta convocatoria este ano 19 entidades que levaron adiante o Festival da Canción do Grove, Concurso de Música e Baile Tradicional de Xacarandaina,

XV Mostra Internacional de Teatro Amador de Palas de Rei, XXVIII Festival Internacional de Danza de Falcatrueiros, Teatrofilia 2014. XI Mostra de Teatro Amador de Vedra, XV Mostra de Teatro Universitario de Galicia, Noites Rock 2014 de Cambre, XXI Festival de Bandas de Música de Silleda, XXI Festival de Bandas de Música de Galicia en Vila de Cruces, XIII Certame da Canción Mariñeira do Concello de Laxe, XII Festival de Teatro Afeccionado Agustín Magán, XIX Ciclo de Concertos da Asociación Galega de Compositores, III Mostra de Teatro Afeccionado Teatro Colón, XXI Revoltallo de Música e Cultura Xuvenil, XXV Ciclo de Órgano e Música Antiga de Xunqueira de Ambía, XXIV Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva, Festival Ameixa Rock, Festival-Encontro de Maxia de Redondela e De Perto. Espazos de Cultura no Barco.

Galicia Escena Pro

Os días 3, 4 e 5 de novembro desenvolveuse unha nova edición de Galicia Escena Pro, un espazo de difusión profesional da escena galega, dirixido a programadores, distribuidores e xestores culturais, que tivo lugar en distintos escenarios de Santiago, en diferentes formatos (espectáculos completos e mostras reducidas tipo showcase). Parte da programación estivo aberta tamén ao público xeral.

En total foron 22 as compañías participantes este ano. Esta programación permite darlles a coñecer as novas propostas escénicas aos responsables da programación dos teatros e auditorios de Galicia cara á súa contratación en 2015, ademais de favorecer un punto de encontro anual de todos os axentes culturais galegos.



Bono de Teatro Galego e Portugués

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Santiago de Compostela puxeron en marcha no mes de xaneiro o primeiro bono de desconto que agrupa toda a oferta teatral da capital galega no Salón Teatro, Auditorio de Galicia e no Teatro Principal, xunto coas propostas alternativas que acollen a Zona C e a Sala Agustín Magán.

Coa creación deste Bono de Teatro Galego e Portugués abriuse unha nova vía para favorecer o achegamento dos espectadores á carteleira teatral galego-portuguesa dos principais espazos escénicos da cidade, que no primeiro semestre ofreceron 28 espectáculos (25 deles producidos por compañías galegas) e máis de 80 representacións, e no segundo semestre 32 funcións de 10 espectáculos de teatro para público adulto.

O bono permite asistir a cinco funcións a escoller entre toda a oferta teatral galega e portuguesa programada durante este ano nos espazos asociados. O seu prezo é de 35 euros, cifra que supón un 30% de desconto sobre o prezo habitual de 10 euros por entrada. Na práctica, a adquisición do bono posibilita obter 5 entradas para 5 espectáculos a un prezo especial total de 35 euros, o que supón un aforro de entre o 20 e o 30% sobre o gasto que supón a compra individual das mesmas localidades.

Os bonos póñense á venda na billeteira do Teatro Principal e na do Salón Teatro.

XXX edición da MIT de Ribadavia e XXVII dos circuítos de teatro de Moaña

Do 19 ao 26 de xullo desenvolveuse a MIT-Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (Ourense), cita de referencia para o conxunto dos profesionais e afeccionados do teatro galego, que desenvolve un amplo programa de representacións teatrais articuladas sobre un discurso de repertorio e apostas estratéxicas nas que priman a convivencia entre o canónico e o innovador ou o máis novo das creacións galegas e internacionais.

A través dun convenio co Concello de Ribadavia, a Consellería de Cultura e Educación achegou un investimento de 60.000 euros que permitiu o desenvolvemento dun programa amplo de exhibición da produción teatral actual e de actividades paralelas e complementarias (presentación de libros, documentais, foros, obradoiros etc.).

Cun elevado número de estreas (habitualmente, máis dun 70% da programación), a relación formal e estética que se establece cos lugares de exhibición, a maioría ao aire libre e en núcleos constituídos como patrimonio histórico artístico, e o apoio á escrita teatral coa convocatoria por parte do Concello de Ribadavia dos Premios Abrente de textos teatrais dentro do marco da mostra, converten a MIT de Ribadavia nun espazo único de experiencia escénica.

Programa TRC-Danza

Como parte da política de promoción da danza, a Agadic colaborou co programa TRC-Danza promovido polo Teatro Rosalía Castro da Coruña, coa finalidade de apoiar a variada exhibición artística que se desenvolveu neste escenario coruñés, así como as súas accións paralelas que dentro da denominada programación expandida se desenvolveron noutros puntos da cidade, entre eles, na sede do Centro Coreográfico Galego.

XXVII Circuitos de Teatro de Moaña

No mes de outubro, e a través dun convenio de colaboración co Concello de Moaña, a Agadic contribuíu á realización da XXVII edición dos Circuitos Teatrais de Moaña, unha iniciativa que pretende achegarlle ao público as propostas teatrais máis novas cunha programación fóra dos núcleos urbanos.

Premios María Casares de Teatro

Como recoñecemento do labor dos profesionais do sector teatral galego e impulso ao sector, a Agadic colabora a través de convenio coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia para a convocatoria anual dos Premios María Casares de Teatro.

Nesta XVIII edición dos premios foron catorce as categorías ás que optaron as producións galegas de teatro de actor estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2013, así como todos os profesionais que participaron nelas. As distincións 2014 foron as seguintes: actor protagonista, Josito Porto en *As mil vidas de Matías Houseman*; actor secundario, César Goldi en *Bye Bye Honey*; actriz protagonista, Susana Dans en *As do peixe*; actriz secundaria, Patricia de Lorenzo en *Eurozone*; texto adaptado ou traducido, Xosé Manuel Pazos Varela por *A charca inútil*; dirección, Cristina Domínguez por *As do peixe*; escenografía, Chévere-Javier Domingo Ballestín por *Eurozone*; mellor espectáculo, *Eurozone* de Chévere; iluminación, Fidel Vázquez en *Eurozone*; maquillaxe, Trini F. Silva en *C'est la vie*; música orixinal, Carlos Mosquera Mos por *Bye Bye Honey*; texto orixinal, Cándido Pazó por *As do peixe*; e vestuario, Uxía P. Vaello na obra *Waltz*. O Premio de Honra Marisa Soto recaeu este ano en Xosé Manuel Olveira Pico.

Os galardóns foron entregados o 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, na gala celebrada no Teatro Rosalía Castro da Coruña.



Premios á escrita dramática

Consolidados xa como premios de renome no panorama teatral galego, a Agadic convocou un ano máis os XXII Premios Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, VIII Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o XI Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidade infantil e adulto), dotados economicamente e con publicación das obras premiadas nas coleccións que mantén a Agadic con distintas editoras galegas.

Estas convocatorias resolvéronse a través dun xurado conformado por seis persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico, que acordaron distinguir as obras *Raclette*, de Santiago Cortegoso co Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais; *Xogando con gatos*, de Antón Cortizas, co Premio Manuel María de literatura dramática infantil; *Ela, piedade dos suicidas*, de Xavier Lama, co Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade adulto; e *O lobo e a lúa*, de Andrea Bayer, co Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade para rapaces.

Con estas convocatorias a Agadic procura poñer en valor e darlle visibilidade ao traballo dos autores teatrais, estimular a creación dramática e avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autores e autoras.

Por outra parte, este ano a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia convocou o Premio Pegada de Teatro Radiofónico dirixido ao alumnado da escola, iniciativa que contou coa colaboración da Agadic a través da doazón de máis dun centenar de títulos do fondo bibliográfico do organismo co que agasallar o texto premiado. Este resultou ser *Do material do que están feitos os sonhos*, de Ernesto Suárez Is.

Premios Galegos da Música Martín Códax

A través do convenio de colaboración coa Asociación de Músicos ao Vivo, a Consellería de Cultura e Educación colaborou coa II edición dos Premios Galegos da Música Martín Códax, nos que se premian proxectos musicais galegos do ano, realizados en Galicia ou fóra. Os premiados, que se deron a coñecer na gala de entrega do 17 de decembro que tivo lugar no Pazo da Cultura de Pontevedra, foron: na categoría pop e indie, Ataque Escampe; en rock, Cró; en blues, funk & soul, Cats and Monkeys; en jazz e músicas improvisadas, Sumrrá; en hip-hop e músicas urbanas, Wöyza; en música clásica e contemporánea, Orquestra Vigo 430; en folque, Cuarteto Caramuxo; en música tradicional galega, Davide Salvado; en músicas do mundo, Dos fíos invisibles chegan as cores; en canción de autor, aCadaCanto; en música infantil, Pablo Díaz e a Banda Tic Tac Toc; en electrónica, Sub Rosa; en metal, Nao; en reggae, ska & mestizaxe, Zamarandi; en orquestras, grupos e música de verbena, Los Satélites; o Premio Organistrum Salas, Aturuxo; o Premio Organistrum Festivais, Festigal; e o Premio Organistrum Espazos de Comunicación Musical, Planeta Furancho. A asociación tamén lle entregou o Premio Honorífico Músicos Ao Vivo ao grupo N.H.U.

Difusión da música tradicional

Ao longo do ano o Grupo de Música Tradicional da Agadic realizou actuacións por distintos puntos de Galicia e tamén en Madrid co fin de difundir a música tradicio-

nal galega, tanto a través de concertos como de acompañamento musical de actos institucionais.

Nos meses de agosto, setembro e outubro, a Agadic promoveu unha nova edición do ciclo **Danza 3. Folclore na rúa**, no que as agrupacións Xacarandaina, O Fiadeiro e Cantigas e Agarimos lle achegaron ao público a música e o baile tradicionais con nove actuacións en lugares ao aire libre de diferentes localidades galegas. Este programa realizou-se en colaboración cos concellos de Rianxo, Marín, Lourenzá, Celanova, Cerdedo, O Barco de Valdeorras, Noia, Xove e Sada. Tamén como apoio á difusión á música folk actual, a Agadic colaborou no verán coa **xira de despedida de Berrogüetto**.



No ámbito doutras músicas, a Agadic colaborou este ano coa xira dos gañadores do programa *Vas sacar nota!*, da Radio galega, a través de dous concertos nos locais adheridos á Rede Galega de Música ao Vivo e en colaboración coa asociación Clubtura, e coa xornada de animación en Ourense *Festa Ourense Dance*.

VII Festival Pórtico do Paraíso

A Agadic colaborou un ano máis co Festival Internacional de Música de Ourense Pórtico do Paraíso, certame que se desenvolve no mes de marzo na cidade de Ourense

cunha programación de concertos de música culta, no que participan intérpretes de recoñecida traxectoria nacional e internacional, así como unha programación de actividades paralelas de encontro e formación.

10.2

Impulso ao audiovisual galego

Programa de subvencións e estímulo á produción audiovisual

A Agadic vén convocando anualmente liñas de axudas para estimular a creación, a comercialización e a exhibición da produción audiovisual galega.

Para apoiar as fases creativas, publicouse en agosto a **convocatoria de subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego**, cunha partida de 145.000 euros.

Beneficiáronse desta liña de apoio ao talento creativo en 2014 un total de 13 profesionais que desenvolveron os seus proxectos de escrita de guións e realización de curtametraxes ou longametraxes dixitais de decidida vocación artística e cultural realizadas por creadores individuais. Os proxectos subvencionados son *Merlín e familia*, *Trote*, *10/7*, *O alcalde*, *O val inquietante*, *Volonté*, *O descubrimento de Américo*, *Vai chover*, *Nenos labregos 3.0*, *ReStart*, *O eco*, *Contrafaces* e *O tempo futuro*.

A **convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega**, dotada de 175.000 euros para o ano 2014 e destinada a empresas produtoras con proxectos audiovisuais en desenvolvemento, permitiu apoiar 12 proxectos: as longametraxes cinematográficas *Tempo vertical*, *Dragal*, *Ningún deus aquí arriba*, *Maldita memoria*, *Semana grande*, *Longa noite*, *Rosalía*, *Chacra* e *A expedición*; o piloto de televisión *Os minifilmes* e os produtos de ficción para TV *Fisterra* e *Catalina de Aragón*.

Con esta liña de axudas a Agadic procura contribuír a mellorar as condicións financeiras, técnicas e artísticas dos proxectos en desenvolvemento das empresas produtoras galegas.

Para aquelas propostas audiovisuais de carácter artístico e cultural, a Agadic mantén unha importante liña de subvencións dirixidas a empresas produtoras para apoiar a creación de longametraxes (ficción, animación, documental) e series e películas para TV. A **convocatoria de subvencións para producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural** está dotada con 2.000.000 de euros.

Na modalidade de longametraxes de ficción ou documental de autoría galega con alta capacidade de internacionalización e orzamento total inferior a 1.200.000 euros beneficiáronse os proxectos *We The Media*, *Sicixia*, *María (y los demás)* e *As mimosas*. Na modalidade de longametraxes con especial valor cinematográfico e cun orzamento total de produción superior a 1.200.000 euros, obtiveron axudas *Migas de pan* e *Toro*. Na modalidade de longametraxes e miniseries para televisión, resultaron beneficiarios os proxectos *Juana de Vega e a alumna da liberdade* e *Os fillos do sol, a historia da creación de Zeltia*. No caso das longametraxes documentais para televisión adxudicáronse axudas

a *Os días afogados*, *A seara*, *Poesía#Fronteira* e *O ferry de Portodemouros*. Por último, na modalidade de series de animación infantil e xuvenil para televisión, resultou beneficiario o proxecto *Cocorico*.

Axudas para a comercialización e exhibición do audiovisual

A Agadic conta tamén con dúas liñas de subvencións para a difusión das producións audiovisuais. Para contribuír ao fomento da promoción, comercialización e exhibición da actividade audiovisual galega, publicouse en setembro a **convocatoria de subvencións para promoción, comercialización e exhibición do produto audiovisual galego**, da que se beneficiaron nove proxectos, para a súa participación en festivais do territorio español e outros no ámbito internacional, así como para a súa comercialización e distribución, das producións galegas *As altas presións*, *Schimbare*, *Costa da Morte*, *El arca de Noé*, *Inevitable*, *O ouro do tempo* e *A tropa de trapo na selva do arco da vella*. Esta liña contou cun investimento da Agadic de 120.000 euros en 2014.

Co obxecto de contribuír ao fomento daqueles certames, semanas e mostras que teñan por obxecto a promoción e difusión da produción cinematográfica e audiovisual e se leven a cabo en Galicia, a Agadic publicou xa a finais de 2013 a **convocatoria de subvencións para festivais do sector audiovisual**. Os 90.000 euros da súa dotación foron adxudicados ao Play-Doc de Tui, Festival de Cans, (S8) Mostra de Cinema Periférico da Coruña, e aos festivais Curtocircuíto e Amal de Santiago de Compostela.

Cinemas de Galicia

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, puxo en marcha este ano un novo programa de exhibición de películas que ten como obxectivo a difusión do cine galego, a recuperación do hábito de ir ao cine e a utilización de espazos públicos municipais como salas cinematográficas. Cinemas de Galicia ten, polo tanto, a dobre finalidade de incrementar tanto o número de pantallas da comunidade como as posibilidades de exhibición dos títulos galegos máis recentes.

Esta rede de espazos públicos botou a andar en novembro cunha primeira programación bimestral en colaboración cos concellos das Pontes de García Rodríguez, Foz, O Carballiño e Sanxenxo, aos que a Agadic lles facilitou un catálogo de 18 filmes de diferentes xéneros e estilos, dos que 11 son de produción galega e os 7 restantes foron seleccionados entre o máis destacado do actual panorama cinematográfico europeo.

Documental para conmemorar os 25 anos do cine galego

Co gallo da celebración dos 25 anos da estrea en salas comerciais das primeiras películas galegas (*Sempre Xonxa*, *Continental* e *Urxa*), a Academia Galega do Audiovisual, co apoio da Agadic, promoveu a realización un documental de carácter divulgativo en versión orixinal galega que repasa as figuras dos seus directores e da filmografía galega xerada desde aquela ata a actualidade.

Premios Mestre Mateo

Este ano celebrouse, co apoio da Agadic, a XII edición dos Premios do Audiovisual Galego Mestre Mateo. Con estes galardóns, convocados pola Academia do Audiovisual, recoñécese anualmente o labor desenvolvido pola profesión audiovisual en Galicia en diferentes categorías.

Nesta edición foron 26 os premiados nas diferentes categorías. *Somos xente honrada* foi distinguida na modalidade de longametraxe de Vaca Films e El Terrat; na de dirección, Alejandro Marzoa; na de guión, Miguel Ángel Blanca e Alejandro Marzoa; na de interpretación masculina protagonista, Miguel de Lira; na de interpretación masculina secundaria, Ricardo de Barreiro; e na de maquillaxe e peiteado, Susana Veira e Erea Pérez. *Encallados* levou o premio de mellor película para TV. Na categoría de dirección de fotografía o premio foi para Alberto Díaz Bertitxi e na de montaxe, para Adrián Pino. *Salgadura* fíxose co premio de vestiario, para María Gil e Sonia Segura; co de son, foi para David Machado, Dani Zacarías e Enric Triviño; e o de dirección de arte, para Marta Villar. *Era Visto!* logrou facerse co de mellor serie TV. O de mellor interpretación feminina secundaria foi para Isabel Risco. A *Todos os santos* concedéronlle o premio á interpretación feminina protagonista, para Isabel Blanco, e o de dirección de produción, para María Liaño (que renunciou ao premio). *Costa da Morte* levou o premio mellor documental, para Zeitun Films. *Luar* foi distinguido co de comunicador de TV, para José Ramón Gayoso. *ZigZag Diario*, da TVG, fíxose co premio programa TV. *Entre pipas* foi galardoada co premio serie web, de Cassinello Arias Rizzi. *3-1=0* levou o premio curtametraxe de imaxe real, de Olga Osorio e Juan Galiñanes en coprodución con Píxel Film. *Aqua*, de Algarabía Animación, considerouse a mellor curtametraxe de animación. *Estrella Galicia Feliz 2013*, tamén de Algarabía Animación, fíxose co premio anuncio publicitario. *Canto de sirena*, de Piti Sanz, foi escollido mellor videoclip. Na modalidade de música orixinal o premio foi para *Inevitable*, da banda Berroquetto. *Galegos no mundo* levou o premio á realización, para Mónica Ares, Toño López e Isabel Caamaño. O Premio de Honra Fernando Rey recaeu en Manolo González.



CREANDO FUTURO: NÓS TAMÉN CREAMOS!

Integrado no plan Proxecta 2013-2014, Nós tamén creamos! é un programa de dinamización da lingua galega vinculada á produción audiovisual para os máis pequenos. Este ano desenvolveuse en 50 centros públicos de educación infantil e primaria (50) e paralelamente convocouse a III edición do concurso de curtametraxes de animación en galego na técnica stop-motion. Colaboran na iniciativa Oqo Editora e a CRTVG.

Apoio ao Festival Internacional de Cine de Ourense OUFF

Co apoio da Consellería de Cultura e Educación, en convenio co Concello de Ourense, celebrouse en novembro a XIX edición do OUFF, un dos eventos audiovisuais máis importantes no ámbito galego, que ofrece un amplo programa conformado pola sección competitiva de longametraxes e polas seccións paralelas non competitivas que complementan o programa cinematográfico central.

O certame outorgou mencións especiais para o elenco de intérpretes de *De nieuwe wereld*, á actriz Katja Riemann, de *Ohne dich*, e ao director de fotografía Beto Martins, de *A história da eternidade*. O premio do Público foi para *Ohne Dich*, de Alexandre Powelz; o premio á mellor Interpretación foi para Nabil Asli por *La Preuve*; o premio ao mellor Guión, para Alexandre Powelz e Alexandra Umminger por *Ohne Dich*; o premio especial do Xurado para *Simindis Kundzuli*, de George Ovashvili; Premio Carlos Velo á Mellor Dirección foi para Jaap Van Heusden por *De Nieuwe Wereld*; e o Gran Premio Calpurnia á mellor película, a *De Nieuwe Wereld*, de Jaap Van Heusden.

Por outra parte, a sección OUFFescola permitiu achegar o cine a centos de nenas e nenos de toda Galicia que acudiron recoller os seus premios no certame escolar e gozar con proxeccións cinematográficas.

10.3

Formación sectorial e apoio ao emprendemento

A Agadic promove e colabora con diversas iniciativas para a formación sectorial, tanto de profesionais como de futuros profesionais e afeccionados.

Xornada de Pitching I+D Ideas para Producir

Nesta xornada de posta en común de proxectos audiovisuais promovida polo Clúster do Audiovisual Galego participaron empresas produtoras, distribuidoras e cadeas

de TV nacionais e internacionais. Co fin de contribuír á viabilidade de proxectos, facilitar relacións entre empresas de distinto ámbito e dinamizar o negocio audiovisual, a Agadic prestou colaboración económica e loxística na organización da xornada, na que se presentaron 15 proxectos e participaron 12 profesionais expertos encargados de avalialos.

Galicia Profilme

Galicia Profilme é o programa de formación continua dirixido a profesionais do sector audiovisual galego, organizado pola Agadic, que se concreta na realización de xornadas, seminarios e conferencias con periodicidade mensual. Entre os meses de outubro e decembro desenvóléronse as xornadas formativas *Márketing online para a promoción do audiovisual*, *Técnicas de pitching ou como vender un proxecto en 5 minutos* e *Sesión informativa Media*, ás que asistiron 150 participantes.

Con esta oferta formativa a Administración galega pretende contribuír á actualización da información e á ampliación de coñecementos dos profesionais do sector, coa colaboración e coñecemento de profesionais de recoñecido prestixio.

Colaboración cos mestrados universitarios do ámbito audiovisual

A Consellería de Cultura e Educación, a través da Agadic, colabora cos principais espazos de formación superior de Galicia.

AUGAL 2013-2014, que levou a cabo xa a súa terceira edición, é un escaparate de referencia do audiovisual galego, no que directores, guionistas e produtores achegan ao público o seu traballo. Este mestrado desenvolveuse desde outubro de 2013 ata abril de 2014 mediante convenio coa Universidade de Vigo, que lle concede 1 crédito de libre configuración ao alumnado asistente.

O **Máster de produción e xestión audiovisual (MPXA)** é o título da Universidade da Coruña orientado ao exercicio profesional do produtor executivo a través dun modelo de formación práctica especializada e personalizada. Desenvolvido ao longo do curso lectivo, a colaboración da Agadic materialízase a través dun convenio coa Fundación Universidade da Coruña, entidade organizadora. O MPXA traballa os aspectos de dirección de produción e produción executiva, linguaxe narrativa e audiovisual, medios técnicos, xestión, técnicas de venda, ética deontolóxica e profesional etc.

XI Curso de Medios Audiovisuais de Celanova (CEMAC)

O **XI Curso de Medios Audiovisuais de Celanova** centrouse nesta edición nos 25 anos do audiovisual galego. Realizado no mes de xullo en colaboración coa Fundación Carlos Casares, entidade promotora do curso xunto coa Universidade de Vigo, as xornadas contaron con relatorios de profesionais galegos e un programa de proxeccións do audiovisual galego actual.

Ademais destas actuacións de formación dirixidas aos profesionais e futuros profesionais, a Consellería de Cultura e Educación desenvolveu en 2014 diversas iniciativas

formativas para o público xeral, que poden consultarse na programación do Museo de Belas Artes da Coruña, do Centro Galego de Arte Contemporánea ou o Centro Galego das Artes da Imaxe descritas nesta memoria.

10.4

Difusión da oferta cultural en rede

A Agadic encargouse en 2014 directamente da xestión de catro importantes canles de distribución escénica e musical, que desenvolve en colaboración con numerosas entidades públicas e privadas de toda Galicia. Así, a Rede Galega de Teatros e Auditorios (RGTA), a Rede Galega de Salas (RGS) e a Rede Galega de Música ao Vivo (RGMV) garanten a estabilidade na programación de espectáculos e concertos de factura galega, ao tempo que lles achega aos espectadores unha oferta ampla, plural e aberta tanto no que se refire aos seus contidos como á súa descentralización xeográfica. A estes tres circuítos hai que lles sumar a segunda edición do programa Cultura no Camiño, unha iniciativa enmarcada na programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de san Francisco de Asís a Compostela.

As tres redes, RGTA, RGS e RGMV, pecharon 2014 cun balance anual de 782 actividades, cifra que se eleva ata as 1.101 representacións se se engaden as 319 citas coa escena e a música programadas de abril a setembro ao abeiro Cultura no Camiño. Esta cifra final supón un incremento do 33,87% respecto das 728 actuacións desenvolvidas durante 2013 nos mesmos circuítos.

Estas programacións, xunto cos diferentes ciclos que a Axencia Galega das Industrias Culturais promove de xeito puntual no marco de eventos culturais de diversa índole, configuran a carteleira de exhibición escénica e musical máis completa de toda Galicia.

Ademais, a Agadic mantén á disposición de todos os profesionais implicados (programadores culturais, artistas, compañías e grupos) a intranet galescena.info como principal ferramenta para a xestión, documentación e información da súa actividade no marco das súas redes.

Rede Galega de Teatros e Auditorios

A Rede Galega de Teatros e Auditorios, en funcionamento desde 1996 co obxectivo de impulsar a distribución dos espectáculos galegos, constitúe o principal circuítos para a exhibición da produción escénica galega de carácter profesional.

A Agadic cofinancia esta rede xunto cos concellos e entidades xestoras do medio centenar de espazos asociados. O seu calendario de funcións estrutúrase en períodos semestrais de programación. As artes escénicas, a música e a maxia teñen cabida neste circuítos, con especial protagonismo do teatro e das compañías galegas.

En 2014 esta rede ofreceu 461 representacións escénicas e musicais de 139 formacións artísticas, nos 39 teatros e auditorios de 34 concellos galegos adscritos a esta

programación. O investimento da Xunta de Galicia neste circuíto de programación en 2014 foi de 585.041,96 euros.



Rede Galega de Salas

Este circuíto, que iniciou a súa actividade en 2007, ofrece un catálogo de propostas caracterizado pola multidisciplinariedade e no que foron cobrando maior peso as novas tendencias escénicas e os espectáculos especialmente dirixidos ao público infantil e familiar. Na actualidade, integran a rede cinco salas de xestión privada da Coruña, Santiago de Compostela, O Porriño e Vigo.

En 2014 abriuse a Rede a novas salas e incentivouse unha maior permanencia das compañías en cada espazo. En total, programáronse nesta rede 112 representacións escénicas, 52 formacións artísticas e musicais nas cinco salas participantes: Sala Gurugú e Teatro del Andamio (A Coruña), Fundación SGAE (Santiago de Compostela), Sala Ingrávida (O Porriño) e Teatro Ensalle (Vigo). O investimento público nesta rede ascendeu a 53.285,50 euros.

Rede Galega de Música ao Vivo

A promoción e difusión da produción musical realizada en Galicia, a captación de novos públicos e a promoción do acceso da cultura nas salas privadas de música, promovendo a estabilidade nas súas programacións, son os principais obxectivos da Rede Galega de Música ao Vivo.

Unha trintena de locais de toda Galicia integran esta rede, financiada nun 85 % pola Axencia Galega das Industrias Culturais, na que ten cabida unha gran variedade de

estilos musicais, así como espectáculos escénicos de pequeno formato. Os principais esforzos de mellora este ano centráronse na maior profesionalización nos grupos participantes a través da obriga de pagamento da Seguridade Social a todos os grupos e na captación de novos públicos incluíndo unha maior diversidade na oferta.

Cun orzamento de 90.657,94 euros, en 2014 desenvolvéronse neste circuito 226 concertos de grupos musicais de todos os estilos en 36 salas de música ao vivo de 23 concellos galegos.

Cultura no Camiño

A Agadic e Turismo de Galicia desenvolveron Cultura no Camiño 2014 coa inscrición de 81 concellos nos que se levou a cabo unha ampla programación de espectáculos producidos en Galica. As funcións e concertos realizados neste período, que foron protagonizadas por 134 formacións artísticas, ascenderon a 323 (160 de teatro e danza, 60 de música, 74 de maxia e 29 de novo circo).

A proposta para participar neste programa de actividades, inserido na conmemoración do VIII Centenario da peregrinación de san Francisco de Asís a Compostela, obtivo deste xeito unha ampla aceptación por parte dos municipios galegos, xa que se sumaron a esta iniciativa localidades das catro provincias radicadas nas distintas rutas xacobeas: Camiño de Fisterra-Muxía, Camiño Francés, Camiño Inglés, Camiño Portugués, Camiño de Inverno, Ruta Xacobeas do Mar de Arousa-Río Ulla, Camiño Primitivo, Camiño do Norte e Vía da Prata.



10.5 Outros apoios á dinamización profesional da cultura

Culturgal 2014. Feira Galega das Industrias Culturais

Do 5 ao 7 de decembro tivo lugar en Pontevedra a sétima edición do Culturgal, a feira da cultura galega, un espazo no que se intercambian experiencias e se idean novos proxectos entre as industrias creativas galegas a través dun recinto expositivo e de actividades artísticas, no que tamén se mostra á cidadanía a produción cultural actual.

Con preto de 150 actividades e 64 expositores de 70 empresas, asociacións e entidades públicas, o encontro abriuse este ano a sectores como a arte contemporánea, o deseño e a artesanía, ademais de incorporar a gastrocultura e unha programación especial para bebés aos seus xa habituais espazos dedicados ao cinema, ao libro, á escena, á música, ás novas tecnoloxías ou aos contidos infantís. Nesta sétima edición tamén tivo un peso importante a programación musical paralela, con concertos como os de Guadi Galego e Caxade coa Banda de Música Recreativa e Cultural de Bandeira. Ao longo das tres xornadas visitaron a feira preto de 14.500 persoas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria mantivo no recinto feiral habilitado en Culturgal un amplo espazo expositivo desde o que se divulgaron as principais iniciativas e novidades promovidas polos seus distintos departamentos.



Programación operística da Coruña

Como herdeira do festival decano dos certames líricos de España, o que fora o Festival da Ópera da Coruña, esta primeira edición da programación operística da Coruña, apoiada pola Agadic a través do convenio de colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera da Coruña, pon en cartel, para 2014-2015, as óperas *La traviata* de Verdi e *A frauta máxica* de Mozart.

Neste marco, o Pazo da Ópera da Coruña acolleu a representación de *La traviata* de Verdi dirixida por Ramón Tebar. Esta nova representación contou coa participación do Coro e a Orquestra Sinfónica de Galicia, ademais da soprano Elena Mosuc (en substitución de Desiree Rancatore), xunto ao tenor Celso Albelo e o barítono Leo Nucci. A nova representación levou a firma do prestixioso director de escena Mario Pontiggia. Con esta montaxe rendéuselle homenaxe ao deseñador Piero Tosi.

VIII Certame Galego de Bandas de Música

Co fin de dar a coñecer e preservar o rico patrimonio musical bandístico galego e enriquecer este patrimonio con novos compositores e músicos, a Agadic asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Bandas de Música Populares para a realización anual do certame galego de bandas de música. Como escaparate da vitalidade da música de bandas en Galicia, ao amparo deste evento desenvólvese ao longo do ano un amplo programa de concertos ofrecidos polas bandas participantes en numerosas poboacións galegas.

A actividade culminou no mes de novembro coa entrega de premios, que este ano recaeron na Banda de Música Cultural de Teo, dirixida por Álvaro Varela, que venceu na sección primeira con 281 puntos, e en segundo lugar, a Banda de Música Municipal de Caldas de Reis, que foi recoñecida co premio á mellor interpretación dunha obra de temática galega. As bandas interpretaron, para pechar, un pasodobre (non competitivo), unha obra libre e unha obra de carácter obrigatorio: *Na Galiza*, de Paulino Pereiro. A obra libre defendida pola Banda de Música Cultural de Teo foi *Libertadores*, de Óscar Navarro, e o pasodobre *Soñar en Xirimbao*, de Ángel Luis Fernández. A Banda de Música Municipal de Caldas de Reis optou pola obra *Estrasantico*, de Simón Couceiro, e o pasodobre *Bagaxes*, de Carlos Rodríguez Torres.



10.6 Centro Dramático Galego

Longa viaxe cara á noite

Como homenaxe ao dramaturgo Eugene O'Neill, gañador de catro Pulitzer e Premio Nobel de Literatura en 1936, pai fundador do teatro norteamericano moderno, o Centro Dramático Galego produciu este ano, baixo a dirección de Manuel Guede, *Longa viaxe cara á noite*, un dos textos máis célebres da súa notable produción literaria. Os actores Luisa Merelas, Alberto Rolán, Gonzalo Uriarte e Marcos Viéitez puxéronse no papel dos Tyrone, unha familia quebrada polas frustracións e os vicios. Trátase da primeira ocasión, nos trinta anos de idade da compañía pública galega, na que se achega á literatura dramática norteamericana.

A obra, que relatou o seu proceso de produción e ensaios nun blog específico, estreouse no Salón Teatro de Santiago de Compostela o día 22 de marzo, onde permaneceu en cartel ata o 6 de abril. Posteriormente iniciou a súa xira por Portugal, nos teatros de Braga e Barcelos, e por Galicia, con funcións en Pontevedra, Narón, A Estrada, A Coruña, Rianxo, Ourense, Vigo, Tui e O Barco de Valdeorras. Asistiron ás funcións 3.279 persoas.

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas

As laranxas máis laranxas de todas as laranxas está considerada como unha das principais contribucións de Carlos Casares ao ámbito da literatura infantil e xuvenil, galardoada en 1973 co I Premio de Literatura Dramática para a Infancia e a Mocidade da Asociación Cultural O Facho. Este fora, ademais, o texto escollido polo Centro Dra-

mático Galego para producir hai dez anos o seu primeiro espectáculo especialmente dirixido aos espectadores máis novos. Trátase dunha historia fantástica, que inaugura o teatro destas características na literatura infantil galega, “un disparate continuo de movemento e fantasía” en palabras do seu autor.

O espectáculo producido polo Centro Dramático Galego ofrece ao público unha ollada renovada sobre a obra, para a que volveu contar con José Caldas na dirección escénica e con Bernardo Martínez na musical, ademais de recuperar a escenografía e o vestuario deseñados no seu día pola portuguesa Marta Silva. A produción de 2014 estivo interpretada polo elenco que compoñen Alba Blanco Taín, Alberte Cabarcos, Davide González Lorenzo, Ailén Kendelman, Fran Lareu e Laura Villaverde. A súa actuación contribuíu a crear o mundo máxico e colorista que habitan Anxa e Elías, xunto á Veciña Sabida, a Veciña Desdentada, o Veciño Gordo e o Veciño da Escopeta, e no que teñen lugar unha serie de disparatados acontecementos que dan comezo cando do limoeiro da horta dos protagonistas abrollan unhas enormes laranxas.

Tras a estrea o 1 de outubro no Teatro Principal de Ourense, a obra xirou por Galicia, con funións en Vilagarcía de Arousa, Narón, Pontevedra, Vigo, Viveiro, Tui, O Barco de Valdeorras, Rianxo, A Estrada e Santiago de Compostela, onde pechou a programación do ano.

Preto de 5.500 espectadores acudiron ás representacións, que contaron con función de mañá específicas para público escolar.

A obra contou tamén cun blog propio (cun total de 9.300 visitantes), ademais de unidades didácticas para o traballo na aula nos distintos niveis educativos.



A tempestade, coprodución do CDG

No Salón Teatro presentáronse no mes de outubro 10 funcións da versión da obra de Shakespeare realizada pola compañía Voadora en colaboración co Centro Dramático Galego, *A tempestade*.

A obra foi estreada no prestixioso Festival Gil Vicente de Guimarães e pasou polos festivais Fringe Madrid, Clásicos de Alcalá e pola Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.

Con dirección de Marta Pazos e adaptación de Fernando Epelde, integraron o elenco deste espectáculo Hugo Torres, Olalla Tesouro, Fernando Epelde, Diego Anido, Borja Fernández, Guillermo Weickert, José Díaz, Iván Marcos e Sergio Zearreta.



Colaboracións do Centro Dramático Galego co teatro portugués

Ademais da coprodución de *A tempestade* de Voadora en vinculación creativa con Portugal e cunha programación de distribución tamén no país veciño, O CDG participou no proxecto multidisciplinar *Pangeia*, impulsado pola compañía galega Limiar Teatro e a brasileira Acaso Danza, a través do que se buscou afondar nos camiños creativos e culturais que unen Galicia, Brasil e Portugal. Fran Núñez e Bárbara Aguiar puxéronse á fronte dun equipo artístico transnacional, no que tamén colaboraron a Asociación de Produtores de Artes Escénicas de Pernambuco, o Festival Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife e o Teatro da Malaposta de Lisboa. Este escenario lisboeta acolheu a estrea do espectáculo o xoves 9 de outubro.

Programación aberta no Salón Teatro

Dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Salón Teatro de Santiago, espazo escénico situado na zona monumental da capital galega, conta cunha capacidade de 272 localidades que acolleron este ano, ademais das producións do Centro Dramático Galego, un total de 229 actividades, entre as que se contan 110 funcións escénicas (83 correspondentes a compañías profesionais), 96 proxeccións audiovisuais e 18 concertos musicais ao longo de dous períodos de programación: de xaneiro a xullo e de outubro a decembro de 2014.

O Salón Teatro tamén formou parte da iniciativa Bono Teatro Galego, con descontos nas entradas á programación teatral. (Véx. sección 10.1).

Proxecto Nós

Onda o Centro Dramático Galego e o Teatro Nacional Dona Maria II, a ESAD é unha das estruturas educativas implicadas no Proxecto Nós Territorio (ES)Cénico Portugal-Galicia, xunto ao Teatro Nacional São João do Porto e ás escolas superiores de Teatro e Cinema (ESTC) de Lisboa e de Música, Artes e Espectáculo (ESMAE) do Porto.

Esta iniciativa, que prevé a produción de dous espectáculos distintos en Galicia e en Portugal co alumnado dos devanditos centros, arrancará ante o público en 2015 no país veciño. A súa primeira montaxe, que irá acompañada dun encontro para a reflexión sobre as relacións culturais entre ambos os países, está dirixida polo portugués Pedro Penim a partir do texto escrito expresamente por José María Vieira.





10.7 Centro Coreográfico Galego

Impulsar, difundir e situar a danza nun lugar preferente da vida cultural galega, así como apoiar a creación artística actual en Galicia son os principais obxectivos do Centro Coreográfico Galego. Dependente da Agadic, este centro de creación, produción, formación e investigación en materia de danza, con sede na Coruña, levou a cabo en 2014 unha ampla programación de actividades.

Full House, produción 2014

O Centro Coreográfico Galego regresou este ano á danza contemporánea coa produción escénica de *Full House*, creada especificamente para o CCG polo prestixioso coreógrafo sueco Johan Inger e baixo a dirección artística de Mercedes Suárez. O programa dobre deste novo espectáculo incluíu, ademais, a reposición de *Magnificat*, que o francés Amaury Lebrun asinou en 2011 para 3DTres.

Tras a súa estrea o 3 de abril no Teatro Rosalía Castro, da Coruña, *Full House* iniciou a súa xira por Galicia, con funcións en Cangas (Pontevedra), Santiago de Compostela e Carballo (A Coruña) e na cidade de Pontevedra durante o mes de abril.



A bela adormecida

O Centro Coreográfico Galego, que contou coa colaboración da Orquestra Sinfónica de Galicia, realizou diversas funcións de *A bela adormecida*, ballet clásico en dous actos con música de Tchaikovski e adaptación de Mercedes Suárez.

A bela adormecida é un proxecto aberto e participativo que comezou a finais de 2013 coas audicións ao alumnado dos centros colaboradores. Esta concepción da produción pretende impulsar unha liña de colaboración directa coas escolas de danza para reforzar e incentivar a formación neste ámbito artístico. Así, nenos e nenas a partir de 6 anos ata experimentados instrumentistas comparten este espectáculo aberto, dándolle continuidade á fórmula iniciada en 2013 no *Quebranoces*.

A estrea ao público xeral produciuse o 21 de febreiro de 2014 coa Orquestra Sinfónica de Galicia no Pazo da Ópera da Coruña, aínda que anteriormente se programaron varias funcións didácticas, no mesmo formato, dirixidas a escolares, con dous pases diarios.

Cun total de once funcións ata finais de abril, *A bela adormecida* estivo en xira por Vilagarcía de Arousa, Cangas e Lugo. Colaboraron nesta edición estudantes das escolas de danza Danzade, Carmen e Druída (A Coruña), Cinderella (Arteixo), Náyade (Ames), Danzarte (Betanzos), a escola Maite Quiñones (Cangas), Escola Municipal de Oleiros, Escola Municipal de Ponteceso e conservatorios profesionais de Lugo e da Deputación da Coruña.



Programa de formación do Centro Coreográfico Galego 2014

Co obxectivo de potenciar o sector da danza, coa mellora permanente da súa cualificación artística, técnica e profesional, o CCG desenvolve un programa de formación en danza clásica e contemporánea impartido por distintos profesionais da danza e coreógrafos de referencia.

Ademais das xornadas de formación específica dirixida aos profesionais e futuros profesionais da danza, a través das clases de danza clásica para estudantes de nivel

medio-alto de danza que comparten aula cos bailaríns do CCG ao longo do ano (de luns a venres de 10.00 a 11.30 horas), desenvolvéronse diversas xornadas formativas en centros educativos de ensino primario e secundario con charlas didácticas sobre a danza, cunha parte teórica e outra práctica, nun marco distendido propicio para a participación dos alumnos cos relatores.

ACCIÓNS FORMATIVAS 2014

OBRADOIROS DE DANZA

- **Gyrokinesis e danza clásica adaptada**, con Eva Pérez Atienza
DATAS: do 30 de xuño ao 4 de xullo
LUGAR: A Coruña. Centro Coreográfico Galego
- **Danza clásica**, con Virginia Valero
DATAS: do 14 ao 18 de xullo
LUGAR: A Coruña. Centro Coreográfico Galego
- **Composición coreográfica**, con Ángel Rodríguez
DATAS: do 21 ao 25 de xullo
LUGAR: Vigo. Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Galicia
- **Danza clásica e técnica de puntas**, con Lázaro Carreño
DATAS: do 1 ao 5 de decembro
LUGAR: A Coruña. Centro Coreográfico Galego

OBRADOIROS GRATUÍTOS DE DANZA

LUGAR: A Coruña. Centro Coreográfico Galego

- **Danza contemporánea**, con Alexis Fernández (La Macana)
DATAS: do 6 ao 17 de outubro, de luns a venres
- **Danza contemporánea**, con Bárbara Monteagudo
DATAS: do 20 ao 31 de outubro, de luns a venres
- **Danza contemporánea**, con Kirenia Martínez, Armando Martín e Beatriz Pérez (Entremáns)
DATAS: do 3 ao 14 de novembro, de luns a venres
- **Danza clásica**, con Carmen Roche
DATA: 8 de novembro
- **Danza neoclásica e taller de danza contemporánea**, con Jean Philippe Dury, organizado polo Proxecto Programación expandida para o programa TRCDanza en colaboración co CCG
DATA: 14 de novembro
- **Repertorio clásico e neoclásico**, con Christelle Horna
DATAS: do 17 de novembro ao 19 de decembro
- **Repertorio clásico**, con Juan Miguel Hernández
DATAS: sábados do 4 de outubro ao 20 de decembro

Residencias artísticas 2014

O Centro Coreográfico Galego, co fin de lles ofrecer aos artistas individuais ou colectivos un espazo para o desenvolvemento dos seus proxectos de investigación, experimentación, creación e produción, desenvolve un programa de residencias artísticas, entre os meses de xullo e decembro, que permite que os proxectos seleccionados dispoñan das instalacións facilitadas pola compañía pública de danza e dun apoio logístico e de asesoramento tanto no aspecto artístico como en relación cos procesos de montaxe e distribución.

Os proxectos seleccionados foron *Hibridology*, de Martina Martínez Barjacoba, *Trump!*, de Cristina Collazo Gómez e *Solipsismo*, de José Ángel Ríos Casás. A selección dos proxectos baseouse no seu carácter innovador, a súa incidencia na creación de redes de colaboración interdisciplinaria e a súa capacidade de chegada á cidadanía mediante estratexias de participación e creación de públicos. Tamén se valorou a traxectoria e as actividades previas desenvolvidas polos solicitantes, así como a calidade, coherencia e viabilidade das iniciativas presentadas.





10.8 Centro Galego de Artes da Imaxe

O Centro Galego das Artes da Imaxe (CGAI), dependente da Agadic, desenvolve as súas actividades nos ámbitos do audiovisual e da fotografía. Con sede na Coruña, a súa actividade céntrase na recuperación, catalogación e custodia das producións e obras do patrimonio audiovisual e fotográfico galego.

Ao longo de 2014 o CGAI desenvolveu unha ampla programación para difusión do audiovisual no conxunto da sociedade, tanto a través dos seus ciclos e actividades, como en colaboración con outras entidades presentes en distintos puntos do territorio galego e mesmo de fóra de Galicia. Ademais disto, os fondos do CGAI son facilitados para numerosos proxectos de investigación e difusión cultural.

Programación de sala

Do 7 de xaneiro ata o 20 de decembro desenvolveuse na sala de proxeccións do CGAI unha programación de 9 pases semanais, de martes a sábado, ás que asistiron aproximadamente 11.000 espectadores ao longo do ano.

Esta programación permitiu a difusión entre o público galego de destacados títulos do cinema independente e experimental internacional, a través de seccións como Fóra de Serie ou Desencadres, así como de novos proxectos e traballos de realizadores galegos nos sábados de Off Galicia.

As proxeccións completáronse con coloquios con cineastas emerxentes e consagrados do panorama español e internacional (Gunvor Nelson, Larry Gottheim, Mike Hoolboom, Gonzalo García-Pelayo, Nicolás Pereda, Albert Serra e Jorge Tur, entre outros),

e permitiron recuperar en pantalla grande figuras históricas do cinema como Jerry Lewis, Roberto Rossellini, Buster Keaton ou Marlen Khutsiyev.

Circuíto de Cine Independente

Entre as novidades deste ano destaca a incorporación da filmoteca galega ao Circuíto de Cine Independente, unha nova rede de salas de exhibición en centros culturais públicos para atender a difusión de películas de calidade procedentes do circuíto internacional de festivais, pero sen distribuidora en España. Xunto co CGAI, forman parte desta iniciativa os centros Tabakalera (San Sebastián), MUSAC (León), Centro Cultural Niemeyer (Avilés), Cineteca (Madrid) e Filmoteca de Culturarts-IVAC (Valencia).

Extensión da programación do CGAI en Ourense

En colaboración co Cineclub Padre Feijoo, o CGAI desenvolveu en Ourense unha programación semanal, aos luns, cun total de 45 sesións (de 26 títulos) do 10 de marzo ao 15 de decembro, na que constituíu a primeira extensión sistemática da carteleira da filmoteca fóra da súa sede da Coruña. Preto de 1.400 persoas asistiron a estas proxeccións coas que se pretende ofrecer un maior coñecemento das artes da imaxe e do cine galego e que constitúe a primeira programación anual que o CGAI desenvolve fóra da súa sede da Coruña.

Programación para público infantil e familiar: CGAI Júnior

Co fin de ir formando os espectadores máis novos, o CGAI desenvolveu ao longo de todo o ano un ciclo de cine con proxeccións de películas de diferentes épocas, desde o cine mudo ata as creacións contemporáneas, con especial atención á cinematografía doutras culturas de difícil acceso noutros espazos de exhibición.

Esta programación inclúe as proxeccións mensuais dirixidas ao público familiar e pases dirixidos aos centros educativos, que se acompañan de recursos didácticos específicos. Beneficiáronse do CGAI Junior 2014 un total de 2.955 espectadores.

Actividades didácticas: Fotografía en Curso e Cine en Curso

No marco de establecer pontes permanentes co ámbito educativo, e para contribuír á formación audiovisual do alumnado, os programas do CGAI Cine en Curso e Fotografía en Curso, desenvolvidos de xaneiro a xuño, inclúen unha ampla actividade, con xornadas de formación do profesorado para dotalo das ferramentas e da metodoloxía necesaria, obradoiros en escolas coa presenza de fotógrafos e profesionais do cine, programación cinematográfica específica, elaboración de materiais de apoio e seguimento (cadernos didácticos e DVD), exposicións fotográficas itinerantes e proxeccións públicas dos documentais realizados nos obradoiros.

Celebración dos 25 anos de cine galego

A filmoteca galega sumouse á conmemoración do vixésimo quinto aniversario da estrea en novembro de 1989 das tres primeiras longametraxes galegas (*Continental*, *Urxa* e *Sempre Xonxa*) co ciclo Cinegalicia25. Ademais da exhibición destas tres fitas claves na historia do cine galego, os asistentes ás sesións programadas tiveron a oportunidade de ver outros títulos como *Pradolongo*, de Ignacio Vilar, *A noite que deixou de chover*, de Alfonso Zarauza, *Cela 211*, de Daniel Monzón, *Todos vós sodes capitáns*, de Oliver Laxe, *Tralas luces*, de Sandra Sánchez, *O apóstolo*, de Fernando Cortizo, *Arraianos*, de Eloy Enciso, *Costa da Morte*, de Lois Patiño, ou *O bosque animado*, de Manuel Gómez e Ángel de la Cruz.

O ciclo tamén proxeitou destacadas curtametraxes como *Os Crebinsky*, de Enrique Otero, *Unha luz encendida*, de Alber Ponte, 1977, de Peque Varela, *Taxia*, de David Robles, *O cazador*, de Ángel Santos, e *Anacos*, de Xacio Baño. En total, unha escolma de 50 títulos representativos do período 1989-2014.



Exposicións de fotografía

O CGAI tamén asumiu a organización e coordinación de exposicións de distintos fotógrafos galegos. Para a exposición *Miradas alleas: de homes e mulleres*. Dionisio Tasende 1955-1979, procedeuse á selección, dixitalización, copia e enmarcado de fotos de Dionisio Tasende procedentes dos fondos da entidade, que puido visitarse de abril a xuño no Museo de Belas Artes da Coruña. Esta exposición acompañouse da edición dun catálogo no que se reproduciron parte destes fondos.

No segundo semestre do ano, presentouse a exposición *Os adeuses*, de Alberto Martínez nas vilas de Fafe (Portugal) e de Castellón (Valencia).

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



11

CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

De acordo co seu plan estratéxico 2012-2018, o modelo que se pretende para a Cidade da Cultura baséase en tres eixes transversais: a cultura, a tecnoloxía e o emprendemento. Tan só tres anos despois da súa inauguración en 2011, a Cidade da Cultura xa acolleu case un millón e medio de visitantes, dos cales 448.201 ao longo do 2014, e desenvolveu 320 eventos de entidades públicas e privadas.

A Cidade da Cultura de Galicia está a ofrecer unha programación que a vai consolidando como centro de referencia da actividade cultural no noso país. É por iso polo que o programa de actuacións procura unha continuidade coas programacións de anos anteriores, atendendo as diferentes franxas de idade de público. Nesa intención congregadora, as actividades orientadas aos adultos adoitan acompañarse doutras desenvolvidas paralelamente para os máis cativos.

Na programación de Acción Cultural leváronse a cabo 196 actividades, que contaron cunha participación total de 100.288 persoas. Cómpre sinalar, asemade, a implantación dun cento de emprendedores e start-ups no seu centro de emprendemento.

Esta programación patrocínase a través da Fundación Gaiás, na que están integrados a Xunta de Galicia, Abanca, Afundación, Inditex, S.A., Grupo Nosa Terra 21, Rodonita, S.L., Inveravante, S.L., Fundación Barrié, Gadisa, S.A., Gas Natural Fenosa, S.A., Hijos de J. Barreras, S.A., Coren, S.C.L., R Cable e Telecomunicacións Galicia, S.A., Transmonbús, S.L., e Banco de Sabadell, S.A.



11.1 Música e escena

MÚSICA &
ESCENA

Galician Connection



DATAS: 4, 5 e 6 de abril de 2014
 ESPAZO: CINC e Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 291 persoas

O proxecto Galician Connection continuou coa liña de traballo comensada por Cristina Pato por terceiro ano consecutivo, centrado na fusión da música galega coa música feita noutras partes do mundo. A temática desta edición fomentou o uso das artes como ferramenta fundamental no modelo educativo vixente. Tres días de actividades dedicadas a profesionais e músicos, con contidos a través de experiencias de artistas, que finalizaron cun concerto de exhibición do traballo do conxunto dos artistas participantes no programa.

Galician Connection 2014 contou coa presenza de seis mestres musicais de alto nivel, como o catalán Carles Benavent, un mestre na interpretación do baixo eléctrico e nome propio no mundo do jazz; o compositor, improvisador e intérprete de clarinete Kinan Azmeh desde Siria; o harpista colombiano Edmar Castañeda, integrador da harpa nos estilos jazz e latin; Abe Rábade, un dos pianistas galegos con máis proxección no panorama musical internacional; a voz multicultural da galego-palestina Najla Shami; e o percusionista coruñés e un dos educadores máis emblemáticos de Galicia, Carlos Castro.

O programa contou tamén cunha programación formativa, con foros de debate, ensaios abertos, clases prácticas e encontros cara a cara nos que os asistentes compartiron experiencias directas cos artistas convidados. Entre outros, participaron Damian Woetzel, Xaime Fandiño, o equipo Educabarríe e Antía G. Ben, quen presentou iniciativas pedagóxico-musicais innovadoras.

As experiencias de Galician Connection abríronse ao público xeral cun gran concerto final, o domingo 6 de abril, a cargo dos músicos convidados, que interpretaron os resultados dos tres días de experimentación e colaboración.



Gandini Juggling: Smashed

DATA: 3 de maio de 2014

ESPAZO: andar -1, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 425 persoas

Considerada unha das mellores compañías do mundo da arte dos malabares, Gandini Juggling chegou por primeira vez a Galicia, na programación do Gaiás, cun espectáculo aclamado pola crítica (obtivo o Premio Herald Angle no festival de Edimburgo): *Smashed*. Inspirado na obra da bailarina alemá Pina Bausch, *Smashed* combina teatralidade, xogos de malabares con mazás e unha sincronización perfecta entre os nove compoñentes do grupo. Un espectáculo que reinventa o circo contemporáneo con grande éxito de crítica e de público.



Real Filharmonía de Galicia: Auga doce



DATA: 21 de xuño de 2014
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 400 persoas

A Cidade da Cultura celebrou o 21 de xuño o Día da Música cun concerto a cargo da Real Filharmonía de Galicia dirixida por Oliver Díaz, e con Javier Otero como piano solista, que abordou a estrea absoluta de *Auga doce*, a tocatta para piano e orquestra composta por Juan Durán para a exposición homónima. Completou o programa a Música acuática de Händel e a Sinfonía núm. 40 en Sol Menor de Mozart. Co patrocinio de Aguas de Mondariz.

Chick Corea e Stanley Clark Dúo



DATA: 26 de xullo de 2014
 ESPAZO: andar -1, Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES: 600 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia ofreceu a posibilidade de ver sobre un mesmo escenario dous auténticos xenios do jazz: Chick Corea e Stanley Clark. Creadores nos anos setenta de *Return to Forever*, unha das bandas determinantes do chamado jazz fusión, Corea e Clark reencóntrase de novo en formato dúo co espectáculo *The Songs of Return to Forever*.

Atardecer no Gaiás



DATAS: xullo – agosto de 2014
 ESPAZO: praza exterior da Cidade da Cultura
 ASISTENTES: 5.957 persoas
 CONCERTOS: 24

O ciclo Atardecer no Gaiás volveu na súa cuarta edición a poñerlle música, ritmo e vangarda ás tardiñas de Compostela, mantendo a súa idea orixinal de ofrecer espectáculos en pequeno formato no solpor dos xoves, venres e sábados do verán. Do 3 de xullo ata o 30 de agosto, a praza exterior da Cidade da Cultura de Galicia acolleu 23 actuacións nas que se fusionou a música clásica coa tradicional, o pop e o rock, o jazz, o flamenco, a electrónica ou o funk. O concerto de apertura realizouse no centro histórico de Santiago de Compostela.

Sensacional, Orquestra de Cámara Galega en varios concertos, Gram-poder, Talabarte, Samuel Diz, Sinestesia, Aries, De Nauters, Austrian Soundscapes, La Maravillosa Orquesta del Alcohol, Gala Drop, Trampoline, Melisa Calero, Dirty Socks, The Versionettes, Xuventude Crea: Erick Feles

& Amigos, Dani Font Dúo e Pi Graos, Eleanor Friedberger, Los Punsetes, Maria Rodés, Adrián Costa e Toy conformaron o cartel do ciclo este ano.



Daniel Minimalia

DATAS: 12 de setembro de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 300 persoas

O guitarrista e compositor galego Daniel Minimalia subiu ao escenario do Museo Centro Gaiás o 12 de setembro para presentar algúns dos temas do seu próximo disco, *Arenas de luna*. O guitarrista ourensán —catalogado pola crítica como o Mike Oldfield español— despregou toda a maxia da súa guitarra en temas como *Olas del Sur*, single de adianto do seu segundo traballo, que foi rodado xunto a Rosa Cedrón na Cidade da Cultura.



Festival Peregrinos Musicais

DATAS: 25 de setembro de 2014

ESPAZO: Centro de Innovación cultural

ASISTENTES: 80 persoas

Dedicado á promoción de novos talentos musicais galegos e rusos, este festival ofreceu no Gaiás o seu cuarto concerto en Compostela, que foi interpretado polos artistas seleccionados pola Fundación Vladímir Spivákov, con sede en Moscú; e pola fundación Mstislav Rostropóvic, liderada por Olga Rostropóvich, filla do cellista ruso recoñecido mundialmente polo gran público.



Magosto no Gaiás



DATAS: 28 de novembro de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 214 persoas

Este ano a Cidade da Cultura ofreceu a posibilidade de gozar dun magosto ao estilo galego máis tradicional: coa degustación de produtos típicos da nosa terra e a música dalgúns dos artistas galegos máis significativos. O concerto, que honrou dous dos mestres gaiteiros máis destacados na historia musical galega, Basilio Carril e Juan Bello Mallou, correu a cargo do grupo Taghaitaí, formado por Edelmiro Fernández, Manolo, Lola de Ribeira e Iván Costa. Tamén contou coa colaboración da agrupación Cantigas e Agarimos e das escolas de gaita de Cantigas e Agarimos e a Escola Libre da Música Popular Galega.

Este evento está organizado en colaboración coa Indicación Xeográfica Protexida da Castaña de Galicia.





11.2 Exposicións

EXPOSI
CIONES

Orinoco. Viaxe a un mundo perdido

DATAS: do 27 de maio de 2013 ao 12 de xaneiro de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES ANO 2014: 2.221 persoas

ASISTENTES TOTAIS: 45.685 persoas

Tras viaxar durante trece anos por algunhas das institucións culturais máis importantes de Alemaña, Francia, Suíza, República Checa, Finlandia, Suecia, Rusia, Dinamarca ou Eslovenia e recibir máis de sete millóns de visitantes, a Cidade da Cultura de Galicia, en colaboración coa Fundación Cisneros, trouxo por primeira vez á Península Ibérica a Colección Orinoco, a mostra de arte étnica máis importante de Latinoamérica, pertencente á Colección Patricia Phelps de Cisneros.

Baixo o título *Orinoco. Viaxe a un mundo perdido*, o Gaiás ofreceulle unha homenaxe excepcional á tradición cultural das doce etnias que habitan o Amazonas venezolano: De'áruwa (Piaroa), Ye'kuana, Yanomami, Híwi (Guahibo), E'ñepa (Panare), Wakuénai (Curripaco), Baniva, Baré, Puinave, Warekena, Tsase (Píapoco) e Hoti. Composta por unha ampla selección de obxectos utilitarios de cada un dos grupos indíxenas, a colección consta de máis de 1.500 pezas recompiladas durante cincuenta anos de exploracións: máscaras, cestería, adornos corporais, instrumentos musicais, plumarios, canoas, remos e instrumentos de pesca, obxectos de uso cotián e máxico-relixiosos, que están construídos con materiais da selva, partes de animais, plantas e minerais.





En ningún lugar. Unha memoria alternativa das Torres Hejduk

DATAS: de decembro de 2013 ao 4 de marzo de 2014

ESPAZO: Torres Hejduk

En ningún lugar. Unha memoria alternativa das Torres Hejduk foi a intervención que ocupou durante tres meses as torres do Gaiás tras resultar gañadora da convocatoria feita pola Cidade da Cultura de Galicia entre os participantes no III Encontro de Artistas Novos.

Trátase dun proxecto colaborativo no que traballaron os artistas Juan Cañamero, Iago Eireos, Miguel Ángel Moreno Carretero, Ana Esteve Reig, Alejandro Ramírez Ariza e Pablo Martínez Muñiz, comisariados por Carlos Delgado Mayordomo, participantes na edición do encontro deste ano. Xerar unha memoria e unha narración alternativas para desvelar a complexidade arquitectónica e conceptual das Torres Hejduk foi a liña discursiva das cinco intervencións que buscaban sacar á luz dimensións evocadoras dos múltiples sentidos do lugar.



Arqueoloxía da memoria recente

DATAS: do 31 de xaneiro ao 18 de maio

ESPAZO: Círculo de Belas Artes, Madrid

ASISTENTES: 10.126 persoas

A mostra propuña rastrexar as pegadas das transformacións urbanísticas en cinco cidades: Barcelona, Bilbao, Madrid, Santiago de Compostela e Sevilla. E fíxoo escavando foucaltianamente nos distintos estratos que foron sedimentando sobre o territorio, fuxindo tanto da historiografía lineal como da mera acumulación de imaxes ou datos. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia achegou a maqueta presentada por Peter Eisenman ao concurso internacional de 1999.



Auga doce

DATAS: do 21 de marzo ao 14 de setembro

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 39.166 persoas

VISITAS GUIADAS: diarias

COORDINACIÓN XERAL: Loreto Fernández de Garaizábal

ASESORA ARTÍSTICA: Marta González Orbegozo

DESEÑO DA MONTAXE: Juan Carlos Arnuncio

A exposición propuxo mergullarse nunha experiencia multidisciplinar para explorar a íntima relación de Galicia cun elemento tan definidor da súa personalidade como é a auga.

O visitante puido descubrir os esforzos do ser humano por predicir as incertezas do clima e a loita por controlalo axudado polos avances tecnolóxicos. Pero *Auga doce* foi tamén unha oportunidade única para contemplar unha destacada selección de obras de arte, froito da xenialidade de artistas que encontraron na auga a súa musa, e de transportarse ao evocador mundo dos balnearios e do termalismo.

A exposición, de produción propia do departamento de Acción Cultural, contou cun total de 700 obras, cedidas por 140 coleccionistas privados, artistas e institucións culturais, entre as que se atopan centros de referencia coma o MoMa, o Victoria & Albert Museum, o Muso de Orsay, o Rijksmuseum, o Raíña Sofía ou o Thyssen-Bornemisza. Esta gran variedade de pezas mergullaron o visitante nunha intensa experiencia estética a través de grandes nomes da creación contemporánea como David Hockney, Gerhard Richter, Mario Merz, Louise Bourgeois, Martín Chirino ou Chema Madoz e de mestres clásicos da altura de Piranesi, John Constable, Henry Lewis ou Audubon.

O coidado catálogo, de 264 páxinas, tivo dúas edicións cunha tiraxe total de 1.500 exemplares. A edición bilingüe galego/castelán foi de 1.000 libros e de 500 exemplares en edición bilingüe portugués/inglés. Autores dos textos: Silvia González Soutelo, especialista en arqueoloxía da auga; Vicente Pérez Muñuzuri, director de MeteoGalicia; Benigno Amor Barreiro, xerente da Asociación de Balnearios de Galicia; Juan Mario Crecente Maseda, arquitecto e experto en patrimonio e urbanismo; e Santos Cirujano Bracamonte, do Real Xardín Botánico.

Flywaterbags

DATAS: do 10 de abril ao 31 de agosto

ESPazo: Torres Hejduk

A artista Ana Soler propuxo en *Flywaterbags* ollar a través da auga para descubrir outra realidade. Aproveitando o carácter bipolar das Torres Hejduk, *Flywaterbags* ofreceu unha visión dicotómica do uso da auga a través de dúas instalacións contrapostas nas que o fluído se converteu en lente clarificadora e deformadora ao mesmo tempo.

A primeira instalación situouse na torre transparente en forma de gran pinga tridimensional formada por pequenas bolsas de auga que nos serviron de lente. A lupa deforma, amplía e reforma a realidade para amosarnos outra: a dimensión aparente de todo, convidando o espectador a ollar tras o evidente e perderse nun mundo novo visto desde o fluído.



Juan Navarro Baldeweg



DATAS: do 7 de outubro de 2014 ao 1 de febreiro de 2015

ESPAZO: Museo ICO. Madrid

A Fundación Cidade da Cultura colaborou co Museo ICO de Madrid, prestándolle dúas maquetas orixinais do Concurso da Cidade da Cultura. Estas maquetas foron a Maqueta Urbana e a Maqueta de Proxecto, ambas do ano 1999. O comisario da exposición e o autor das maquetas é o coñecido artista, arquitecto e pintor, Juan Navarro Baldeweg.

Subtextos dun patrón de mantemento



DATAS: de novembro de 2014 a marzo de 2015

ESPAZO: Torres Hejduk

A través de tres intervencións artísticas e unha performance final, o proxecto gañador da convocatoria do IV Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura de Galicia, de Félix Fernández (Viveiro, Lugo, 1977), trasládalle ao espectador un proxecto dotado dunha gran riqueza conceptual no que reivindica a necesidade de xerar conciencia sobre puntos escuros da sociedade como paso previo para a procura de solucións. As Torres Hejduk transfórmanse, deste xeito, nun espazo que funciona como espello metafórico da frustrante situación actual: a torre de cristal envolta en fume simboliza a tormenta interior que contrasta coa torre opaca, ocupada por monitores de seguridade —nos que se combinan imaxes en tempo real con outras en diferido creadas para o espectador— como alegoría do poder. Xuntando esta dualidade, a figura dun home suspendido no interior do cilindro acristalado chama a nosa atención sobre a inactividade ante a realidade que se nos ofrece.

Cinegalicia25



DATAS: do 21 de novembro de 2014 ao 8 de febreiro de 2015

ESPAZO: 1º e 3º andar, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES 2014: 4.108 persoas

ASISTENTES TOTAIS: 7.508 persoas

COMISARIO: Miguel Anxo Fernández

DESEÑO DA MONTAXE: Marta Villar Sanjurjo

1989 é unha data clave para o cine galego. *Sempre Xonxa* de Chano Piñeiro, *Continental* de Xavier Villaverde e *Urxa* de Carlos A. L. Piñeiro e Alfredo García Pinal, as tres primeiras longametraxes de ficción galegas, estreábanse en novembro daquel ano en Vigo, marcando o inicio dun prometedor futuro para o audiovisual do noso país. Vinte e cinco anos

despois, a Cidade da Cultura rendeu-lles esta pequena homenaxe aos profesionais que o fixeron posible.

Realizada en colaboración coa Agadic, a exposición, que ocupa o primeiro e terceiro andar do Museo Centro Gaiás, fai un percorrido polo que foi o audiovisual galego nestes 25 anos, coa achega previa da nutrida traxectoria iniciada en 1896, cando as primeiras proxeccións do cinematógrafo en Galicia; e tamén unha ollada cara ao futuro.

O catálogo, cun total de 264 páxinas, tivo unha tiraxe de 700 exemplares trilingües galego/castelán/inglés. Con textos dos expertos no sector audiovisual Miguel Anxo Fernández, Fernando Redondo Neira, Jaime Pena, Xosé Nogueira, Eduardo Galán e Xosé Enrique Acuña.

11.3 Intercambio

INTER CAMBIO

Paisaxes culturais: A cidade de Bath

DATAS: 25 de marzo de 2014

ESPAZO: Aula Seminario, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 24 persoas

No marco da exposición *Auga doce*, o Master de Arquitectura da Paisaxe da Fundación Juana de Vega UdC-USC desenvolveu no Museo Centro Gaiás unha conferencia aberta de Paul T. Simons, arquitecto e consultor británico en patrimonio e turismo. Ao redor da xestión de paisaxes culturais, Paul T. Simons presentou o caso da cidade de Bath, das cidades termais como modelo e da candidatura das Grandes Cidades Termais (Great Spas of Europe) a Patrimonio Mundial.



Torneo Nacional de Debate

DATAS: 28, 29 e 30 de marzo de 2014

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 120 persoas

O Gaiás foi de novo escenario para impulsar a oratoria e a retórica a través dunha batalla dialéctica que reuniu por segunda vez en Santiago de Compostela, durante tres días, oradores ao redor dun gran debate intelectual.

Xunto a eles, a Cidade da Cultura contou coa presenza de xuíces de recoñecido prestixio e ampla experiencia na arte da dialéctica, que decidiron que equipo dominaba mellor a oratoria e a retórica, así como talento para a investigación, documentación e traballo en equipo.



Xornadas académicas Auga doce: Produción e xestión de exposicións temporais

DATAS: 3, 4, 5 e 6 de setembro de 2014

ESPAZO: Aula Seminario, Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 71 persoas



As exposicións temporais convertéronse nos últimos anos nunha das principais estratexias de programación dos espazos culturais para dinamizar a súa oferta e atraer públicos diversos. Nestas xornadas os asistentes achegáronse ao campo da xestión de exposicións a través da experiencia de directores de proxectos culturais e técnicos de exposicións, pero tamén dos propios artistas e coleccionistas, que transmitiron as súas necesidades, preocupacións e expectativas, imprescindibles para asegurar unha boa relación profesional cos autores.

IV Encontro de Artistas Novos

DATAS: do 9 ao 12 setembro 2014

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 4

PARTICIPANTES: 80 persoas



A cuarta edición deste proxecto converteuse nun espazo de encontro e intercambio de coñecementos e ideas entre creadores e outros axentes culturais e facilita, deste xeito, a convivencia entre artistas novos galegos e os procedentes doutros lugares. Na Cidade da Cultura de Galicia reflexionaron sobre aspectos esenciais da creación artística contemporánea e da construción dunha obra e a súa proxección no mundo real.

Comisariado por Rafael Doctor, contou coa presenza de relatores como Lois Patiño, Din Matamoro ou Dora García, entre outros. Os artistas seleccionados tiveron a oportunidade de presentaren as súas propostas para facer unha intervención nas Torres Hedjuk.

Programa formativo para a creación de novas empresas: Teño unha idea e agora que?

DATAS: do 10 outubro ao 4 de decembro

TOTAL HORAS: 60

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES POR XORNADA: 20/25 persoas



A Cidade da Cultura de Galicia puxo en marcha este programa que persegue proporcionarlle formación de calidade aos emprendedores culturais interesados en deseñar e xestionar proxectos empresariais creativos e viables.

O curso ofreceu seis módulos de formación en procedementos e técnica na xestión de pemes, contidos especialmente adaptados para facelos comprensibles a público non experto. Ademais, incluíu módulos sobre técnicas útiles no eido do emprendemento, como ferramentas de márketing en liña, coaching, comunicación empresarial ou estratexias de venda.

Como xornada de inauguración, o 10 de outubro, Juan Royo realizou unha intervención sobre a responsabilidade social corporativa das empresas e para rematar o curso, o 4 de decembro, Javier de la Cueva impartiu unha palestra sobre novos modelos de economía social, a xestión de dereitos de autor e de organización social.

Womex. Womex Day Espazo profesional

DATAS: do 22 ao 26 de outubro de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 11.400 persoas

Santiago de Compostela foi o centro das músicas do mundo nesta XIX edición do Womex, a máis importante feira profesional da industria musical de raíz, folk, étnica, tradicional, alternativa e da diáspora.

A Cidade da Cultura acolleu o espazo profesional para os máis de 2.400 delegados que durante catro días se deron cita no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura no denominado Womex Day: postos de promoción, filmes, premios, conferencias, networking etc.



11.4 Visitar



Visitas guiadas ao Gaiás

VISITAS REGULARES (sábados e domingos 11.30 h e 17.30 h): 2.308 persoas
VISITAS ARQUITECTÓNICAS (reserva para grupos): 2.888 persoas

A Cidade da Cultura mantén ao longo de todo o ano as portas abertas a todos os cidadáns que desexen coñecer o complexo deseñado por Peter Eisenman. Os visitantes poden acceder libremente aos espazos e percorrer os exteriores da Cidade da Cultura: desde as Torres Hejduk ata a praza central.

Ademais, o complexo do Gaiás dispón de programas de visitas guiadas para coñecer máis de preto os segredos dun proxecto arquitectónico único.

Camiño ao Gaiás

DATAS: de xullo a setembro
ESPAZO: Santiago - Museo Centro Gaiás
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 11
ASISTENTES: 117 persoas

A Cidade da Cultura ofreceu novas rutas e maneiras de achegarse ao Gaiás, para coñecer o contorno urbano e natural que rodea o recinto cultural. Xornadas de camiñada desde o centro histórico ata a Cidade da Cultura de Galicia con explicacións sobre o contorno (historia, arquitectura, natureza etc.) polo que transcorre a ruta. Completada a chegada ao Gaiás, os participantes puideron visitar de balde a exposición *Auga doce*.

En colaboración coa Fundación USC Deportiva.

Astronomía: Un novo lugar para mirar ao ceo

DATAS: de xullo a setembro 2014
NÚMERO DE ACTIVIDADES: 8
ASISTENTES: 902 persoas

O Gaiás presentou un verán máis esta iniciativa para achegarse ao mundo da astronomía, un inmejorable lugar para observar o ceo desde a cidade de Santiago de Compostela. Por cuarto ano consecutivo organizáronse sesións nocturnas de dúas horas de duración nas que se transmitiron coñecementos sobre o firmamento.

En colaboración co Observatorio Astronómico Ramón María Aller.



11.5 En familia

EN FAMILIA

Nadal no Gaiás 2013-2014: Cancións por regalos

DATAS: 4 de xaneiro

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 500 persoas

Unha oportunidade única para fomentar a solidariedade e repartir ilusión á vez que se intenta espallar a música entre os máis cativos. O evento contou co espectáculo Bababum e coa actuación da banda Candela y Los Supremos, para todos os públicos.



Brinca Gaiás

DATAS: de febreiro a maio

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 7

ASISTENTES: 1.196 persoas

A través dunha nova edición deste ciclo procurouse promover entre os nenos e nenas a paixón polas diferentes disciplinas escénicas, como a danza, a música ou o teatro. Espectáculos didácticos orientados aos nenos, para gozar en familia.

- 15 febreiro, *Bon Appetit*: 310 persoas. Explosións, golpes, persecucións, sustos e malos entendidos son os ingredientes de *Bon Appetit*, unha comedia na que o público escachou coa risa e coa cociña tradicional galega como protagonista.



- 1 e 3 marzo, *Obradoiros Entroido*: 60 persoas. Actividades para toda a familia onde os asistentes aprenderon a construír perrucas e máscaras.
- 3 marzo, *A nena e o grilo* e *Petit Pop*: 600 persoas. En marzo, o mellor baile de Entroido estivo no Gaiás. Só por vir disfrazado, o público pasou unha divertida tarde de balde cos musicais *A nena e o grilo*, unha emocionante aventura coa que descubrir o mundo e os seus segredos, e *Petit Pop*, un concerto máis que divertido no que o público interactuou coa banda formada por membros de Pauline en La Playa, Nosoträsh, Undershakers e Edwin Moses.
- 26 abril, *No xardín*: 160 persoas. A historia dunha descuberta dun lugar para xogar e plasmar emocións.
- 24 maio, *Á auga pato!*: 126 persoas. Un espectáculo que tratou a cultura infantil da auga e a auga como ferramenta de imaxinación.



Nexos infantil: A cultura contemporánea a través das letras

DATAS: de febreiro a xuño

ESPAZO: Centro de Innovación Cultural

ASISTENTES: 56 nenos

O ciclo Nexos volveu prestarlles especial atención aos máis pequenos, para os introducir na relación entre a literatura e os diferentes aspectos da vida que se inclúen no programa, transmitindo a idea de que a través dos libros e da expresión artística podemos entender a realidade, transformala e melloralala. En cada caso partiuse do tema ou eixe central da xornada.

Dirixida a nenos de 5 a 12 anos, cada sesión artellouse baixo a fórmula: ler, facer, falar. Así, aproximáronse aos libros relacionados coa sesión a través dunha lectura conxunta dunha ou varias das obras, un contacon-

tos ou unha actividade musical, fixeron actividades lúdicas e como peche compartiron as súas conclusións para poder incorporalas posteriormente ao debate no ámbito familiar.

- 1 febreiro, *A guerra*
- 8 marzo, *As letras das cancións como texto literario*
- 12 abril, *Centenario de Octavio Paz*
- 28 xuño, *O malditismo nas artes*

Visitas familiares: Os rescatadores de Auga doce

DATAS: de maio a xuño (sábados)

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 32

ASISTENTES: 569 persoas

A través dunha actividade lúdica, deuse a coñecer entre o público familiar os contidos da exposición *Auga doce*, dun xeito divertido e animado. Os *rescatadores de Auga doce* formulouse como unha visita guiada con xogos de investigación e animación, para unha aprendizaxe compartida e divertida. Coa axuda dos pais, os rapaces iniciaron a súa aventura en prol do futuro da auga. Primeiro, en combate xunto aos esquimós, cos que construíron iglús. Despois enfrontáronse á contaminación dos ríos e axudaron os peixes a sobrevivir, grazas ao cal lograron os amuletos protectores que os converteron en auténticos rescatadores de auga doce.



Día Mundial do Medio Ambiente: Pep Bou e Plantando botellas

DATA: 7 de xuño de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 499 persoas

Con motivo da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente o 5 de xuño, a Cidade da Cultura celebrou este fito cunha xornada de portas abertas no Museo Centro Gaiás, con actividades para toda a familia:

- *Plantando botellas*. Durante toda a xornada, o público que se achegou ao Gaiás contribuíu ao coidado do medio ambiente, reciclando residuos como botellas, que reconvertéron en macetas con plantas que levar á casa.
- *Pep Bou: Rebufaplanetes*. O andar -1 do Museo Centro Gaiás acolleu unha actuación do artista Pep Bou, espectáculo que pon en valor as calidades da auga, en relación coa exposición *Auga doce*.



Unha noite baixo a auga



DATAS: de xullo a setembro de 2014 (noite dos venres)

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 5

ASISTENTES: 177 persoas

Coñecer o Museo Centro Gaiás e descubrir a súa perspectiva nocturna foi o obxectivo desta actividade na que os nenos se converteron en cineastas. No campamento instalado no museo tiveron a oportunidade de facer a súa propia película da mostra *Auga doce*.

Cidade Imaxinaria



DATA: 23 de agosto

ESPAZO: praza exterior do Gaiás

ASISTENTES: 11.092 persoas

A cuarta edición do festival Cidade Imaxinaria chegou ao Gaiás con espectáculos teatrais, musicais, pasacalle, divertidos obradoiros para nenos e adultos e animación durante todo o día para converter o Gaiás nunha explosión de creatividade e imaxinación.

- **Espectáculos:** *Trasto Cars*, *Le Petit Circ*, *Imbalance*, *Rosso a Spasso*, *Cabarré Parodia*, *Sim Salabim*, *La Belle Escabelle* e *Atlantes*.
- **Xogos:** *Os Monicreques*, *Torneo de Cabalaría*, *Externet!*, *Castelo Poch*, *Ti-tellarium*, *A estraña viaxe do señor Tonet*, *Os amigos de Crusó* e *A pesca do pato*.
- **Obradoiros:** *Mundo equilibrios*, *Kuduro en familia*, *Globoflexia* e *Maqui-laxe e fantasía*.



Xornadas de música contemporánea: Zoar Ensemble

DATAS: 12 de outubro
 ESPAZO: Auditorio, CINC
 ASISTENTES: 117 persoas

A Cidade da Cultura realizou un ano máis no marco do ciclo Xornadas de música contemporánea un concerto baixo o título *Portrait György Ligeti*, coa participación do quinteto de vento Zoar Ensemble e en colaboración co Concello de Santiago e co Centro Nacional para a Difusión da Música (CNDM). Algo tan primitivo como o ritmo, a repetición, a música popular ou unhas matemáticas moi sinxelas aparecen neste xogo coa música electrónica para crear paisaxes case extraterrestres!



Visitas familiares: Gaiás, cámaras, acción!

DATAS: decembro de 2014 (sábados e domingos) e xaneiro 2015
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES DECEMBRO: 144 persoas

Saborear a maxia do celuloide e o brillo dos focos, ser protagonista da alfombra vermella, converterse nunha auténtica estrela ou descubrir todos os segredos que se agochan tras a cámara foi posible grazas ás visitas familiares á exposición Cinegalicia25, unha forma lúdica de coñecer a historia do cine galego na que pais e fillos fixeron un percorrido por un país de imaxes.



Nadal no Gaiás 2014-2015

DATA: decembro
 ESPAZO: Museo Centro Gaiás
 ASISTENTES DECEMBRO: 432 persoas

Un ano máis, a Cidade da Cultura presentou un programa de actividades para toda a familia, tanto lúdicas como didácticas: concertos, obradoiros, proxeccións, monicreques etc., algunhas delas relacionadas coa exposición do museo.

- **Obradoiros:** *Dalle á manivela polo Nadal*, *Baile de xogos*, *Cine de plastilina* (*Sempre Xonxa*) e *O meu videoclip 2014*.
- **Espectáculos:** *Rolf & flor en el círculo polar*, de The Pinker Tones e *Al Tun Tun* de Teatre Mòbil.



11.6 Aula Gaiás



Visitas didácticas á exposición Auga doce

DATAS: do 21 de marzo ao 14 de setembro de 2014

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES: 9.086 persoas

A través dun programa específico para escolares (desde educación infantil ata bacharelato, universidades, aulas de adultos etc.), déronse a coñecer dun xeito didáctico os contidos da exposición *Auga doce*, con obradoiros complementarios, cun guía especializado.

Da man dunha mostra multidisciplinar con obras procedentes de museos e institucións de recoñecido prestixio como o MoMa, o Victoria and Albert, o Museo de Orsay ou o Raíña Sofía, a comunidade escolar tivo a oportunidade de traballar contidos ambientais como o cambio climático ou a explotación dos recursos naturais, aproximarse a diferentes épocas históricas a través do aproveitamento que as civilizacións fixeron da auga, ou abordar aspectos científicos como os fenómenos atmosféricos ou as predicións meteorolóxicas.

Visitas didácticas á exposición Cinegalicia25

DATAS: do 25 de novembro de 2014 ao 6 de febreiro de 2015

ESPAZO: Museo Centro Gaiás

ASISTENTES (ata decembro 2014): 562 persoas

Partindo da estrea en 1989 das primeiras longametraxes de ficción galegas, os escolares achegáronse á linguaxe audiovisual coa axuda de figuras recoñecibles que facilitaron unha aprendizaxe lúdica: desde o Xabarín ou os Bolechas ata referentes da gran pantalla como Luís Tosar ou Antonio Durán Morris.

Ademais das visitas didácticas con contido adaptado por niveis, os centros educativos desenvolveron obradoiros como complemento á súa visita á exposición Cinegalicia25.

Nexos: A cultura contemporánea a través das letras

DATAS: do 1 de febreiro ao 28 de xuño

ESPAZO: Centro de Innovación Cultural

NÚMERO DE ACTIVIDADES: 4

ASISTENTES: 448 persoas

O ciclo pon en valor o traballo de expertos locais, nacionais e internacionais en diferentes áreas do coñecemento. Un ano máis, a Cidade da Cultura realizou sesións nas que se estableceu un diálogo entre personalidades de distintas disciplinas que remataron cun pequeno espectáculo final.

- 1 febreiro, *A guerra*. En 2014 cumpríronse cen anos do inicio da I Guerra Mundial e falamos da guerra como fenómeno ancestral, constituínte das sociedades modernas e cuxo magma de brutalidade permanece latente. Relatorio: Miguel Anxo Murado. Recital poético: Deborah Vukusic.
- 8 marzo, *As letras das cancións como texto literario*. Os relatores analizaron a obra de clásicos como Bob Dylan, Leonard Cohen, Lou Reed, Caetano Veloso, Zeca Afonso, Léo Ferré, Germán Coppini e tantos e tantas mestras da composición. Porque... non era o canto o sentido orixinario da poesía? Exposición: Sérgio Godinho e Uxía Senlle. Música: Uxía & Sérgio Godinho.
- 12 abril, *Centenario de Octavio Paz*. Homenaxe a Octavio Paz, un dos máximos expoñentes da intelectualidade latinoamericana de todos os tempos. Relatorio: Pere Gimferrer e Rafael Martínez Castro. Proxección audiovisual: Centro Galego de Artes da Imaxe (CGAI).
- 28 xuño, *O malditismo nas artes*. Atopamos un filón de artistas “malditos” nos mártires do rock, de Janis Joplin a Kurt Cobain, de Sid Vicious a Amy Winehouse. Vidas trágicas e bohemias coas que se podería debuxar un santoral negativo. Relatorio: Vicente Molina Foix e Bieito Iglesias. Performance poética: Maite Dono.



11.7 Letras e Pensamento

LETRAS
& PENSA
MENTO

Bienal Internacional Literaria de Pedra e Palabra

DATA: 2 e 3 de outubro

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 150 persoas

A Cidade da Cultura de Galicia acolleu a VI Bienal Literaria que leva a cabo o Centro PEN Galicia. Con motivo do seu 25 aniversario, esta edición reuniu en Compostela narradores, xornalistas, escritores, poetas, novelistas e un nutrido grupo de representantes da nosa escrita. O programa incluíu un recital poético-musical e tres mesas redondas con xornalistas, poetas e novelistas galegos entre os que estiveron nomes como Camilo Franco, Santiago Jaureguizar, Marilar Aleixandre, Víctor F. Freixanes, Bieito Iglesias, Miguel Anxo Fernán-Vello ou María do Cebreiro. A edición des-



te ano contou como convidado destacado co escritor arxentino Roberto Alifano, que impartiu unha conferencia sobre a figura de Borges.

Día das Letras Galegas

(Véx. sección 9.1)

Xornadas de literatura e ensino: A xeración Nós-outr@S

DATA: 18 de outubro

ESPAZO: Biblioteca e Arquivo de Galicia

ASISTENTES: 90 persoas

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega celebraron por cuarto ano as *Xornadas de literatura e ensino*, que nesta edición se centraron no papel das mulleres nas letras e na que participaron autoras como Rosa Aneiros, Inma López Silva ou Berta Dávila cun programa que incluíu charlas, obradoiros e mesas redondas.

11.8 Emprendemento

Centro de Emprendemento Cultural e Creativo

O Centro de Emprendemento (CEM) da Cidade da Cultura desenvolve un labor ao servizo dos emprendedores para converter o seu soño nunha forma de vida. Ofrece un programa de titoría e acompañamento na posta en marcha de modelos de negocio de éxito, identificación de novas oportunidades e maduración de ideas empresariais, asesoría financeira, networking e showrooms.

Coworking

A Cidade da Cultura de Galicia dispón dun espazo de coworking que lles permite aos profesionais das industrias culturais multiplicaren as súas posibilidades de negocio aproveitando as oportunidades dunha rede de contactos no sector e beneficiárense dun programa especial de formación e de presentación das súas ideas a empresas.

Situado no Centro de Emprendemento Cultural e Creativo de Galicia, o espazo de coworking do Gaiás ofrece, ademais dos servizos básicos (mesa



de traballo, cadeira, estante, conexión a internet de alta capacidade, conexión telefónica, caixa de correo, subministración eléctrica, auga e calefacción), a posibilidade de dispoñer dunha sala de reunións de grupos equipada con wifi e proxector e dunha sala-despacho.

En 2014 beneficiáronse deste servizo de apoio ao emprendemento cultural e creativo 33 empresas con preto de 100 emprendedores.

Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco

Dentro da programación de actividades, networkings e xornadas de formación que se desenvolven anualmente no Centro de Emprendemento, a Cidade da Cultura de Galicia promove os Premios Emprende Gaiás-Sixto Seco, un concurso de ideas e proxectos innovadores cos que darlles apoio aos emprendedores e dinamizar as industrias culturais de Galicia.

Está dirixido a profesionais que, a través deste premio, queiran desenvolver a súa actividade no Gaiás: deseñadores-ilustradores, profesionais da comunicación, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e de proxectos culturais en internet ou calquera outra persoa con vinculación no emprendemento cultural.



Viveiro Gaiás

En agosto de 2014 creouse o Viveiro Gaiás, un espazo que ofrece 295 m² para a implantación de empresas culturais ou tecnolóxicas que están a dar os seus primeiros pasos. Nos cinco primeiros meses de posta en marcha do proxecto, ocupouse o 77% do espazo. Cada espazo ofertado conta inicialmente cun extensión de 32,78 m², adaptable ás necesidades dos solicitantes, sempre que se respecte unha extensión mínima de 15 m².



O alugueiro inclúe acceso ilimitado no horario de apertura do espazo, mesa de traballo, mobiliario, sala de reunións e escaparate/showroom. Ademais, a Cidade da Cultura proporcionará inicialmente apoio e asesoramento na creación da empresa e organizará periodicamente exposicións de ideas e proxectos, encontros empresariais e actividades de formación que apoien o desenvolvemento dos proxectos de emprendemento.

O Viveiro Gaiás está pensado para deseñadores, ilustradores, profesionais da comunicación, escritores, guionistas, editores, representantes e promotores artísticos, produtores, xestores culturais, programadores de aplicacións informáticas e proxectos culturais na internet, e todos aqueles profesionais con proxectos que fomenten a innovación cultural e as novas tecnoloxías.

SERVIZOS EMPRENDE CULTURA. GAIÁS

Servizos para a creación de novas empresas:

- Ferramentas telemáticas, para poder desenvolver un plan de negocio
- Servizo de titorización e acompañamento
- Formación
- Networking. Oportunidades de colaboración entre empresas
- Fontes financeiras. Crowdfunding e roldas de financiamento
- Servizos para a dinamización e consolidación de iniciativas empresariais
- Coaching para mellorar as habilidades e competencias
- Mentorizaxe en procesos de acceso a mercados exteriores
- Formación avanzada en xestión de empresas culturais e creativas
- Showrooms para presentación de empresas e produtos
- Creative Camps. Intercambio de experiencias e deseño colaborativo de proxectos
- Asesoramento financeiro e acceso a axudas públicas

Servizos para a dinamización e consolidación de iniciativas empresariais:

- Coaching para mellorar as habilidades e competencias
- Mentorizaxe en procesos de acceso a mercados exteriores
- Formación avanzada en xestión de empresas culturais e creativas
- Showrooms para presentación de empresas e produtos
- Creative Camps. Intercambio de experiencias e deseño colaborativo de proxectos
- Asesoramento financeiro e acceso a axudas públicas

Galicia Open Future

O Centro de Emprendemento Creativo suma desde este ano ao seu espazo o Galicia Open Future, unha iniciativa promovida por Telefónica co apoio da Xunta de Galicia, a través da Amtega, para potenciar o emprendemento innovador na comunidade e que ofrecerá os seus recursos e ferramentas para o desenvolvemento de 50 proxectos empresariais innovadores.

O Galicia Open Future comparte espazo e sinerxías co Coworking e Viveiro Gaiás no Centro de Emprendemento Cultural e Creativo, onde se localiza o centro de Crowdfunding que alberga as iniciativas empresariais seleccionadas. Desde aquí os usuarios poderán acceder a actividades de formación e mentoring e conectar co talento internacional para desenvolver os seus proxectos. Ademais, actívanse programas específicos de maduración, baixo a tutela dos mellores expertos e profesionais.



12

INTERNACIONALIZACIÓN E PROYECCIÓN EXTERIOR

Unha das estratexias importantes da Xunta de Galicia en materia cultural é a internacionalización dos produtos creativos e a proxección exterior da nosa cultura. No sector das industrias culturais un dos acontecementos máis relevantes deste ano en termos de proxección internacional foi a celebración do Womex, feira das músicas do mundo, en Santiago de Compostela. Tamén as accións de proxección exterior do libro galego nas principais feiras internacionais do ámbito literario tiveron en 2014 excelentes resultados, cun número considerable de acordos de edición e cesión de dereitos noutros mercados.



12.1

Womex 2014: unha plataforma internacional para a música galega

Galicia acolleu este ano a vixésima edición da World Music Expo Womex, a maior e máis importante feira internacional das músicas do mundo, que reuniu en Santiago de Compostela miles de participantes procedentes de 100 países entre o mércores 22 e o domingo 26 de outubro.

Baixo a marca común de difusión exterior GalicianTunes, unha vintena de compañías profesionais galegas que representan a medio cento de formacións artísticas do noso país de todos os estilos e formatos, operaron no Museo Centro Gaiás, que actuou como epicentro de traballo para o negocio musical vinculado á feira.

Na programación, Davide Salvado foi seleccionado para a sección oficial, Uxía e Germán Díaz estiveron no escenario Atlantic Connections e outros grupos e músicos, como Xosé Manuel Budiño e Mercedes Peón, tiveron a oportunidade de actuar diante de centos de programadores de todo o mundo que acudiron a esta cita, que tamén puideron presenciar os espectáculos de artistas como os lisboetas DJ Marfox e Lula Pena, a fadista portuguesa Mariza, o andaluz Raúl Rodríguez, o brasileiro Ed Motta ou a agrupación caboverdiana Cesária Évora Orchestra, entre outros.

Tamén se programaron 22 conferencias e 17 xuntanzas de networking, entre outras actividades, así como actuacións paralelas en distintos locais da cidade. E en cooperación co IMZ International Music + Media Centre de Viena, a Cidade da Cultura acolleu durante o día unha programación de cine. Como novidade nesta edición, a maiores houbo unha programación especial con motivo do 20 aniversario de Womex con proxeccións abertas ao público polas tardes no Centro Galego de Arte Contemporánea.

O sector musical galego, integrado por representantes de 21 empresas produtoras, distribuidoras e de management e de 3 asociacións profesionais, despregaron a súa actividade na zona de mercado de Womex baixo a marca común GalicianTunes promovida pola Consellería de Cultura e Educación. Ademais, a Agadic editou e distribuíu

para a ocasión, a través da revista inglesa especializada *Songlines*, o disco *A way to the Atlantic*. 15 *fine tunes from Galicia*, con temas de Anxo Lorenzo, aCadaCanto, Caxade, Kepa Junquera, Os Cempés, Mónica de Nut & Virxilio da Silva, Budiño, António Zambujo, A Banda das Crechas, Najla Shami, Fuxan os Ventos, Talabarte, Nelson Quinteiro, Sés, Radio Cos, Víctor Aneiros e A Buxaina.



Balance do Womex 2014

No balance da organización do Womex computáronse este ano 400 reunións de artistas e produtoras galegas con profesionais internacionais, que abriron oportunidades en mercados tan interesantes como Estados Unidos, Reino Unido, Iberoamérica, Israel ou Francia. A estimación de beneficio que o Womex deixou en Galicia nesta edición é de preto de 3 millóns de euros. A feira congregou 2.400 delegados, un 6,6% máis que na edición anterior, e a 1.470 empresas procedentes dun cento de países diferentes, o que supón un incremento dun 16,66% respecto da feira de 2013. O evento xerou 400 postos de traballo –250 directos e 150 indirectos– para a produción.



O número de postos en funcionamento foi de 668 exhibidores de 47 países diferentes. A estas cifras súmase a presenza de 200 xornalistas acreditados.

Focus Galicia

Este programa, organizado pola Agadic nos días previos a Womex, compuxo unha delegación de 29 programadores procedentes de 17 países, que tiveron a oportunidade de coñecer de primeira man a realidade musical galega. Focus Galicia deu como resultado o inicio de negociacións para a actuación de artistas galegos en Xapón, India, Brasil, Canadá, Marrocos, Irlanda ou Portugal.

Para configurar este grupo internacional realizouse unha selección entre os principais profesionais acreditados en Womex, co obxectivo de aproveitar a súa viaxe a Galicia para achegarles a nosa riqueza e diversidade musical e cultural. Con tal fin, organizouse un completo calendario de actividades, que incluíu percorridos culturais polas cidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Ourense, unha visita ás adegas Viña Mein e Ramón do Casar na comarca do Ribeiro e 12 concertos en formato *showcase*, protagonizados por outros tantos intérpretes e grupos galegos: Radio Cos, Banda Crebinsky, Som do Galpom, Najla Shami, Luar na Lubre, Sumrrá, Rosa Cedrón, Abe Rábade, Daniel Minimalia, Caxade, Cuarteto Caramuxo e Sés. Os convidados asistiron tamén a unha interpretación especial da gaiteira Susana Seivane durante a visita que realizaron ao obradoiro de gaitas da súa familia, en Cambre.







12.2

Apoio á internacionalización do libro e da literatura galega

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén mantendo unha liña constante de promoción de obras galegas nos mercados exteriores mediante a promoción da presenza do sector editorial galego nas **feiras internacionais do libro**. Esta liña de participación nos mercados internacionais planifícase e desenvólvese en acordo coa Asociación Galega de Editores.

Cun investimento de 195.000 euros, a Xunta de Galicia promoveu a presenza do libro galego nas feiras de Boloña, Buenos Aires, Frankfurt e Guadalajara (México), a través da visibilización das novidades editoriais das empresas galegas, así como da participación de recoñecidos escritores e escritoras e de profesionais da ilustración na programación cultural paralela.

Para reforzar a promoción das autoras e dos autores galegos no contexto das feiras internacionais publicouse o pasado ano unha nova edición do *Catálogo de libros infantís e xuvenís de Galicia*, en versión trilingüe (galego/castelán/inglés), coa colaboración de Gáliz.

As feiras internacionais constitúen espazos de promoción, difusión e intercambio de produtos culturais galegos en diferentes ámbitos xeográficos de Europa e de América. A Xunta de Galicia asume a organización, xestión e planificación de todas as actividades relativas ao posto promocional, persoal de atención aos visitantes, relatores, envío de material, preparación de eventos culturais, así como a edición de materiais divulgativos.

Ademais de dar a coñecer os libros das editoriais galegas nos grandes eventos que reúnen os principais axentes da edición internacional, a continuidade da acción vén contribuíndo ao asentamento do prestixio internacional do libro galego. A calidade dos nosos produtos supuxo este ano a distinción de dous títulos —*Nicomedes o pelado*, de Kalandraka, e *Galiño pelado*, de OQO editora, na súa versión en castelán— co White Ravens, que recoñece os mellores títulos de literatura infantil e xuvenil do ano.

Para o sector editorial, a presenza nestas citas internacionais facilítalle a oportunidade de explorar novas vías de internacionalización da súa produción editorial a través da venda de dereitos ou de libros producidos ou mesmo de acordos con outros axentes locais que abre novas opcións de acceso a licitacións públicas de edición noutros países. En 2014, o sector editorial galego deu novos pasos neste camiño da internacionalización que se materializaron en proxectos como a adquisición por parte do Fondo da Cultura Económica de México de 14 títulos de Nova Galicia Edicións para os seus centros de lectura ou a creación do selo editorial Mar Maior, da Editorial Galaxia, na cidade de Buenos Aires, co obxectivo de consolidar un espazo de mercado alén mar.

Traducións literarias

Favorecer a difusión da produción intelectual e creativa de Galicia noutros territorios e, ao mesmo tempo, facilitar o acceso da cidadanía galega aos textos producidos noutras linguas son os obxectivos principais do programa de axudas á tradución que vén impulsando cada ano a consellería.

Na convocatoria 2013-2014, o investimento nesta acción de intercambio cultural e de enriquecemento da sociedade foi de 200.000 euros, mediante convocatoria de axudas ás editoriais en concorrencia competitiva. En total apoiáronse 34 proxectos de tradución; 13 deles son traducións de obras orixinalmente en galego para outras linguas e 21 son traducións ao galego de obras escritas orixinalmente noutros idiomas. Para a convocatoria 2014-2015 a Consellería de Cultura e Educación mantivo a dotación económica de 200.000 euros.

Encontro de tradutores Con barqueira e remador

No mes de outubro levouse a cabo unha nova edición, a terceira, do obradoiro internacional de tradución poética *Con barqueira e remador*, que permitiu que sete recoñecidos poetas e, á vez, tradutores literarios de diversas nacionalidades e linguas (Letonia, República Checa, Euskadi, Singapur, Finlandia, Romanía e Galicia) convivisen ao longo dunha semana na Illa de San Simón. Este intercambio creativo e cultural dará lugar a unha publicación colectiva froito do traballo realizado no obradoiro, coordinado por Yolanda Castaño.

Edición de Cuadrante dedicada a Valle-Inclán e Arxentina

O número 29 da publicación promovida pola Asociación de Amigos de Valle-Inclán co apoio da Consellería de Cultura e Educación reúne unha serie de traballos que xiran arredor das relacións do escritor galego co país latinoamericano realizados por profesores de universidades arxentinas. Así, trátanse as viaxes do escritor a Mendoza e Córdoba en 1910, as circunstancias políticas, sociais e literarias do momento, así como na recepción do público e da crítica, a presenza da obra de Valle-Inclán en revistas literarias e nos programas académicos da Universidade de Buenos Aires, e ocupan un espazo central as postas en escena das obras de Valle-Inclán nos teatros do país.

Colección Galician Classics

Co obxectivo de impulsar a difusión exterior da literatura e das escritoras e escritores galegos no mercado anglófono, a consellería promove a colección Galician Classics, de obras da literatura galega traducidas ao inglés. Baixo a coedición da Secretaría Xeral de Cultura e do selo editorial Small Station Press, o pasado ano ampliouse a colección con *Halos (Nimbos)*, de Xosé María Díaz Castro.

Ademais da tradución ao inglés desta obra, a consellería tamén promoveu a edición bilingüe galego-éuscaro do poemario, así como as versións en ruso e en italiano para dar a coñecer no exterior a obra e a figura do poeta e tradutor Xosé María Díaz Castro, autor homenaxeado coas Letras Galegas 2014.

Portico of Galician Literature

O Portico of Galician Literature é un portal web en inglés que tamén ten como obxectivo dar a coñecer nos exterior os escritores e escritoras da literatura galega, a través de fragmentos traducidos das súas obras máis representativas, que se complementan con información biográfica. En 2014 incorporáronse ao catálogo cinco novos autores: Diego Ameixeiras, Rosa Aneiros, Elena Gallego Abad, Xavier Queipo e Anxos Sumai.

Suso de Toro, Xavier Alcalá, Teresa Moure, Antón Riveiro, Marilar Aleixandre, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Miguel-Anxo Murado, Anxo Rei Ballesteros e Manuel Rivas completan a relación de autores deste portal das letras galegas en inglés, que en 2015 se ampliará con outros cinco recoñecidos escritores e escritoras da literatura galega actual.

12.3

Apoio á internacionalización do audiovisual

A Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, é o organismo encargado das medidas de apoio económico e loxístico ás empresas audiovisuais e musicais galegas.

En 2014 a Agadic realizou as correspondentes convocatorias para a asistencia profesional e institucional aos principais mercados internacionais audiovisuais, coa colaboración do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), que financiou o 50% dos gastos de asistencia das empresas. Esta medida permitiu que un total de 22 empresas estivesen presentes no EFM de Berlín, no MIPTV de Cannes, Marché du Film de Cannes, MIPCOM de Cannes e Ventana Sur en Buenos Aires.

Tamén se colaborou co certame parisiense **Small is Biútiful** para o encontro dos profesionais audiovisuais galegos e franceses, unha iniciativa promovida pola Comisión du Film d'Île-de-France coa finalidade de compartir proxectos de produción cinematográfica cara á súa execución conxunta.

12.4 MICSUR 2014

A Agadic tamén convocou axudas para a asistencia a MICSUR, o mercado das industrias culturais que ten lugar en Mar de Plata (Arxentina), co obxectivo de fomentar a presenza de entidades e empresas galegas nun mercado caracterizado polos vínculos culturais con Galicia, e das que se beneficiaron sete entidades en 2014. Galicia foi un dos únicos territorios de fóra de América convidado a participar nesta importante feira internacional.

Como programación paralela ao desenvolvemento da feira, os días 17 e 18 de maio, coincidindo coa celebración das Letras Galegas, presentouse no Teatro Colón de Mar de Plata e no Teatro Colón de Buenos Aires o espectáculo *Atlánticos*, dirixido pola cantante Uxía, no que tamén participaron outros artistas galegos como Rosa Cedrón, Narf e Budiño. Ao concerto asistiron máis de 800 persoas nas súas dúas citas.



12.5 Estratexias para a exportación do produto musical

Os días 23, 24, 29 e 30 de abril, en colaboración coa Music Managers Forum de España (MMF-Spain) e SGAE, desenvolveuse na Cidade da Cultura de Galicia o *Seminario O negocio da música actual. Listos para exportar?*, catro xornadas de relatorios para as que se contou con destacados profesionais do ámbito internacional como Keith Harris, manager de Stevie Wonder e director xeral da Motown nos setenta; Stuart Worthington,

do Music Managers Forum Training, e Christian Ulf-Hansen, coñecido polo seu traballo con artistas como Gabrielle, Lisa Loeb, Ron Sexsmith ou Corinne Bailey Rae, entre outros.

Ante a elevada demanda de participación, foi necesario duplicar o número de prazas inicialmente ofertadas, de 30 a 60. Estas xornadas foron ao mesmo tempo unha oportunidade para os managers musicais e artistas autoxestionados participantes de establecer contactos con axentes de alta relevancia na industria da música mundial.

12.6

Iniciativas de difusión da creación escénica actual

Na súa aposta por favorecer a creación de espazos e iniciativas que exploren camiños novos no campo das artes escénicas e que permitan, ao mesmo tempo, establecer diálogos profesionais desde Galicia co que se está a facer noutras partes de Europa e do mundo, apoiouse a realización do festival de danza e artes do movemento *De corpo en lugar*. Artes vivas no museo, que tivo lugar no Centro Galego de Arte Contemporánea. O festival, organizado por trasPedante Cultura, constituíu un espazo para o intercambio entre artistas galegos e doutros países. Ademais da presentación, por primeira vez en Galicia, do Ministerio de Asuntos do Movemento de Austria —unha performance do colectivo Nadaproductions—, a iniciativa tamén contou coa participación da performer austríaca Amanda Piña e da artista turca Ayşe Orhon.

Programación cultural en Toquio

Ao abeiro do protocolo de colaboración entre a consellería e o Cervantes para executar conxuntamente un programa de actividades dirixidas a difundir a cultura e a lingua galegas no exterior, o fotógrafo Luis Gabú inaugurou en maio no Instituto Cervantes de Toquio a exposición *Arte e ritual na catedral de Santiago*, unha selección de 20 fotografías de gran formato a través das que ofrece a súa visión artística sobre as peregrinacións e a catedral de Santiago.

A presenza da cultura galega en Toquio, que se enmarcou na celebración do ano dual España-Xapón, completouse coas actuacións do pianista Javier Otero e da cantante Najla Shami, que ofreceron un repertorio variado de música galega.

Co apoio da consellería e do Ministerio de Educación e Cultura, a exposición *Arte e ritual na catedral de Santiago* tamén se exhibiu durante o verán no Museo Nacional de Antropoloxía de Madrid, onde recibiu preto de 12.000 visitas.

A contribución á proxección exterior da arte galega foi posible en 2014 a través de iniciativas como a exposición *Sculpture by the Sea*, que tivo lugar en Australia nos meses de outubro e novembro. A consellería apoiou un ano máis a participación do escultor galego Manuel Ferreiro Badía nesta mostra internacional coa obra *Rest in summer*, que se exhibiu xunto cos traballos de máis de 30 artistas procedentes dun total de 16 países.

12.7

Europa creativa, novo programa europeo para a difusión da cultura

Co obxectivo de ofrecer información específica e asesoramento sobre as novas liñas de subvencións do programa Europa Creativa para o período 2014-2020, a Secretaría Xeral de Cultura, en colaboración co Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, organizou o 17 de xaneiro na Cidade da Cultura de Galicia unha xornada dirixida a todos os profesionais do sector cultural, a empresas, organismos e a entidades interesadas en coñecer este novo marco de financiamento europeo.

Máis de 400 profesionais dos diferentes sectores das industrias culturais e creativas tiveron ocasión de afondar no contido e na operativa deste programa que ten como finalidade prestarlles apoio aos profesionais europeos que traballan nos diferentes ámbitos da cultura e dos sectores afíns, a través de subvencións a proxectos en parcería de cooperación transfronteiriza, redes e plataformas de ámbito transnacional e tradución e promoción de obras literarias. O programa préstalles especial atención á mobilidade de artistas e obras e á xeración de novas audiencias.

12.8

Aprobación da Lei de aproveitamento do portugués e dos vínculos coa lusofonía

O Parlamento de Galicia aprobou no mes de marzo, por unanimidade dos grupos políticos con representación na cámara, a Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e que resultou da iniciativa lexislativa popular que en maio de 2013 avalaron 17.000 sinaturas.

Esta lei, popularizada como Lei Valentín Paz-Andrade, propón o aproveitamento das potencialidades de Galicia e do galego como lingua con utilidade internacional, algo que indicou no seu tempo este escritor e empresario. A lei sinala tamén a necesidade de fomentar o ensino e a aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e institucións aproveiten a vantaxe lingüística de Galicia no contexto do crecente papel da comunidade dos países de lingua portuguesa.

Esta norma conduce o Goberno galego a incorporar progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa como lingua estranxeira nos centros de ensino de Galicia, a promover as relacións cos países de lingua portuguesa e a favorecer a reciprocidade das emisións audiovisuais entre Galicia e Portugal.

Xornada Perspectivas da Lingua Portuguesa

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, representada na Secretaría Xeral de Política Lingüística, participou en outubro en Braga (Portugal) na xornada Perspectivas da Lingua Portuguesa organizada pola Comisión Temática de Promoción e Difusión da Lingua Portuguesa dos Observadores Consultivos da Comunidade dos Países da Lingua Portuguesa (CPLP) e a Universidade do Minho, para presentar a nova lexislación galega en materia de fomento dos vínculos culturais entre a comunidade galega e a lusófona.

12.9 Proxectos de cooperación co ámbito cultural lusófono

A tempada 2014-2015 do Centro Dramático Galego supuxo un salto cualitativo no intercambio teatral con Portugal e con Brasil.

O programa **Troco x Troco**, dentro do plan de intercambio coa escena portuguesa que mantén o Centro Dramático Galego a través da colaboración coas principais unidades de produción escénica do país veciño; as colaboracións co Teatro Nacional Dona Maria de Lisboa, que tamén participa xunto co CDG no **Proxecto Nós Territorio (ES) Cé-nico Portugal-Galicia**; a colaboración coa compañía Voadora, a través do espectáculo **A tempestade**; o novo proxecto multidisciplinar apoiado polo CDG **Pangeia**; ou a posta en marcha do **Bono de Teatro Galego e Portugués**, promovido conxuntamente pola Agadic e o Concello de Santiago, son os principais proxectos teatrais en formato de cooperación co ámbito cultural lusófono, que se detallan na sección 10.6 desta memoria.



Ponte... na escena!

Este ano celebrouse o *II Festival Internacional de Teatro Ponte... na Escena*, unha cita do público infantil e dos artistas afeccionados, coa colaboración da Xunta de Galicia, que aposta pola cultura de base na lusofonía e pola recuperación dos símbolos tradicionais do imaxinario galego.

Do 8 ao 11 de maio, esta programación desenvolvida en distintos espazos de Gondomar (Pontevedra) contou coa participación das compañías Viravolta Títeres (Lalín), Bocaccione (Brasil), Fafe Cidade das Artes (Portugal), Toca de Teatro (Brasil), Por volta de logo e despois (Brasil) e Goudou Théâtre (compañía portuguesa asentada en París); e das artistas Maren Vargens (Brasil) e Ju (Portugal). A cita incluíu encontros didácticos para escolares e unha ampla programación para todos os públicos de representacións teatrais, actuacións musicais, animación de rúa e performances.

Ademais, o Auditorio Lois Tobío de Gondomar acolleu a exposición *Onde foi Barriga Verde?* arredor deste personaxe. A mostra, organizada pola Asociación Cultural para a Recuperación do Títere Tradicional Galego, completouse coa proxección do documental *Morreu o demo, acabouse a peseta*, que mostra o proceso de recuperación da barraca de Barriga Verde.

Mostra de Música Eixo Atlántico

No terreo musical, a *Mostra de Música Eixo Atlántico*, que contou na súa cuarta edición co apoio da consellería, reuniu no mes de maio 300 alumnos e alumnas de escolas e conservatorios de 15 localidades de Galicia e de Portugal. O municipio de Vilagarcía de Arousa foi o escenario desta cita cultural para novos intérpretes de música clásica e jazz, que ten como obxectivos favorecer a innovación, a calidade, a interacción e a renovación do panorama musical do Eixo Atlántico.

Recoñecemento do patrimonio inmaterial galego-portugués

No marco da aplicación da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, aprobada recentemente por acordo unánime do Parlamento de Galicia, a Xunta de Galicia participou no mes de outubro na presentación da nova campaña para a inscrición do patrimonio inmaterial galego-portugués na listaxe representativa da Unesco coa participación da Secretaría Xeral de Política Lingüística e mais da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

Esta candidatura aspira a manter viva a memoria de antano e, ao mesmo tempo, divulgar actividades, crenzas, valores e formas estéticas que aínda están vivas no momento actual, cun sentimento de pertenza a unha cultura común. A campaña de sensibilización entre a sociedade de Galicia e do Norte de Portugal para acadar o recoñecemento da Unesco está promovida pola asociación Ponte... nas Ondas!, coa participación de docentes e centros educativos de Galicia e do Norte de Portugal.

12.10

Proxección da lingua e da cultura galegas no exterior

O Protocolo de colaboración en materia de política lingüística entre os departamentos de Política Lingüística da Xunta de Galicia, da Eusko Jaurlaritza e da Generalitat de Catalunya promove un espazo de cooperación en estudos e investigacións, difusión de publicacións, plans lingüísticos, terminoloxía, e tamén a promoción de medidas de protección e uso das linguas oficiais no ámbito da Administración do Estado e da Unión Europea, ensino das linguas propias á poboación adulta, tecnoloxías da información e da comunicación etc.

En cumprimento do acordado na reunión do día 25 de outubro de 2013 en Santiago de Compostela leváronse a cabo durante o 2014 dous proxectos. O primeiro deles foi a edición conxunta entre a Xunta de Galicia e o Goberno Vasco do libro de poemas *Nimbos/Argi-koroak*, que se presentou o día 16 de decembro en Donostia (na delegación do Goberno Vasco e na Casa de Galicia) e en Urretxu (na Casa de Cultura), coa presenza de representantes políticos e académicos, de medios de comunicación e de numeroso público.

O segundo proxecto que se levou a cabo foi a creación e desenvolvemento dunha aplicación de xestión de datos sobre cursos de galego, éuscaro e catalán para persoas adultas, na que se inclúe unha área visual para xeolocalizalos. Trátase dun mapa (HPS Mapa de recursos) de acceso en liña que ofrece información actualizada sobre os diferentes lugares e programas que ofrecen cursos para aprender galego, éuscaro e catalán fóra dos territorios onde son oficiais estas linguas, ao que se accede desde cada unha das páxinas web dos gobernos participantes no proxecto. A aplicación permite a descarga en teléfonos e outros dispositivos móbiles e será presentada a comezos de 2015.

Network to Promote Linguistic Diversity

A Network to Promote Linguistic Diversity (NPLD) é un proxecto no que están integradas institucións académicas, organismos de diferente natureza e gobernos rexionais e nacionais de diferentes países europeos dedicadas á promoción, ao ensino e á normalización de linguas minoritarias. O seu obxectivo fundamental é a cooperación e intercambio mutuo de experiencias, así como a promoción da diversidade lingüística no marco da Unión Europea. Ademais da Secretaría Xeral e Política Lingüística do Goberno galego, forman parte da NPLD outras institucións con pleno dereito como o Department of Community, Gaeltacht and Rural Affairs, Irish Government, Foras na Gaeilge (Irlanda), Collectivité Territoriale de Corse (Córsega), Euskarabidea-Goberno de Navarra, Direcció General de Política Lingüística - Generalitat de Catalunya, Kultura Salia-Goberno Vasco, Ofis Publik ar Brezhoneg (Bretaña), Province of Fryslân (Frisia), Svenska Finlands Folkting (minoría sueca en Finlandia), Llywodraeth Cymru Government of Wales (Gales) e os incorporados en 2014, Regione Autonoma Friuli Venezia Giulia (Friulia), Provincia di Trento-Comun General de Fascia, e outros 20 membros asociados.

Como membro de pleno dereito desde a súa fundación, e como parte do comité executivo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística acode anualmente ás reunións deste comité e da asemblea xeral, e, en consecuencia, participa na elaboración de proxectos e programas, e na toma de decisións desta organización interestatal. A asemblea xeral do ano 2014 tivo lugar en Leeuwarden, Frisia, os días 5 e 6 de xuño de 2014. Tamén houbo reunións do comité executivo e do Think Tank da organización en febreiro (Bruxelas) e en outubro (París), ás que tamén asistiu e nas que participou a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Actividades nos lectorados de universidades

Durante o ano 2014 a Secretaría Xeral de Política Lingüística mantivo convenios de colaboración con diferentes universidades de todo o mundo para realizar actividades de difusión da lingua da cultura galegas, baixo a coordinación da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Organízanse tamén ao longo de todo o mundo cursos de lingua galega dirixidos ao conxunto da cidadanía. Contaron con estes cursos as cidades de Braga, Deusto, Madrid, Barcelona ou París.

Alén da docencia en cada un dos plans de estudo nos que se insiren os lectores, os centros de estudos galegos desenvolven numerosas actividades no eido da difusión da lingua, literatura e cultura galega. Algunhas delas realízanse de maneira común dado que están orientadas á conmemoración de efemérides e datas sinaladas, como o Día das Letras Galegas. Así e con esta finalidade organizáronse espectáculos poético-musicais, congresos e conferencias, proxeccións, encontros etc.

Entre as actividades de promoción e difusión da lingua desenvolvidas polo **Centro de Estudos Galegos de Braga** destaca un ano máis o programa de radio Galiza mais perto. Este forma parte da programación da Rádio Universitária do Minho, con carácter semanal (está en antena todos os xoves de 20.00 h a 21.00 h).

O **Centro de Estudos Galegos de París** organizou ao longo de 2014 seminarios sobre literatura galega, concertos e encontros poéticos. Hai que salientar, pola súa repercusión, tanto o *II Congreso internacional: literatura e linguas minorizadas* como a campaña de difusión *Le galicien, c'est cool!*

Pola súa banda, o **Lectorado da Universidade de Deusto** organizou as exposicións *Arte BDieval*. As *Cantigas de Santa María e a banda deseñada* e *Lekuan-lekuko Mitoloxías*. O lectorado desenvolveu tamén os *Encontros sobre tradución e literatura: Camiños de ida e volta*.

O **Lectorado da Universidade do Estado de Rio de Janeiro** organizou diferentes conferencias, así como a I Semana do Audiovisual Galego coa proxección dos filmes *Trece badaladas*, *Vilamor* e *Doentes* e a organización de debates tras as proxeccións.

Neste 2014, o **Lectorado de Lingua, Literatura e Cultura Galega da Universidade de Birmingham** realizou un obradoiro sobre a música tradicional galega. Tamén organizou un *Ciclo de cinema galego, éuscaro e catalán*, ademais dun intercambio virtual galego-inglés entre o alumnado das materias de galego desta universidade e o da Escola Oficial de Idiomas da Coruña.

O **Centro de Estudos Galegos da Universidade do Algarve** organizou diferentes conferencias e exposicións ao longo do ano, entre as que destacan a proxección e actividades realizadas ao redor da proxección do filme *A cicatriz branca*, de Margarita Ledo Andión.

O terceiro aniversario do **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Leipzig** foi o fío condutor dunha programación desenvolvida ao longo deste ano: lecturas de prosa e poesía galega, encontros cos diferentes colaboradores do centro etc. Tamén realizaron un intercambio entre o alumnado das materias de lingua galega de Leipzig e os estudantes do IES Manuel Murguía de Arteixo. O historiador e presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, tamén se desprazou a esta universidade para impartir unha conferencia sobre os intelectuais galegos na república de Weimar.

A mesma conferencia, *A xeración Nós na República de Weimar*, organizouse tamén no **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Kiel**. Este lectorado organizou diferentes actividades con escritores galegos como María Sande e Francisco Castro co alumnado de lingua galega desta universidade. Tamén desenvolveu o simposio *A rosa do aire da peregrinación xacobeá*, organizado en colaboración co Instituto Cervantes de Hamburgo.

Por outra banda, o **Lectorado da Universidade de Heidelberg**, ademais de actividades festivas como o magosto, organizou coloquios e conferencias como *Arte, lingua e pensamento: figuras da transferencia cultural iberoamericana*, *Die Terminologie Sprachkontakforschung auf dem Prüfstein der Fall Galicish-Spanisch in Galicien und Argentinien* e *Miration und Lateinamerika Meilensteine der galicischen Kultur*, así como actividades ao redor da exposición *Cidades paralelas: Heidelberg e Santiago de Compostela*, de Manuel Gago.

O **Centro de Estudos Galegos da Universidade de San Petersburgo** continuou co seu labor de tradución e difusión da literatura galega coa presentación do tomo XVIII da Antoloxía da literatura galega Rosalía de Castro. *Cantares Gallegos*, na Unión dos Escritores de Rusia, e do tomo XIX da Antoloxía da literatura galega Xosé Díaz Castro. *Nimbos*. Para celebrar o Día das Letras Galegas, coincidindo co XX aniversario deste centro, convocaron un acto solemne coa participación do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, e do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Educación, Jesús Oitavén, así como cun concerto da Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense na sala de actos da Universidade.

A **Cátedra de Estudos Galegos da Universidade de São Paulo** organizou as Xornadas de lingüística galega, coa participación da académica Rosario Álvarez Blanco. Tamén programaron a conferencia *O tesouro do léxico patrimonial. Un novo recurso dixital para o estudo da variación lingüística* e a *Mostra de cinema galego*, coa proxección dos filmes *Crebinsky*, *18 comidas*, *Brasil somos nós* e *O lapis do carpinteiro*.

A **Área de Filoloxía Galego-Portuguesa da Universidade de Alacante** centrou neste ano as súas actividades de extensión cultural na organización do *Ciclo de cine galego contemporáneo*, así como na asistencia a diferentes simposios e xornadas académicas nas que se presentaron comunicacións relacionadas coa literatura galega.

O **Lectorado de Lingua Galega da Universidade Autónoma de Barcelona** contou cun posto de información cultural na Festa Major da UAB baixo o lema *Que sabes da cultura galega?* Realizouse tamén ao longo do ano unha exposición de carteis sobre Roberto Vidal Bolaño para achegar a figura e obra do dramaturgo ao público catalán e organizouse a oitava edición do xa consolidado concurso *Contos no Mediterráneo*.

O **Lectorado de Lingua e Cultura Galegas da Universidade de Barcelona** sacou á luz dous novos números da revista *Abriu: estudos de textualidade do Brasil, Galicia e Portugal*. Para a celebración do Día das Letras Galegas contaron cunha programación de conferencias do profesor Armando Requeixo, e exposicións sobre a figura e obra de Xosé María Díaz Castro.

Charlas e conferencias relacionadas coa lingua e a literatura galega da man de Mario Regueira, Mathew Wellings, Rosalía Rodríguez Vázquez e Xoán Montero foron organizadas polo **Centro de Estudos Galegos en Gales**. Leváronse a cabo tamén varios proxectos en colaboración con organismos relacionados co ensino en Gales e Galicia como *Routes into languages*, na que se promoveu a aprendizaxe da lingua galega entre o alumnado galés. Tamén organizaron accións de intercambio, mediante vídeos, co alumnado de terceiro da ESO do IES Manuel Murguía de Arteixo.

O **Centro de Estudos da Lingua e Cultura Galegas da Universidade Federal de Bahía** organizou este ano a II Semana de Galicia, coa presenza da académica Rosario Álvarez que impartiu varias conferencias centradas na lexicografía e nos estudos e ferramentas lingüísticas ao servizo da lingua galega. Realizáronse diferentes actividades audiovisuais, como a proxección de filmes galegos ou a realización de vídeo-cartas entre Bahía e Galicia.

O **Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid** neste 2014 organizou coloquios como *Soñar para nenos e mozos. Os libros que marcaron o camiño*, de Monserrat Pena Presas, ou *O galego é uma oportunidade*, de José Ramon Pichel e Valentim Fagim. As *Xornadas internacionais sobre literatura galega: identidade, alteridade, exilio* contaron coa presenza dos responsables e traballadores dun gran número de centros galegos do mundo, así como con escritores como Domingo Villar ou Xesús Alonso Montero.

No que respecta ao **Lectorado de Lingua, Literatura e Cultura Galegas de Cork**, este desenvolveu traballos dentro do marco da *International Conference Self-Translation in the Iberian Peninsula*, na que interviñeron Fina Casalderrey, María Reimondez, María Liñeira, Ana Garrido e Martín Veiga. A investigadora Helena González impartiu o seminario *El territorio convulso de la nación. La comunidad, el género y las poetas gallegas*. Organizouse un *Ciclo de cine galego*, coa proxección dos filmes *A lingua das bolboretas*, *18 comidas*, *13 badaladas* e *Cela 211*, así como diferentes exposicións relacionadas con eventos e conmemoracións.

A representación teatral da obra *PULP* da compañía galega Fantoques Baj chegou á capital portuguesa da man do **Centro de Estudos Galegos da Universidade Nova de Lisboa**. O lectorado completou a súa oferta de actividades con exposicións, presentacións de libros e conferencias de escritores e estudosos como María Reimóndez e Armando Requeixo.

Entre as actividades organizadas polo **Lectorado de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Padova** (Italia) salientan a organización de espectáculos teatrais como *Bicos con lingua*, da compañía Talía, recitais de Lino Braxe e Rómulo Sanjurjo, conferencias de persoeiros coma Carlos Callón, Monserrat Pena Presas, Giuseppe Tavani etc.

O **Lectorado de Lingua Galega da Universidade do País Vasco** contou coa conferencia do profesor Xosé Henrique Costas *A situación sociolingüística do galego dentro e fóra de Galicia* ou a conferencia *O mundo da morte, os defuntos e as ánimas*, de Rafael Quintía no tempo do Samaín. Presentouse tamén cun concerto o libro-disco *Galiza* de Kepa Junkera e a exposición *Arte BDieval. As Cantigas de Santa María e a banda deseñada*. No ciclo de cinema *Mundu bat-begirada anitz* proxectaron o filme *Arraianos*, de Eloy Enciso.

Ciclos de conferencias entre as que destacan a do investigador Xulio Carballo Dopico, *Lingua, historia e cultura galegas a través da banda deseñada* ou *Compendio de gramática galega*, de Xavier Frías Conde, son as actividades organizadas desde o **Lectorado de Lingua e Literatura Galega da Universidade de Salamanca** para achegar o galego ao

público castelán-leonés. As poetas Chus Pato e María do Cebreiro tamén formaron parte da programación do centro, organizador das *Xornadas Galeuzca*.

O **Centro de Estudos Galegos da Universidade de Varsovia** contou coa presenza do investigador Isaac Xubín, quen impartiu a conferencia *Gastronomía e literatura: un camiño ata Rosalía de Castro*. O lectorado colaborou con programas de difusión radiofónica, como *A volta ao mundo: Varsovia*, da Radio Galega, e mais en *Fala de radio: estudar galego en Varsovia*, emitido pola radio do IES Manuel Murguía de Arteixo e realizado polo alumnado deste centro.

O **Lectorado de Lingua Galega da Universidade de Estremadura** programou este ano as conferencias *O Entroido en Galicia*, impartida pola investigadora Natalia Blanco Carreira, *O valego. A fala de orixe galega do Val do Ellas*, a cargo do profesor Xosé Henrique Costas, e *Unha ecografía sonora de Galiza: o arquivo do galego oral* da investigadora Ana García, ademais da representación en Cáceres da obra da compañía Fantoques Baj PULP.

O **Lectorado de Lingua, Literatura e Cultura Galega da Universidade de Zadar** organizou numerosas actividades ao longo do ano, entre as que destacan o *Ciclo de cine galego* no que se proxectaron os filmes *Anacos*, *O Apóstolo*, *Aurelia*, *Vilamor* e *Engurras*. Ademais o centro participou no intercambio cultural *Fala de Raio* co IES Manuel Murguía de Arteixo.



ANEXO 1

Área de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria 2014

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Xesús Vázquez Abad · CONSELLEIRO

Secretaría Xeral Técnica da consellería

Jesús Oitavén Barcala · SECRETARIO XERAL TÉCNICO

Secretaría Xeral de Cultura

Anxo M. Lorenzo Suárez · SECRETARIO XERAL DE CULTURA

Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

María del Carmen Martínez Insua · DIRECTORA XERAL

Axencia Galega das Industrias Culturais

Jacobo Sutil Nesta · DIRECTOR

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Beatriz González Loroño · DIRECTORA-XERENTE

SUBDIRECCIÓN XERAIS

Subdirección Xeral de Xestión e Coordinación Cultural

Cristina Fabeiro Varela · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural

Juan Antonio Naveira Seoane · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais

Manuel Chaín Pérez · SUBDIRECTOR XERAL

Subdirección Xeral de Bibliotecas

Cristina Rubal González · SUBDIRECTORA XERAL

Subdirección Xeral de Arquivos

Marina García Pita · SUBDIRECTORA XERAL

XEFATURAS TERRITORIAIS

Xefatura territorial da consellería na Coruña

Indalecio Cabana Leira · XEFE TERRITORIAL

Manuel Varela Rey · COORDINADOR DA ÁREA CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Lugo

M^a do Carme Gueimude González / J. Jesús Ramos Ledo ·

XEFES TERRITORIAIS

Yolanda Gómez González · COORDINADORA DA ÁREA
CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Ourense

M^a Mercedes Gallego Esperanza · XEFA TERRITORIAL

Gerardo Pumar Pumar · COORDINADOR DA ÁREA CULTURAL

Xefatura territorial da consellería en Pontevedra

César A. Pérez Ares · XEFE TERRITORIAL

José Manuel González González · COORDINADOR DA ÁREA
CULTURAL

BIBLIOTECAS**Biblioteca de Galicia**

Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés
M^a Mar Lauroba Sánchez · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Lugo
M^a Sol González Regal · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Ourense
Rosa M^a Díaz Naya · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola
Pilar Fernández Ruiz · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Santiago de Compostela Ánxel Casal
Carina Fernández Faya · DIRECTORA

Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel
Inmaculada Serrano Plaza · DIRECTORA

ARQUIVOS**Arquivo de Galicia**

Arquivo Central da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Lugo

Arquivo Territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Arquivo do Reino de Galicia
M^a Carmen Prieto Ramos · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Lugo
Dolores Pereira Oliveira · DIRECTORA

Arquivo Histórico Provincial de Ourense
Pablo Sánchez Ferro · DIRECTOR

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra
Carmen Luisa Corgo Solleiro · DIRECTORA

CENTROS DA AGADIC

Centro Dramático Galego e Salón Teatro
Manuel Guede Oliva · DIRECTOR

Centro Coreográfico Galego
Mercedes Suárez Rodríguez · DIRECTORA

Centro Galego de Artes da Imaxe
Guillermo Escrigas Rodríguez · DIRECTOR

MUSEOS E FUNDACIÓNS

Cidade da Cultura de Galicia. Acción Cultural
María Pereira Otero · DIRECTORA

Centro Galego de Arte Contemporánea
Miguel von Hafe Pérez · DIRECTOR

Museo de Belas Artes da Coruña
M^a Ángeles Penas Truque · DIRECTORA

Museo Etnolóxico de Ribadavia
Xosé Carlos Sierra Rodríguez · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre
José Manuel Rey García · DIRECTOR

Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa
Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo das Peregrinacións e de Santiago
Bieito Pérez Outeiriño · DIRECTOR

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense
Xulio Rodríguez González · DIRECTOR

Museo do Castro de Viladonga
Elena Varela Arias / Felipe Arias Vilas · DIRECTORES

Museo Massó
M^a Covadonga López de Prado Nistal · DIRECTORA

Museo do Mar de Galicia
Marta Lucio Gómez · DIRECTORA

Museo Pedagóxico de Galicia
Emilio Castro Fustes · DIRECTOR

Fundación Pública Galega Camilo José Cela
Covadonga Rodríguez del Corral · SUBDIRECTORA

Casa da Parra

Illa de San Simón

ANEXO 2

Principais convocatorias de axudas públicas da área de Cultura da Xunta de Galicia en 2014

Subvencións para a promoción, comercialización e exhibición do produto audiovisual galego

Dirixida a produtoras audiovisuais, a convocatoria destínase a proxectos participados en máis dun 20% por produtoras galegas, polo seu carácter cultural, polas condicións económico-financeiras do proxecto e polo impacto na actividade cultural de Galicia.

Modalidades: a. Asistencia a festivais de cine nacionais e internacionais de recoñecido prestixio; b. Axuda á comercialización e distribución de produción galega.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 25/09/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 120.000 euros

Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega

Dirixida a empresas produtoras independentes con sede en Galicia, a convocatoria está destinada a apoiar longametraxes e películas e miniseries para televisión, así como pilotos para televisión.

Modalidades: a. Longametraxes de ficción ou animación; b. Longametraxes e miniseries de ficción para televisión; c. Pilotos de series de animación para televisión; d. Pilotos de programas innovadores para televisión.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 29/07/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 175.000 euros

Subvencións para producións ou coproducións de contido artístico e cultural

Dirixida a produtoras audiovisuais independentes, esta liña de axudas incentiva proxectos de contido cultural galego.

Modalidades: a. Producións e coproducións de longa-metraxe (ficción ou documental); b. Producións e coproducións de animación; c. Producións e coproducións de autoría galega para televisión.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 13/08/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 2.000.000 euros

Subvencións de creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego

Liña de axudas destinada a promover a creación cultural no campo audiovisual realizada por creadores individuais.

Modalidades: a. Escrita de guión; b. Curtametraxes; c. Longametraxes.

ORGANISMO: Agadic

DATA PUBLICACIÓN: 14/08/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 145.000 euros

Subvencións á distribución para as industrias culturais, asociacionismo profesional e salas de artes escénicas

Dirixidas a produtores, distribuidores, asociacións profesionais e xestoras de salas privadas.

Modalidades: a. Distribución interior e exterior de produtos culturais; b. Asociacionismo profesional; c. Salas de artes escénicas cun proxecto de programación.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 26/06/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 460.000 euros

Subvencións a festivais de artes escénicas e de música

Destinadas ás entidades privadas e entidades locais galegas que realicen festivais.
 Modalidades: a. Festivais de música; b. Festivais de artes escénicas.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 28/05/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 360.000 euros

Subvencións a festivais, feiras, mostras, ciclos e certames de artes escénicas e musicais de carácter afeccionado

Destinadas ás entidades privadas, universidades e entidades locais que realicen programacións (festivais, feiras, mostras, ciclos ou certames) de producións non profesionais.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 28/05/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 40.000 euros

Subvencións á asistencia ao MICSUR (Mercado de Industrias Culturais do Sur)

Axudas destinadas a fomentar a internacionalización das industrias culturais galegas, en especial en mercados con vínculos culturais comúns con Galicia, como é o mercado de América do Sur.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 22/04/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 20.000 euros

Subvencións á produción escénica

Axudas para o fomento da produción escénica, en calquera das súas modalidades e disciplinas artísticas, por parte de compañías profesionais con actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Modalidades: 1. Producións de espectáculos de empresas de nova creación; 2. Produción de espectáculos de peque-

no formato; 3. Produción de espectáculos de mediano formato; 4. Produción de espectáculos de gran formato.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 24/04/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 600.000 euros

Subvencións a festivais do sector audiovisual

Destinadas a apoiar certames, semanas e mostras que teñan por obxecto a promoción e difusión da produción cinematográfica e audiovisual e que se celebren en Galicia.

ORGANISMO: Agadic
 DATA PUBLICACIÓN: 31/12/2013
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 90.000 euros

Subvencións a concellos de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais

Axudas destinadas á mellora e equipamento dos locais das corporacións locais e as súas entidades públicas para mellora do equipamento e das dotacións técnicas dos locais culturais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 28/04/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 300.000 euros

Programa de mellora das coleccións bibliográficas da Rede de Bibliotecas de Galicia

Subvención plurianual a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia, mediante a adquisición de fondos bibliográficos.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura
 DATA PUBLICACIÓN: 03/10/2014
 DOTACIÓN ECONÓMICA: 160.000 euros

Plan de mellora de bibliotecas escolares

Axudas destinadas á actualización dos fondos da biblioteca, en formato impreso ou electrónico, e á renovación de mobiliario e outros equipamentos necesarios para a prestación dos servizos propios da biblioteca escolar de centros públicos non universitarios de titularidade desta consellería para o curso 2014/15.

ORGANISMO: Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de Educación

DATA PUBLICACIÓN: 10/04/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 810.000 euros

Programa de dinamización da lectura nas bibliotecas Ler conta moito

Programa de dinamización da lectura a través da Rede de Bibliotecas de Galicia, para achegar a cidadanía á lectura e á información dunha maneira lúdica, en colaboración cos concellos vinculados á Rede de Bibliotecas de Galicia, que asumen o 25% do custo das actividades.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura

DATA PUBLICACIÓN: 27/01/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 162.334 euros

Axudas á tradución ao galego e desde o galego a outras linguas

Convocatoria de axudas para o libro galego 2014-2015, no que se refire á tradución para outras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego e á tradución para o galego de obras publicadas orixinariamente noutras linguas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura

DATA PUBLICACIÓN: 11/03/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 200.000 euros

Axudas destinadas á colaboración no financiamento en materia de arquivos

Axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos (organización dos fondos documentais, equipamento, mellora dos locais de arquivo, restauración de documentos e dixitalización de documentos) nos anos 2013-2014. Poden optar a estas

axudas as universidades, entes locais e entidades sen fin de lucro galegas.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura

DATA PUBLICACIÓN: 31/07/2013

DOTACIÓN ECONÓMICA: 225.440 euros

Convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía

Convocatoria de bolsas de formación en biblioteconomía 2012-2014, mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas, baixo a dirección dos técnicos da Secretaría Xeral de Cultura.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura

DATA PUBLICACIÓN: 26/02/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 215.760 euros

Convocatoria de bolsas de formación en arquivos

Convocatoria de bolsas de formación en materia de arquivos para organización, descrición e tratamento técnico dos fondos custodiados nos arquivos municipais de Galicia e outros arquivos de interese galego, baixo a dirección de persoal técnico dos arquivos xestionados por esta consellería.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Cultura

DATA PUBLICACIÓN: 21/05/2012

DOTACIÓN ECONÓMICA: 107.406 euros

Bolsas de formación en materia de patrimonio móbile galego

Convocatoria de bolsas de formación en materia de patrimonio móbile en museos do sistema galego de museos e museos xestionados pola consellería.

ORGANISMO: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DATA PUBLICACIÓN: 14/01/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 48.000 euros

Bolsas de formación en proxectos de investigación do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

Convocatoria de bolsas de formación nos proxectos de investigación que se están a desenvolver no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, co fin de contribuír á especialización na súa formación académica, profesional ou investigadora no período 2013-2015.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 18/06/2013

DOTACIÓN ECONÓMICA: 187.110 euros

Programa da rede de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas en universidades de fóra de Galicia

Programa de lectorados de lingua, literatura e cultura galegas para a Universidade Autónoma de Barcelona, Universidade Complutense, Universidade de Granada, Universidade do Algarve, Universidade de Padova, Universidade de Roma La Sapienza, mediante convocatoria de bolsas de lectores e unha programación anual de actividades culturais dos centros de estudos galegos.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 22/05/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 266.816,16 euros

Subvencións para a edición en galego de recursos didácticos curriculares para niveis non universitarios

Subvencións destinadas ao sector editorial para fomentar e potenciar a publicación de recursos didácticos en galego curriculares e complementarios destes, tanto en soporte impreso como dixital.

ORGANISMO: Secretaría Xeral de Política Lingüística

DATA PUBLICACIÓN: 08/04/2014

DOTACIÓN ECONÓMICA: 150.000 euros

Créditos fotográficos

Portada: MARK RITCHIE. Páx. 9: MANUEL G. VICENTE; páx. 10: CREA RESTAURACIÓN; páx. 12: MARK RITCHIE; páx. 24: LORENZO BALBOA; páx. 25: LORENZO BALBOA; páxs. 48-49: CREA RESTAURACIÓN; páx. 50: cedida por Turismo de Galicia; páx. 57: CREA RESTAURACIÓN; páx. 58a: ARA CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN; páx. 60b: CREA RESTAURACIÓN; páx. 75: CREA RESTAURACIÓN; páx. 79: XULIO REY LÓPEZ; páx. 83: XULIO REY LÓPEZ; páx. 84: MARK RITCHIE; páx. 100: MARGEN FOTOGRAFÍA cedida por Turismo de Galicia; páx. 101: cedida por Turismo de Galicia; páxs. 108-109: MARK RITCHIE; páx. 110: MARK RITCHIE; páx. 111b: DIONISIO TASENDE; páx. 114: MARK RITCHIE; páx. 115: MARK RITCHIE; páxs. 116-117: MARK RITCHIE; páx. 118a: PACO ROCHA; páx. 118b: MARK RITCHIE; páx. 119: MARK RITCHIE; páx. 120: LUIS GABÚ; páx. 126b: PAZ VICENTE; páx. 129: MARK RITCHIE; páx. 135: FUCO REYES; páx. 136: FUCO REYES; páx. 140: cedida pola Real Filharmonía de Galicia; páxs. 146-147: ilustración de MIGUELANXO PRADO; páx. 151: ilustración de MARINA SEOANE; páxs. 160-161: GUS ABREU; páx. 163: cedida pola Fundación E. Pondal; páx. 168: cedida por Turismo de Galicia; páx. 170: OLALLA LOJO; páx. 176: VÍCTOR RIVERA JOVE; páx. 190: XoÁN CRESPO; páx. 193: XoÁN CRESPO; páx. 200: XoÁN CRESPO; páx. 202: XoÁN CRESPO; páx. 203: ANA VARELA; páx. 204: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 212: ANXO PINTOS; páx. 215: fotograma de Encallados; páx. 223: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 224: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 226: MIGUEL ÁNGEL FERNÁNDEZ; páx. 227a: MANUEL LEMOS; páx. 227b: MANUEL LEMOS; páx. 228: MANUEL LEMOS; páx. 231: LA DIAPO FOTOGRAFÍA; 233: Fotograma de Continental; páxs. 234-235: AIGI BOGA; 236ab: JANITE; 237a: JANITE; páx. 238a: MANUEL G. VICENTE; páx. 238b: JANITE; páx. 238c: AIGI BOGA; páx. 239a: AIGI BOGA; páx. 239b: MANUEL G. VICENTE; páx. 239c: ÓSCAR CORRAL; páx. 240ab: MANUEL G. VICENTE; páx. 241ab: MANUEL G. VICENTE; páx. 242a: ÓSCAR CORRAL; páx. 242c: ÓSCAR CORRAL; páx. 243: MANUEL G. VICENTE; páx. 245: ÓSCAR CORRAL; páx. 246a: ÓSCAR CORRAL; páx. 246b: MANUEL G. VICENTE; páx. 247a: MANUEL G. VICENTE; páx. 247b: MANUEL G. VICENTE; páx. 249a: MANUEL G. VICENTE; páx. 249b: JANITE; 249c: MANUEL G. VICENTE; páx. 250: MANUEL G. VICENTE; páx. 251a: MANUEL G. VICENTE; páx. 251b: ÓSCAR CORRAL; páx. 252a: MANUEL G. VICENTE; 252b: MANUEL G. VICENTE; páx. 253a: MANUEL G. VICENTE; páx. 253c: MANUEL G. VICENTE; páx. 255a: MANUEL G. VICENTE; páx. 255b: ÓSCAR CORRAL; 257a: páx. ANA VARELA; páx. 257b: ÓSCAR CORRAL; páxs. 260-261: XAVIER BELHO; páx. 262: XAVIER BELHO; páx. 263a: XoÁN CRESPO; páx. 263b: MANUEL G. VICENTE; páx. 265: MANUEL G. VICENTE; páx. 269: FRYDLEWSKY.

galicia



XUNTA
DE GALICIA